

Centenario das Irmandades da Fala

***Irmandades
da Fala:
oratoria e prosa
non ficcional.
Antoloxía***


Edición de Henrique Monteagudo



REAL
ACADEMIA
GALEGA

*Antoloxías
da Academia*
2





***Irmandades
da Fala:
oratoria e prosa
non ficcional.
Antoloxía***

100

IRMANDADES DA FALA
CENTENARIO



© da introdución, edición e notas
Henrique Monteagudo

© da presente edición
Real Academia Galega

Deseño da colección
Pepe Barro

Maquetación e impresión
Mazaira grafismo, sl

ISBN: 978-84-87987-96-0

D.L.: C 1106-2016





***Irmandades
da Fala:
oratoria e prosa
non ficcional.
Antoloxía***

*Henrique Monteagudo
(Editor)*



ÍNDICE

- 11 *Limiar*
Henrique Monteagudo
- 23 **I. Un tempo novo:
agromar das Irmandades (1916-1920)**
- 25 1. **A bandeira ergueita (1916)**
Antón Vilar Ponte
- 29 2. **Discurso ao fundarse
a Irmandade en Santiago (1916)**
Lois Porteiro Garea
- 45 3. **Teoría do nacionalismo galego (1918)**
Vicente Risco
- 51 4. **Arte e galeguismo (1919)**
Alfonso D. R. Castelao
- 69 **II. A afirmación: das Irmandades
a Nós (1920-1930)**
- 71 5. **Teoría do nacionalismo galego (1920)**
Vicente Risco
- 95 6. **Arte nova (1920)**
Vicente Risco
- 117 7. **Divagacións enxebristas (1920)**
Johán Vicente Viqueira
- 131 8. **Dos nosos valores (1920)**
Antón Vilar Ponte
- 145 9. **O sentimento da terra na raza galega (1920)**
Vicente Risco
- 161 10. **Dos nosos tempos (1920)**
Florentino López Cuevillas
- 167 11. **[A paisaxe e a aldea.
Para unha estética da paisaxe.
Unha aldea da Bocarribeira] (1922)**
Ramón Otero Pedrayo

185	12. Máis alá! (1922)	<i>Manuel Antonio / Álvaro Cebreiro</i>
193	13. Verbo da prosa galega (1924)	<i>Antón Lousada Diéguez</i>
201	14. Da renacemento galego. A evolución do galego e os seus críticos (1926)	<i>Vicente Risco</i>
205	15. Sobre o tempo de hoxe (1928)	<i>Ramón Otero Pedrayo</i>
215	16. O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura (1928)	<i>Vicente Risco</i>
225	17. Romantismo.	<i>[Unha escolca nas súas orixes] (1929)</i> <i>Ramón Otero Pedrayo</i>
247	18. As aguias do imperio e a barca apostólica (1930)	<i>Ramón Otero Pedrayo</i>
257	III. Recobrando o pulo (1930)	
259	19. A significación espiritual do Día da Galiza (1930)	<i>Ramón Otero Pedrayo</i>
265	20. O galeguismo na arte (1930)	<i>Alfonso D. R. Castelao</i>
273	21. A nosa definición autonomista (1930)	<i>Valentín Paz Andrade</i>
287	IV. Epílogo: balance, reformulación e controversia (1933-1935)	
289	22. Nós, os inadaptados (1933)	<i>Vicente Risco</i>
309	23. Verbas de chumbo (1935)	<i>Alfonso D. R. Castelao</i>
337	24. O que vai de 1916 a 1936 (1935)	<i>Antón Vilar Ponte</i>
341	Referencias	
343	Bibliografía ampliada	



Limiar

Henrique Monteagudo



“A nosa cultura está nun período constituínte. Primeiro estudemos a realidade galega, despois sistematizárase. Por iso, estas notas ceibes que irei expoñendo cando me cadre e poida, só como *ensaaios* as publico, porque non son froito dun estudo metodizado”.

Lois Peña Novo, “Ensaaios”, *A nosa terra*, nº 37, 20-novembro-1917, 7.

No marco da celebración do centenario da fundación das Irmandades da Fala (1916), a Real Academia Galega promove a publicación dunha serie de antoloxías da obra literaria en lingua galega vencellada de xeito máis ou menos estreito a este vizoso movemento de reivindicación da lingua, a cultura e a identidade política de Galicia. Dentro da devandita serie non podía faltar un volume dedicado á prosa non ficcional, non só pola importancia intrínseca que esta tivo naquel período –xa que a través dela se foi definindo o proxecto político e cultural das Irmandades e foi tomando corpo a súa definición de Galicia como nación–, senón porque os persoeiros das Irmandades son tamén os fundadores da prosa galega moderna, o que practicamente equivale a dicir do galego culto dos nosos días. Antes de 1916, o galego vivía reducido á condición de lingua falada no coloquio informal polo pobo miúdo que, desde o Rexurdimento, fora cultivada unicamente na poesía.

Desde o punto de vista da historia lingüística do noso país, o período das Irmandades é o da reivindicación do galego como idioma nacional, isto é, como elemento fulcral dunha identidade colectiva orixinal e distintiva e como vehículo de expresión dunha sociedade e unha cultura propias, que se pretendía converter en modernas e desenvolvidas. Os impulsores das Irmandades (nomeadamente, Antón Vilar Ponte), eran plenamente conscientes de que a clave da dignificación social e cultural do idioma non residía xa no seu cultivo poético (sempre afirmando o valor deste), senón no seu emprego en tódolos ámbitos da actividade. En particular, entenderon que o prestixio do galego dependía en boa parte da súa difusión na vida pública, polo que fomentaron o seu uso oral en conferencias, mítins, xuntanzas e solemnidades cívicas, e a súa difusión escrita a través dos medios de comunicación de masas: prensa, revistas, literatura de quisco... Todo isto abocaba á forxa dun galego culto, apto para a oratoria e mais para a prosa, tanto literaria (novela, relato, teatro e ensaio) canto non literaria (didáctica, xornalística, doutrinal). Significativamente, nun dos instrumentos máis relevantes para a difusión do ideario das Irmandades, o boletín *A nosa terra* (aparecido en novembro de 1916), lemos afirmacións coma as seguintes:

“Nós queremos máis que rexionalismo de folclore; queremos máis que fatelos típicos, gaitiña, cantigas e versos, xa que non comprenderemos que se poida entender que linguaxe que serve para a poesía [...] non sirva o mesmo ou mellor para a prosa” (A. Vilar Ponte, *A nosa terra*, nº 2, 1916, p. 5). “A mellor homenaxe aos poetas e aos músicos é lelos e coñecelos, non tomándoos por fenómenos de barraca de feira. Ai, se eles voltaran á vida! Serían os primeiros en pedirnos que fixésemos prosa. Porque o que lle interesa a Galicia non se pode encarcerar en oitavas reais” (A. Vilar Ponte, *A nosa terra*, nº 14, 1917, pp. 1-2).

Ese interese específico das Irmandades polo cultivo do galego na prosa viña ao encontro por unha banda do papel que as súas figuras máis importantes xogaron na conformación da ideoloxía galeguista / nacionalista (na construción discursiva de Galicia como nación), e por outra banda do auxe do xénero ensaístico na Europa e a España coétaneas. Aqueles foron tempos de protagonismo dos *intelectuais*, unha figura pública novidosa que viña a subliñar o activo papel social dos creadores e traballadores da cultura (profesores, artistas, xornalistas... que moitas veces viñan sendo simultaneamente as tres cousas). Un protagonismo, por outra banda, inseparable tanto da crecente difusión do material impreso propiciada pola extensión da alfabetización masiva canto da ampliación da esfera pública: de aí a importancia da *prosa non ficcional*. Esta noción non debe confundirse coa de *prosa non literaria*, pois existen xéneros e modalidades textuais que son ao tempo *non ficcionais e non literarios* (prosa didáctica, informativa, académica ...), a carón da prosa literaria non ficcional: este é precisamente o caso do ensaio, tamén denominado *prosa de ideas*.

En efecto, o *ensaio* foi o xénero privilexiado para a divulgación das novas ideas que traían os intelectuais. Xénero versátil e proteico por excelencia, é difícil –e talvez escusado– definilo con precisión. Acabamos de afirmar que o ensaio é un xénero literario non ficcional: nel alíanse unha intención comunicativa de ideas (máis ca de ficcións) cunha vontade de estilo persoal máis ou menos poderosa, o que o distingue da prosa non literaria. O ensaio non ha de definirse polo seu tema, que pode ser moi variado (político, literario, sociolóxico, histórico, especulativo, filosófico, estético, científico...), senón porque, sexa cal for este, o tratamento é máis ben subxectivista, especulativo e divulgativo (o ensaio busca ampliar os lindeiros do público culto) e porque adoita posuír unha forte carga ideolóxica e vir revestido por unha

roupaxe formal elaborada. Así e todo, resultaría forzada a tentativa de traxer fronteiras nidas do ensaio propiamente dito co artigo de opinión, o tratado, o programa ou o manifesto. Mesmo textos de definida índole doutrinal, como a emblemática *Teoría do nacionalismo galego*, de V. Risco (1920), teñen un marcado carácter ensaístico.

Nunha obra que o fixo célebre, Benedict Anderson definiu as nacións modernas como *comunidades imaxinadas*, construídas en boa medida a través de *coalicións de lectores*, artelladas arredor de determinadas obras impresas, nomeadamente publicacións periódicas. Pero non debe esquecerse o papel –subliñado por Habermas– doutras instancias de sociabilidade, coma as academias, os casinos, círculos, sociedades e todo tipo de asociacións (sindicatos, partidos, clubs recreativos...) coas súas publicacións, xuntanzas, celebracións e solemnidades, que constitúen o traxido da “esfera pública” que define as sociedades modernas. Neses ámbitos, que ofrecían palestras privilexiadas –auténticos altavoces– aos intelectuais, non só importaban os textos escritos, senón tamén a comunicación oral. As propias Irmandades da Fala, coa súa polifacética actividade, son un bo exemplo disto; ao igual que –moitas veces en conexión con elas– o Círculo de Artesanos da Coruña, a Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, a Real Academia Galega, etc. De aí a importancia do discurso público formal, isto é, a oratoria.

Do que acabamos de dicir deducírase a razón de que na presente antoloxía axuntemos a prosa non ficcional (tanto a literaria, como o ensaio, canto a non literaria: xornalística, divulgativa ou doutrinal) coa oratoria, xénero este en xeral moi pouco atendido na historiografía literaria. Ao facérmolo así non soamente pretendemos reivindicar a importancia de ambas as modalidades de discurso e o valor do contributo das Irmandades da Fala ao seu cultivo na nosa lingua, senón que tamén desexamos salientar

que, de feito, o galego culto contemporáneo se estreou en ambos os rexistros de xeito practicamente simultáneo. Ou mellor aínda, que a prosa culta e a oratoria en galego xemolaron xuntas, fecundándose mutuamente. Moitas foron as conferencias e alocucións coidadosamente preparadas por escrito que logo eran pronunciadas nun ou varios actos públicos para finalmente pasaren aos prelos con vistas a unha difusión impresa máis ampla. O galego culto forxouse así no duplo exercicio do discurso falado e da palabra escrita. Varios dos escritos que recollemos neste volume (nomeadamente, “Verbo da prosa galega” e “A evolución do galego e os seus críticos”, nº 13 e 14) tratan precisamente da necesidade de forxar ese rexistro do galego culto e dos problemas que tal desafío obrigaba a confrontar. A propia lingua é tema recorrente en moitos dos textos que publicamos, pero resulta protagonista doutro máis (“O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura”, nº 16).

A escolma dos textos antologados foi relativamente sinxela, pero tamén dolorosa, por canto obrigou a excluír outros tantos (polo menos) coma os que foron incluídos. Os criterios de selección, aplicados cunha inevitable dose de subxectividade, foron a representatividade dos propios textos (o que implicou tamén dar cabida unha certa variedade temática), o seu interese intrínseco e a súa calidade literaria. Foi a nosa intención arranxar unha antoloxía atractiva para o público actual, e que, lonxe de saciar, deixase ao lector ou lectora apetito de ler máis. Non se nos escapa que na escolma final a nómina de autores é bastante reducida (once en total: Antón Vilar Ponte, Lois Porteiro Garea, Vicente Risco, Castelao, Viqueira, López Cuevillas, Otero Pedrayo, Manuel Antonio / Álvaro Cebreiro, Losada Diéguez e Paz Andrade) e que demos ampla vantaxe a tres autores (Risco, Pedrayo e Castelao) sobre os demais. Porén, ese resultado non foi consecuencia dunha intención deliberada de adhesión a un cánon establecido: é que na nosa opinión, estes autores ofrecen un abano

insuperable de textos autenticamente sobranceiros. Ampliar a nómina de autores a custa de prescindir dalgún destes escritos redundaría –sempre segundo o noso parecer– nunha rebaixa do valor ilustrativo e da capacidade atractiva do volume.

Á vista da nosa escolma case non é preciso subliñar a importancia que no cultivo e na difusión da prosa non ficcional tiveron dúas publicacións periódicas, que de feito foron as emblemáticas do período das Irmandades: o boletín *A nosa terra* (1916-1936), de carácter máis informativo e divulgativo, voceiro primeiro das Irmandades e máis tarde do Partido Galeguista e sempre próximo ao importante grupo nacionalista coruñés, e a revista *Nós* (1920-1935), de índole máis erudita, dirixida por Vicente Risco e intimamente asociada ao cenáculo intelectual ourensán. Canto aos temas, está abranxido o amplo campo das letras, as humanidades e as ciencias sociais (non así o eido científico-natural), e salientan os textos de asunto político ou ideolóxico (escrito de Porteiro: nº 2, especialmente os de Risco sobre o nacionalismo: nº 3 e 4, Vilar Ponte: nº 8, Paz Andrade: nº 21 e Castelaio: nº 23), estético ou artístico (Risco: nº 6, Manuel Antonio / Cebreiro: nº 12, Otero Pedrayo: nº 17, e Castelaio: nº 5 e 20), cultural, antropolóxico ou identitario (Viqueira: nº 7, Risco: nº 9, Otero: nº 19) e histórico, xeográfico ou etnográfico (Risco: nº 16, Otero: nº 11 e 18), ademais, como xa indicamos, do lingüístico.

No tocante á oratoria, decidimos escoller un par de feixes de discursos proferidos en dous momentos especialmente intensos na traxectoria das Irmandades: os primeiros meses de 1920, ano clave na traxectoria destas, no que ademais arrinca a singradura da revista *Nós*, e o Día de Galiza (así denominado na época) de 1930, nas postrimerías da Ditadura primorriverista e ás portas daquel rebento de entusiasmo e esperanza da IIª República. Das conferencias pronunciadas nos primeiros meses de 1920 arredor da exposición *Nós* de Castelaio exhibida por primeira vez na Coruña

(mostra artística que foi un auténtico fito para as Irmandades, e que percorreu Galicia a longo dos anos seguintes, suscitando numerosas conferencias de varios autores), escollemos as de Risco (“Arte nova) e Viqueira (“Divagacións enxebrietas”). Antepuxemos a estas a primeira disertación de Castelao en galego que foi publicada (“Arte e galeguismo”, de 1919), lida tamén na Coruña e realizada no marco das actividades da Irmandade da Fala local, a pioneira e a máis numerosa de Galicia. Pecha a serie o poderoso parlamento de Antón Vilar Ponte, “Os nosos valores”, pronunciado en Compostela en maio de 1920. Por parte, entre as alocucións pronunciadas no teatro García Barbón de Vigo o 25 de xullo de 1930, por Otero Pedrayo, Castelao e Paz Andrade, chamamos a atención sobre a primeira, explicitamente evocada por Castelao na que reputamos como peza cume da oratoria galega do século XX, “Alba de Gloria”, proferida en Buenos Aires en 1948. Por outra banda, cómpre salientar a relación dalgún deses discursos con solemnidades tales como o ingreso no Seminario de Estudos Galegos (nº 13, de Losada) ou na Real Academia Galega (nº 17, de Otero): ambos os dous son bos exemplos da íntima maridaxe entre oratoria e a prosa non ficcional.

Falando dun xeito estrito, o tempo das Irmandades comeza en 1916 e remata en decembro de 1931, cando na súa VIIª Asemblea se decide a disolución da organización para dar paso á fundación do Partido Galeguista. Con todo, nunha antoloxía coma a presente ten todo o sentido incluír textos posteriores á última data, aínda que sexa a xeito de epílogo. E nese capítulo final non soamente caben balances retrospectivos coma o clásico de Risco (“Nós os inadaptados”, nº 22), ou o tamén ben coñecido de Antón Vilar Ponte (“O que vai de 1916 a 1936”, nº 23), senón o magnífico ensaio de Castelao, escrito no seu desterro extremeño e publicado en 1935 n’*A nosa terra* como serie de artigos baixo o título xenérico de “Verbas de chumbo”. Este texto constitúe un testemuño

moi ilustrativo da evolución do galeguismo durante o período republicano e da propia traxectoria de Castelao, non sen dilemas e contradicións, ao tempo que ofrece un oportuno contrapunto ao culturalismo elitista do balance de Risco. O mesmo Antón Vilar Ponte, no artigo que pecha a presente antoloxía, subliña a continuidade esencial do galeguismo da II^a República en relación ás Irmandades que el mesmo fundara dúas décadas antes.

Non queremos rematar estas brevísimas liñas introdutorias sen mencionar a bibliografía final: nela damos a referencia da primeira edición de cada texto e, no seu caso, de edicións posteriores. Na bibliografía remisiva que vén a seguir ofrécese as referencias correspondentes a outras antoloxías previas en que nos apoiamos, ben de autores particulares, ben colectivas, e mais de colectáneas ou obras máis amplas. A lectora ou lector interesado poderá atoparlle utilidade a esa información bibliográfica para ampliar, se o desexa, as súas lecturas de textos prosísticos e oratorios da época das Irmandades.

A Coruña, na primavera de 2016




Advertencia

Criterios lingüísticos seguidos para a edición dos textos

En todo os casos, para a fixación de cada texto acudimos á primeira edición pero, dada a finalidade divulgativa da colección e tendo en conta a responsabilidade da Academia, os textos foron adaptados ás convencións normativas actuais, seguindo as seguintes orientacións:

- 1) A adaptación concentrouse nos aspectos ortográficos, morfosintácticos e morfoléxicos; as intervencións no léxico foron moito máis limitadas.
- 2) A dita adaptación realizouse dun xeito cauteloso, flexible e procurando unha coherencia de conxunto; en caso de dúbida, preferimos reproducir un probable erro do orixinal que excedernos na corrección.
- 3) A referencia normativa foron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG, 2003).





I.

***Un tempo novo:
agromar das Irmandades
(1916-1920)***



1.

A bandeira ergueita

Antón Vilar Ponte

Os rexionalistas de ocasión, rexionalistas de “feira dos discretos”, renegan da fala galega, rínse dela. Queren un rexionalismo en castelán; queren un rexionalismo fillo do castelán. Do castelán, que ten o orgullo de ter enxendrado, cal primoxénito, o centralismo! Isto é pedir peras ao olmo. Isto é facer un corpo sen alma, que é o mesmo que unha cousa sen vida.

Toda a nosa personalidade está na nosa lingua. Por iso os Amigos da Fala queremos que a voz do pobo, gardadora providencial da nosa conciencia colectiva, veña inxertarse na voz da xuventude vilega, para restaurar así entre todos un sentimento, un pensamento e unha acción que dean mañá o froito proveitoso do rexionalismo enxebre que fará progresar a Galicia, esnaquizando os logreiros e os lavercos.

Como habemos de darlles fe aos que se mostran rexionalistas, namentres teñen postos os ollos na escada do centralismo para subir? Como habemos de seguir aos rexionalistas que lle deben a súa

personalidade ao Poder Central? Estes non son dos nosos porque nunca serán Amigos da Fala. Os que se chaman galegos renegando da lingua non teñen máis dereito a chamarse así que os animais e as plantas que nacen nos nosos eidos. Aquí doe, irmáns!

Ser Amigos da Fala supón espírito de sacrificio, e todo apostolado é sacrificio. O que se diga ou escriba en galego non dará fama na Meseta. Por iso renegan do galego moitos rexionalistas de pan levar. Por iso o rexionalismo galego, *en galego*, é a nosa bandeira de redención; fronteira posta entre o mundo da farsa e o mundo da verdade. Os Amigos da Fala constituímos, pois, unha relixión de homes honrados, de homes *enxebres*, que quere dicir “puros”; de homes que comungan a cotío co rexionalismo integral, ollando Galicia redenta nos seus corazóns a tódalas horas.

Os Amigos da Fala seremos, pois, sempre, os gardadores do lume sagrado da patria galega. Oíde ben: non hai outro rexionalismo que o que se faga en galego, e se este non xorde, non xurdirá Galicia. Nós somos a pedra de toque onde se probará se as moedas da terra son falsas ou boas. Somos o fermento dun porvir glorioso de dignidade e liberdade, como a reixa do confesionario no que hai que facer sempre exame de conciencia rexional.

Galicia é unha *patria natural* con *lingua de seu*: as dúas columnas do noso idearium, que non tiveron en conta os sublimes Precusores, seguíndose de aquí o seu fracaso. Temos unha lingua propia, feita de Deus e da Natureza, que emprega aínda a maioría do pobo, non habendo gramáticas nin dicionarios que axudasen a fixala e a pesar de cinco séculos de centralismo. Lingua harmoniosa que naceu do latín, esgazada da árbore da soberanía de Roma para parir o castelán e o portugués, para vivir en triunfo con xeito internacional nas Cortes dos reis e nas xustas de amor; lingua viva que entenden moitos millóns de homes máis alá das fronteiras; que fixo dos galegos lonxe da terra *lazarillos* espirituais dos casteláns. E unha lingua así – máis extensa, máis práctica que

a catalá— non é a nosa mellor arma? Podemos esquecerla? Se a lingua é o escudo da personalidade dos pobos, máis forte ca as armas, que loitas gañaremos sen ela? Se a lingua, soamente, dá a autonomía espiritual, as outras autonomías separadas, valerán algo?

Hai, pois, unha política para nós: a política da lingua. Se conseguimos interesar nesta política aos novos intelectuais e ás xeracións que veñen, voltaremos ser fortes.

Pobo que recobra a súa lingua recóbrase a si mesmo: pénsase como se fala e fálase como se pensa. Cando morre un idioma, morre un pobo. Porque a palabra é o elemento esencial da formación do home. O home —dixo Emerson— é a metade de si mesmo; outra metade é a súa expresión. E nós non temos máis expresión que a que nos impuxo Castela, facendo posible que Galicia se puidese chamar, xenericamente, *Caciquía*.

Non vos decatades xa do que queremos? A redención de Galicia está nestas dúas cousas: no fomento agarimoso da lingua e no estudo dos nosos problemas económicos, que non terán nunca —porque non poden tela— solución no actual réxime político español. Porque Galicia é librecambista pola súa natureza, e o arancel protector do feudalismo de Castela será sempre o obstáculo que nos impida poñérmonos nas condicións de riqueza que teñen outros pobos de Europa semellantes ao noso.

Falade e escribide e pensade sempre en galego, irmáns. Por isto se fixeron fortes os cataláns, por isto os calumnian e combaten no Centro, *principalmente*. Co demais transixiríase.

A Nosa Terra quere que se interese a mocidade que vén nestas cousas. Quere que surxan, ao mesmo tempo que poetas e músicos galegos, prosistas da nosa lingua. Creemos a forza rexionalista inicial, preparando o advenimento do *heroe galego, todo galego*, e o noso traballo concluirá por cingirse co loureiro do triunfo! Porque, como dixo Carlyle, «non abonda con que apareza o heroe; precísase, ademais, un mundo disposto a recibilo como cómpre, un

mundo que non estea feito de servís e domésticos». E cando apareza ese heroe, despois de que nós lle fagamos o ambiente, a literatura galega, a socioloxía galega, a ciencia galega –como as hoxe gloriosísimas de Portugal, feitas nunha lingua irmá da nosa– adquirirán un valemto universal que abonde para redimírnos. O valor universal dun idioma faino o Xenio. Se traballamos con fe virá o Xenio, o escultor de pobos que precisamos. Non como pólipos, senón como homes de razón clara, axudemos a facer o novo continente espiritual da nosa terra. Estreemos unha vontade cada día.

Fixádevos en que só hai un rexionalismo que nos poida servir de exemplo: o catalán. Predicar ideas boas non é nada: hai que predicar e dar froito. Cataluña predica e practica. Cataluña encarnou na realidade do pobo a doutrina rexionalista. Cataluña é quen trouxo as galiñas. Por Cataluña hoxe se chaman todos rexionalistas. Cataluña alumea a nosa Iberia do porvir.

A traballar con fe. Este boletín é de tódolos galegos. A súa dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo mesmo, as súas follas serán dignas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento dunha época.



2.

Discurso ao fundarse a Irmandade en Santiago

Lois Porteiro Garea

Santiago de Compostela, 28, maio, 1916

Aos lectores

*D*ecatádevos: *Non se fai público este discurso porque nel se descubra algún mar novo, nin sequera unha laxe que non estea en tódalas cartas.*

Ben sei que isto é coñecido; mais é preciso recoñecelo, e facer conciencia e sentimento do que quizais non pasou en moitos de idea luminosa, pero fría e tristeira coma a lúa nunha noite de xeada.

Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Hirmandá en Santiago (28-Mayo-1916). Santiago: Hirmandade da Fala, [1916?].

I. Falar e escribir en galego, como saibamos

Non era eu o chamado por propios merecementos a presidir esta primeira xunta da “Irmandade dos Amigos da Fala”. Ben sabedes que non o digo por humildade. Tivo a culpa Villar Ponte, que me nomeou para isto en *La Voz de Galiza*, e algúns dos presentes que foron en busca miña a lembrarme que o deber non pode ser esquecido nin disimulado pola falla de valía de quen foi elixido para cumprilo. Aquí me tendes, pesaroso e triste por non corresponder á intensidade do momento, ledo e venturoso, xa que por moi mal que me saia, sempre me alumearía o lóstrego do ideal que nos xunta hoxe, e que dende antano latexa no noso corazón.

Escribo en galego, e escribo mal. Que queredes!... Nunca ata hoxe escribín. Xamais mo ensinaron nin eu me coidei de o aprender! E agora, pregúntovos: se podo escribir –mal, todo o mal que vós queirades– no idioma que non aprendín nas escolas, nos epítomes, nin nos dicionarios ¿non é verdade que esa lingua debe ter raíces moi fondas no meu peito, na alma da miña raza, cando non a enterraron para sempre os abandonos alleos e os propios? ¿Non é verdade que ese idioma é unha realidade forte e latexante que nós temos esquecida, pero que vive no noso espírito e que ten que esnaquiñar a lousa que o cobre, sempre que fagamos exame de conciencia e nos dispoñamos a recontar e cribar os valores que forman o edificio da cultura e as esperanzas da raza?...

A redimir este idioma da aldraxe que del fan –non son alleos quen non senten nin pensan nel e non teñen por que estimalo (bastáralles se acaso gardarlle os respectos debidos), senón os propios, quizais nosoutros mesmos– encamiñase a Irmandade dos Amigos da Fala; e como o idioma é sempre verbo dun mundo de pensamentos e sentimentos, diferente dos outros no seu molde polo menos, a chamada para a defensa do idioma esquecido é, primeiramente, un requirimento de exame de conciencia rexional.

II. O renacemento hispano e a guerra

Xa o dixen en varias ocasións, e coma min –antes uns, despois outros– moitos máis o dixeron: España toda, dende os Pireneos a Cádiz, renace. A catástrofe do 98, ao derrubala do trono secular, espertouna. Non con tanta prisa coma Alemaña despois de Xena, ou Francia despois de Sedán. Máis ben pouco a pouco, pero de modo firme –a pesar de tódalas machadas dos Gobernos–, España érguese, e se as campás non repinican a gloria, tampouco dobran a morto. Tocan a alba.

A guerra –esta fera sacudida do mundo enteiro– obríganos a apurar o paso, a bulir, e tódalas rexións, virando as costas a Gobernos sen goberno e a Parlamentos podres, se ocupan no estudo, na defensa, na loita pola vida tanto de hoxe coma de mañá –o mañá brandido e ledó con que todos soñamos.

E nosoutros que vimos facendo? Que habemos facer?...

III. A conciencia do noso pecado

O primeiro é ser xustos; non botarmos a outros a culpa dos nosos pecados. Teñen abondo cos seus.

Non hai xentes máis despreziables que esas que nin sequera teñen valentía para responder dos seus propios actos. Nada tan pobre nin tan inútil coma un deses mocetes que pecan, non porque llelo pida o corpo e a alma, abrasados polo fogo das humanas paixóns, senón porque lles manda un compañeiro. As nais –probes e benditas nais!– teñen a gran desculpa para os pecados do fillo e din: «É un santo, é un bocado de pan, faise del o que se quer, dominárono as compañías»... Este santo non é da miña devoción. Na loita da vida morde a terra. Non nos serve. Queremos o mozo que diga: «Sí, pequei porque quixen, non fun xoguete de ninguén,

a miña vontade apaixonada foi a estrela –boa ou mala– que me guiou»... Este rapaz poderá un día encamiñarse polas vías do arrepentimento, pode rectificar, é un carácter; máis claro, é un home... O outro é un farrapo –que chegará a santo se o meten baixo un fanal, pero que non serve para a vida.

O mesmo lles pasa ás rexións... Que é iso de botarlles a outras a culpa dos nosos males? Que fixemos nós para os remediar? Vivimos acaso á marxe do resto da nación, sen termos culpa do fracaso de todos?... A catástrofe do 98, o parlamentarismo, o caciquismo, o centralismo, son alleos a Galiza e aos galegos? Non gobernaron galegos a nación, e fixeron leis centralistas e contrarias aos nosos intereses, á nosa historia, ao noso mañá?... Non rexen hoxe as mesmas leis aquí que en Cataluña, e alí hai outra vida e outros homes?... Non é certo que o mesmo centralismo, se o explota unha rexión no seu proveito, imponéndose ás outras, lle pode ser moi substancioso?

Amigos da fala, namorados da Galiza: non bodedes á xente de fóra culpas que non teñen. Todos axudamos a afundir España. Non hai leis que nos favorezan porque nós non as soubemos facer nin mandar que as fixese quen debía. Estando vivo o sentido rexional, as leis recoñéceno de contado por ben ou por mal. Aí tendes a Mancomunidad catalana, ¿que se fixo aquí?...

Teñamos conciencia do noso pecado. Non fagamos coma os nenos que se desculpan co irmán ausente para que non lles peguen. Ninguén máis que nós ten culpa do que nos pasa; ninguén máis que o noso traballo nos ha de salvar. E se non, dicídemme: a quen botamos a culpa do abandono impiedoso en que deixamos o idioma? Que xigante nolo ten encantado?... Pois o mesmo nos sucede con todo. Non esperemos a salvación dos deputados ou da Real Orde; os deputados e as Ordes do Rei non poden reformar a vida dun pobo cunha firma. Somos nós os culpables e os que temos que conquistar a cima e cravar nela o pendón da vitoria.

Comecemos por ter conciencia do pecado –abandono, encollemento, cuquería, langranería por arrobas– que é o introito do arrepentimento. Se pensades que os culpables son outros, seguides na indiferenza agardando que os outros remedien o mal que pensamos que nos fixeron.

IV. Amar a España e a Galiza

Amamos a patria grande, única. Baixo as súas bandeiras tódolos españois xuntos conquistamos mundos e glorias, sucamos os mares imensos, cambiamos o soar da civilización, trasformándoa de mediterránea en atlántica, levamos a alma europea ás terras de América e aos arquipélagos de Oceanía... fomos xuntos á derrota, e aínda despois dela, cando a bandeira que acubillara as vitorias, arriada tristemente, volveu ao vello soar, a emigración galega seguiu mandando sangue hispano a continuar baixo outras bandeiras a obra de conquistar para a civilización latina as terras feraces e desertas dos mundos novos por España descubertos. Se fora poeta, cantaría a España en galego e a Galiza en castelán, simbolizando a íntima conexión que hai entre o todo e a parte, expoñendo o meu pensamento –que é o de Galiza, parécemo– de non poder dislocarse nin contraponerse nunca o sentimento da patria grande co da pequena.

Ben sei que algún dirá que fomos desprezados por outras rexións, que nalgúns sitios nos teñen por xentes de cativa condición, de almas acuñadas na servidume... Antes de vulgar a tales xentes, dicídemme que fixemos nós para libertarnos de tal fada... Xa sei que comezaredes a preguntarme: que fixemos para que nola botasen?... Abandonamos a táboa dos nosos valores, prescindimos do noso polo alleo, e isto sen dó, sen que nos sangrase o corazón, sen experimentar o esgazamento de Rosalía cando lles

dicía *adiós* ás fontes, ás veigas, aos cipreses do cemiterio, ás andoriñas do balcón cantando tristísimamente:

deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quen poidera non deixar!...

E o mundo non respecta a quen non comeza por se respectar a si mesmo e aos seus... Ben vedes o que fixemos do idioma, verbo da raza: para moitos chegou a ser cousa desprezable, vergoñosa, repugnante... Aínda máis: hai quen pasa en Madrid tres meses e vén falando andaluz.

Ademais do propio menosprezo, contribuía á nosa mala fada o descoñecemento noso polos máis, e o descoñecemento dos máis por nós... É un postulado da xuventude española que vai á fronte do renacemento procurar que nos coñezamos uns a outros. Os galegos queixámonos de que nos botasen fama de mozos de corda e de polizontes. Pero en Madrid –nese Madrid que eu tanto quero e onde tanto desexo hai (entre a xente de valer) de que os de cada rexión estudemos os nosos problemas e os resolvamos seriamente– oín a moitos andaluzes queixarse da idea que deles temos todos. Para a xeneralidade dos españois un andaluz é un toureiro, un pallaso, un vago, unha bailarina... E nada máis falso: o andaluz, no seu fondo, é melancólico e triste; en Andalucía trabállase hoxe en tódolos ramos notablemente; a vida artística de Andalucía é quizais a máis importante de España; alí floreceu a civilización romana; alí se desenvolveu na Idade Media aquela xigantesca cultura árabe que fixo estonces de España o centro do saber mundial; no comenzo da Edade Moderna, ao facerse atlántica a civilización, Sevilla e Lisboa foron sedes dela en Iberia... hoxe Andalucía renace forte e gloriosa. E ben, meus amigos: cando vos presentan un andaluz, aínda dos máis cultos, a vós, que cultos sodes, que esperades del antes que nada, ou quizais soamente?... Un chiste.

Pois con nosoutros pasa o mesmo en orde á nosa mala fada. Aínda máis: Andalucía ten mellores camiños para o resto de España que nós. Batida por dous mares –os mares da cultura– con liñas férreas para o centro, non digamos rápidas, pero si máis que as nosas, o intercambio é maior... E se en Madrid se descoñece a alma andaluza –con Sevilla a quince horas– e a levantina –con Valencia a trece– e a aragonesa –con Zaragoza a oito– ¿como queredes que saiban de nós, con Santiago a vintenove horas, dándolle as costas a Castela e coa ollada e a vida e o porvir máis alá das ondas?...

Aínda máis. Coñecémonos ben nosoutros mesmos? Está feita e valorada a nosa historia? Os nosos problemas económicos e xurídicos? Non sabedes que estamos vivindo de contos de aquí a pouco?... Non oístes cen veces chamar cantas hai a Prisciliano e poñelo por modelo de corrupción?... Pois non hai moito que apareceron obras súas, e resulta unha das máis xigantescas figuras que pariu a humanidade entre os fundadores e reformadores de relixións. Coma esta, moitas. E se nós non temos un xuízo, un estudo exacto de nosoutros mesmos, da nosa vida rexional, que queredes que teñan os máis?...

A nosa misión será estudarnos, e cando, seriamente preparados, mostremos as conclusións, estade seguros de que as xuventudes de toda España que traballa e loita se porán ao noso lado. Non vedes o que está facendo Rodrigo Sanz en Madrid...? O Seminario de Estudos Galegos que el dirixe naceu unha noite en que o mestre deu na Casa de Galiza unha conferencia, notabilísima como súa (sen percalinas nin parrafadas baldeiras e enganosas) sobre o problema dos cereais. Alí llo propuxemos [Montero] Ríos, [López] Aydillo, outros e eu. E ben vedes con que gusto, con que cariño os oen no Ateneo.

Estudemos os nosos problemas, a iso nos obriga o amor á terra. E despois veredes como nos atende toda a terra grande,

toda España, que pensa e que sente coma nós e connosco; pero que non pode nin debe traballar para nós e vir aquí a dárnolo todo feito, dereito e regalado.

V. A nosa posición no mundo

A civilización mundial, galgando sobre do mar imenso, aséntase na América e vai ser o seu corazón, de forte latexar, a canle de Panamá. Por moitos anos –quizais por moitos séculos– vivirá esa cultura bebendo nas fontes perennes da vella Europa, establecéndose un intercambio entre os mundos novos e os de antano –económico, científico e artístico– que dará vida e gloria ás nacións con portos europeos preto do corazón da humanidade renacente.

O noso porto de Vigo é o mellor situado de todo o mundo vello e civilizado para soste esas relacións coa América. Vigo está chamado a ser o porto cosmopolita máis importante de Europa, por mandado da Xeografía e da Historia. A el debe acudir o río da cultura e do poder económico da vella humanidade para fundirse coa nova nas augas do Atlántico. Esta posición de vantaxe continuará ata que se vaia escurando de todo a cultura de Europa, e sexa o mar chamado Pacífico o teatro das novas epopeas, de Odiseas e Lusíadas novas que a humanidade trae na súa marcha para Asia.

Durante esa época da Historia que agora emprincipia esplendidamente, o noso porto de Vigo –e con el tódolos galegos, e Galiza enteira– vai ter un carácter mundial, cosmopolita. Isto, e a nosa vida galego-americana, aconséllanos moito respecto e moito amor ao castelán (o máis importante dos idiomas ibéricos) que, polo seu dominio de case toda América do Centro e do Sur, hanos prestar un servizo altísimo e insustituíble nesa loita da nosa raza con outras para a conquista derradeira das terras despoboadas. Queremos, pois, que se ensine e se deprenda o castelán, que se

estude e se estime non só como un idioma irmán do galego, senón como a mellor preparada e estendida das linguaxes ibéricas e a máis práctica ás nosas relacións cosmopolitas.

Non vai, pois, a Irmandade da Fala –enténdase ben– contra o castelán, senón a defender o galego como linguaxe típica da nosa casta, e a pedir tamén o ensino completo do castelán como medio de intelixencia supra-rexional de gran importancia para un país que, coma Galiza, se fai cada día máis apto para concentrar en si enerxías europeo-americanas.

VI. Cuestións interiores. Síntese

Tódolos problemas de orde exterior envolveren en si centos de problemas interiores. Parecerá raro, pero é certo: cando un pobo está chamado pola marcha da cultura do mundo a ocupar unha posición vantaxosa, é cando precisa maior patriotismo, máis alto e nobre concepto de si, maior empeño en cumprir o papel para que o destina a Historia. Se un punto do planeta adquire importancia xeográfica por efecto da marcha da civilización, ou se dá conta e cumpre como debe, ou é conquistado por unha potencia forte e consciente desa finalidade. Os intereses xerais da cultura (que están por riba dos privativos de cada nación) non poden escurcerse coa desculpa de que o punto onde estaban chamados á xunta pertenza a un pobo salvaxe e sexa o seu cazadoiro, ou estea en mans dunha raza deixada, loubana, indiferente á marcha do mundo... Compreendedes por que perdemos Xibraltar, e por que perderíamos Vigo, se non nos désemos conta da súa importante, dificultosa e honrosa misión?...

VII. O capital galego

Temos –como resultado desa misión mundial– un problema gravísimo: o dos camiños de ferro. Hai que facer saídas a esta gran vía marítima. Necesitamos urxentemente ferrocarrís de Vigo a Valladolid, de Ourense a Zamora, de Ferrol a Xixón, de Santiago a Ourense... E quen nos dará os cartos?... Para estas e para outras moitas obras debíámolos ter nós: son moitos os millóns que fan falla, pero tamén foron e son moitos os gañados polos fillos de Galiza... Onde están?... Hai xentes que cren que o patriotismo é un caravel que florece nos beizos e neles morre, sen fixérense en que é preciso telo como luz no cerebro e como fogo no peito e facelo efectivo cos brazos e co peito.

Oiríades moitas veces falar do antipatriotismo da clase traballadora, pero hai nada máis antipatriótico que o capital? Hai nada a quen se chame con tanto interese en momentos críticos coma os cartos? E ben: que fixeron a maioría dos nosos homes de cartos, ou os banqueiros que os dirixen?... Poñer os seus aforros en valores estranxeiros –algúns fantásticos– resultando que o galego que tivo que saír da patria para ofrecer o seu talento e a súa febra a empresas doutras terras, acaba por mandarlles os seus aforros tamén. Os capitais galegos fan camiños de ferro en Venezuela e na Arxentina, e aquí non temos cartos para os nosos e sometémonos aos estranxeiros mediantizando o país, apolillando a súa liberdade. Hai que pensar seriamente niso. Banqueiros, homes de negocios, poñede a man no corazón, facede memoria e conciencia e dicide: aonde van os cartos dos galegos? Onde está o voso patriotismo?... É verdade que os mandastes, cobizosos dunha pobre comisión, a outras terras cando eran tan precisos ao noso desenvolvemento aquí? É verdade tamén que moitos foron... e nunca volverán?...

Vede como as cuestións se engrillan e como, dunhas en outras, chegamos ás económicas, sociais e políticas decontado. Por iso o

noso movemento non pode ser unha pasionaria de invernadoiro posta sobre a laxa que nos cobre; pretende ser un comezo da resurrección galaica en tódalas ordes, unha forza que crebe as lousas e as cadeas, que sacuda os homes, os esperte e os poña en pé garridos e dispostos a loitar.

VIII. A Industria e o traballo

Se ides facendo esa luz na conciencia de que vos falei, veredes como a nosa industria está afogada polo arancel protector doutras rexións. Galiza é quizais a única parte de España que naceu para o libre cambio: as producións que exporta –gando, sardiñas en conserva, etc. – non precisan o auxilio do arancel para conquistar o mercado interior, cando son capaces de impoñerse no extranxeiro... a pesar dos seus aranceis proteccionistas. Así Galiza, sen comelo nin bebelo, é vítima por duplicado:

1º. Do arancel español que lle sobe os prezos dos produtos que ten que importar.

2º. Do arancel estranxeiro que pon dificultades aos produtos que Galiza exporta, correspondendo en guerra de tarifas (a que declara aos produtos extranxeiros), *non certamente en beneficio de Galiza*, ao arancel español...

Non sabedes que as nosas conservas estiveron anos e anos sen conquistar o mercado de Italia, a pesar de seren as mellores do mundo, debido a esa guerra?... Non sabedes cantas vantaxes tributarias tiñan sobre as nosas –en Italia e na mesma Francia– as conservas de Portugal?... Non sabedes que Inglaterra, doída dos aranceis españois, puxo tales cancelas á nosa exportación de bois cebados que case a acabou, dándose a vergoña de que os bois embarcados en porto español, ao chegaren aló, os ingleses dábanos por enfermos e devolvíanos, e se se embarcaban no Porto ou en Lisboa eran bos?...

Todas estas cousas merecen estudo serio e detallado, e deben ser motivo de cavilar para os amigos de Galiza, e mais para os amigos do seu verbo, do seu espírito, do seu corazón... E coma estas, outras, e outras, e outras, das que quizais vos fale nunha conferencia próxima.

IX. O dereito. Xuíces e notarios

O noso Dereito está en gran parte sen estudar. Ben é certo que agora comezan a interesarse os estudosos polos costumes, pero salvando algún que outro traballo (cursos de Rodrigo Sanz e Martínez Sueiro) hai nos outros ou moita verba sen celme, ou moita curialada sen pensamento, sen ideal. Hai que estudar ben a nosa vida, as nosas miserias e o noso carácter antes de meterse polas pozas a dar leis para Galicia. Pero, a máis diso, temos, en razón directa co idioma, o problema da administración da Xustiza. Non me refiro agora a el máis que nun aspecto: ¿Vosoutros assististes a algún xuízo oral? Ben, pois ao declararen as testemuñas veríades como era absolutamente imposible unha intelixencia entre os preguntantes e eles. Ese feito é revelador de dúas inxustizas:

1. Inxustiza que resulta de esixir que entenda o castelán e conteste nel un suxeito a quen o Estado non facilitou escola para que dependese.
2. Inxustiza de non esixir o Estado aos seus funcionarios (xuíces, notarios, etc.), que coñezan o verbo en que ha de formular o seu pensamento, a súa vontade, o pobo onde eses empregados exerzan os seus cargos.

E non vale dicir que a tradución amaña a cuestión, porque, aparte de que os maxistrados en xeral son tan finchados e presuntuosos que non lles cabe na canteira que un home a quen eles

non entenden, non os entenda a eles, a tradución literal non serve pra expresar con xusteza o pensamento e a vontade.

Amigos da Fala: que os nosos xuíces e notarios saiban o galego é o menos que podemos pedir, se han de ser garantía de xustiza e de fidelidade.

X. A arte. A música galega

O que sucede cos nosos problemas na ciencia e na arte, canto fixeron os nosos vellos, está esquecido: do Padre Feijoo e doutros moitos xa case nada sabemos, de Concepción Arenal e de Rosalía logo non nos quedarán máis –a este paso– que os nomes e as estatuas. A produción sobre dos foros (por exemplo) está enterrada de todo, ata o punto de que só nunha ou dúas bibliotecas se atopan as fontes antigas que é necesario ler ben para encarrear o problema na historia do mundo, na evolución da propiedade, e resolvelo xustamente. En fin, para que cansarvos se estou facendo indicación nada máis? Vós coa vosa cultura ben sabedes a que extremos chegamos nesta orde.

E o mesmo pasa na arte. Non é verdade que aquí, en Santiago mesmo, ata que viñeron Murguía e López Ferreiro, e despois un que non é galego, Lampérez, tivemos enterrado, feito un vertedoiro, un pazo dos máis gloriosos do século XII, quizais o máis importante de Europa?... O Pórtico da Gloria consérvase ben porque está onde está, se non, que sabemos o que del fora?... E que dicir do menosprezo feito á nosa música? A primeira vez que oín cantar nun teatro “Negra sombra”... foi no Teatro Real de Madrid a un coro catalán. Na música, grazas á invención do gramófono, ultimamente comezamos a olvidalo todo, e non soamente polas señoritas nas vilas, senón as mozas das aldeas que cantan o “Tápame, tápame” e as *peteneras* segando na herba,

cun xeito de tódolos demos. Que grandeza, que maxestade, que misterio o do noso *alalá* solemne, lento, suave, cantado por un coro de mozas e mozos ao anoitecer, cando as sombras borran os contornosl... Oíno moitas veces, cando mozos e mozas volvían do traballo envoltos nas primeiras sombras da noite, e parecíame o *alalá* un cantar sempre novo, un himno que saía da entraña mesma da terra encantada e que o ceo se aniñaba para escoitalo no silencio da escuridade e envolveito nas sedas da brétema...

Habemos loitar polo renacemento da música –que é a linguaxe da alma nos momentos sublimes– e alentar e axudar aos coros como o de Feijó e a tódalas masas corais de Galicia para que traballen por ese renacemento, máis ben con festas populares que con refinamentos de academia afogados nas catro paredes dun salón.

XI. A crise da nosa poesía

Un dos resultados máis claros do abandono do idioma galego é a falla de poetas de nervio, de febra, de alma, que nel escriban. O poeta castelán Díaz Canedo díxome un día que non era posible o desenvolvemento poético en Galicia hoxe, porque a poesía só florece no idioma que se falou e oíu falar dende o berce, e dándose en Galicia o caso de que as xentes chamadas cultas prescindisen e desterrasen da casa o galego, non habían estas despois de moldear en galego as súas expresións poéticas. E se outra cousa fixesen, sería parodia, afectación, poesía sen soltura, sen ás... Total: no idioma que non se fala dende o berce –por moi perfecto que sexa–, non se formulan o sentir e o pensar poéticos.

Comprendedes agora toda a pobreza da nosa poesía nos últimos tempos? Ben sei que o movemento dos Precursores produciu grandes figuras coma Curros e Pondal –deixando aparte a Rosalía,

que é unha figura única, xigante, de valor mundial e eterno. De tódalas maneiras, comparede a produción galega dos últimos vinte anos coa de Cataluña.... e por moi patriotas que sexamos (eu creo que o primeiro deber do patriota é dicir a verdade e non enganar aos máis e a si mesmo pintando unha realidade que non existe) habemos de desistir da comparanza, porque non é posible a de valores efectivos con outros pouco menos que imaxinarios. Refírome, enténdase ben, á nosa produción en galego, e sosteño que é proporcional ao que o falamos, quedando case reducida ás cantigas sempre vellas e sempre novas dos mozos das nosas aldeas, ás loitas en verso entre os mesmos de arredor da regueifa e ás poesías sinxelas dalgún doído emigrante que de pé sobre a popa “dun aleive negreiro vapor” –como cantou o poeta– volve os ollos e o corazón ao fogar, sente unha sacudida de emoción na espiña, sáltalle no peito o corazón e protesta e blasfema e cae ferido de amor inmenso á terra de onde a inxustiza o bota... e sente que lle rozan a testa as ás dunha andoriña, e cántalle amores e lembranzas para que a leve ao fogar a onde el quizais non poida volver...

XII. Ramón Cabanillas

Dáse o caso nos momentos máis tristes e máis propios para o resurximento de que aparece un home superior, enfermo de hipertrofia do corazón, que sente nel tódalas dores de patria e, adoecido, vólvese á multitude, e unhas veces chámaa con tenruras de pai e chega a axeonllarse diante dela, non para idolatrala senón para pedirlle que o oia, que volva en si, que non se deixe morrer no colo imbécil da loubanería... E se con cariño non consegue espertala, revólvese, brande a tralla, crúzalle a cara, sacódea, insúltaa, faina sangrar, dálle a ulir amoníaco... Se con iso esperitou, volve acariñala e a estimulala ao traballo, á vida gloriosa,

á loita... Pero se non esperta aínda, ruxirá o poeta espantosamente, martirizará e será mártir, entrará na casa que arde para sacar no colo os que dormen e entrará ruxindo, e blasfemando, e abrasado polas lapas, chegará sequera ata o berce dos nenos, choutará con eles pola fiestra, dará dez pasadas cego e morrerá... pero os nenos viven... o mañá está salvado.

Eses milagres non os fai soamente –nin sequera principalmente– o saber, senón o querer. É máis: os sabios fríos, que pensan que o saber sen corazón serve para algo transcendental (cando só é fonte de refinados egoísmos) recusan a eses homes e din que se contradiciron, que non foron siloxismos ambulantes, obedientes a unha lóxica académica e sen corazón que nada ten que ver coa vida. Iso dixeron do gran español, pai de todo o noso renacemento, Joaquín Costa.

Nós temos tamén o noso home. Non é un sabio, é un poeta, un enorme poeta tan grande coma Curros, e coa vantaxe de que os seus versos toman as formas que usan os grandes vates do mundo latino: Guerra Junqueiro, Rubén, D'Annunzio. Cabanillas é o cardíaco que vén a remover (suplicando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, a espertarnos do sono mortal. Habémolo poñer por cabeza deste movemento, que, se precisa moito estudo e moito sacrificio, ten as súas raíces no corazón, onde nacen os versos fortes e altivos e os pianos e amorosos de Cabanillas, que todos manan da mesma fonte. Estas sacudidas levan sempre diante un vate, un profeta, un rebelde –un tolo, din as xentes, porque predica aos que dormen– que loitando coa desgraza, coa cólera dos poderosos que embisten nel coma o mar nos baixos, co sono dos medianos que o abandonan e coa pobreza dos pobres que non se atreven, vai pola terra asoballada aturuxando. Para este poeta, que é o noso guía, e para Villar Ponte, o promotor que o segue neste movemento, así como para o gran Aurelio Ribalta, e para Rodrigo Sanz, os nosos mestres e os nosos quixotes, acabo pedíndovos devoción e aplauso.



3. Teoría do nacionalismo galego

Vicente Risco

I. As fases do noso nacionalismo

Sen afondar na nosa Historia, sen se lembrar dos Irmandiños ou doutras rebeldías pouco notadas, indo só ao moderno, pódense sinalar, dende que Antolín Faraldo se erguera en 1844 a dicir o que ninguén se atrevera, diferentes características que en cada tempo revestiu o rexionalismo galego –somos aínda poucos os que dicimos *nacionalismo*, pero cada día habemos ser máis. Seica foi un rexionalista da Coruña quen sinalaba hai pouco, nunha parola que fixo sobre do noso movemento, as súas diferentes fases históricas.

Así, o nacionalismo foi primeiro literario e romántico, aló en 1855, cando saíron á loita Vicetto e Murguía; foi económico en 1892, con Alfredo Brañas; foi agrario coa Solidaridad Gallega,

en 1907; e foi político en 1917. O estudo destas diferentes fases ensínanos moitas cousas importantes:

1ª. Que a reivindicación da nacionalidade se vén sentindo en Galiza dende a primeira metade do século XIX, quizais como revolta contra as ideas de nivelación cultural e de uniformidade lexislativa daquel século, cego para tódalas realidades.

2ª. Que vai collendo co tempo novos aspectos da vida galega, porque en tódolos aspectos na nosa vida se sente a mesma necesidade.

3ª. Que o nacionalismo galego ten un entronque romántico, ou sexa medievalista e historicista, contra os sistemas políticos e sociais *a priori* dos filósofos do dito século.

4ª. Que sempre foi cousa principalmente dos intelectuais, sen que os de abaixo se dean conta cabal do que queren.

Agora ben, o noso nacionalismo, indo como imos en seguimento dos nosos precursores e sen nos apartarmos moito deles –xa que somos tamén románticos e historicistas–, non pode ser igual que o seu. E isto por tres razóns: primeiramente, porque o noso nacionalismo non colle un aspecto só da vida galega, senón todos a un tempo; segundo, porque nós non nos contentamos con pedir o que eles pedían: somos máis cobizosamente galegos; e terceiro, porque queremos infundirle as ideas do noso século XX e varrer da nosa terra tódalas filosofías do século XIX.

Queda dito que o noso nacionalismo é *integral*, é *radical*, e é *novecentista*.

II. O que é o novecentismo

No *Pronaos* do primeiro número do noso boletín neosófico, dicíamos os mesmos que hoxe somos os nacionalistas de Ourense:

«Cremos que o home moderno ten o dereito e o deber de interpretar as cousas doutra maneira, de encontrar en todas novas significacións, de ver o mundo cun espírito recién nado. Nos nosos días, a sensibilidade fíxose en certos homes tan aguda, que cen novas perspectivas non sospeitadas se achán a punto de se revelar. Así naceu en nós, os homes do século XX, un estado de alma que en nada semella ao do estúpido século que pasou. Ata vivimos o pasado cunha alma nova, e a gran guerra de agora quizais é o gran batieiro de sangue do que a alma do Occidente ha saír rexenerada e volva nacer para unha nova fe.

Por iso, nin a arte, nin a ciencia, nin a moral son xa o mesmo que eran para os nosos pais, senón que naceu unha nova sabedoría que é a nosa inspiración central, e por iso, *La Centuria* se chama *neosófica*, é dicir que, como boletín do noso século, ha reflectir as ideas novas que escomezaban a dominar o pensamento suramericano antes da guerra».

E o gran catalán Xènius, que sentía connosco, dicíanos nunha das súas fermosas cartas:

«Si, levan razón, hai en nós unha sensibilidade nova que reviste formas que aínda se non coñecían onte mesmo. Note vostede, por exemplo (algunha vez insistín eu neste punto) que un espectador ou un lector entendido dos nosos días, posto diante dun libro doutros tempos, diante dun cadro dun museo, sente, entende deseguida, sen necesidade de dar a volta pola socioloxía ou pola reconstrución do ambiente no que foi producida a obra, como parece que aínda facía falla en tempo de Taine.

Vostedes chaman a estas formas de sensibilidade *neosofía*; eu púxenlles –e aquí é corrente pórllas– a etiqueta cronolóxica de *novecentismo*. Os dous nomes aseméllanse na prudencia: non podendo, aínda, caracterizar o espírito dos nosos tempos cunha calificación de tendencia (cousa que sería prematura, dado que nós mesmos nos achamos na escena e non temos distancia para xulgar) senón unha sinxela constatación de diferenza e novidade».

Non somos nós tan prudentes coma Xènius. Para nós, esa diferenza é tan fonda, esa novidade é tan nova, que xa non nos podemos entender cos que pensan como se pensaba no século XIX, cos que, como dicía hai pouco en *El Noroeste*, estudaron a política nos discursos de Moret e a filosofía nos tratados de González Serrano. E isto pende en que eles se educaron na filosofía e nos educámonos na historia, e esas son dúas ciencias que fan ver o mundo de dúas maneiras que se opoñen radicalmente.

Os homes de educación filosófica ven o mundo *estaticamente*, como se fose igual que como foi dende o seu comezo, movéndose dunha maneira regular e constante, gobernado por leis eternas. A ciencia sintetista e a filosofía pendem deste engano. Así eran os homes do século XIX, racionalistas que crían que o coñecemento científico respondía á realidade e teorizaban e lexislaban para o home abstracto e mítico que eles crearan, como crearan o mito do progreso, o da evolución superorgánica e outros tantos.

Os homes de educación historicista e crítica non cremos xa na evolución superorgánica nin no progreso nin nas leis naturais, que sabemos que son unha creación do noso espírito, como sabemos que o coñecemento científico non pode ser máis que relativo e provisional, e que o racionalismo é un vicio de pensamento dos occidentais, que quizais se debe –sendo como é o pensamento un produto da linguaxe– á estrutura especial das linguas indoeuropeas.

Á concepción *estática* do mundo, sucedeu en nós a concepción *dinámica*, fundada na idea oriental da evolución. A nosa ciencia é a historia; estudamos as realidades concretas e afirmamos que o atributo da abstracción é a non-existencia.

[...]

IV. As dúas Españas

Galicia áchase actualmente facendo parte dunha realidade política: a España.

Agora preguntamos nós: que é a España? E o moderno pensamento español, polo bico de Ortega y Gasset, respóndenos que hai dúas Españas: a España vital, que é o conxunto de tódalas nacionalidades ibéricas, e a España oficial, ou sexa o actual Estado español, que vive entre as protestas de tódolos españois. E sinálanos o fondo divorcio que hai entre as dúas Españas.

O Estado español, feito ás expensas da liberdade das nacións ibéricas por obra do despotismo dos Austrias e afianzado logo nos principios aprioristas da Revolución francesa, é unha vella e roñosa máquina política que ten como a súa característica diferencial a ineficacia. Xa hai tempo que nos decatamos todos de que o Estado español serve soamente para soste nas esferas do goberno o caciquismo, a incompetencia e a arbitrariedade.

Non pode ser doutra maneira un Estado unitario que impón a forza unha organización e unha lexislación centralizadas, uniformes e homoxéneas para gobernar un conxunto heteroxéneo de nacionalidades. Tal Estado non só é ineficaz de seu, por inadaptação á realidade, senón que imposibilita ás nacionalidades que o compoñen para procurar pola súa man o remedio.

O Estado é sempre unha creanza da filosofía; fíxose desfacendo a organización vital da Idade Media polo poder absoluto dos

reis, que sacaron a súa idea das doutrinas do Dereito Romano desempoeirado polos xuristas de Boloña. Os avogados sempre foron unha peste social, que andaron a ver se reducían a vida a fórmulas metafísicas para afogar a liberdade, e foron os que inventaron iso das leis iguais para todos, que é a forma máis refinada da inxustiza e o desgobierno. Porque un pobo non está gobernado cando todos obedecen, senón cando todos están ben: é a acepción galega do *gobierno*, que quere dicir procura dos propios intereses de cada un.

Queremos nós que Galiza se separe da España?. Para responder, hai que distinguir as dúas Españas: da España oficial, si. Queremos que desapareza o Estado unitario, o Estado pantasma, co que nin Galiza nin outra nación ibérica quere nin pode convivir xa máis. Non queremos obedecer ningunha organización do Estado español que non comece por recoñecer a personalidade integral de Galiza. Da España vital, non. Concibimos a Galicia convivindo coa viva realidade ibérica, varia e rica, convivindo nunha España futura e forte que fora unha libre confederación de democracias, aptas para se gobernaren por si mesmas en todo o concernente aos seus problemas privativos.



4. Arte e galeguismo

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

A Coruña, 25 de outubro de 1919

Cumprindo un deber de alto patriotismo, ou mellor dito aínda, dun matriotismo que aceso levo sempre no peito, vou falar en galego,

Na fala doce sentida
Entre bicos deprendida,
No colo de miña nai,
que dixo o poeta da raza.

Para que vos fale en galego abonda que eu sexa un dos que traballan para erguer a conciencia durmiñenta da nosa personalidade nacional. Mais eu agora non vou falar como galeguista senón como namorado dunha Arte que sendo rexional, puidera conquistar universalidade.

Arte e Galeguismo. Conferencia dada por Alfonso R. Castelao na exposición de Imeldo Corral na Cruña o 25 de outono do 1919. A Coruña: Irmandade da Fala, 1919.

Un idioma non é soamente un xeito de expresión. Se así fose, habería que matar o galego, e despois, polas mesmas razóns, teríamos que matar o castelán, ata que atopásemos co idioma que tivese o máis alto creto científico, o máis grande valor bibliográfico. Non, un idioma non é soamente un xeito de expresión, é tamén unha fonte de Arte. Quen fose poeta para dicirvos o que é un idioma! Eu, artista, por non ollar cegada unha fonte de Arte, teño que defender a fala dos nosos avós.

Cando coidaba que o mundo non ía máis alá dos montes que vían os meus ollos de neno, eu aínda non deprendera o castelán. Por iso para min ten o galego unha saudade morna que me lembra o tempo lonxano e feliz da miña crianza, o tempo feliz de tódolos homes, quizais máis feliz para min, que son aldeán. Por iso, por ser aldeán galego, defendo a fala dos nosos avós.

A arte galega non é, non, facer cousas de asunto galego. En Alemaña estreouse xa hai anos unha ópera que se chamaba *Rosa de Pontevedra*, mais a ópera –non ten volta!– era alemá. Sorolla pode ir ao Xapón a pintar unha escena do Yoshiwara, mais o que pinte Sorolla non será –que vai ser!– pintura xaponesa. Para que haxa pintura galega (que aínda non a hai) é preciso pintar en galego, da mesma maneira que para sermos donos dunha literatura galega, xenios da nosa raza escribiron en galego. A Arte é unha, e a literatura, coma a música e a pintura galega, non poden ser máis que xeitos de expresión dunha mesma beleza: a da nosa terra. E sendo eu un dos que traballan polo conqurimento dunha Arte galega, teño que defender a fala dos nosos avós.

Podería preguntárenos: Valle-Inclán é artista galego? Xa o vexo!. Mais Valle-Inclán pensando, sentindo e escribindo en galego, publica soamente unhas traducións literais en castelán; e eu chámolle artista galego porque presinto, vexo cos ollos da alma, as súas obras escritas en galego. Podería preguntárenos tamén: Rey Soto é un poeta galego? Non e non. Poeta galego éo

Ramón Cabanillas, éo Noriega Varela. Rey Soto é un poeta castelán nado en Ourense, moi bo, moi xenial, se queredes, pero alleo. E como eu cobizo para a miña terra unha Arte súa, defendo a fala dos nosos avós.

Algúns *escribidores* nados en Galicia que nin son galegos nin artistas, non se fartan de ceibar moreas de prosa querendo fagnar con razóns podres, baleiras de senso, o que é froito do sentimento. Estes turistas na súa terra que describen ou pintan unha paisaxe galega coa mesma quentura espiritual con que pintarían unha roda de moer café, son froitos merados da nosa terra, a quen non vale a pena de chantarlle os dentes.

A centralista Francia bateu as mans de alegría cando veu rexurdir o xenio da Provenza na Arte milagreira de Mistral. En troques, xa non digo na Hespaña!... na mesma Galicia, hai esborrachadores que non queren o rexurdimento da fala do Rei Sabio. Mais... que lle imos facer?, estes malos patriotas non poden darnos as normas do sentimento. E como eu son bo galego, defendo a fala dos nosos avós.

É costume chamar galegos a tódolos que nacen en Galicia; mais eu coído –e vós tamén– que non abonda seren nados nunha terra para seren fillos dela. Díciame un debuxante andaluz de moito miolo, querendo explicar a morriña: «os bos galegos tendes raíces na terra; mais esas raíces son elásticas, de tanta elasticidade que vos deixan dar mil voltas ao redor do mundo e alentando en chan alleo estades sempre vivindo nos vossos eidos». E ollade como neste dito dun andaluz que comprende a nosa saudade se encerra unha chea de cousas. É certo: os bos galegos botamos raíces á beira do berce, mais non coma as árbores, non coma a hedra que apreixa as pedras do pazo ou da chouza onde necemos. As raíces nosas son finiñas coma fíos; o vicio da raza lévamos lonxe do lar, da terra mesma que nos doa a forza, sen que en ningures atopemos acougo para as nosas tristuras; e cando,

cansos da loita, non podemos ir adiante, sempre temos o camiño da volta que turra por nós cunha forza misteriosa, e na volta ao lar échense os nosos desexos. Os galegos non temos a luz da esperanza diante de nós, témola detrás de nós, enriba do pazo ou da chouza onde nacemos. As miñas raíces non son fíos, son chicotes, que non me deixan tan sequera saír da terra de meus avós. Tan namorado da miña terra, tiña que falarvos en galego.

Por ser enxebre, non vaiades coidar que me atraco de lacón con grelos, que teño saudade do pantalón de boca de cadela e das cirolas de liño, ou que entre neto e neto do bo tinto me saen arroto de carraxe contra as pobres terras de Castela. Non, os bos galegos damos un paso atrás, mais é para tomar pulo e non caermos espaturrados na lameira. Os enxebres de agora queremos unha cultura galega. E sendo eu enxebre tiña que falarvos en galego.

Neste intre tenme sen coidado a oficialidade ou non oficialidade da lingua galega. Eu vou a falar de Arte e por iso a miña alma galega falará no seu idioma.

* * *

Fallo eu do olfato que moitos teñen para engaiolar con verbas que lles saen da boca coma lindas adoas de vidro, prégovos, denantes do empezo desta miña enguedella literaria, un pouquiño de simpatía e de bondade para min. Pouco afeito como estou a estes trafegos das letras onde a música triunfa moitas veces por riba das ideas, ben sei, con tristura, que non son quen para amosstrarvos os meus sentimentos cubertos con aquelas xoias que fan pasmar as xentes.

* * *

[...] Escoitade unhas verbas de Tolstoi: «Pódese dicir que houbo unha Arte nacional xudía, grega, exipcia, chinesa e india. Tamén

a houbo na Rusia ata Pedro o Grande e no resto da Europa ata os séculos XIII e XIV. Mais dende que a clase máis alta ficou sen fe ningunha, non houbo máis que dúas Artes: a do pobo e a da clase dos homes escollidos. Daquela, non viviu a humanidade sen Arte nos tempos novos, senón que soamente viviron sen Arte as xentes altas da nosa sociedade europea e cristiá».

E ollemos como Tolstoi alumea o noso verdadeiro camiño. Nós tamén tivemos a nosa arte denantes do século XIV, a arte máis grande das terras de Hespaña, cunha subxectividade que nunca puido conseguir a castelá, e cun feitizo aloumiñante que soamente podería ter as súas raíces na Provenza. Dende entón, na nosa terra tamén temos dúas artes: a do pobo aldeán e a dos homes sabidos e lidos da cidade. Nas aldeas resoan os alalás saudosos namentres nas vilas e cidades fan fume nos corazóns tocatas tan feiticeiras coma aquela *habanera* dun músico de Betanzos que se chamaba: “Ay que me se pierde el gusto!”.

¿As cidades galegas teñen algunha arte? Pensando con Hutchenson, que di que «a beleza nada ten que ver coa bondade e moitas veces é súa inimiga», podemos dicir que quizais teñan algunha. Pensando con Tolstoi, xa vistes que non teñen ningunha. Deixándonos de funambulismos máis ou menos filosóficos e falando con sinxeleza, imos fitar a vida das xentes escollidas das cidades galegas. Hai homes que mercan libros que veñen de fóra, hai homes que van aos concertos de boa música; estes homes gorentan a arte. Cinco, dez, vinte... homes en cada cidade gorentan a arte allea, mais ningún fai Arte nosa. Nas cidades galegas non hai artistas. En troques, hainos en calquera curruncho aldeán, porque os aldeáns teñen personalidade.

Di Jean d’Udine: «Pídelle a un ferreiro da aldea que che forxe un caravel para adornar, por exemplo, un petador da túa porta. Quizais o ferreiro non faga máis que unha imaxe moi basta da fina corola; mais se ten gusto e sentimento das proporcións...

a súa obra non deixará de ser artística, pois ao escoller os elementos florais para imitalos en ferro, poñerá neles o sinal da súa personalidade. En troques, un prateiro moi xeitoso, ao imitar as máis pequeniñas follas do caravel, non será máis que un servil imitador, un traballador sen espírito».

De artistas da cepa deste prateiro están inzadas as nosas cidades.

Nas nosas cidades galegas non se fai Arte: imítase a arte doutros pobos mellor dirixidos. Dá noxo fitar como, tendo nós un antigo estilo arquitectónico, nin soubemos rexuvenecer a tradición nin soubemos seguila, nin, ao rifarmos con ela, puxemos un gran de area na creación dunha nova que sexa a expresión das ideas do noso século. Rifamos coa tradición sen facer unha nova tradición, e aínda temos fachenda en sermos do século XX e termos unha cultura que, polo demais, tampouco é nosa. Sen o relixioso entusiasmo pola Natureza, sen o amor á nosa paisaxe, mal podíamos facer “paisaxes arquitectónicas”.

Para Ruskin ningunha obra arquitectónica é fermosa como non pareza saír do chan e axeitarse á natureza onde se erga, mais Ruskin aínda non chegou ao miolo dos nosos homes da cidade.

* * *

[...] A min faime choutar de carraxe ese andazo do chamado *chalet*, onde viven os nosos homes de diñeiro e os nosos ministros. A tales casas, tales homes! Parece mentira que ninguén fixese aínda unha casa galega, mais o conto é que namentres en Vasconia e aínda en Santander rexorde a súa arquitectura, aquí, que temos mil pazos antigos que poden ser a base dun estilo de casas de campo, se fan soamente tortas de pedras, ananuxos de cemento, grileiras de ladrillo... E así viven os nosos homes de diñeiro. Fan casas para viviren dos cartos gañados ou herdados nos eidos que

máis lle acomodan, mais non senten a necesidade da casa propia. Fan casas por vaidade, por orgullo; mais non teñen o sentimento do fogar propio, pois este sentimento está mantido polo cariño aos eidos e este cariño abonda para que o fogar de un non sexa alleo á paisaxe da terra onde queremos gorentar a vida e despois morrer. Que por falla de cultura artística se fan casas alleas para fogares propios na terra propia? Pobres homes ricos...!

Non quero falar da obra destrutora dos nosos cregos nas igrexas. Se as cousas non cambian, axiña ficaremos sen o noso tesouro arqueolóxico, do que non restarán nin sequera fotografías. Hainos tan parvos que lle mandan dar unha man de cemento á súa casa de cantería para imitar despois cantería, que vén ser o mesmo que darlle purpurina ao verdadeiro ouro. Queredes unha proba fonda de que a clase de homes escollidos en Galicia non ten nin migalla de sentimento artístico? Aí tendes o monumento de Montero Ríos na chamada *Atenas de Galicia*, e preto del o Pórtico da Gloria. Na Praza do Hospital, sonada no mundo enteiro, érguese a obra do mestre Mateo para lembranza dos nosos séculos de ouro, e no medio e medio da praza, un alcalde de Compostela que é catedrático da Universidade galega traballou con tódolos seus folgos para erguer a máis alta vergoña dos galegos do século XX.

O movemento centralizador e internacional á xunta ían en camiño de matar as arelas artísticas das nacións. En Galicia, as cidades comestas polo centralismo e pervertidas por aires de fóra ían en camiño de cegar tódalas fontes de Arte. É fenómeno universal que na nosa terra fixo verdadeiros estropicios.

* * *

[...] Moito se fala da arte universal; mais toda arte ten a súa patria, toda arte é o froito dalgunha terra. Aí tendes a teoría de Taine, a quen non por estético senón por historiador lle daremos creto.

Esquecíame dunha arte que soamente por aceda burla se pode chamar universal; refírome á Arte que non pode ser entendida por todo o mundo, nin sequera polos chamados intelixentes. Eu non rifo con esa Arte; eu quero pousar aquí a razón de que non fai falla que unha arte, para selo, teña por forza que bater o corazón de tódolos homes. Poucos xenios foron entendidos polos homes do seu tempo e secomasí foron xenios. O conto está en facer obras de arte e despois xa chegarán a conquistar universalidade. Ese medo que teñen moitos galegos de que facendo cousas galegas non poidamos chegar a Madrid é a mostra máis varuda da súa falla de sentimento artístico, de cultura estética e de sociabilidade. Eu coido, en troques, que facendo obras galegas, en canto sexan de certo boas obras de Arte, irán polo mundo adiante. Eu non me teño en tan pouca cousa, como galego namorado da miña raza, que con chegar a Madrid a nosa arte xa puidera morrer satisfeita. Non, eu cobizo moito máis: eu quixera que o nome da nosa Galicia ben amada fose moito máis alá das terras de fala castelán.

Dinos Tostoi: «A arte é unha maneira de irmandade entre os homes que os axunta nun mesmo sentimento, e, polo mesmo, é indispensábel para a vida da humanidade e para o seu progreso». E dinos máis adiante: «As cantigas dun home do Tíbet ou dun xaponés non me conmoven tanto coma a un tibetano ou a un xaponés, mais conmóvenme. Tamén me dan fonda emoción a pintura xaponesa, a arquitectura india e os contos árabes». E se nós, os galegos, tivéssemos unha arte que fose tan suxeridora como é o paisaxe dos nosos eidos, chegaríamos a Rusia para bater o corazón de Tolstoi, da mesma maneira que chegou a arte xaponesa, a arte india e a arte árabe.

E dicíamos denantes que toda arte ten a súa patria, que toda arte é froito dalgunha terra. «No artista –dinos Jean d’Udine– hai a transformación dunha emoción en signos, e en nós hai a transformación deses signos en emoción». E Tostoi, rifando coas escolas

que teñen por obxecto ensinar a arte, dinos tamén: «Mais a arte é facer sentir a outros homes os sentimentos do artista. Como, pois, pode ensinársese iso nas escolas?». De maneira que son sentimentos ou emocións o que expresa o artista. E quen lles dá aos homes os sentimentos que teñen? Polas miñas contas, e non perdendo o tempo con razóns científicas que atoparíamos de camiño, a terra, ou mellor dito, a paisaxe, é quen vai traballando, pouco a pouco, os sentimentos dos homes: a terra é a que dá personalidade. A razón de que a arte galega dea máis emoción aos galegos que aos alleos non pode ser máis que a de xuntar mellor a maneira de actividade do artista galego coa dos demais galegos, pois todos nós temos no peito os mesmos ritmos suxeridos pola paisaxe, todos nós temos no sentimento, que é fillo da terra, os mesmos matices.

Se a arte é filla da paisaxe e do temperamento do artista, da mesma maneira que o vexetal é fillo da terra e da semente, ben puidera ser que algúns parvos de aquí fosen xenios noutras paisaxes idóneas.

Que os homes da cidade se decaten de que o progreso verdadeiro non pode ir cara á unidade, senón cara á harmonía, que os homes da cidade non ollen aos nosos paisanos coma se fosen cousas. Eles, os paisanos, teñen a súa Arte ben definida e os homes das cidades galegas non levan á vida humana ningún sentimento novo, grande e xeneroso. A nosa música galega é dos paisanos; tamén temos unha poesía popular e danzas populares que fan de Galicia unha terra bendecida por Deus e louvada polas fadas. E que fixeron os nosos artistas das cidades? Nada, nada, nada. Soamente temos bos poetas galegos porque a poesía non require estudos, pois, como di non sei quen, «se se tratase da ciencia dos libros, abondarían dez minutos para saber escribir en verso». Como a poesía nace na terra, nós temos unha poesía nosa, como temos piñeiros nos montes e herbas nos campos. A pintura non é Arte do pobo, a pintura non nace entre os toxos

do monte, e por iso Galicia, dona dunha arte súa, non ten pintura, porque as cidades non saben crear artistas. E agora cómpre dicir que as cidades galegas non teñen artistas por non seren galegas. Foran galegas as cidades da nosa terra e axiña xurdiría unha Arte universal forte e ao mesmo tempo saudosa, que nos erguería da miseria espiritual en que vivimos.

Faltas as cidades de verdadeira ciencia, non crían máis que virtuosos: matan artistas e manteñen malos falsificadores de artes alleas.

* * *

[...] O pintor que ao mesmo tempo sexa artista non pode de ningunha maneira facer obras de Arte se non chega ao miolo das cousas. Falando dos pintores, non abonda que saiban ollar as cousas, é preciso que as sintan, que as queiran ou que as odien, pero que teñan das cousas escollidas por eles o coñecemento enteiro da súa vida, da súa alma. Non abonda tampouco que se pinten as cousas tal como son e non tal como se ollan, segundo queren novas escolas de pintura. O que cómpre é pintar as cousas que nin se ollan nin son. «Pois esa cousa rara –dinos Jean d’Udine– ese *non sei que falta* necesario para xurdir o xenio creador é nada máis que a aptitude de producir en fórmulas inéditas emocións de orde sentimental ou sensacións dun campo sensorial alleo, campo en que nos expresamos; pois toda inspiración é un fenómeno de transposición que ten por base fisiolóxica a sinestesia».

Ollemos a paisaxe e sintamos a súa vida. Xa sabemos que a paisaxe non ten de certo realidade obxectiva. As mañás que rin, as tardes que choran, o día que morre, a luz que esmorece, non son máis que estados da alma.

Maxinémonos diante dunha paisaxe. É no intre en que a terra, para adormecer, lle vai virando as costas á luz e o fume das tellas,

mesto e leitoso, se vai espaxecendo no fondo do val. Non é cousa do outro mundo pintar o que ven os ollos que han ser comestos dos vermes, pero na paisaxe hai máis cousas que fitar. Pois naquel muíño cantareiro dous namorados danse o primeiro bico e naquel pazo do castiñeiro seco ouvean os cans.

Outro máis. É noite de luar, na beira dunha encrucillada de lenda, un cruceiro ten a rentes de si a mesa de pedra onde pousan os mortos para botarlles o responso. Por entre os piñeiros móstrase a ría maina, a lúa está pendurada da ponla dun piñeiro. O pintor ten que evocar algo máis que unha visión, pois na mesa de pedra do cruceiro aquela mesma tardiña pousaron o corpo morto dun rapaz que veu *do servizo*; un estudante de crego vai pensando por aquela congostra na moza do pano roxo que lle roubou a vocación. E ao lonxe escóitase un alalá.

Outro máis aínda. É unha mañanciña. Os montes de lonxe teñen azuis de Patinir, as xestas e os toxos poñen as súas motiñas amarelas na divina sincromía verde da paisaxe. Moitas cousas máis ten a paisaxe que poden ser evocadas polo artista que sexa máis que un virtuoso do aceite de liñaza, pois nunha ponla daquela maceira o melro de Guerra Junqueiro “lucidio e jovial” aínda agarda polo abade da aldea para darlle os “bons dias”. Choveu onte, as campás da igrexa depenican unha muiñeira e polos carreiriños das veigas de acolá embaixo as formiguiñas negras e roxas veñen á misa.

Lémbrome dunha obra de Lloréns, a máis galega de tódalas que eu coñezo. O arquitecto Palacios e mais eu estabamos alá na Corte diante do lenzo, caladiños, ollando un meigo val da Coruña afundido no orballo, e tal forza evocadora tiña a paisaxe pintada que, de súpeto, a morriña de nós os dous estalou cantando ao mesmo tempo e no mesmo ton aquel alalá:

Como chove miudiño,
Como miudiño chove...

Este fenómeno de sinestesia que espertou en nós aquel desexo de cantar un alalá longo, gris e saudoso, demostra a Arte da obra.

Polo que di Guyau, «atopamos bela a Natureza e maxinámo-la viva, e non é doado representármola baixo unha forma humana». Pódese dicir, inzando aquelas verbas de Terencio, «non me inspira interese máis que o humano». Se para embelecer o Universo non houbera máis que o peso, o número e a medida, ficaríamos indiferentes diante del. E noutro libro tamén nos di: «É preciso *animar* a Natureza, doutra maneira non nos di nada. Os nosos ollos teñen unha luz súa e non ven senón o que alumean co seu resplendor».

Para pintar Galicia ten que sentirse. Non doutra maneira se comprende que algúns pintores de sona chegados de fóra declarasen impintables as paisaxes galegas. Son impintables para eles, mais non para nós. Son impintables para quen non comprende máis que o roxo, o azul e o amarelo, mais son pintables para quen está afeito a distinguir mil matices diferentes do verde, dende o case amarelo ata o case azul. Eu collería por unha orella a quen dixese que Galicia non pode pintarse e levaríao diante do cadro *As tentacións de San Antón*, de Patinir, para que deprendese como pode pintarse unha paisaxe verde e sen sol. E aínda sobre de se Galicia ten ou non cor hai moito que falar. Lémbrome que vindo no tren hai algúns outonos, denantes de chegar a Ourense, ollei un monte todo cheo de viña alumeado polo sol amarelo da tardiña e o monte semellaba cuberto cun manto cardenalicio, de tal cor que mesmo parecía un fondo de conto oriental. Non falemos xa das nosas gaias romaxes aldeás, onde as cores se arremuíñan de tal xeito que nelas poden atopar asunto as máis novas maneiras de pintura. Non, Galicia ten cor se queremos busca-la.

Unha ducia de literatos declarou femia a paisaxe galega, non sei se querendo gabar a súa fermosura ou criticar a súa falla de forza. Se quixeron louvar a súa fermosura e lle chamaron femia,

ben se olla que non visitaron a Costa da Morte ou as beiras do Sil e do Miño, pois entón dirían que en Galicia hai a paisaxe femia e a paisaxe macho. A min tenme sen coidado iso do sexo da paisaxe, pero no fondo da cuestión preséntese o desexo de seguir mantendo a ficción da grandeza castelá. Non e non, a paisaxe galega –macho, femia, ou hermafrodita– é a paisaxe máis fermosa da Hespaña e unha das mellores do mundo.

* * *

E agora cómpre que a miña xenreira e a miña carraxe de bo galego estoupe aquí maldicindo o malfadado centralismo que, atafegando a nosa personalidade nacional, non deixa medrar unha escola de Arte galega que tería de nacer fatalmente pola forza evocadora da nosa paisaxe. Mais... que lles importan aos homes do noso Estado as cousas da arte? A arte non ten fronteiras e ao famento e esgoniado pobo da Hespaña abóndalle coas corridas de touros, que fan de nós un Estado pintureiro, único na Europa civilizada.

Todo hespañol é un rexionalista, da mesma maneira que todo bo rexionalista é bo patriota. Non quero inzar a razóns desta proposición con verbas de homes de creto no terreo do pensamento, pois son verdades evidentes, aínda que o Estado non as queira recoñecer. Non querendo fitar as rexións naturais, deberon dividir o chan hespañol para os fins da administración e goberno en anaquiños máis regulares: cadradiños, triángulos... Habería que ollar despois no mapa as provincias coas súas corloriñas, dándolle ao chan hespañol un aspecto máis xeométrico, máis estético –dentro da concepción estética do Estado hespañol!. Esta iñorma salvaríanos da vergoña de mostrar ao mundo un mapa do chan hespañol que se asemella á capa dun pobre de pedir polas portas, tan chea de remendos de trapo que non lle

quedou sequera un anaquiño do que foi capa nova alá nos tempos do noso poderío ventureiro.

Xa sabemos que os homes do Estado non pousaron os ollos na personalidade das rexións que compoñen o chan hespañol para chegar a unha harmonía que faga da Hespaña unha terra rica de matices en tódolos campos da actividade humana, nin sequera souberon aproveitarse dos homes que polo seu acedo traballo e sen acucia oficial chegaron a conquistar nas Ciencias o creto de sabios. E se a Ciencia co seu carácter de útil que ten non lles importa aos homes que mandan, que lles había de importar a Arte?

O Estado fixo canto puido para matar a personalidade das rexións e nós, os hespañois, rexionalistas sempre, pouco fixemos tamén para facelas xurdir. Aquí en Galicia, cando imos á Universidade deixámonos desgaleguizar de tal maneira que algúns barballoeiros chegan a perder o acento. Cando algún rapaz sae artista aguillóano para que fuxa da terra, dicíndolle: “E que vas depender aquí? Vaite, home, vaite e non perdas o tempo”.

Algunhas veces (moi poucas) unha Deputación dálle catro mil reás ao ano para que poida facerse artista no estranxeiro ou en Madrid. E que pasa? Cando saen de Galicia son artistas virtuais e cando volven de fóra soamente son pintores, escultores, falsificadores de arte... Se o rapaz, artista en potencia, vai depender pintura a Roma, volve de alá sabendo moitas cousas do oficio, tantas cousas que xa pode pintar todo o que vexan os seus ollos da terra; mais... as paisaxes súas terán sempre a luz de Italia. Cando o seu espírito sentiu a primeira acucia da Arte polo poder evocador da paisaxe nativa, mandámolo fóra depender o xeito de expresión desa Arte, sen fixármonos que cando van levan o espírito domeable e cando volven tráeno teso. Desta maneira non facemos máis que imitadores, traballadores sen espírito.

Na Exposición de Arte Galega da Coruña un avogado de bastante sona, abrindo a boca con verdadeiro pasmo diante dun

cadro *ben pintado*, díxome berrando moito para que o sentisen ben todos: «que traballo máis brutalmente feito! Fíxese voste... se talmente parece unha fotografía!» Eu respondínlle con algunha sorna: «Pois Péladan dixo que *a fotografía demostra a apurvada do realismo*». Mais o meu home non pechou os beizos e seguiu ceibando polo buraco da boca toda a parvada vileza dos homes que pisaron as aulas, como din eles. Tamén coidan algúns que o mérito das obras está na cantidade de traballo que custou facelas. «Non demostran as obras máis grandes do mundo que foron feitas con facilidade? Non nos din ben ás claras que non houbo nelas un grande *esfuerzo* senón unha gran *facultade*?» pregunta Ruskin. Pero un home coma o avogado de marras responderíalle axiña: «Eu de Arte non lle entendo nada; eu de Estética estou limpo de todo; eu non lle sei máis que de preitos».

E estes homes son os que dirixen as nosas cidades e as nosas vilas. Eles son os donos dos cartos que manexan as nosas deputacións e os nosos concellos. E con estes homes tan limpos de Estética e tan lixados de política, Galicia seguirá sendo un criadeiro de carne humana para a exportación. Todo o mundo quere saber de arte despois de confesaren que de Arte non saben unha palotada, e aínda se rin dos tolos artistas con aquel de homes cordos, ben seguros de que as estrelas foron feitas nada máis que para regalía dos seus ollos. E non coidedes que a paisaxe está sen defensa oficial, non. O concello de Rianxo mandoulle tirar un piorno a meu pai, piorno erguido na súa propiedade, que daba a un camiño de carro, pois... (así dicía a orden) «esta clase de artefactos situados a la faz de los caminos públicos son de un pésimo efecto al ornato». Meu pai non concordou co concello, parecéndolle que os piornos non están mal ás beiras dos camiños, sobre todo cando están cheos de millo, mais a Comisión provincial e despois o Gobernador foron do mesmo parecer do Concello. Eu propoño que os homes amantes

da paisaxe felicitemos ao ex-gobernador interino, don Joaquín Sagaceta de Ilurdor, pola súa resolución axeitada aos ditados dunha Estética orixinal.

Se botamos unha lixeira ollada sobre do ensino da Arte e da Estética que se dá en tódalas nacións civilizadas e despois pousamos os ollos na Hespaña... Ben... eu non quero pensar sequera nisto, pois non sei aonde me levarían os meus comentarios. Abonda dicir que se na Corte se dá un ensino verdadeiramente abafante da personalidade, aquí na nosa terra non se dá ningún ensino da Arte nin da Estética. Esquecíame de que nas escolas se ensina Gramática, nos institutos Retórica e no preparatorio de Dereito, Literatura. O que aprenden os rapaces na escola vou demostrárvolo confiándovos o que me pasou a min en Rianxo. Ía pola beira do mar e uns mariñeiros chamáronme para que lles lese o periódico. Eu línllelo e como atopase coa verba *gramática*, un mozo que andara comigo á escola preguntoume: «A gramática non é aquel libro...? non te acordas? Aquel libro que dicía: *Nominativo laralalá, genitivo la lalará la la; los la*» De que serve o ensino da retórica nos Institutos? «Quen pensa agora –dinos Ruskin– en ensinar aos homes a ser poetas? En facer poetas valéndonos de receitas?». Iso, ademais de que en literatura a decadencia se chama retórica. Non, non lle deben nada á retórica deprendida os nosos poetas. En troques, poida ser que lle deban á retórica deprendida a incomprensión que da boa poesía teñen os nosos homes de carreira.

Na Universidade galega non hai sequera unha cátedra de lingua galega nin se estuda a poesía trobadoresca do ciclo galaico-portugués que tanto influía na literatura castelá. Lembrádevos de que hai anos se creou unha cátedra de catalán para a Universidade de Barcelona e na mesma data se creou unha de lingua galaico-portuguesa para a Universidade de Madrid. O perfeccionamento da lingua nosa é cousa que nin lles vai nin lles vén aos nosos homes da cidade. O Claustro ordinario de Santiago pediu moitas cousas

ao Ministro cando se fixo o Estatuto da Universidade, mais eu non vin entre tantas peticións a dunha cátedra de Galego. Os sabios da *Atenas galega* son así, e aínda non sei como os catedráticos das patoloxías, das químicas, das matemáticas, dos dereitos romanos, non pediron unha cátedra de esperanto. Eses homes cheos de progreso e baleiros de perfección, amantes do esperanto e do trampitán –ou sinxelamente tan patrioteiros que non poden ollar unha parede branca sen desexos de apañar un carbón e escribir nela un *Viva Hespaña!*–, digo que eses homes senten por nós un noxo tremendo. E todo pola fala. Ben está que haxa unha Arte galega, que os paisanos leven zocos e que se toque a gaita nas carballeiras... mais iso da fala é cousa merecente de catro azoutas.

Mais «que é a Arte dun pobo –di Benedetto Croce– senón o conxunto de tódalas producións artísticas? Que é o carácter dunha Arte (da Arte grega ou da literatura provenzal) senón a fisionomía común a tales producións? Como pode responderse a esta pregunta máis que facendo a historia da arte, da literatura, das linguas en acción?». Non vexo, pois, como se pode querer unha Arte galega cando non queremos a fala, que é o mellor que temos. Homes de testa de ferro, lembrádevos daquelas verbas dirixidas ao Emperador romano: *Tu enim Caesar civitatem dare potes hominibus, verba non potes!*.

Unha lingua asoballada por outra catro séculos arreo ten dereito a desentangarañarse, pois tantos séculos de proba moito din da súa vitalidade. Seguir impondo o castelán para todo, ata para rezar, iso si que me parece cousa merecente de catro azoutas. Pois como nos di Benedetto Croce: «Impor a lingua-modelo é impor a inmovilidade ao movemento. Cada un fala, debe falar, segundo os ecos que as cousas espertan no seu espírito, segundo as súas imprevisións. Querer trocar unha verba por outra doutra orixe que responda ás súas impresións, é falsear as impresións. A cuestión da unidade da lingua é insolúbel, por repousar nun

falso concepto da lingua, pois a lingua non pode ser un arsenal de armas útiles e escintilantes, como non o é tampouco o vocabulario, que por moi progresivo que sexa e por moita utilidade que nos ofrezca, é cemiterio de mortos máis ou menos embalsamados, conxunto de abstraccións».

E quen vai falar de escolas de pintura, debuxo, escultura? Quen se atrevería a pedir un conservatorio de música? Coas escolas de Madrid abonda, aínda que a algúns coma min nos pareza que sobran. Lembrouse alguén de que na nosa terra temos os mellores canteiros do mundo para crear en tódalas cidades e en algunhas vilas Escolas de Artes e Oficios? Eses canteiros que traballan na pedra cun xeito herdado de pais a fillos, que ata teñen unha lingua de seu (*verbo dos arginas*) que fixo cavar a moitos estranxeiros, non lles importan aos nosos homes que mandan. As nosas Deputacións dan pensións que non chegan para a mantenza dos pensionados. E non era mellor que con eses cartos e algúns máis fundasen unha escola en Galicia onde os artistas traballasen no seu ambiente?

Eu coido que soamente nun réxime de autonomía integral se podería chegar á realidade dos soños meus. Nada de autonomía municipal, que os zugadores da política converterían no intre en autonomía do Concello. Nada de autonomía universitaria que se converta en autonomía do claustro. Teño para min que soamente nunhas Cortes verdadeiramente galegas, homes desligados da política centralista hespañola traballarían a oito polo conxuntamento dunha Arte que sendo moi galega sería tamén moi universal. Eu coido que cunha autonomía verdadeira da Universidade galega, estatuída por Galicia e non polos catedráticos que compoñen o claustro (metade deles alleos), os nosos homes de carreira serían enxebres e daquela as nosas vilas e cidades, dándose unha forte aperta coas aldeas, farían xuntas un pobo varudo, forte, non soamente para a Hespaña senón tamén para a Humanidade.

Dixen.



II.
***A afirmación:
das Irmandades a Nós
(1920-1930)***



5. Teoría do nacionalismo galego

Vicente Risco

I. O nacionalismo galego

Galeguismo e nacionalismo

Empregase a verba *nacionalismo* para designar o corpo de doutrinas que informan todo movemento de reivindicación da personalidade dos grupos naturais por fronte da sorbencia dos Estados históricos. Neste mesmo senso empregámola nós. *Nacionalismo galego* quere dicir, polo tanto, a doutrina que informa o movemento de reivindicación da personalidade de Galicia fronte da sorbencia do centralismo hespañol.

Tense empregado como sinónima de *nacionalismo galego* a verba *galeguismo*, e isto para distinguir o noso nacionalismo do nacionalismo vasco ou do nacionalismo catalán. Entendemos os nacionalistas galegos que unha nacionalidade, xunguida ou non a outras baixo a soberanía dun Estado calquera, ten unha misión

histórica que cumprir en ben da civilización universal, e que tanto vale como tal nacionalidade segundo sexa o que faga para o cumprimento daquel deber histórico. Por iso non queremos para o nacionalismo galego unha ideoloxía traída de fóra, senón feita por nós mesmos, sacada das arelas internas da alma do pobo galego. O noso nacionalismo, para ser algo, ten que ser un *galeguismo*, e non un *euskarismo* ou un *catalanismo* traducidos á nosa fala. Deses nosos irmáns da inmensa Hespaña queremos o exemplo de rebeldía e o acordo para a acción común, se é que cómpre, mais non as directrices mentais da nosa intención nacionalista.

Se agora preferimos a designación de *nacionalismo galego*, é, como di Antón Villar Ponte, porque hoxe «non hai politiquiño dos da nosa Terra nin xornal caciquil que se non chame galeguista... *Rexionalismo* e *galeguismo*, pois, para nós, dende isto, carecen de valor. Son verbas mortas, e fan falla verbas vivas».

Rexionalismo e nacionalismo

A verba *rexionalismo*, que empregamos ao principio para designar as nosas doutrinas –porque así o fixeran os nosos precusores– foi logo collida por algúns que quixeran limitar o alcance das nosas xustas arelas: eses din *en castelán* «queremos un regionalismo bien entendindo». O que, en moitos casos, vén a querer dicir: un rexionalismo que se non opoña aos compromisos que teñen adquiridos... Entón, colleuse como máis expresiva a verba *nacionalismo*, manifestando no Programa de Lugo que a de «rexionalismo non recolle tódalas aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas».

E así é. O rexionalismo non pide máis que a autonomía administrativa máis ou menos restrita, o dereito a nos gobernarmos por nós mesmos con máis ou menos amplitude. Quere conquistar para Galicia –ou para o país que sexa– a personalidade na orde da administración. Porque, sequera precise sempre unha base

xeográfica real, o concepto de *rexión* non pasa de ser un puro concepto xurídico. A fin de contas, unha rexión non é nada fóra da vida interior do Estado que a colle dentro do seu orbe político. O nacionalismo quere, por riba de todo, crear en Galicia –ou na terra que sexa– unha vida e mais unha cultura autónomas, un aproveitamento de tódalas forzas de produción material e mental da terra e da raza para a creación de valores económicos e culturais que se poidan impor no mundo. O concepto de *nación* é un concepto histórico, o que quere dicir, da máxima realidade. Unha nacionalidade vive sempre como realidade espiritual, independentemente do Estado de que forma parte.

Unha nación pode ser tal nación –unha entidade histórica e cultural e ata unha potencia económica– sen autonomía de ningunha clase, sempre que o sentimento nacional sexa forte dabondo. En troques, a autonomía máis integral e máis completa, a mesma independencia política, non abonda con elas para facer unha nación. Unha cousa é a personalidade administrativa ou a política e outra cousa é a personalidade histórica, aínda que unha sexa sempre unha fortísima axuda para a outra. Unha terra calquera, sen caracterización nacional, pode sempre pedir con xustiza autonomía e descentralización. Para aquela terra, a autonomía será un fin: para nós non é máis que un medio. Un medio para pór en produción a nosa nacionalidade, á que lle temos asignada unha misión definida na creación da civilización futura.

Así, o conqwerimento da nosa personalidade nacional non é xa para nós soamente un dereito: é tamén un deber, un deber que temos que cumprir para maior gloria de Galicia e da Hespaña. Que a arela nosa non é *separatista*, xa fica dito. As reivindicacións que nós engadimos ao programa meramente rexionalista dos nosos devanceiros non atentan en nada á soberanía política do Estado hespañol. Pregámoslle que recoñeza un feito que se imporá de aquí a pouco e nada máis.

A razón da nosa campaña

Nós viamos que Galicia se desgaleguizaba; nós viamos que Galicia se desfecía; nós viamos a perda das nosas tradicións, dos nosos costumes, da nosa fala, da nosa liberdade. A non curanza dos nosos pais deixáranos unha Galicia desgaleguizada, chea de vergoña de si mesma, humildosa e escrava, disposta a aturalo todo.

Viamos os gobernos da Hespaña oficial, desa organización teórica e absurda que asoballa a verdadeira Hespaña, aplicar-nos as leis feitas para as necesidades ou para as conveniencias doutras terras... Viamos o éxodo perpetuo dos nosos irmáns, que fuxían da súa terra non sempre por espírito aventureiro, senón as máis das veces porque aquí se lles facía a vida inhóspita e cruel... E viamos a morte de tódalas nosas pequenas industrias e a decalvación dos nosos montes, e todo un inmenso tesouro de enerxía perdido na corrente das nosas augas, e o esquecemento da nosa literatura, da nosa música, do noso folclore, da nosa fala, do noso carácter... Era a morte, a morte sen remedio para a nosa amada Galicia...

E viamos que isto era porque nos faltaba a vontade nacionalista. E como no noso sangue sentiamos o cantar da terra, sentiamos a voz de Galicia que non quería morrer, que non quería deixar de ser Galicia, un valente desexo, unha santa cobiza fíxonos saír das nosas casas, onde pousabamos entre volumes cheos de ideas novas, onde recollíamos as correntes de tódolos ventos do espírito, para traballarmos na reconstitución espiritual, social e económica de Galicia, para crearmos en tódalas almas dos *bos e xenerosos* a vontade nacionalista.

Que se propón o nacionalismo galego

Temos dito que o nacionalismo galego se propón *a reconstitución espiritual, política e económica de Galicia*. Quérese dicir que precisamos a *autonomía* nas tres ordes... Agora ben, entendemos

por *reconstitución espiritual* a creación e conservación da civilización galega na Fala, na Arte e nos Costumes. Entendemos por *reconstitución política* a liberación e goberno (no senso galego da verba) do pobo galego, ou sexa: acabar co caciquismo, conseguir a autonomía integral e acomodar o dereito e as leis ás necesidades e mais aos costumes xurídicos de Galicia. Entendemos por *reconstitución económica*, o levar a nosa terra á súa máxima produción, multiplicar ao infindo as comunicacións e a propaganda dos produtos galegos e procurar unha xusta e equitativa distribución da riqueza.

Témonos que pór aos tres a un tempo.

O primeiro ficará conseguido cando no estranxeiro se vexan obrigados a traducir os libros escritos en galego se queren ter coñecemento das últimas novas científicas, filosóficas e literarias.

O segundo, cando Galicia teña polo menos tódolos dereitos que na Conferencia da Paz se reclamaron para as *minorías nacionais*.

O terceiro, cando os produtos do chan e do traballo galego sexan buscados polo mundo enteiro, e cando tódolos galegos teñan pan, vestido, casa e aforros.

[...]

III. A nacionalidade galega

O que é unha nación

Teño lido, teño ouvido moitas definicións do que é unha nación. Sempre se fala da nación con vaguidades. O mesmo Max Nordau fixo hai catro ou cinco anos no Ateneo de Madrid sobre da nación unha parola para rapaces de segundo de Facultade, unha lección do Santamaría de Paredes... Mais o profesor americano Burgess tiña chegado á definición da *nación ideal* como: «unha poboación dotada de unidade étnica que habita un terreo dotado

de unidade xeográfica». Contra disto poñen o caso dos xudeus, que compoñen unha nación ben definida, espallados polo mundo enteiro, ata falando linguas diferentes, xunguidos só polos vínculos do sangue e da tradición. Mais esquecen o *sionismo*, esquecen que o que máis une os xudeus é quizais a lembranza da terra de Canaan. Hai un nacionalismo israelita, mais este nacionalismo fúndase na esperanza de volver á terra. Os xudeus non son unha nación, non se consideran unha nación: é unha raza que arela a reconstitución da súa nacionalidade.

A nacionalidade supón a terra. Porteiro cría, con Renan e Jelinek, que o que caracteriza a nación é unha unidade espiritual. Mais, quen fai esta unidade espiritual? Eu insisto no valor da terra, primeiramente polo fondo *sentimento da terra* que distingue a alma galega e que é algo ben noso, quizais o máis noso; e secundamente polo meirande cada día que lle dá a moderna ciencia xeográfica. Ortega y Gasset –citado por Villar Ponte no seu *nacionalismo gallego*– di comentando a Dantin Cereceda: «Só baixo a especie de rexión inflúe dun modo vital a terra sobre do home. A configuración, a escultura do terreo, poboada das súas plantas familiares, e sobre dela o aire húmido ou seco, diáfano ou pelúcido, *é o grande escultor da humanidade*. Como a auga lle dá á pedra, gota a gota, a súa labranza, así a paisaxe modela a súa raza de homes, gota a gota, é dicir, costume a costume. Un pobo é, primeiramente, un repertorio de costumes». Esta importancia do factor terra pode ademais servir para separar as nacionalidades nómades das nacionalidades sedentarias. Falamos aquí de pobos sedentarios, de pobos civilizados, de pobos europeos.

Ora, en Europa, unha nacionalidade é un pobo afinado nunha terra, é un grupo de homes unidos entre eles, unidos coa terra de que son donos colectivamente e que traballan en común, por un conxunto de vínculos naturais, nados da comunidade de orixe e da convivencia no terreo. Estes vínculos (fala, tradicións, costumes,

historia, etc.), engadindo a súa acción á da etnia e a da terra, determinan nos individuos certas coincidencias psicolóxicas, certa maneira de ser común a todos eles, que constitúe o *carácter nacional*, e xungen nunha interdependencia, nunha solidariedade necesaria os intereses de todos eles, nun interese colectivo superior que é o *interese nacional*.

A nación vén a se resolver, deste xeito, nunha comunidade de intereses espirituais e materiais determinada pola natureza.

O chan galego

Hoxe está recoñecido pola ciencia que a terra galega, coas provincias portuguesas de Tras-os-Montes e Entre-Douro-e-Mínho, constitúe unha rexión xeográfica perfectamente caracterizada e distinta de tódalas demais da Península, rexión que Hernández Pacheco chama *Galaico-duriense*, mentres que Dantin Cereceda esquematiza as súas diferenciais do xeito seguinte: «Terreos graníticos primitivos, suxeitos á erosión dende hai moitísimo tempo. Clima húmido, chovendo moito. Vexetación alpina e boreal, coma a da Europa Central. Lameiros, gando. País superpoboado».

É a nosa terra a máis vella da Península, a primeira emerxida do Océano siluriano, non pertencendo a nosa complicada orografía ao sistema pirenaico, senón sendo independente del e anterior. Ademais disto, polo clima marítimo, chuvioso, con ceo nórdico e brétemas a miúdo, pola flora e a fauna centroeuropeas, Galicia é ben unha das terras do Atlántico boreal, unha terra, a máis europea da Península. A nosa paisaxe ten unha caracterización ben marcada, un *enxebrismo* que se colle ao primeiro ollar, e que a fai única no mundo, mais única aínda entre as terras peninsulares, ata o punto de a facer exótica para os hespañois do sur, do centro e do Mediterráneo.

É, pois, a nosa, coma se dixeramos, unha terra *xeograficamente autónoma*.

A xente galega

É un feito que se non pode discutir seriamente que no pobo galego hai un predominio marcado do elemento loiro centroeuropeo como non sucede en ningún outro pobo da Península. Na poboación rural nótase que tódolos rapaciños son brancos coma a neve, co cabelo loiro, case que albino. Logo, o sol, o aire, no traballo constante da terra, vólvenlles o coiro tostado e o cabelo escuro. Non falo dos caracteres craneanos porque se non teñen estudado ben.

O elemento loiro centroeuropeo ten entre nós dúas orixes: os celtas e mais os xermanos. O acharse completamente poboada Galicia na época neolítica —é o que coidan inducir algúns do exame dalgunhas gravuras rupestres— suporía que a xente que Sergi chama *mediterránea* tería chegado por aquí. En tal caso, sería, de acordo cos estudos máis modernos, a rama ligur. O que fica comprobado é a ocupación de Galicia polos celtas polo menos dende o século VI antes de Cristo. Segundo a teoría do sabio alemán Schulten —que os descubrimentos arqueolóxicos van confirmando—, a maior parte da nosa terra tería unha poboación puramente céltica. O elemento ibérico soamente penetrou aquí coa ocupación romana, e esta non foi seriamente efectuada ata o tempo de Augusto.

Cinco séculos despois aparecía entre nós o elemento xermano, representado polos suevos, que tiveron aquí a súa base de operacións ata seren dominados, mais non expulsados, por Leovixildo. Dende a Reconquista comenza un novo período de lenta infiltración ibérica que dura até aos nosos días. Mais, sexa pola mellor adaptación á terra, sexa pola superioridade da raza, o certo é que nin a infiltración romana nin a infiltración ibérica conseguiron destruír o predominio do elemento loiro centroeuropeo no pobo galego.

A raza galega segue sendo a vella raza céltica mesturada con iberos, romanos e xermanos, mais imponéndose os caracteres dos

celtas por riba de tódolos demais. É polo tanto a menos ibérica da Península, e con estreitos parentescos étnicos fóra da Hespaña.

A fala galega

Na Península ibérica desprendéronse do baixo latín medieval tres linguas romances que aínda hoxe a dividen en tres bandas verticais, ficando ao norte o ángulo euskérico. Valle-Inclán caracterizouas cunha xenial comprensión da índole social dos pobos das tres falas: «Tres romances se formaron na Península –di: catalán de comerciantes, galego de labradores e castelán de dominadores».

Está recoñecido por cantos se ocupan destas cousas que, de tódolos vínculos sociais, é a fala a que máis separa e caracteriza os pobos, porque é o máis espiritual de todos, é o que conforma o pensamento e fai a maneira de ser das xentes. O troque de lingua determina na maior parte dos casos a dexeneración espiritual dun pobo. A cuestión é diferente para os individuos do que para as nacionalidades. A proba é que a imposición da lingua foi sempre unha violencia que non descoidou ningún imperialismo: foi empregada por Austria cos checos e cos húngaros, por Prusia e Rusia cos polacos, por Francia cos vascos e os provenzais, por Castela cos cataláns e connosco.

Mais, a pesar da rabia con que o perseguen, o galego vive, fá-lase polas catro quintas partes da poboación e áchase hoxe nunha das súas épocas de maior florecemento literario, converténdose en instrumento de expresión científica e de produción filosófica. Agora, o galego e o portugués son dúas formas dialectais do mesmo idioma: isto indica que nós temos un maior parentesco con Portugal do que con Castela. Tres falas, tres civilizacións: nós pertencemos á civilización da banda occidental, e culturalmente –pois que así é filoloxicamente– nada temos que ver coas outras dúas. Queiramos ou non, isto trábanos fortemente, estreitamente, con Portugal e coa civilización portuguesa.

A sociedade galega

Pola maneira de ser o noso chan e polas cousas ás que a nosa raza ten inclinación, o pobo galego é un pobo de labradores e mais de mariñeiros. Galicia vive dos froitos do chan, do gando e da pesca, e dificilmente podería vivir doutra cousa.

A sociedade galega presenta un exemplo estrito de *sedentarización rural*. Por lei que lle temos á terra, en troques de nos axuntarmos en grandes centros de poboación, como fan outros pobos –quizais por se arredaren da campía–, nós espallámonos por ela adiante en aldeas pequenas. A nosa colectividade natural é a parroquia, núcleo pequeno, sempre de menos de oitocentos veciños. A Igrexa en Galicia non creou a parroquia, non fixo senón darlle nome: eran os pequenos clans dos nosos avós. O Estado hespañol, en troques, descoñeceuna e creou o municipio, trasplante do réxime das vilas que se non acomoda de ningún xeito á nosa vida rural. Por iso a administración municipal é tan ruín. As parroquias, comunidades de carácter esencialmente rural e agrario –e esta é outra das cousas que temos de común con Portugal– constitúen o único fondo autóctono da sociedade galega. Os labregos aquí son todo, non soamente por compoñeren a inmensa maior parte da poboación, senón por seren os que nos manteñen a todos.

A extrema división da propiedade é un subfenómeno da sedentarización, do máximo afinamento na terra, á que a nosa raza tende a se xunguir máis e máis pola súa vontade conxénita. Cun sinxelo instinto democrático, o galego tende a facelo todo en pequeno: coidado do gando, industrias caseiras e rurais, etc. A sociedade galega é esencialmente democrática. Da organización feudal que sería na Idade Media leva camiño de se converter en democracia agraria. Por outra parte, Galicia é un país pobre. As diferenzas de fortuna entre nós nunca puideron ser tan grandes coma noutras terras; aquí ao que ten 30.000 pesos

xa lle chaman rico. Ademais, se houbo e hai aínda separación de clases, nunca houbo aquí entre elas a distancia que había e hai noutros países.

Hoxe, na aldea, a nivelación económica vaise facendo á présa. Nas vilas, os capitais que se fan co comercio, ou son de cataláns ou de casteláns que viñeron se establecer aquí, ou de galegos que os fixeron en América. En Galicia, o capitalismo e mais o comercio son importados, non autóctonos.

É o noso tamén un pobo de colonizadores. Os galegos teñen man non soamente para facer cartos, senón para crear organización fóra de Galicia. E o seu diñeiro tende a voltar á terra, a se *sedentarizar* no chan da patria galega. Poucos son os galegos que se conforman con non volver. Lonxe da terra, seguen xunguidos a ela; é coma se foran soamente nómades de corpo.

Esa é a nosa característica: esa é a nosa forza.

A mentalidade galega

Eu non direi que os galegos teñamos tódalas virtudes europeas. Digo que a nosa constitución mental é esencialmente europea, que temos unha disposición particular para nos asimilarmos aos valores da civilización de Europa, como non poden os demais hespañois, sen que se nos poda aplicar o que Chamberlain e mais Havelock Ellis dixeron deles.

Se o noso parentesco étnico é principalmente cos pobos británicos, a civilización galega, cando a houbo –dende Xelmírez aos Reises Católicos–, foi unha civilización francesa. Temos dos britanos o *humorismo*; temos dos franceses o *senso crítico*; temos noso o *lirismo* e a *saudade*. Tres calidades que caracterizan a alma romántica. Falo do verdadeiro romantismo, de xeito alemán, de xeito británico; non da *exaltación pasional* que na Hespaña se chamou romantismo. O único romántico verdadeiro que houbo na Hespaña foi un galego, foi Nicomedes Pastor Díaz.

O romantismo foi a primeira insurrección do espírito nórdico –atlántico e celta– contra do espírito mediterráneo. Foi co romantismo co que rexurdiu a cultura galega. Non soamente a simetría clásica, a bambolla retórica dos mediterráneos e mais o misticismo convulso e epiléptico dos iberos, que na alma hespañola se daban a man, sonnos completamente estraños. Aquí, ata os frades foron escépticos e eruditos. Proba: Sarmiento e Feixóo.

É nisto onde se ve mellor a nosa diferenciación nacional. Os hespañois están faltosos, en absoluto, de humorismo, de senso crítico, de expresión lírica. E a superioridade mental dos galegos hase coñecer cando nos deixen cultivala ao noso xeito.

O sentimento galego

O ibero é simplemente un *pasional*, por non decir como dixo algún, *un medular*. O celta, en troques, é un *sentimental*. A diferenza aquí faise máis fonda aínda entre os outros hespañois e nós. A maneira de sentir determina a maneira de concibir a vida.

«¿Queredes unha verba –di o noso gran pensador Johán V. Viqueira– que vos diga en resume o noso lirismo e a nosa alma? Aí a tendes: *saudades*, ou como tamén dixo Rosalía (delas predilecta), *soidades*. Nota conquerimos de saudosos e morriñentos. E milleiros de íntimos –grandes e pequenos– dramas ve cada día a nosa raza desa cobiza do lonxe. Bentas de min sexades saudades creadoras de tantas cousas nobres; porque no home o máis nobre é desexar algo fermoso e amado que, sendo noso, non é noso!».

Mais para min, o sentimento radical da nosa afectividade étnica, é a adoración á Terra. –“¡Terra a nosa!” é o noso berro–, que se manifesta decote en toda a nosa expresión artística. É, coma se dixeramos, a *emoción do sedentarismo*. E a adoración á Terra e mais a saudade, *cobiza do lonxe*, se non son dúas modalidades do mesmo sentimento, danse tan envolveitas, tan entretecidas unha

na outra, que non puidemos aínda separalas na nosa alma, nin sequera por vía de abstracción analítica.

Esta nosa disposición sentimental causa –direino cun galicismo– un *desabusemento* inevitábel en tódolos pensadores iberos que se teñen parado a nos estudar, obrigándoos a dar a volta sen comprenderen nada deste noso espírito calado, reflexivo, intenso, sentimental, romántico, porque non encontran en nós nada que se pareza á súa áspera violencia de euroafricanos.

En troques, o *saudosismo* é a tónica do espírito lusitano.

Os intereses e os problemas de Galicia.

Ademais do devandito, hai consideracións de orde práctica que lle dan carácter de urxencia á reivindicación da nosa autonomía.

Elas son tres principais:

1º. Que soamente son xustas as leis elaboradas democraticamente, ou sexa, as que un pobo con intereses e problemas privativos se dá a si mesmo, e que estean axeitadas á estrutura social e económica dese pobo.

2º. Que Galicia ten intereses que defender, e que estes intereses son a miúdo pospostos polo Estado aos doutras rexións hespañolas.

3º. Que Galicia ten problemas de seu que o Estado non foi nin será capaz endexamais de resolver, e que, afectándonos soamente a nós, só nós somos os chamados a pór man neles.

Galicia precisa, no social, rematar dunha vez a evolución que leva aquí a propiedade agraria, de pasar a terra ás mans dos que a traballan –evolución na que imos adiantados máis que tódolos pobos– e liberala para sempre dos noxosos e hoxe inxustos gravames (foros, subforos, etc.), que pesan nos labregos. Precisa acabar coa usura que zuga o sangue dos pobres e co poder noxento dos caciques, que o centralismo sostén.

Precisa organizar o cooperativismo agrario a base de comunidades parroquiais (os antigos clans) para dar aos labregos medios de subsistencia económica, de cultivo moderno e mais de venda segura e boa dos froitos. Maneira ademais de chegar a un comunismo aceptábel, que saíse da vontade das xentes, e non imposto dende enriba e dende fóra.

Precisa pór man na emigración para ıla reducindo ao excedente normal de poboación, para non deixar que os mellores obreiros marchen para a América e os intelectuais para Madrid, para lles procurar a axuda aos que se van e lles proporcionar a volta, para preparalos para a competencia cos traballadores doutras terras...

Galicia precisa, no xurídico e administrativo, que desaparezan as Deputacións provinciais, tobos do caciquismo e da arbitrariedade. Precisa unha nova organización municipal, principalmente para os concellos rurais, recoñecendo a personalidade da parroquia, dándolle estado legal a esa nosa comunidade natural agraria.

Precisa que sexa respectado o seu dereito consuetudinario –único democraticamente elaborado– e que as leis deixen paso á formación de novos costumes e novas institucións, axeitados ás novas necesidades. Precisa que no civil e no político se lles dean ás mulleres os mesmos dereitos que aos homes, pois as nosas se mostran deles merecentes.

E non podemos agardar a que estas cousas sexan resoltas por leis xerais, pois no noso nada temos que ver coas conveniencias doutras terras, que precisarán reformas distintas.

Aínda poderíamos falar dos gastos de titulación das terras, do Rexistro da Propiedade, da administración de xustiza e doutras andrómenas da farragosa e farrapenta lexislación unitaria que non encaixan entre nós.

Galicia precisa, no económico, a libre introdución dos grans, principalmente do millo e do centeo, polos portos galegos, como

veñen pedindo hai moitos anos as Sociedades Agrarias sen conseguilo (para que se non prexudiquen os sobreprezos dos trigueiros de Castela). Precisa saída para o noso gando, dándolle comodidade para carretalo barato a tódolos mercados da Península, en troques de traer de fóra carnes xeadas.

Precisa camiños de ferro, tres polo de pronto: o da Costa, o da Coruña-Santiago-Ourense (que debía chegar a Chaves) e mais o de Ourense-Zamora. O primeiro e o último vénos pedindo Galicia enteira hai moitos anos, e non se fan para non lesionar os intereses das compañías que explotan outras liñas.

Precisa facer da Coruña e mais de Vigo portos francos. Precisa mirar pola pesca e asegurar ben esa riqueza. Precisa rehabilitar tódalas súas pequenas industrias (coiros, lenzos, encaixes, queixos, etcétera), conservar as que ten, e organizar outras novas aproveitando tódolos froitos da terra, tódolos produtos do gando, tódolos recursos do chan, toda a enerxía da auga.

Nada disto nos ha ser doado, namentres os impedimentos da administración hespañola se nos poñan por diante para nos facer perder o tempo, namentres para todo haxa que facer un expediente e esborranchar papel, namentres para todo teñamos que depender de Madrid. As enerxías esváense de oficina en oficina, sempre co peso dunha *Superioridade* por riba. Noxenta tutela que non nos deixar espelir, burocracia inútil que vive a conta de nós. É iso o centralismo.

Os galegos teñen dereito a gobernar a súa casa sen axuda onerosa de ninguén, a dárense a si mesmos as leis que mellor lles conveñan para vivir os uns cos outros, a defenderen os seus intereses contra os de fóra se cómpre, a resolveren segundo as súas luces os problemas privativos da túa Terra.

IV. A ética do nacionalismo galego

Os dereitos de Galicia como rexión hespañola

Deixamos demostrada no devandito a *necesidade* de que os problemas exclusivos de Galicia, os problemas nosos, que afectan á vida propia, ao interese nacional da nosa Terra, sexan resoltos por nós mesmos, entre nós, sen inxerencia ningunha de fóra. Isto implica a autonomía.

E ben: hoxe non hai en Hespaña persoa consciente que se atreva a negar o dereito das rexións á autonomía. En tódolos programas políticos saídos á luz nestes últimos dous anos, a concesión das autonomía rexionais é un dos artigos que non pode fallar. Véxase o programa do Partido Reformista circulado hai pouco nun pequeno volume. Véxase o manifesto-programa do Partido Republicano repartido profusamente poucas datas antes de se escribiren estas liñas. Véxanse as conclusións aprobadas no Congreso do Partido Socialista hespañol de 1919, onde o ilustre Pérez Solís sostivo aínda a solución máis radical, pedindo o *recoñecemento das nacionalidades ibéricas*.

Se se defende a autonomía dos municipios e mais a das asociacións profesionais (sindicatos), a das rexións non pode ser descoñecida. Tíñase alcanzada a autonomía individual, os nosos tempos andan atrás das autonomía colectivas. Considérase que é a única fórmula para o exercicio do *self government*. É, polo tanto, este un punto que non cómpre discutir.

Os dereitos de Galicia como nación

Temos dito que nós precisamos a autonomía para pór en produción a nosa nacionalidade. O noso fin é a creación dunha civilización galega. Non discutimos o dereito de Galicia a ser unha nación: *Galicia é xa unha nación*. A nacionalidade galega é un feito xeográfico e histórico que se non pode negar. Galicia é un organismo

vivo, e polo feito de selo, ten dereito á vida. Agora, como vivir é ser diferente, a vida para as nacionalidades significa a preservación e o desenvolvemento creador do seu xenio nacional.

Nós non queremos facer de Galicia unha nación *soberana*. Nós non queremos separar a nosa Terra da simbiose ibérica. Nós queremos formar parte de Hespaña e contribuír, *co noso xenio nacional galego*, á vida hespañola. Mais consideramos como unha aldraxe e mais como unha violencia contra da vida da nación galega calquera medida do goberno central que atente ás nosas características nacionais, aos vínculos fundamentais da nosa comunidade espiritual, que nós consideramos sagrados e intanxibles.

Este dereito das nacionalidades á propia vida –garantía necesaria para que elas poidan desenvolver a súa civilización e contribuír á civilización do Estado ao que están xunguidas e mais á civilización do mundo– está xa recoñecido no dereito moderno. Efectivamente, na Conferencia da Paz suscitouse o problema dos dereitos das *minorías nacionais*. Enténdese por *minorías nacionais* “os grupos de súbditos dun Estado que son de raza e de lingua diferente das da maioría do Estado”. Estes grupos nin poden formar Estados independentes, nin poden ser adxudicados ao Estado nacional ao que deberan corresponder. Teñen, pois, que ficar dentro dun Estado que non é a súa nación propia.

As potencias aliadas creron que cumpría garantir ás minorías nacionais *un mínimo de dereitos*, e o principal deles é *o ensino no idioma propio*. As minorías nacionais deberan estar baixo a protección da Liga das Nacións. O principio, con isto, está xa asentado, e responde ás novas concepcións do dereito político e internacional. Segundo el, a soberanía dos grandes Estados territoriais xa non pode ser absoluta e ilimitada. E conforme a este principio, toda minoría nacional pode esixir do Estado de que forma parte ese mínimo de dereitos.

É o que nós pedimos para Galicia.

O deber de Galicia como nación

Mais non só invocamos os dereitos de Galicia como rexión hespañola e como nación, senón que –universalistas primeiro que todo– invocamos o *deber de Galicia como nación*. Porque, se Galicia ten deberes que cumprir para con Hespaña, tamén ten deberes que cumprir para coa Humanidade. E hai que ter en conta que os deberes de Galicia para con Hespaña han ser sempre condicionais: sempre e cando o Estado hespañol respecte os dereitos e recoñeza a personalidade da nación galega.

Galicia ten o deber de contribuír á civilización universal. E soamente preservadas as nosas enerxías autóctonas, a nosa capacidade de creación, é como poderemos contribuír á civilización universal, incorporando a ela as nosas creacións inéditas. Isto imponnos a obriga de sermos cada vez máis galegos. O *enxebri-mo* ten este alto senso de humanidade, que non saben ver eses homes mediocres do «rexionalismo ben entendido» e pancista, os do «primeiro hespañois e despois galegos...».

O noso *deber nacional* obríganos a conservar e a desenvolver a tradición galega na fala, na arte, no pensamento, no dereito, no traballo, e a botar abaixo tódolos impedimentos que se opoñan a elo, sexan os que foren. O noso *deber nacional* obríganos ao cultivo constante, sen descanso, da nosa orixinalidade, que é a que pode dar valor universal ás nosas creacións, a que nos pode levar a sermos os forxadores dunha civilización.

Galicia non chegará a ser nada se se uniformiza co resto da Hespaña. Ser diferente é ser existente. Na conservación dos nosos caracteres nacionais temos a obriga de ser intransixentes. Poderemos ceder en todo, se non é nisto: o noso tesouro espiritual non debemos consentir que nolo saquen. Sobre del ten un dereito, unha sorte de *dominio eminente*, a humanidade.

Nós podemos, nós debemos, esixir do Estado hespañol que nos deixe cumprir o noso deber nacional. Nós podemos, se non nolo concede, negar tódolos nosos deberes para co Estado.

A vontade nacionalista

Se a natureza fixo de Galicia unha nación, se a razón proclama o noso dereito e o noso deber de selo, aínda nos cómpre a vontade.

Dirásenos: ¿Hai en Galicia tal vontade de ser nación? Haina. Esquecida nos trafegos do vivir cotián, durmida no fondal das conciencias, subvertida polas argalladas dos políticos de profesión, asoballada na servidume política e social, pero haina. Ela mantén tódalas ansias de rebeldía que entre nós estralan aquí e aló en estoupos de pólvora soa; ela sostén esa xenreira xorda, esa xenreira inconsciente que nos come o sangue, que nos fai xemer de desesperanza na nosa redención. E cando un sabe chegar ao máis fondo dun corazón galego, ela xorde, xorde en labaradas de esperanza e de coraxe... É que o instinto secreto dos pobos se non pode matar, e ao pobo galego só lle cómpre *comprender para querer*.

Ademais, chega ben que nós, a elite nacionalista, minoría intelectual chea do espírito do seu tempo e levando nas mans a chave do mañá, teñamos esa vontade para creala en tódolos demais. Moitas veces chegou un home só: lembrádevos de Moisés, de Ulfilas, de Mahoma. No libro admirábel de Lutoslawski *Volonté et Liberté* atópanse cousas que instrúen moito sobre do papel das personalidades poderosas na historia dos pobos. Tamén nos interesa estudar nese libro o nacionalismo polaco, o mesianismo cheo de vontade, de mística confianza dos Cieskowski, dos Mickiewicz, dos Trangutt.

Mais o nacionalismo galego non é mesiánico no sentido de agardar un Redentor chovido do ceo. Cremos que o que fixese unha personalidade sobrehumana se pode atrever a facelo unha aristocracia intelectual fortemente axuntada “en falanxe de ferro ben tecida”, determinada á obra con empeño.

A nosa misión é crear en Galicia a vontade nacional. Esta misión quere que nós teñamos unha fe inquebrantábel nos destinos da raza e un culto relixioso e exaltado pola terra. Implica a

imperiosidade do esforzo constante para a vigorización e a exaltación de tódolos nosos valores espirituais. Un culto non contemplativo, mais activo e vital, das tradicións autóctonas, que nós habemos sacar da súa inmovilidade de museo e habémolas traer á vida e mais ás loitas do presente. Chegaron días en que cómpre dar terra a tódolos mortos de onte e desfaixar e galvanizar as momias de tempos máis antigos.

É unha misión de creadores e de profesores de enerxía. Por iso somos tan perigosos: atrás de nós ergueranse tódalas rebeldíñas, tódalas cousas ás que nós de ningunha maneira podemos ter medo, mais que farían tremar a moitos. Soan con farta novidade as nosas verbas. Por iso tamén a nosa responsabilidade é inmensa. Mais o noso pecado, a nosa transgresión imperdoábel, houbera sido de calar, houbera sido de inhibírmonos. Non debemos xa preguntar, senón ir polo noso camiño. Non debemos deixar nada para mañá. «É indecente un remordemento de conciencia», dixo Nietzsche. O noso convencemento hase vigorizar na acción.

V. A teleoloxía do nacionalismo galego

A crise do europeísmo

Estase vendo a crise do europeísmo. É o sol posto dunha civilización. Os valores mellor asentados na conciencia europea afunden coma barcos vellos que tivesen as táboas apodrecidas. Hoxe dise a eito polos mellores enxeños da Europa que o europeísmo debe ser superado. Até de agora, o centro espiritual da civilización europea estivo no Mediterráneo. Foi nas terras mediterráneas –Asia Menor, Grecia, Italia, Provenza–, onde se laboraron tódalas ideas que enchen tódolos miolos europeos. Clasicismo e cristianismo alí naceron, e toda a historia interior e exterior da Europa se pode reducir á loita entre as dúas concepcións da vida e da civilización,

as dúas mediterráneas. Dicían os gregos que Delfos era o *ómphalon* da terra; os cosmógrafos da Idade Media puñan Xerusalém no centro do mapamundi.

Mais o que é agora, todo parece sinalar un desprazamento dese centro da civilización dende o Mediterráneo cara ao Atlántico. As razas mediterráneas, xa sen forza creadora, non producen máis que a comicada xigantomáquica e heroica dese histrión que se chama d'Annunzio. A civilización mediterránea, é, nas súas esencias, predominantemente helénica, e polo tanto, intelectualista. Fúndase nunha representación xeométrica do mundo. Mais hoxe a revolta contra do intelectualismo é unánime nos enxeños máis avanzados, que ademais arelan ter unha representación do mundo non xeométrica, mais dinámica. É deste xeito como perden o creto as nocións mediterráneas.

O atlantismo

A civilización atlántica ha ser, polo tanto, outra cousa do que a civilización mediterránea. Ao mediterraneísmo habemos opoñer un atlantismo. Examinemos o que isto pode ser.

O europeísmo mediterráneo debe ser superado, mais temos que ver en que senso ha ser esa superación. Din algúns que o pobo ianqui xa principiou a superación do europeísmo, e presentan para soste a tese o mesmo os libros de Williams James que os «American Films». Van trabucados. A dinámica ianqui, no que non sexa cousa de temperamento, está fundamente influída polas doutrinas orientais. O que se chama *ioga dos americanos* é simplemente o ioga indio de Patanjali levado aos Estados Unidos por mestres indostaníes como Vivekananda, como Dayanand Sarasvati, que tanto éxito tiveron no Congreso das Relixións de Chicago en 1895. As coñecidas obras de Orisson Swett Marden non son máis que a vulgarización dalgúns métodos indios de treinamento da vontade. E aparte disto e mais do pragmatismo

–que é inglés e alemán: Peirce, Schiller, etc. –, que produciron os Estados Unidos? É outra cousa a que hai que agardar dos pobos atlánticos: non é unha superación do presente, senón a creación do futuro.

E se América non é máis que unha prolongación da Europa de hoxe, e se África –fóra dos pobos negros, incapaces de crearen unha civilización e colonizados por europeos– non nos ofrece máis que a agonía do Islam, de onde vai vir a civilización atlántica?.

As nacións célticas

Fixémonos ben: entre as dúas beiras do Atlántico, parte en terras continentais da Europa, parte en terras insulares, están as sete nacións célticas: Highlands, Illa de Man, Irlanda, Gales, Cornwall, Bretaña e Galicia. Estas non desenvolveron aínda as súas posibilidades autóctonas. Xulio César afogou o celtismo nos comezos do seu desenvolvemento. Agora, destruído todo gran poder europeo, as circunstancias son as mellores para que o celtismo se desenvolva na creación dunha civilización atlántica.

Desas sete nacións, Galicia é a máis esquecida –na aparencia polo menos– das tradicións célticas. En troques, vén a ser o nexo máis forte do celtismo coa vella civilización. O noso pobo terá deste xeito un maior poder de síntese e de depuración do que se haxa de conservar do europeísmo que morre. Por que non había de ser Galicia o centro da nova civilización, por que non había de estar na nosa terra o *ómphalon* da terra toda? A expansión emigratoria de Galicia e Portugal en América, non nos dá dereito a pensalo?.

Tres civilizacións

Aínda hai máis. Hai pouco decía Xènius, o gran filósofo catalán, nun dos seus *Glosaris* –téndolle sido suxerida a idea polo Saodismo portugués– que a civilización mediterránea é a civilización

da Intelixencia, a oriental e maila ianqui son as da Vontade, a de Portugal e de Galicia é a civilización da Memoria... Morriña e Saudade. Esta idea andaba xa espallada entre nós. A transcendencia futurista dese sentimento –quizais lembranza da perdida Atlántida, dunha vida asolagada baixo das ondas do mar azul– fora xa notada por certos agudos espíritos da mocidade galega. Pois ben, ata de agora, foran a civilización da Intelixencia e maila da Vontade as que se atoparan en conflito. A nosa, a civilización saudosa da Lembranza, aínda se non presentou na escena do mundo. O noso destino futuro é crear e impoñer esta civilización nosa que ha ser a civilización atlántica.

Ela ten un alto senso dinámico: non é unha morosa contemplación estática do que pasou, é quizais aquela tendencia de que falaba confusamente non sei que pensador moscovita, a «alcanzar o pasado no presente». Ten un alto senso dinámico, non de loita, non de destrución, non de bulebulle, de actividade pola actividade mesma, de *récord* –do que adoce tantas veces a civilización ianqui– senón de creación. Leonardo Coimbra fundou nela unha filosofía que chamou *Criacionismo*. Mais a todo ese saudosismo e creacionismo portugués, aínda lírico de máis –e até, se me apuran, ibérico de máis–, cómprelle un pouco de lazo nórdico. Galicia, sendo máis céltica, é máis sintética, e este matiz fai precisa a nosa colaboración na civilización atlántica.

Ora, isto dá unha significación universal ao galeguismo, isto dá unha meirande realidade histórica á nosa existencia nacional. A misión histórica de Galicia e Portugal é de opoñer ao mediterraneísmo o atlantismo, fórmula da Era futura. Tras de nós, Hespaña enteira (até agora infestada de mediterraneísmo, co seu Século de Ouro, co seu conceptismo especioso, coa súa faramallosa retórica, coa súa énfase grandilocuente) se incorporará toda ela á civilización atlántica.

O símbolo da Atlántida

Algún quixo explicar a saudade nosa dicindo que suspirabamos pola asolagada Atlántida, de onde quizais viñeran os nosos avós –kimris, siluros, milesios ou danandis... ¿Foi a Atlántida un continente histórico? Pouco importa. A Atlántida, hoxe cuberta polas augas salgadas do Océano, é un símbolo: é o símbolo da nosa civilización céltica, escurecida e asoballada por unha civilización estraña e inimiga, que é a civilización mediterránea, traída aquí polo imperialismo romano, prototipo de tódolos imperialismos. E é tamén o símbolo da nosa nacionalidade galega, tamén escurecida, tamén asoballada por un poder que para nos igualar con pobos doutra raza trata cunha rabia cega de nos roubar a nosa lingua, o noso carácter, a nosa fartura e a nosa liberdade.

O afundimento da Atlántida pode non ter que ver coa nosa orixe, mais o seu rexurdimento sinala unha finalidade ao noso porvir. Temos que restaurar a Atlántida en espírito e en verdade, ou sexa, en civilización. Para iso imos nós, os nacionalistas galegos, apurar tódalas posibilidades da terra e da raza, e adornarnos axiña do presente, ata que poidamos chamar ao Atlántico *Mare Nostrum*...



6.

Arte nova

Vicente Risco

A Coruña, marzo de 1920

Preludio

Non me considero como un estraño, como un descoñecido diante de vós. Por escrito xa hai algún tempo que me veño comunicando convosco, se non tan a miúdo como eu quixera, polo menos dándovos o mellor dos meus traballos e pensando en vós cando escribo outros, ao mellor fadados para durmiñar moitos anos antes de se poderen imprimir...

Eu sempre coidei atopar na Coruña un público que acollese con agarimo o meu pensar. A Coruña afirmase cada día máis na

“Cursillo de conferencias nazionalistas na Exposición de Castelao. A notable disertación de Vicente Risco: *Arte nova*”, *A Nosa Terra*, nº115, 20-III-1920, 1-6. Texto lido co gallo da exposición “Nós”, de Castelao, á que se fai referencia no texto.

súa capitalidade, vai adquirindo o primado de Galicia en tódalas ordes e cada día que pasa vai acentuando o pulo ascensional que a ha levar a ser a Barcelona de Occidente, a Barcelona atlántica e ultramoderna. Eu sostiven sempre, en tódolos lados, o galeguismo da Coruña. Anda por aí adiante unha idea, mellor dito, un lugar común que cómpre desfacer. Eu son un inimigo enrabeado dos lugares comúns. Ese lugar común di que as provincias verdadeiramente galegas, onde se sente fondamente o galeguismo por estaren as xentes mas apegadas aos costumes vellos, son Lugo e mais Ourense. Iso pensa moita xente.

Pero eu dígovos que non hai tal. Coñezo Lugo e en Ourense levo vivido tantos anos como pasaron dende que nacín até hoxe –que non teño para que dicir cantos son, a min parécenme moitos. Pois ben, eu non digo que os lugueses e os ourensáns non sexan amantes da Terra, pero asegúrovos que é a deles unha maneira de sentir o galeguismo diferente da vosá, e daquela menos eficaz do que a vosá. Explicareime: alí séntese máis un galeguismo que eu dei en chamar “galeguismo de rexouba e de trangallada”, e que pon no mesmo plano e dálle igual importancia á poesía do “alalá” e ao sabor do lacón con grelos e mais ao do viño do Ribeiro. Filosoficamente podíamolo calificar de “galeguismo sensualista”, e até tería unha explicación étnica na provincia de Ourense por atoparse aló a raza céltica máis mesturada co primitivo *substratum* liguro-atlante e mais co elemento ibérico posterior.

En troques, aquí predomina o galeguismo consciente, entendido á europea, galeguismo que nace tamén no corazón, que se leva no sangue, mais que está xa no período de se trocar en idea, en doutrina definida e axeitada para un desenvolvemento pragmático.

Pois este é o galeguismo interesante: o galeguismo construtivo, a diferenza do simplemente conservador. Un galeguismo que quere integrar a Galicia con tódolos seus valores de seu, co

seu pensamento galego, coa súa arte galega, coa súa produción material galega, na civilización dos pobos máis adiantados. Tamén este galeguismo se sente aló:

Loitar polo noso adianto
con entusiasmo e con fe

é un dos seis mandamentos d' *O Tío Marcos da Portela*.

É o galeguismo das Irmandades da Fala. Soamente que, entremedias da falanxe das Irmandades, hai algúns que ollamos aínda máis adiante... hainos que, vendo como a civilización mediterránea se desfai –a civilización que tivo o seu berce na Grecia e que inundou a Europa enteira, e que hoxe, esgotada, apodrecida, agoniza entremedio de convulsións que as xentes pensan que veñen doutras causas menos fondas para non faceren a confesión do fracaso dun xeito de cultura... pero, os que temos o convencemento de que o centro da civilización se deslocou do Mediterraneo para o Atlántico, de que os valores chamados clásicos se desfán, de que os pobos célticos van entrar de novo na escena da historia– queremos situar Galicia como entidade creadora no alborexar da nova civilización atlántica.

Hai pouco, nun rauto lírico deses que un ten cando leva no sangue e na alma un inmenso amor á Terra, sinalaba eu á Coruña e a Vigo como puntos de tensión máxima da vida. E agardo que, se non o fai o noso esforzo, o farán as necesidades do comercio universal, e enton será o noso aturuxo de vitoria.

A crítica

Falar de arte, o que se di falar de arte, é sempre dun xeito ou doutro facer crítica de arte. Agora, que hai moitos xeitos de facer crítica de arte. O xeito máis corrente é para dicir se unha

obra está ben ou mal maxinada, mellor ou peor feita. Esta crítica pousa nun xuízo de valor, faise comparando a obra cun ideal estético. Mais agora, como hai unha chea de ideais estéticos, esta clase de crítica xa non satisfai senón aos correligionarios do crítico. Para os doutras escolas non ten valor ningún. Mais ben ten efecto contrario...

No tempo da primeira guerra literaria que eu acordo, os verdadeiros modernistas tiñamos a Gómez de Baquero, naturalmente, por un crítico burgués e filisteo. Abondaba que el dixese que unha cousa era boa, para que a nós nos parecera ruín. Lémbrome ben que unha vez falaba dunha novela clásica xaponesa, *Os corenta e sete ronin*, de Tamenaga Shunsuy, e dicía que era unha cousa enfadosa e soporífera, unha lata. Eu, claro, lina. E non me pesou. Era unha das cousas máis cheas de interese, de ledto encanto sinxelo, que teño lido na miña vida. E mais pode que a algúns de vós non vos gustara, como lle non gustou a Gómez de Baquero. Depende do costume e mais do criterio estético que un teña. Por iso, esta clase de crítica está xa descartada.

Nos tempos a que me eu refería hai un instante, estaba de moda a crítica *impresionista*. O crítico expúñanos a súa impresión da obra, quérese dicir, as súas reaccións sentimentais e ideolóxicas fronte a ela... ¿Era unha cousa moi interesante saber o que sentía e o que pensaba Baudelaire ou Mallarmé lendo a Edgar Poe, ou Victor Hugo lendo a Shakespeare? Afellas...!. O crítico falaba de si mesmo a propósito da obra, mais hai quen pensa que non fala un nunca senón de si mesmo. Anatole France di que o obxectivismo é imposible, que sempre o home fala de si e nada máis que de si, aínda que diga que vai falar doutra cousa por facer crer aos demais que é moi humildiño...

Esta crítica impresionista era a que quería facer Gómez Carrillo, ben que, en rigor, nunca pasou da crítica *informativa*, que é outro xeito de crítica. Os libros de Gómez Carrillo son neste senso

do mellor que hai. Teñen unha chea de referencias, de contos, de argumentos de obras, de detalles biográficos que lles dan unha utilidade preciosa para a historia do movemento literario francés nos comezos do século XX e finais do XIX. Teñen “datos” e isto é o bó que teñen: é coma un *Baedeker* da literatura francesa...

Hai un xeito máis fondo de crítica, que podemos chamar crítica “explicativa” ou *esexética*, que trata de desentrañar até o último o senso ideolóxico e estético da obra de arte. Ten a crítica así feita moitas derivacións, porque axiña vén a cuestión da xénese da obra, quérese reconstruír o proceso espiritual que levou o autor a maxinala, e vén o estudo da vida do autor, como fai Saint-Beuve, e mais o da influencia do medio natural e social en que viviu, e orixínase a teoría de Hipólito Taine ou a de Guyau... Mais, fágase cun criterio idealista ou cun criterio positivista, este xeito de facer a crítica é o único científico, e o único fin que se debe propoñer a crítica é abrir as portas e deitar luz na obra de arte, facilitar á xente a comprensión da mesma.

O meu propósito

Isto é o que eu quixera facer coa obra de Castelao, con toda a súa obra, ou sexa, con toda a súa arte –dado que Castelao é un dos poucos que teñen arte súa. Claro está que esta non é angueira que eu teña feita, nin é tampouco angueira para un día. Teño documentos para facer algo e algo hei ir facendo co tempo. Mais hoxe pouquiño é o que vos podó mostrar...

Hoxe quixera soamente “situar” a arte de Castelao nun cadro xeral da arte moderna. Para isto, tería que facer un pouco de crítica “informativa” sobre da arte moderna, e outro pouco de crítica “esexética” sobre da obra de Castelao, da súa intención, do que el se propón ao deseñar os monicreques admirables que

neste instante tendes diante dos ollos. E da maneira de expoñela, de realizar nada máis, o cal ten dous aspectos: o seu humorismo e máis a súa técnica.

Expresión e creación

Imos tomar a cousa un pouco atrás, mais non tanto que cheguemos aos primeiros principios. Ficaremos máis preto. Velaquí:

A arte, ou expresa o que o artista leva dentro do seu espírito, ou simplemente crea fóra del obxectos, cousas novas, coas que veu enriquecer o mundo engadindo algo ao traballo creador da Natureza. Hai, pois, unha arte de “expresión” e outra de “creación”. O distinguilas é fundamental. Pero, entendámonos ben: a arte crea sempre, aínda cando se non propón senón expresar –aínda entón crea a expresión. Mais hai veces en que a fantasía, a imaxinación creadora parece que traballa ela soa, e entón é cando se dá a arte de “creación pura”. Explicareime cun exemplo: chamo arte de expresión a “La Chansón d’Automne”, de Paul Verlaine; chamo arte de creación á “Máquina de explorar o tempo”, de Horacio Wells; é arte de expresión un “Nocturno”, de Chopin; é arte de creación os “Murmurios da selva”, de Wagner. Teñamos en conta que esta división é común a tódalas artes, o mesmo ás artes plásticas que á música e á literatura.

Agora temos outra distinción: a arte de creación pode ser imitativa, ou realista, e pode ser inventada e fantasmagórica. É arte de “imitación” ou é arte de “invención”. O realismo artístico xa hai tempo que caeu no máis fondo esquecemento. Hoxe sábese ben que a arte non copia –nunca copiou– a natureza. Primeiramente, porque a natureza se non pode copiar; secundamente, porque non todo nos importa na natureza e só un quere copiar o que lle importa. Da natureza, o artista saca esquemas, esquematiza as cousas,

e esta esquematización é a que lle dá ás cousas o seu “ser estético” que antes non tiñan. As cousas “volven ser creadas” de novo polo artista. O artista sácaas do mundo real para levalas ao mundo estético, vainas carretando do mundo da natureza para o mundo da arte. A súa misión é transfigurar a Natureza. Mais a arte de invención non se conforma con iso; quere darlle a vida a seres novos, que non estaban no plan do Demiurgo; quere fabricar cousas inéditas, imprevistas, insospeitadas. Para el, a semana da Xénese fica aberta aínda... E dígovos de certo que a arte en canto creación fai ao home colaborador de Deus, porque, como di Mallarmé, a arte debe crear o mundo de novo. Non é estraño que nos nosos días leve camiño de se converter cada día máis en creación pura.

Veñamos ao conto e falemos soamente da plástica. Imos ver as máis novas tendencias. Quen abriu o camiño para tódalas novas invencións foi o Paul Cézanne. Todo o que hai de novo en arte veu de Cézanne. Cézanne pertencía a un fato de pintores que deron en chamar *postimpresionistas*. Eles eran Paul Gauguin, que se inspiraba na arte dos salvaxes e dos homes primitivos e até nos debuxos que fan os rapaces nas paredes; Maurice Denis, que fai grandes composicións ao xeito clásico; o paisaxista flamengo van Gogh, que lle muda as cores ás cousas que pinta para conseguir efectos novos; e, sobre todo, o gran pre-cubista Matisse, do que os cadros, para o que non teña costume, fan rir, mais eu dígovos que é o pintor das grandes adiviñacións, e asegúrovos que o que queira comprender o cubismo ten primeiro que pasar pola pintura de Matisse. Casemente, foi unha natureza morta de Matisse a que a min me abriu os ollos para comprender a Picasso e a Metzinger.

Cézanne resumía toda a súa arte nunha verba: *realizar*. Crear unha nova realidade, percibir a realidade atrás das aparencias, descompoñer a realidade visíbel para recompoñela artisticamente, deixar a natureza reducida ao significativo... unha chea de conceptos que poden parecer diverxentes, mais que non deixan

de ser convertibles. A cousa é ben sinxela: se queredes regalar un bouquet de froles, non ides ao xardín e arramplades cunha póla de roseira, senón que colledes unha flor de aquí, outra de acolá, outra de máis adiante, e con máis ou menos arte compoñedes o ramo. O ramo non se limita a un pé de caraveis nin de ningunha outra flor: é unha cousa nova, que non había no xardín, e por iso é unha obra de arte.

O cubismo

Seguindo estes principios, Pablo Picasso, despois da etapa da “arte negra” e como desenvolvemento dela, creou o “cubismo”. Trátase aínda de descompoñer a realidade nos seus elementos esenciais e recompoñela seguindo unha norma arbitraria, inventada. Estes elementos son para Picasso e para os cubistas ortodoxos –Juan Gris, Braque, Metzinger–; elementos de forma. Onde os outros pintores pintan dunha cousa calquera o que teñen diante dos ollos, o pintor cubista pinta o que se ve e mais o que non se ve. Non dará soamente as superficies, a parte de fóra das cousas, senón que quererá dar o volume.

Aos alumnos dunha Academia das Belas Artes pónenlles un modelo nun taboado á vista de todos, e o que ve o modelo de fronte pinta o posto de fronte, e o que o colle polo lado dereito do modelo pinta o lado dereito, e o que está pola esquerda pinta o lado esquerdo, que é o que está ollando. O cubista non fai así. O cubista dá voltas arredor do modelo para velo por tódolos lados, considera tódolos planos, fai unha análise, reduce cada elemento ao esencial e logo fai unha composición. Pensa o cubista que o problema de representar un volume nunha superficie non está resolto coa perspectiva tradicional. Dixérase que busca unha perspectiva para as novas dimensións que se sospeitan no

espazo... Non pensedes que é unha tolería... Non vexo por que as novas xeometrías de Lovatchewsky e de Riemann non habían de lle dar coraxe ás arelas da arte nova. A teoría do hiperespazo estase xa aplicando á mecánica celeste. Os teoremas da xeometría demóstranse hoxe para un espazo de N dimensións... Pois ben, un amigo meu tratou moi seriamente nunha conferencia, presentando o problema de se os pintores cubistas –quizais por unha hipersensibilidade que principiase a se facer notar nos homes do século XX– ven efectivamente a cuarta dimensión dos obxectos. Na solución terían que colaborar a xeometría moderna e mais a psicoloxía supernormal.

Mais aquí non é isto o que nos interesa, porque se sabe da intención artística do cubismo, que é, de certo xeito, a creación pura. Unha das súas derivacións literarias, que ten por iniciador ao poeta chileno Vicente Huidobro, chámase *creacionismo*. Tamén no cubismo hai algo de expresión. Mais, en rigor, non é expresión de nada que o pintor leve dentro, senón que todo está sacado da realidade. O cubista métese na cousa e sácalle a expresión interna que ten: todo se saca da cousa exterior que se pinta, non se conforma co que a cousa lle di ao ollo que ve dun xeito simple, senón que pon o entendemento enteiro no ollo para ver a cousa.

A ver se vos podo dicir que xeito de expresión é a que o cubismo busca nas cousas.

Tres graos de contemplación

Vamos amodo. Podemos nós considerar na contemplación dunha cousa exterior a nós tres graos, que podemos chamar, máis ou menos propiamente, mais dabondo para que nos entendamos: contemplación *realista*, contemplación *estética* e contemplación *intelectiva*.

A primeira, a contemplación *realista*, busca a realidade da cousa, a súa entidade substancial, o seu ser. Esta primeira clase ou xeito de contemplación pódese deter, pódese conformar coa realidade aparential da cousa, coa realidade inmediatamente apreciábel polos sentidos, en especial polo senso da vista, polos ollos. Entón temos o que a xente chama comunmente “pintura realista”. O que máis alto chegou nela xa sabedes que foi Velázquez, e de camiño, prégovos que vos lembredes de que Velázquez tiña sangue galego, levaba un apelido galego, Silva, e viviu algún tempo en Galicia. Pero a contemplación realista pode non se conformar coa realidade aparential, e pode andar a ver se atopa a realidade fonda, interna –coma se dixeramos estrutural, ou tamén arquitectural– da cousa contemplada, e aquí temos o cubismo... Pero, non adiantemos.

A segunda clase ou xeito de contemplación, a contemplación que eu chamei *estética strictu sensu* –porque as outras dúas tamén poden ser estéticas– busca soamente o aspecto decorativo, a beleza sensible das cousas, prescindindo nelas de todo o que non lle dá ledicia aos ollos. O pintor decorativo –que non é igual que decorador– escolle os modelos máis lindos e ao pintalos ponos máis fermosos aínda, compón as escenas, dulcifica as cores e máis as luces... Un exemplo bo deste xeito é Wateau. Lembrádevos por un instante do “Embarque para Citerea”. Ben, pois aquí tendes unha cousa que lles ten sen coidado aos cubistas.

A terceira clase é a contemplación *intelectiva*, que se interesa menos por comprender o que as cousas son en si, ca do que elas significan para nós, do que nós podemos deprender contemplándoas. Para os que deste xeito ollan o mundo, cada cousa é un símbolo, cada cousa vale polo que suxire, polas ideas e sentimentos que fai nacer no espírito, pola significación, allea a ela mesma, que ten para nós. Tal é a orixe psicolóxica de toda a arte simbolista. A historia da pintura está chea da cima ao cabo polo simbolismo.

Toda a arte foi simbolista case que sempre, mais para buscar o exemplo preto de nós, poreivos a Gustavo Moreau... Todos tendes ouvido falar de “Salomé”, do “Orfeo”, de “Xasón e Medea”.

Pois esta tampouco é a maneira de contemplar dos cubistas; mais, no meu sentir, esta é a do Castelao.

Realismo cubista

Fica dito que o cubista é fundamentalmente realista. Busca a entidade sustancial das cousas, mais dentro da súa aparencia sensíbel, na súa estrutura, na súa construción interna: busca, coma se dixeramos, a lei de construción da cousa. Para iso ten que desmontar a peza como faría un reloxeiro a quen lle désedes a mostra a compor... Ten que descompoñer toda a arquitectura da cousa e ten que mostrala patente.

E aquí sáelle un problema, un problema eterno da pintura: o de representar nun plano obxectos de tres –ou se cadra de máis– dimensións. Este problema é de xeometría descriptiva. Para os que se conforman coa realidade aparental das cousas, este problema está resolto dende que na pintura se emprega a perspectiva, ou sexa, en termos xerais, dende o Renacemento. Mais a perspectiva tradicional, a perspectiva de Leonardo de Vinci, non nos dá a lei de construción das cousas; non nos dá máis que superficies, e para iso, superficies incompletas. Coas figuras que pintan os pintores tradicionais pasa coma coa lúa: nunca lle vemos a parte de atrás. Para dar o volume tal é como el é, terían que principiar por estudar tódalas proxeccións posibles do modelo sobre dun plano... O volume é máis que unha superficie pechada: é resistencia, é estrutura, é equilibrio, é masa. Falo do volume real do corpo, non do volume abstracto dos xeómetras...

Din que xa Alberto Durero nos seus apuntes e esquisos estudaba o corpo humano resolvéndoo en poliedros. Nisto foi en certo modo un precursor do cubismo. Mais convén advertir aquí –porque hai moita xente que anda trabucada nisto– que o cubismo non se chama con este nome porque constrúa as cousas con exaedros regulares ou cubos. Non: *cubismo* ven da verba “cubicar”, que é como chaman os enxeñeiros á operación de valorar os volumes. Non se quere dicir con isto que a maneira que ten de tratar o volume sexa todo o cubismo: fica dito que o cubismo é moito máis.

Resumamos antes de pasar adiante: o cubismo propónse descompoñer a realidade sensíbel nos seus elementos esenciais, tomando deles só o significativo, para recompoñela artisticamente segundo a súa propia lei de construción. Arte realista, busca a realidade fonda das cousas; arte creadora, procede a un tempo por imitación e por invención; arte xeométrica, non fai caso do decorativo nin do simbolismo; en fin, arte das formas e dos volumes, nela o fundamental é o debuxo.

E sobre disto do debuxo imos dicir algo moi importante.

Debuxo e cor

Efectivamente, hai dúas maneiras de concibir a pintura. Pódeas un concibir como debuxante e pódeas un concibir como colorista. Na pintura tradicional o que importa é a liña: quérese dar a impresión da forma. Isto foi porque a pintura tradicional ten a súa orixe na escultura. Denantes de haber pinturas, houbo estatuas e baixorrelevos policromados, e destes pasouse á pintura mural. A cor era alí un accesorio e conservou moito tempo este carácter, aínda despois de se ter feito a pintura independente da decoración arquitectónica, ao pasar das paredes ás táboas medievais.

As táboas bizantinas e mais as dos primitivos italianos e flamengos eran debuxos iluminados. Foi o perfeccionamento da técnica o que, do Renacemento para diante, preparou a independencia da pintura. A cor e a luz colleron un valor novo que se adiña no Greco e mais en Rembrandt, mais que non chegou a ser comprendido até a aparición do impresionismo. O camiño aínda era longo e fíxose moi paseniño.

Orfismo

Mais nin Claude Monet nin Whistler viviron en balde... As sinfonías en cor de Whistler foron o anuncio dunha arte nova enteira: o “Estudo en verde e violeta”, o “Nocturno en negro e ouro”, o “Nocturno en azul e prata” son das cousas máis definitivas do gran mestre inglés. Tiñan que dar o seu froito. E dérono. Con esa vacilación da mocidade novecentista entre as diversas tendencias artísticas que cada día descubren novos mundos que son novas terras prometidas, fóronse revelando os órficos e os sincromistas: Picabia, Kupka, Morgan Russell, van Dongen e outros moitos déronse a facer pintura pura: orfismo, pintura pura, é dicir, independente do asunto, da anatomía, da natureza, do volume, da forma, do debuxo.

Algúns sincromistas aínda teñen asunto: eu vin un “Interior” de Morgan Russell e até “Academias” doutro sincromista, e sabe de que unha das cousas ás que os novos teñen guerra declarada é ás figuras espidas... Nisto imos de acordo coas Señoritas da Boa Prensa e da Represión da Trata de Brancas. Mais os verdadeiros órficos pintan cadros sen asunto. Fan pintura pura. Sostén o orfismo que a pintura non ten máis fin que recrear os ollos. A súa intención é polo tanto decorativa. Achámonos no segundo grao de contemplación que denantes deixamos sinalado. Pero pensan

que para recrear os ollos lles non cómpre para nada o debuxo. Non querendo expresar nada, non querendo ensinar nada, a nada veñen as formas. A pintura debe ser soamente cor. O deseño non serve para nada. Toda intención realista, expresiva ou docente é allea á arte pictórica, é cousa que se lle engade, que se lle sobrepón, corrompendo a súa pureza... Un cadro non debe representar cousa ningunha: cores dispostas e arraxadas de maneira que dea gusto velos e nada máis. Así, no mesmo Madrid, naquela vila refractaria a toda novidade, Mme. Delaunay decorou o Petit Casino nada máis que con discos coloreados.

Xa non hai aquí problemas de perspectiva nin de volumes, xa non hai que observar nin que estudar proxeccións nin se pensa en estruturas nin en leis. Aquí si que demos ao fin coa creación pura, coa pura invención, coa libérrima fantasía. Como? A arte fíxose ao fin independente de todo intelectualismo? Ai non, aínda non! Fica aínda un problema, o máis difícil de tódolos problemas: o problema do ritmo... Non o imos tocar agora nós. Para lle tomar a embocadura nada máis, teríamos que facer un curso enteiro...

Porque a pintura órfica é iso: ritmo, ritmo puro. A pesar das concomitancias que teñen os uns e os outros, o orfismo é o contrario do cubismo. O cubismo é o debuxo integral, e na historia da pintura é, polo tanto, unha tendencia retrógrada. É unha volta ao baixorrelevo. A proba dánola un cubista español, Juan Gris, que conseguiu o seu efecto máximo cun cadro tallado en pau... Por iso o cubismo é tan interesante na escultura. Á plena realización desa arte opúñase o superficialismo clásico. As estatuas cubistas teñen o máis de forma conseguida até os nosos días. Até hoxe, a escultura non tiña máis que superficie: agora ten estrutura. Mais no que toca á pintura, é o orfismo e o sincronismo o que teñen porvir. Seguindo ese camiño, a pintura chegará a conseguir efectos coma os da música.

E xa temos dous dos vértices do triángulo da plástica moderna. Fállanos un.

Recapitulación

Recapitulemos primeiro, para recoller un instante as ideas fundamentais que deixamos expostas. Diferenciamos primeiro na arte a *expresión* e a *creación*, e vimos que a creación era ou *imitativa* ou *inventiva*. Dixemos que a Arte nova levaba camiño de ser creadora e inventiva. Sinalamos a Cézanne como o precursor de toda a arte nova. E vimos como dos seus principios se derivaban dúas direccións diverxentes, o cubismo e o orfismo, e como cada unha delas se correspondía cun dos dous primeiros graos dos tres que ten a contemplación artística das cousas do mundo, a saber: *realista* ou sensitiva, *estética* ou decorativa, e *simbólica* ou intelectual. Vimos que á primeira correspondía o cubismo, e o orfismo á segunda. Agora imos ver cal é, entre as manifestacións da arte moderna, a que corresponde á terceira.

Para min non colle dúbida: esa arte é a “caricatura”.

A caricatura

A caricatura é a arte que corresponde ao terceiro xeito de contemplación: é a arte simbolista por excelencia. Habémonos convencer delo coas verbas do mesmo Castelao. Castelao fixo sobre da caricatura unha parola no Ateneo de Madrid e tena publicada co título de *Algo acerca de la caricatura*. Nela fala da caricatura moderna e establece ben a distinción entre ela e o que ata hai pouco se entendía por caricatura... Mais, denantes de entrar na súa teoría, fagamos un pouco de historia. A caricatura principiou por ser unha variedade da arte grotesca. A arte grotesca, fose satírica ou sinxelamente cómica, colleu plenitude de vida na Idade Media, dende os derradeiros tempos da arte románica, mais principalmente no período gótico. O humorismo é fillo do espírito romántico, supón

unha concepción pesimista –e aínda trágica– da vida, e non se podía dar ben nos tempos clásicos... Por iso é na Idade Media que aparecen eses monicreques ridículos ou obscenos das gárgolas e dos mosteiros, eses frades predicando cunhas longas orellas de burro ou montados a cabalo, cun bandullo inmenso e cun xamón e unha bota de viño de cada lado da alforxa, cando non levan na besta, detrás ou dediante, unha boa moza coa saia refucida e a carranchaperna... Entón como agora, a intención satírica desviaba a caricatura do seu verdadeiro camiño. Aquel humorismo, coma o de moitos humoristas dos nosos tempos, non era humorismo puro.

Onde se comeza a adiviñar que a caricatura había ser é nos Países Baixos, nas fantasías verdadeiramente terribles de Breughel o Vello, e por riba de todo nas táboas de Xerónimo Bosco. No Museo do Prado hai unha “Adoración dos Reis” do Bosco na que a caricatura ten xa toda a tensión simbólica e humorística que a distingue hoxe. O rei negro leva na man unha caixa e na tapa hai un paxaro comendo unha froita, dunha expresión tal de ironía, dun humorismo tan fondo, que non hai nada semellante na arte de tódolos séculos. Os paxaros ebrios que peteiran os astros da poesía de Guillaume Apollinaire fican moi atrás... Mais eu, ter teño como a concepción suprema do humorismo medieval a Danza Macabra.

Quizais isto vos pareza estraño, porque o concepto do humorismo anda por aí adiante subvertido. E o humorismo non vos é leria...

O humorismo

O humorismo é a cousa máis seria que hai no mundo. O humorismo en arte é o supremo. Non chegan a el senón os espíritos verdadeiramente superiores. Soamente nunha civilización moi traballada é posíbel. E para ser humorista cómpre máis que nada ser

forte, cómpre ser valente. O humorismo é un privilexio das razas do norte: os casteláns, os andaluces, os italianos, os gregos non teñen humorismo. Téñeno os ingleses, témolo nós. É o contrario do que pensa moita xente a quen lle teñen os ouvidos cheos co *sal* andaluz... Dunha vez para sempre cómpre deixar sentado que ese *sal* non é a *graza*, e moito menos o *humor*. Sen nos metermos en fonduras, a pouco que analizásemos, topariámonos con que ese *sal* de que tanto se fala non é máis que facilidade de palabra. Moita verbosidade, falar moi a présa, resposta rápida –en xunto: viveza verbal. A *graza* non é iso, a *graza* non é viveza de palabra, senón viveza de pensamento: a *graza* non a ten o que fala a présa, senón o que fala amodiño. Mais o *humor* é unha disposición espiritual que está a cen cóbados por riba do *sal* e mais da *graza*.

O humor non é o humorismo, aínda que sexa a disposición espiritual que o fai nacer. O humorismo vén a ser o humor intelectualizado –sendo o humor máis ben unha disposición afectiva– enxendrando unha filosofía e unha estética. Xa deixei dito que o humorismo é fillo do espírito romántico e envolve unha concepción pesimista e aínda trágica de vida. Vén da loita interior que enche toda alma romántica, que, ao contemplar o dualismo irredutíbel e fatal da vida, se sente esgazada e ferida no máis fondo, sen remedio e para sempre...

Os pobos unilaterais e simplistas, como son o xudeu e o castelán, inaccesibles ás contradicións, incapaces de concibir o *pero* e o *contra*, viven alleos ao conflito romántico, encoirazados no seu coiro de sapo, e non teñen humorismo. Por iso, de toda a Hespaña, non hai humorismo máis que en Galicia. Se efectivamente hai humorismo verdadeiro no *Quixote* –eu non o sei por que nunca o lin con atención dabondo–, se efectivamente hai humorismo verdadeiro no *Quixote*, digo, lembrádevos de que Miguel de Cervantes tiña sangue galego polo pai e mais pola nai. (O lugar de Cervantes, de onde trae o seu apelido paterno, non teño que vos

recordar que está na provincia de Lugo, e Saavedra, Avemaría purísima!, se non é galego enxebre...).

Eu ata penso –e poida que non vaia moi descamiñado–, eu ata penso se o humorismo non será a actitude que tomamos as razas célticas para levar con resignación a cruz que Deus nos puxo riba do lombo.

O que di Castelao

Ben. Como iamos dicindo, a caricatura desprendeuse definitivamente nos nosos días da arte grotesca. Castelao ten coidado de advertilo na conferencia dita: explica como a caricatura non é a esaxeracion do ridículo co fin exclusivo de facer rir, senón a supresión do inexpressivo, despregando en todo caso a beleza convencional, que ten por defectos moitos elementos de expresión... Castelao proclama a independencia da caricatura, dicindo dun xeito terminante que se distingue das chamadas *artes belas* até pola elección dos asuntos. O concepto que el ten dela poderíase resumir en dúas verbas: “simplificación expresiva”. Con isto fica dito que a caricatura pertence á arte de expresión, aínda que sexa, no meu concepto, e quizais tamén no del, a máis creadora das artes de expresión.

Agora queda por demostrar como corresponde ao terceiro xeito de contemplación artística. Efectivamente: o mesmo Castelao di que a caricatura é unha arte de “explorador de almas”, e que aínda os mortos teñen expresión, e tamén o inerte –os montes e as pedras das nosas casas–, e mete o caricaturista cos pintores de almas... En efecto, a súa arte é sempre arte intelectual «clínica a forza de ser consciente» –segundo as súas verbas... Non vos teño que insistir nisto, porque tendes diante unha chea de deseños seus nos que vós ledes coma nun libro. Sabedes ben o que quere dicir cada un. E estas verbas *quere dicir* indican xa que cada

monicreque ten o seu simbolismo. Son follas coma se foran dun libro escrito en figuras, en troques de estar en letras. Cada detalle nun deses papeis representa unha idea ou un sentimento ou un matiz ideolóxico ou sentimental. E non é a isto ao que se chama *arte simbólica*?

Dixen denantes que a contemplación intelectual se interesa menos por comprender o que as cousas son en si, que polo que elas significan para nós, polo que nós podemos deprender ao contemplalas... Pois ben, hai sobre disto unhas verbas moi reveladoras na repetida conferencia de Castelao: «Un hórreo –di– que polas fendedelas mostre soamente o ceo di máis da fame dun ano que un artigo de fondo». Velaquí está o simbolismo: ese hórreo é o que se chama un símbolo: un obxecto que representa ou suxire unha idea.

O procedemento caricatural

É a simplificación expresiva, o que nós tiñamos chamado ao principio *esquemmatización*, e que dixeramos que era a que lle daba ás cousas o seu ser estético. Mais esta esquematización, esta simplificación expresiva, non soamente escolle, non soamente fai unha selección dos rasgos expresivos, senón que os acentúa, que lles dá relevo estético. E aquí é onde, ao meu ver, entronca máis claramente a caricatura coa escola de Cézanne. Sempre teremos que atopar este nome nos comezos de toda modernidade... O gusto que tiñan os postimpresionistas por imitar os debuxos dos salvaxes e dos nenos –arte esencialmente simbolista, arte ideoplástica por excelencia, arte sempre esquemática– é verdadeiro caricaturismo... caricaturismo no seu verdadeiro concepto. Os nenos e mais os salvaxes non imitan modelo ningún: non pintan as cousas, senón a idea simplificada que eles teñen das cousas. Aquí, ben preto de nós, no penedo do Polvorín por baixo da Torre de

Hércules ou de Breogán, hai unha mostra da arte dos homes primitivos. Nela unha raia horizontal e catro verticais por pernas chegan para representar un cabalo, unhas cruces chegan para representar unhas mulleres bailando. Non se pode dar maior esquemática. Á arte que procede deste xeito chámasele *ideoplástica*. Á que, pola contra, copia rigorosamente o modelo que ten diante dos ollos, chámasele *fisioplástica*. A pintura de Velázquez é, polo tanto, fisioplástica. A caricatura é sempre e esencialmente ideoplástica. Os postimpresionistas tamén o foron.

Como tendencia artística, e para mellor caracterizala, podemos chamar á caricatura o ideoplastismo. O chamala así ten outras vantaxes. Non soamente comprende e trae baixo o dominio da caricatura pura outras tendencias artísticas do día –sintetismo, vibracionismo, postimpresionismo, arte negra, etc.– senón que o nome, pola virtualidade máxica para min indudábel de certas verbas, podería aínda dar lugar á creación dunha escola nova, angueira para a que nós seríamos os máis doados –aínda que eu penso que na nosa terra estean chamados a un gran porvir o orfismo e mais o sincronismo.

En resumo, o proceso da pintura moderna é un proceso de disociación dos seus elementos: a pintura pura tende a se separar, a se arredar cada día máis da pintura intencionada ou ideoplástica. A cor tende a se separar do debuxo. Cada elemento busca a súa independencia. Temos así que a disociación da arte pictórica se fai seguindo tres direccións diverxentes que se diferencian non soamente nos problemas que se propoñen resolver (problema da estrutura, problema do ritmo, problema da expresión), senón tamén nos efectos artísticos que buscan, os cales se corresponden, como vimos, aos que presentamos como graos da contemplación do real, contemplación do decorativo, contemplación do significativo. Vimos que o cubismo busca un efecto de realidade, o orfismo un efecto decorativo, o ideoplastismo un efecto simbólico.

Atopado o terceiro vértice, o triángulo fica completo. E a arte de Castelao fica tamén con isto situada, ou sexa posta no seu sitio, dentro do cadro xeral da arte contemporánea. É o ideoplastismo, arte de expresión, arte intelectual por excelencia, clínico en forza de ser consciente... Tan simbolista que se axuda dunha verdadeira simbólica da liña, que o seu autor comeza a esbozar na súa tan citada conferencia. Tan humorista que chega ás veces á abstracción case metafísica. Tan expresiva que algúns deses papeis que temos diante son verdadeiras monografías nunha soa páxina...

O temperamento humorista é o temperamento filosófico levado ao cume da agudización, feito instinto extralúcido. Soamente con el se pode chegar a esa comunión no sangue da Terra á que Castelao chegou. O sangue de Galicia –porque, évos certo, a Terra ten sangue e ten alma tamén coma nós–, o sangue de Galicia trasfundiuse nas veas do seu grande artista, e no miolo lucidamente visionario de Castelao: tódalas condicións esvaídas, tódalas amarguras fondas, tódalas arelas escuras que latexan no subconsciente da raza, tódolos milleiros de cousas que dormen na conciencia subliminal de Galicia se fixeron claras, patentes, tomaron idea e imaxe, e o grande artista foinas pictografando, foi eternizando no papel os hieroglifos da alma galega...

E agora, eu dígovos: ese fondo *eu*, esa concencia subliminal da Terra Nosa, dorme na subconsciencia de cada un de nós. Se, como Castelao fixo, conseguimos nós espertalo no fondo da nosa alma e facelo falar, entón veremos cantas cousas ten Galicia que lle dicir ao mundo, e levaremos dentro de nós a forza que cómpre para a angueira máis alta que un fato de homes poida acometer nesta vida: crear un pobo. E se isto facemos, converterémonos en obreiros da máis grande obra que o futuro garda para as novas xeracións: a Civilización Atlántica... que ha ser creada por homes da nosa raza.

Eis o que tiña que dicirvos hoxe.



7. **Divagacións enxebristas**

Johán Vicente Viqueira

A Coruña, abril, 1920

I. Dúas verbas

Querendo corresponder ao honor que se me fixo convidándome a falar dende esta tribuna que ten tan gloriosa historia e pola que pasaron tantos espíritos selectos e grandes oradores, afellas que meditei moito. Houben de renunciar, por non acharme con forzas dabondo. Mais vendo que sempre debía pór o que puidera da miña parte na obra da renacemento galaica, fixen un esforzo e tratei de dicir algo. Este algo son as presentes divagacións enxebristas.

Despois da interesante conferencia do señor Risco, onde nos expuxo con tanto coñecemento de causa a arte nova; despois das

verbas do mestre Castelao sobre das súas propias obras, despois de todo isto, que poderei contarvos? Polo que, deixando de lado un traballo de crítica para o que non estou chamado –pois confeso que para elo non sei dabondo, e crítica só podía ser unha comprensión fonda da obra de Castelao, tal como a fixeron el mesmo e o señor Risco–, falareivos agora dalgunhas cousas que estes “poemetos gráficos” aquí expostos me suxiren. Presentareivos, a falla de cousa mellor, unhas divagacións un pouco derreadas, un pouco bretemosas. Por desgraza, hoxe non podo dar outra cousa.

E preguntarédesme: de onde vén ese *enxebrista*? Inventeino eu para expresar algo así como a tendencia total do meu espírito que se expón nas liñas seguintes. *Enxebrista* é o que *enxebriza*, o que fai *enxebridade*. Nós, que facemos o que é *enxebre*, a *enxebridade*, elaborando a materia que nos presenta a nosa alma, somos en fin de contas, ademais de todo o en –*istas* que queirades, *enxebristas*, e *enxebristas* por riba de todo.

II. A obra de Castelao

Despois deste curto prólogo vamos ás obras de Castelao, partida das miñas divagacións de hoxe. Todos estes debuxos que tendes diante son pequenos poemas ou poemetos, rexos, valentes, cada un deles admirábel como obra de arte. Todos eles expoñen a vida de Galicia tan admirabelmente que podían levar un nome só e este seu título sería: “Nai Galicia”. Eis por que Castelao é noso, tan noso: porque a súa obra se identifica con Galicia mesma, de maneira que falar del é falar de Galicia. E así veredes nestas miñas divagacións cantas cousas estes poemetos me din.

III. Lirismo

Cal é o ser da alma galaica que se mostra na obra de Castelao? Nela acharemos o esencial daquela, porque a súa modalidade é enxebremente galega. Cal é pois o que poderíamos chamar a feitura mental enxebremente galega, ou dito doutra maneira, cal é a nosa alma? É este un capítulo de psicoloxía dos pobos, capítulo aínda non traballado e para que nos mancan aínda os datos! Camiñaremos pois nel, mentres non se reúnan os documentos precisos, sobre un chan inseguro, non sobre cimentos inmóbeis. Traballo de exploración é o que fai falla, e de análise. Mentres, só poderemos falar de vaguidades, de impresións. Mais, de todos os xeitos, un trazo se presenta como un motivo esencial da nosa alma: este trazo é ao meu ver o lirismo.

Mais, que é lirismo? Porque agora non se fala de poesía lírica como un xénero literario. Lirismo é algo máis fondo, máis radical: lirismo é unha propiedade da alma. Pode que na nosa vida interior exista unha tendencia, en certa maneira, a vivir nas formas perceptivas, narrativas, nas construcións definidas, lóxicas, das cousas que vemos e pensamos. Daquela, o mundo todo é traballo esquemático, e nós somos o que se chama apegados á práctica. Pode tamén que tendamos a nos recollermos en nós mesmos e tan fondo da nosa alma que as cousas nela van como perdendo a súa realidade externa e esváense en puro sentimento arelante. Estas dúas formas de actividade consciente teñen o seu senso racial. A primeira é obxectivista e leva na arte a unha dirección realista, externa, narrativa ou épica; a segunda é lírica (lirismo puro) idealista, creadora, música e lírica poética. A primeira é a alma de Castela, a segunda constitúe a alma musical de Portugal e Galicia, que nos leva en reminiscencias, no mais aló dos tempos, á nosa raza céltica. Eu fixen esta comparación ibérica soamente para pór mais claro o meu punto de vista, non por outra cousa, xa que toda comparación se fai odiosa.

Deste lirismo falei eu cando aínda non coñecía o pensamento de Teixeira de Pascoaes, ilustre poeta portugués contemporáneo e fundador do Saudosismo, é decer, dunha exaltación do lirismo literario e pode que vital (xa vos direi algo máis adiante). Nisto Teixeira achou na alma de Portugal, como eu na alma de Galicia (mais próxima a unha da outra do que se cre), como elemento predominante o lirismo. Mais o que é propio de Teixeira de Pascoaes é a súa teoría peculiar, xa que este momento lírico está recoñecido polos máis dos escritores portugueses e moitas veces: así por Lopes Vieira e Sardinha. Ese elemento lírico non foi tan recoñecido e afirmado en Galicia, o que é preciso que se faga para non perdermos o verdadeiro camiño de desenvolvemento da nosa alma colectiva. A historia fala en favor seu, xa que os seus cultores literarios o indican.

Todos sabedes que durante a Idade Media fomos os líricos da Península, que até os poetas casteláns escribían no noso idioma a súa lírica. Nos últimos tempos, cando se quixo buscar un elemento popular na lírica antiga de Castela, tiveron que se contentar con pequenas reminiscencias! E despois de tanto tempo e de tanta opresión ideal, o noso lirismo renace sempre de novo nos tristes séculos XVI e XVII, para chegar no XIX con Rosalía de Castro até a ter unha significación de precursor para outros movementos poéticos de España. E hoxe, entre tanta manifestación artística, continuamos sendo liristas, continuamos pintando ou escribindo poesía, sendo líricos. Volvendo a Teixeira de Pascoaes: despois de eu meditar sobre do noso lirismo, fun dar ao lirismo portugués e atopeime con Teixeira de Pascoaes. Lino e vin que nós dous chegabamos ao mesmo resultado. Máis aínda, os dous chegabamos a expresar nunha mesma verba o lirismo dos nosos pobos, e esta palabra é *saudades* ou *soidades*! *Saudade* é lirismo puro, sentimento esvaído en pura arela ou tendencia.

Eu, alma saudosa, amo tolamentemente estas saudades, que son o máis deleitoso da vida! Até nun certo plano, poida que teñan un valor metafísico. Mais deixemos agora estas filosofías. Hai unha antiga lenda nosa, para algúns de orixe céltica, que expresa o noso lirismo, saudosismo ou musicalismo. É esta lenda a do monxe e aquel cantor dos aires que se chama o reiseñor. Un monxe que moraba nos campos –un monxe poeta certo– un día, a escismar, pensou: Como será o paraíso? A Nosa Señora ordenou entón un milagre, envolveita de todo o seu encanto celeste. O bo monxe ouviu logo un paxariño cantando en tan bo son, que, recollido nunha deliciosa éxtase, estivo un tempo que lle non pareceu moi longo. Calou o paxaro, o monxe voltou para o seu mosteiro e con grande asombro seu atopouse que ninguén o alí coñecía, que todo mudara mentres escoitaba o canto suavísimo e macio do paxaro. E era que o estivera ouvindo trescentos anos, que estivera en éxtase musical trescentos anos! Aquel monxe embriagado de música é un símbolo da nosa alma galega musical, soñando ou vivindo intimamente –que máis dá?– nas beiras rumorosas do Atlántico.

Dicíame un amigo meu, negando que os artistas galegos fosen bohemios: os artistas galegos teñen alma de monxe. Certo, digo eu agora, daquel monxe que escoitou cantar o reiseñor, daquel monxe poeta! E, certamente, Castelao é deles, porque a súa arte é eminentemente lírica, tanto, que os seus debuxos son poematos líricos, cantos exaltados que ben se puideran comparar con vellas cantigas, que, sempre eternas, se fan agora eminentemente cantigas do futuro, dun futuro grande e fecundo.

Eu non creo que ninguén da nosa raza poida ser feliz sen escoitar este reiseñor divino. E cantos non o escoitaron aínda? Temos que facer un esforzo, temos que profundar en nós mesmos, chegar ao mellor de nós, ao noso mellor eu! Os esforzos individuais non abundan; temos que vivir na comunión espiritual co noso pobo, e así, por unha reviviscencia colectiva, poderemos reconquerir o

que é mellor en nós: o lirismo. Un exemplo que seguir é tamén o de Castelao, que soubo chegar á alma dos homes e das cousas da súa terra, que soubo, aínda máis, o que non está ao alcance de todos: deixar sobre uns poucos de papeis esta alma. Cada momento do noso lirismo latexa en cada un dos seus debuxos, que por isto son tan líricos coma cada poesía de Rosalía de Castro. E a cantiga eterna vai a través dunha gama sonora, dunha caricatura a outra cada vez máis grave, máis punxente e máis ergueita!.

IV. Revolta

Eu xa dixen que os debuxos de Castelao eran un canto á vida; mais enténdase como se debe entender: á vida real e verdadeira. E tamén dixen que esta vida era xa de Galicia. Que pode ser un canto desta Galicia desfeita, nun renacer de loita, máis que unha chamada de xustiza? Os debuxos de Castelao claman, pois, xustiza; berran varudamente, sen eufemismos: revolta! Fixádevos: comezamos cos “escravos do fisco” traballando a dura terra, cansa de producir, baixo un ceo negro, vellos sen esperanza ningunha, penetrados de fatiga! Para que? Para levaren despois –tristes pastores que non ouviron coma os de Belén a boa nova– o froito do seu traballo a quen os asoballa e os aldraxa quizais nunha filla querida, aos donos avaros a chuchar no seu sangue! A escola está pode que deserta, nela “pégase” e non se deprende, “cheira que fede”. Mais iou tristura! con todo isto, o pobo non canta aínda un himno de revolta e guerreiro; o pobo non pide xa, vendo que é inútil, nin pan nin liberdade: o pobo emigra. E nós, os que vemos días e días esta triste emigración, fariamos un crime ao non traballar para evitar, se non fósemos por desgraza tan inconscientes! Algúns van en busca de pan, mais outros vanse porque non poden vivir, aínda con pan, sendo escravos. Algúns voltarán. Como? Para morreren

desfeitos por traballos e doenzas, como aquel que di: “Sabe, miña nai, eu non quería morrer alá!”. Tamén ás veces con lembranza da vella aldraxe, dispostos a loitar con alma agre. Mais para un que se salva icantos se non perden!. Para seren libres tamén fala Castelao artista aos galegos, pois dilles: “a vosa Galicia, que amades –ou inconscientes!– é triste e sofre, mais podédela facer libre e grande!” A arte non pode pecharse na súa torre de marfil, chegará a hora en que por falla de ar morra. A arte ten que vivir ao ar libre, ao ar da vida, da vida real, para ser arte.

A arte de Castelao é grande, entre outras cousas, porque sabe traducir en todo o seu senso a miseria e a dor da vida galega de hoxe, porque sabe cantar sobre estes tristes motivos, como cantaron Curros e Pondal, un himno de revolta e liberdade. E el, na nosa Galicia, relembra como ninguén o latexar da alma do mundo, e el tráenos como ninguén o poema heroico que está escribindo a humanidade na súa loita por máis nobreza e ben (aínda que tecido con angurias de crime e fame), e que rematará coa implantación da aristocracia moral no mundo, coa era da filosofía. A arte ten a alta misión de espertar os espíritos durmiñentos. E na nosa terra fan falla moitos Castelaos. Adiante, mocidade!.

V. Nacionalismo

O nacionalismo de Castelao é agre! Probablemente, de tódolos elementos da súa arte o máis difícil de enxergar na súa realidade é o nacionalismo. Como temos que entender aquí o Nacionalismo? Nacionalismo é afirmación de toda cousa nada nun pobo, dos seus costumes, das súas artes, da súa fala e, indo máis aló desta afirmación, é progredir para esta afirmación cada vez máis alta, máis grande. Algúns senten que isto é unha regresión, unha volta atrás ou unha rachadura perigosa! Como pode entenderse

na súa verdadeira esencia o nacionalismo e polo tanto, o de Castela? En poucas palabras quero eu falarvos agora disto.

Co comenzo do século XIX, xurdiu no pensamento humano o que se acostuma chamar senso histórico. Que é o senso histórico? O coñecemento de que toda produción humana, ou mellor, de que toda existencialidade humana, polo tanto a nación, ten o seu proceso histórico, desenvólvese historicamente. O senso histórico vale, pois, para a vida de Galicia como para a doutro pobo. É decer, con toda a súa cultura, soamente se explica considerándoa nun desenvolvemento progredinte, nunha superación no tempo. O senso histórico fai comprensiva toda forma humana e déixanos abranguer unha concepción universal da humanidade. Goethe dicía nunha poesía –que leva por epígrafe, por certo, o título de “Moderno”– o que segue:

“Como se pode comparar Hans van Eyck con Fidias?
Eu ensínovos que debe esquecerse un polo outro. Se considerásedes sempre un deles, poderíase aínda estimalo? Así é a arte, así o mundo: cada cousa agrada en virtude das outras cousas”.

Así é o mundo e así é a arte: evolución, proceso –recoñece Hegel, que o tenciona expor loxicamente. A humanidade, unha en idea, desfaiase na súa realización en momentos concretos e individuais. Individualidades que veñen a coincidir en puntos centrais, nacións, que son os puntais verdadeiros da cultura. Pois, á derradeira, onde se basean o comercio, a ciencia e as outras actividades humanas, senón nas nacións?. A humanidade, para cumprir tódalas promesas que leva en potencia (pois antes de ser, onde xace?) desfaiase en nacións. Xa a vida precisa, para ser, do principio de individuación, ou sexa, de ser como individuo ou concrecións de individuos. O mesmo principio é o da evolución humana, que tamén é cósmica, é decer, unha parte do proceso universal.

Como vedes, o meu nacionalismo ten unha base cósmica e metafísica. A humanidade desfai-se en nacións porque precisa órganos. As nacións son, pois, órganos da humanidade. Elas fan todo o que é facedeiro en cada tempo. Non nun momento de tempo, senón no se sucederen os tempos. E aquí tamén, cada unha ten a súa misión; e cando a súa misión fina, morre! Mais a misión de Galicia chega e por isto rexorde. Se é lei o se desfacer a humanidade en nacións, é preciso por iso se oporen entre si as nacións. De aquí os conflitos, por veces chegando até o sanguíento, até as duras verbas e os exclusivismos.

Mais a humanidade non pode ficar aquí na súa marcha, ten que ir alén, porque no seu seo radica a saudade de harmonía. A contraposición na multiplicidade das nacións tense que resolver nunha nova unidade. E que pode ser esta unidade? Fixádevos ben e seravos evidente: esta unificación non ha ser máis que a volta de tódalas nacións ao seo da humanidade mesma. Mais estas nacións non poden deixar o seu ser, pois réxense pola lei suprema da individualidade (todo o que é, é como individuo). Como voltar, pois, ao seo humano? Creando unha nova individualidade superior: a humanidade mesma, harmonía das diversas nacións.

Un exemplo téndelo no individuo humano. Un home que se desenvolve tamén historicamente non pode ser máis que como individuo, como tal home concreto, no seu individualismo, polo decer así. El ten que ser tal ou cal individuo, non pode ser nin seu pai nin seu irmán nin seu amigo nin aínda o amante, non pode facerse un só ser coa súa ben amada! (Os amantes quixeran ser soamente un con dúas almas. E con dúas almas, porque con unha, —ou tristura!— non poden vivir). Ser individuo é ser, e lei de ser; mais como sae o individuo de si mesmo, deste seu isolamento que xa ás veces lle doe?. É deixando de ser o seu propio ser?. Non, é sendo el claramente. Nas máis grandes crises, nas máis grandes oposicións, sente a súa ataxe ideal cos outros, e, erguéndose sobre

si, entrando en relacións cos outros, forma unha realidade superior. Fundamentalmente nacería en primeiro lugar na nación, despois na humanidade. E así como o individuo, a nación que tamén é procede. E non podó entreterme máis nisto.

Resumindo: o descompoñemento en nacións é un momento capital no proceso da humanidade, porque a nación é órgano da humanidade neste proceso. A nación é, pois, esencial.

Por isto pode calquera xuntar en si mesmo o universalismo e o nacionalismo, e, sendo nacionalista, facer súa, con tódalas súas consecuencias, a sentenza antiga de Demócrito que di que “a patria dunha alma nobre é o mundo enteiro”. Por iso pódese ser universalista (porque en calquera momento da evolución espiritual se descobre a humanidade) e nacionalista ao mesmo tempo, nun senso infindo e ontolóxico, en canto se recoñece preciso para a humanidade facerse en nacións, en proceso infindo, para cumprir a súa obra. Deste xeito ése nacionalista primeiramente en Galicia, mais despois tamén en Irlanda, Polonia, Exipto, en Finlandia ou Letonia, pois a alma, percorrendo o mundo, entende necesariamente cada nación. Tamén aquí ten a súa explicación o feito de que ao mesmo tempo que coa guerra actual xurdían tantas novas nacións no mundo, se acentuase o movemento internacionalista. Nación e humanidade son termos correlativos.

Este é o nacionalismo cósmico e metafísico que vexo eu na obra de Castela: Galicia ten que ser, debe ser, porque é un momento esencial no progredir da humanidade.

Mais non abonda cunha posición negativa. Non abonda cunha afirmación exclusiva. Temos que dar un paso máis adiante. Este paso é de síntese, de harmonía: este paso é un paso outra vez para a o seo da humanidade. Porque –supoño que xa vos teredes decatado– o nacionalismo non é politicamente separatista. Segundo os seus principios –mesmo filosóficos– o nacionalismo, fronte a todo separatismo, é unionista. Toda nación se acha comprendida no seo

da humanidade. Mais antes de chegar a esta súa comprensión suprema, a esta súa organización suprema (organización que eu presinto non só como política, senón como ideal), pode entrar noutros enlaces unha nación por novas ataxes –podíamos dicir históricas– que a obrigan. Xorde entón o nexo federativo, e como as nacións se complementan na humanidade, comeza a súa complementación, historicamente necesaria, nas federacións. De maneira que a estridencia nacionalista resólvese, como un acorde disoante, nunha consonancia federalista. No caso concreto de que tratamos, no caso de Galicia, nunha federación ibérica, máis grande, máis fecunda, que esta unidade de forza –xa ben vella– que se chama o Reino unido de Castela e Aragón, feita no século XV polos Reis Católicos, que máis vale esquecer nesta terra que eles asoballaran!.

VI. Nacionalismo e arte

Por outra parte, o nacionalismo, sendo evolución, é polo tanto fonte de produción, é fonte da produtividade estética. Supondo un home músico, de alma música (é decer, no senso anterior da nosa alma) facédelle traballar na arte contra da súa propia lei e individualidade, facédelle proceder epicamente (no noso senso). Que xurdirá? Nada de valemto. Considerade agora un pobo na súa totalidade; facédelle proceder, por falla de cultura ou por outro motivo semellante, imitativamente, fóra da súa personalidade. Que xurdirá? Obras de segunda orde. Por desgraza temos tantas na nosa terra!. É por isto que a historia fala sempre en favor do artista que comprendeu o seu propio ser ou o artista de raza. Exemplos hai tantos que non teño tempo para os citar. Constitúen eles a historia da arte nos seus momentos capitais. Exporeivos soamente algúns contemporáneos e que todos coñecedes: Mistral achou a alma de Provenza e escribiu en provenzal, de maneira que

foi –segundo din xa en Francia– o mellor do mellor. Ibsen, tan lido e relido xa hoxe, de onde trae a súa fama máis que do descubrimento da alma norueguesa? Pódese decer o mesmo do sueco Strindberg, por desgraza tan pouco coñecido e traducido entre nós. E como derradeiro caso, Rabindranath Tagore, o poeta máis universal dos nosos días, o admirado no mundo enteiro, o grande entre os grandes, quen é? Un bengalí que escribe en bengalí, unha nobre lingua da India que case ninguén entende en Europa. Un bengalí con toda a súa alma, que até non mira con moi bos ollos as cousas de Europa. E este poeta chega xa, na súa fama, a ter un posto nas historias da filosofía –sobre del acaba de se escribir un libro agora que expón o seu pensamento filosófico. Que fixo Rabindranath? Descubriu a alma india, descubriu o seu propio ser e, coa fortaleza artística necesaria, cantouna nos seus versos.

E o mesmo caso o tendes no nunca dabondo admirado Castelao. El tamén, o primeiro entre os pintores nosos, chegou ao fondo na nosa alma e soubo darlle o contorno que lle facía falla. Claro que non abonda mirar, ollar e indagar. Fai falla ter talento, ter alma especial, ser poeta ou pintor. Mais tampouco isto abonda sen o outro. Castelao volveu sobre a súa raza e con un raro talento achou un camiño. Mestre xa para os que veñan, quedará na nosa historia galaica como un creador e como un modelo. Modelo para tódolos outros: de esforzo, traballo, procedemento e enerxía para desceren ao máis fondo da nosa alma galega.

VII. Saúdo aos artistas

Eu, que falo por primeira vez de arte na miña terra, non quero deixar de saudar desde esta tribuna os artistas galegos. Recibide pois o meu máis fraternal saúdo: pintores que poñedes sobre do lenzo a admirable policromía de Galicia, o verde de prados

e bosques, o azul de rías e mares, o amarelo de toxos e nabais, o roxo das máis por min amadas flores, as queiroas, os grises azulados da noite e a chuvía de ouro fecundante do día, as brétemas enmeigadas... escultores, arquitectos, para quen eu pido un pouco máis de amor ás cousas da nosa arquitectura popular, poetas que estendedes no futuro ilimitado a fama do noso lirismo.

De vós todos, vaia cada un polo seu camiño, traballe cada un segundo seu ideal. É esta a maneira única de acharmos o verdadeiro carreiro para a creación de mañá. Mais que entre todos nós, amantes da arte, exista unha comunión ideal que faga a nosa obra fecunda, que faga que ningún esforzo se perda, que produza axuda para o que comeza e para o que traballa. E así, os esforzos de uns e outros, entretecéndose, chegarán a crear ben axiña unha escola galega. Porque nunca houbo tanto artista de talento coma hoxe. E non me refiro soamente aos que triunfaron xa e levaron o noso nome máis aló das fronteiras; refírome tamén aos que aínda comezan, aos que debemos axudar, porque entre estes existen homes de gran valemto –eu estou certo– que serán o día de mañá precursores de novas vías para a arte. Eu dende aquí, coa miña humilde palabra, quixera darlles azos para a loita, quixera darlles ánimo para, por riba de tódalas contrariedades, seguiren fieis ao seu temperamento, cultores no seu peito de tódalas rebeldías de artistas.

Nunca a vida espiritual de Galicia latexou con tanta forza, nunca houbo sinais tan non enganosos dunha definitiva renascenza da nosa vida enteira, nunca vellos e mozos se atoparon tan decididamente no ideal redentor da terra escrava. Non hai que deixar pasar a ocasión, hai que ir a ela con plena conciencia, hai que ir a ela na arte e en todo, hai que ir a ela coa máis grande ledicia! Para loitar, para vencer, para cun optimismo infindo facer sobre das ruínas da nosa patria, a nova, inmensa, prodixiosa Galicia que mora nas saudades dos nosos peitos.

Si, poeta amigo, os tempos son chegados!



8. Dos nosos valores

Antón Vilar Ponte

Santiago de Compostela, maio, 1920

Goethe dixo das súas obras que elas eran sinxelos anacos dunha confesión xeral. Eu dígovos que tamén as miñas verbas de hoxe, coma outras moitas que teño escrito denantes de agora, son iso mesmo. Non falo tampouco para buscar o aplauso dos que eternamente fan cola no teatro da vida. Desexo soamente que teñades a bondade de me ouvir con atención. Quero que pensedes *sentindo*, e quero que *sintades* pensando, pois a cultura que poderíamos chamar do sentimento é a única cultura salvadora e fecunda, a única capaz de crear unha moral colectiva, esa eterna relixión dos pobos que se chama patriotismo.

Un pobo baleiro de sentimento é un pobo morto, aínda que nel se dean os homes de ciencia e de sabedoría coa abundancia que

as margaridas nos campos e as queirogas nos montes. De que lle serve a Santiago, *verbigratia*, ter tantos sabios oficiais, ter tantos centros de cultura *cerebral*, se eses sabios e eses centros se achán faltos dun sentimento común correlacionado co sentir —esvaído, pero decote latexante— no corazón do pobo? Esa ciencia desarticulada, ese ensino esporádico beneficiará o individualismo económico das patroas de casa de hóspedes, dos comerciantes e dos estudantes que ao remate dos seus estudos terán un medio de vivir. Pero o espírito da cidade —o senso da cidadanía galega— ficará á marxe de tanta sabedoría e tanto ensino coa friaxe tolledora das lendas gloriosas das pedras dos monumentos. Será como luz de luar, alumeadora, fantástica, pero infecunda. O pobo sinxelo coas súas cantigas, o pobo humilde cos seus coros, cos seus costumes e tradicións, coa súa arte inxenua —que os señoritos intelectualizados ollan burlona e indiferentemente— fará máis por unha cultura nosa, axeitada á nosa natureza, que un feixe de profesores sabios e unha milleira de alumnos faltos de sentimento racial e ateigados de coñecementos escritos, se fican tan arredados do medio ambiente coma as estrelas da terra. Sempre o sentimento!

Xermólase no sentimento a moral e na moral a xustiza. E se na Universidade —por vos citar o centro máis alto de cultura— non hai sentimento a feito —ese sentimento que poderíamos chamar nobre egoísmo colectivo, afinado no degoro ancestral da raza— terá menos valor civilizante que calquera sociedade agraria ou obreira. E ela entón, con toda a sabenza, seravos ergástula de escravos de caciques e cadea atrolladora das arelas da liberdade do pobo. Unha ciencia que non redime almas, unha cultura que non ergue corazóns e non acerta a chantar o seu cuño diferenciador —aceso en lume vivo— dun *eu* propio no acervo da cultura universal, resulta estéril na eternidade dos tempos, porque as verdades obxectivas froito da experiencia e do azar comúns a tódolos pobos,

máis cedo ou máis tarde pódeas descubrir calquera sabio de calquera pobo. Emporiso, ben o dixo o noso ilustre inimigo Unamuno: “O binomio de Newton non nos consola de termos nacido”. Consólanos, en troques, unha rima de Rosalía ou de Cabanillas.

E eu heivos dicir agora que fai máis polo progreso de Galicia —xa que crea sentimento e moral e xustiza, vede o *ritornelo*— un coro enxebre coma o de “Ruada” de Ourense percorrendo Galicia, ou unha Exposición como a do inmenso Castela, que calquera misión de profesores sabios que vaian falando de cousas pensadas e especializadas, sen nexo sentimental propio, por tódalas vilas galegas. O que dirían eses sabios pódese saber sen ouvidos, polos libros ou ouvindo a outros. O que fan pensar e sentir aqueles coros e aqueles artistas, soamente se pode sentir e pensar grazas a eles.

Quen ten ciencia sen sentimento poderá facer da ciencia unha ganzúa para medrar na vida. Quen ten sentimento sen ciencia, pode ser —e case que sempre o é—, útil á súa terra, a un treito de humanidade consubstanciada co ser de seu. A ciencia e o sentimento xunguidos, formando simbiose pura, son a flor dunha civilización. O bivio grego era como unha Y. Trazádeo mentalmente. Escribide nun dos seus brazos “ciencia”, noutro “sentimento”, e no vértice “Terra”, e teredes a definición gráfica da Patria.

[...]

* * *

A rutina, dixo Ramón e Cajal, ten unha orixe orgánica. “Se as suxestións dos preceptores e dos pais —afirma— obedecen a prexuízos e falsas ideas, no miolo do neno formaranse complexos aberrantes, anormais, exclusivos entre determinado grupo de células, e o resultado psicolóxico ha de ser quizais a rutina no pensar e outros moitos vicios máis difíciles de arrincar. En troques, unha

educación basada en ideas positivas, en sentimentos sans e xenerosos, perfeccionará o desenvolvemento das asociacións fisiolóxicas das neuronas cerebrais, e o resultado ha de ser un home de xuízo sereno, libre de preocupacións”.

Pois se a rutina ten unha orixe orgánica, ha de ser baldeiro o traballo de convencer os rutinarios, os que teñen o cerebro xa axeitado para non saíren dos carrís trazados polos seus mestres e polos seus pais. Unha verdade nova entre eles non terá acollemento. Polo mesmo, sería perder o tempo para convencelos. Eu falo para os mozos que non viven influídos polas parvadas verba-leiras do século XIX. Sinto a economía do proselitismo, que vos aconsello a todos. Os vellos e os homes de idade madura que non veñan a nós espontaneamente, deixádeos tranquilos. Perderíades o tempo con eles. Sementade o santo ideal no corazón dos nenos e dos rapaciños. Este é o único terreo doado. Pola súa cultura virá o aturuxo do trunfo.

* * *

Eu pregúntovos a todos, irmáns, amigos e inimigos: Non queriades unha Galicia con valores universais? Unha Galicia que pesase no mundo, capaz de facer historia propia? Non queriades que o idioma galego se trocasse nun instrumento expresador dunha cultura tan forte como a que representan o alemán, o inglés ou o francés?

“Isto non é posíbel”, pensaredes. Mais —postos no terreo da fantasía— figurádevos que tivestes un soño tolo. Nese soño foi-vos dado ver a existencia dunha Galicia grande, nai dunha nova civilización punxente —a civilización Atlántica— que se impuña ao mundo, como antano se impuxera a mediterránea, libre de influxos alleos; unha gloriosa civilización chea do espírito racial, cuxa esencia é o lirismo e a saudade, feita no idioma natural, no

idioma que é aínda máis da nosa Terra que as nosas plantas e as nosas paisaxes... Hai alguén que non cobizase que este sono tolo se convertese en realidade?

- Non pode ser, dicídeo.
- Ben, pero se puidera ser...?
- Ah, daquela si...!

Pois os nacionalistas queremos que así sexa. Queremos trocar a fantasía en realidade e a realidade de hoxe en pretérito esquecido e vergoñoso. E eu dígovos que os nosos fillos triunfarán se nós acertamos a chantar no corazón da mocidade a fungadora frecha do anxeio patriótico.

Hoxe, que é Galicia? Os galegos que máis galegos parecen —académicos, eruditos, arqueólogos— dedícanse ao estudo das cousas vellas da nosa Terra coma ás dun país finado, morto, cuxa personalidade se asolagou no castelanismo estéril. Se fan un diccionario danlle xeito de panteón da nosa lingua. Se fan un boletín convérteno en eco morto de cousas pretéritas. Soamente miran para atrás, cunha friaxe tan tolledora que calquera diría que se trocaron, coma a muller de Loth, en estatuas de sal. Fáltalles o atopárense a si mesmos. Fáltalles o sentimento que é consubstancialización da alma propia co medio natural. Influenciados por cinco séculos de colonización castelá, xa non teñen máis que o vivir en Galicia. Perderon o sangue do espírito, que é a lingua natural, perderon a autonomía dos sentimentos que só a lingua propia mantén acesa, e fican trocados en *turistas* na súa terra, que veñen percorrendo guiados por unha cultura fría que lembra aos antipáticos *cicerones* todo o que foi. Avergoñáanse da súa alma e da súa natureza, pois a tanto equivale avergoñárense da lingua propia, que é o froito máis esgrevio de toda raza, o signo máis alto de creación, a proba máis forte e honrosa

da personalidade orixinal de todo pobo. Séntense inferiores expresándose en galego —e xa non expresándose en galego, senón aínda falando en castelán con acento da Terra. E disimulan este acento, selo que nos puxo a natureza, como cousa infamante, e pónense fachendosos e ledos cando un castelán lles di: “Usted no parece gallego; si todos su paisanos fuesen lo mismo...!”. Pensedes como vos pete, sexades amigos ou inimigos, coidades que cando se chega a este xeito de rebaixamento, non merece un pobo ser escravo? Eu non sei dun caso de onanismo espiritual máis degradador, dun pecado *contra natura* máis vil.

Porque o noso idioma é tan de nós coma nós mesmos, e non obstante tíñano por inferior aínda os poetas que o empregaban. Que escritores, con este criterio por diante, ían cultivalo? Afirmaba o gran Porteiro nunha notábel conferencia súa que se chegasen os tempos de desenvolver a nosa cultura integral, precisábase primeiro de nada facer unha disposición agarimosa, un xeito de simpatía para elo, porque a influencia das culturas alleas puxo a Galicia na actitude ridícula e contraditoria fronte aos seus propios valores, obrigando a facer as críticas do noso con moldes e valores estraños.

Porque os de fóra que non sentían nin coñecían o noso o afirmaban, coidabamos moitas características galegas máis cativas que as doutras rexións. E, como renegáramos da fala, renegáramos da propia natureza. A nosa luz e o noso verde —chegamos a pensar polo que nos dixeran os alleos— non valían para ser levados ao lenzo. O noso orballo e a nosa chuvia miúda eran cousas da nosa terra que nos facían inferiores. Até as nosas mulleres e o nosos homes coidaban moitos que non resistían a comparanza cos doutros pobos. Só mandabamos con fachenda aos boletíns castelás aqueles retratos de mozos que parecían señoritos de cabaret e de mozas que co mantón de Manila puideran resultar moi *chulas*. As nosas diferenciacións características, nese ambiente, poderían xurdir?.

Pois a nosa música tamén era ridícula. Os alalás e as cántigas populares servían de burla a moitos. Aínda hoxe, pese a que os patrióticos coros enxebres que iniciou en boa hora Perfecto Feixóo a dignificaron, atopan na clase media que quere pasar por aristocrática un xeito de desdén, xeito de desdén que se troca en admiración para a música popular doutros pobos. E que compositores poderíamos ter así? O valor dos nosos cantos, ao lado dos flamencos, que pobre o viamos! A nosa fala, que *ordinaria!*. O valor da nosa paisaxe e dos elementos naturais que a integran era —como xa dixemos— unha desgraza para nós. A chuvia, o orballo, a brétema, tanto verde, tanto monte, tanto gris, que dor! En troques, ou, aquel ceo de Castela e de Andalucía! Aqueles chans inmensos!.

E, deste xeito, faltos do poder de exaltación —forza suprema do artista— para todo o consubstancial co noso espírito, que outra cousa senón a escravitude moral e o rebaixamento maior poderíamos colleitar? Así, foron moitos escritores galegos os que chegaron a facer traballos porcos na nosa fala e cousas finas en castelán. Así, case que tódolos escritores da terra lle dan ao galego nome de dialecto, aínda que os mellores filólogos do mundo o teñan calificado de idioma, en xustiza. Así, deixamos de cantar os nosos símbolos. Así, esquecemos o mar, que en Portugal segue sendo un valor poético e entre nós, dende Martín Códax, case que non tivo cantores. Así, influídos polo mito azorinesco da meseta irta, se namoraron moitos escritores nosos —cursis, degradados, almas mortas, traidores á natureza— do chan de Castela, dos seus camiños poeirentos. E do cervantinismo, que nos aldraxou e que matou o idealismo na Hespaña, como din os pensadores andaluces de órgano. Como se non fosen máis fermosas as corredeiras da Terra e os montes verdes e os meigos vales e os castros lexendarios! Como se os fidalgos de Galicia que canta Valle Inclán despois de recobrase a si mesmo grazas ás influencias líricas que

recolleu dos libros portugueses, non fosen tan interesantes coma os de Castela, e como se a primeira aristocracia ibérica non tivese o seu raigame na nosa Terra.

Pois as Irmandades da Fala viñeron a isto: a exaltar os propios valores esquecidos, a esculpir nas novas xeracións o santo amor á Terra, coma nada fecundo. E así no berro «Terra a nosa!» está todo o programa, todo o idearium das Irmandades, o máis grande, o máis nobre, o máis práctico que se fixo endexamais na Galicia. Estes son os problemas do galeguismo; porque o de pedir estradas, camiños veciñais e de ferro, granxas, etc., non é problema, senón unha necesidade, tan de Galicia coma doutras rexións, que cando haxa bos gobernos se resolverá. Quen non sinta o nacionalismo, pois, será rexionalista por especializar os asuntos de orde universal práctico dunha parte de Hespaña, pero non fará nada por erguer da lama e a escravitude moral a nosa Terra, que, progresiva e todo, ficaría sendo desprezábel, máis desprezábel canta maior riqueza e cultura allea tivese.

E aquí vén axeitado o lles dicir aos do «regionalismo sano y bien entendido» que se o único que importa son as cousas relacionadas co progreso material, o concepto da patria para eles, tan patrioteiros, resulta nulo. Como eles resultan antipatriotas sen sabelo, pois se todo consiste en vantaxes de orde práctica, Galicia, deixando de ser hespañola para sumarse a outro Estado europeo, decontado se trocaría nun emporio de riqueza material, como Xibraltar, por exemplo. E aínda cómpre falarlles tamén á mesma clase de «regionalistas sanos, bien entendidos y prácticos» de que cantos din «primero españoles y después gallegos», nin son bos hespañois, nin son bos gallegos, nin saben o que pensan. Porque Hespaña é conxunto de varios pobos. E un, nado na nosa Terra, pode querer o mesmo a Castela, a Andalucía, a Cataluña, etc., que a Galicia? Pois se quere a Galicia máis que ás outras rexións, e as outras rexións con Galicia forman Hespaña,

se di querer a Hespaña máis que a Galicia, non sabe o que di ou non quere a ninguén, que é o certo.

E agora non esquezades que Alemaña, este pobo grande e admirábel, tivo por base para a súa creación unhas Irmandades da Fala coma as nosas. Grazas a elas, dun dialecto fixo o seu idioma e puido diferenciar a súa cultura –tan útil á humanidade– das outras culturas saxoas. Se os alemáns dos tempos de Lutero pensasen coma os galegos castelanizados, Alemaña hoxe sería un pobo esvaído e morto espiritualmente, e a civilización universal sufriría unha resta dolorosa.

* * *

[...]

Como dixo Cambó, o nacionalismo non se discute: ou se sente, ou se rechaza. E eu asegúrovos que ningún espírito selecto, ningún galego de alma libre, pode deixar de ser nacionalista se afonda na súa conciencia e na conciencia do seu pobo. Porque o nacionalismo, no intre, é moito máis, é humanitarismo, significa a creación dunha nova cultura útil á humanidade, capaz de facer, tempo andando, pola Liga de Nacións, polo gran Estado Universal, o que a guerra última non foi capaz de facer. Decatádevos senón como aínda o bolchevismo pensa na liberdade das nacionalidades naturais cal en instrumentos, cal en órganos precisos para o desenvolvemento da cobizada solidariedade internacional.

Pero todo ha ser inútil, o gran soño de que no comezo vos falaba non se poderá realizar, se non sentimos por riba de todo a cobiza dun imperialismo da nosa lingua. Porque se pode ser rexionalista con lingua allea, non se pode ser nacionalista, en troques, senón con lingua propia. Sentir o imperialismo da lingua é sentir a nosa liberdade. O idioma galego, se nós queremos, no porvir poderá

ter unha importancia internacional grandísima e transcendente. Fixádevos ben: digan o que queiran os que non teñen ollos para mirar máis aló dos tempos que corren, a hexemonía do castelán na América non ten fondo raigame. O castelán alá vai camiño de se dialectalizar, xa corrompido. Falan moitos millóns de americanos inglés, falan portugués moitos millóns tamén. A inxerencia de razas estranxeiras (italiana, eslava, xermana, francesa) nas repúblicas máis progresivas do Novo Continente constitúe un elemento descastelanizador. Vede a Arxentina querendo facer dos seus dialectos *criollos* un idioma propio; vede a Cuba, Puerto Rico, Panamá, Costa Rica e Santo Domingo saxonizándose; vede a Haití francesa. Pois na Península ibérica anticasteláns son Euscadi e Cataluña.

Unha nación independente con cultura gloriosa, veciña de Galicia (outra Galicia separada de nós por torpezas históricas) ten por lingua a mesma galega, da que apenas se diferencia en pequeneces ortográficas e prosódicas. O galaico-portugués fálanlo máis de trinta millóns de almas entre Europa, África e América. O galego-portugués é o supremo instrumento do humorismo e do lirismo. Agora ben, se queremos, pondo en alta tensión, máxima, a nosa vontade creadora, ¿por que a nosa lingua viva non ha triunfar para ser no futuro verbo excelso da civilización atlántica que vén xermolando?.

Non ten outro valor o castelán que o da extensión. Por esa extensión coidábase útil para o comercio coas Américas, mais hoxe tódalas grandes potencias comerciais crearon escolas de castelán con fins utilitarios. Co mesmo castelán matarán aló a influencia castelá, conquerindo para elas os mercados. E cando o comercio hespañol decaía na América, a decadencia da lingua que serviu para fomentalo virá de camiño. Para que o castelán non decaese, sería preciso que representase valores culturais fondos, e xa sabemos que non representa ningún. Na historia da ciencia universal

—pese aos esforzos que Menéndez Pelayo fixo para demostrar o contrario— a Hespaña centralista non ten case que voz.

E contestádeme agora, o soño de que vos falaba aos comezos, non pode realizarse? Se queremos, si... e eu dígovos que nunca en ningures se vos chamou para unha cruzada máis grande, fermosa e transcendente, humanitaria e patriótica que esta. Os espíritos rutinarios, os que levan sobre das costas cinco séculos de escravitudes, poderán rirse de nós coa risa dos “imbéciles e escuros” de que falou Pondal. Pero vós, mozos que me escoitades, rapaces novecentistas, almas sinxelas, libres de prexuízos, pensade se non somos os nacionalistas os únicos aristócratas da nosa Terra, os cabaleiros do Santo Grial galego. Porque, aínda trabucados, aínda quiméricos, levaríamos á Historia a voz da nosa quimera como un trofeo inmortal, honrador dunha raza que polo romantismo dos mozos se abala para non morrer con morte escura e covarde.

Galicia dende o século XV devén espiritualmente escrava da hexemonía de Castela. A derrota dos irmandiños, que tiveron a raia aos casteláns até a caída da Frouseira nas mans dos Reis Católicos, xunto coa descuberta do Novo Mundo, desviaron os anceios de liberdade e independencia sentida decote na nosa Terra. Galicia dende entón foi desprezada e obxecto de calumnias. Como o castelanismo fachendosamente preponderante non habería de lembrar con xenreira as pasadas rebeldías galegas?. E espallou por todo o mundo o concepto da barbarie galega que aínda hoxe perdura. E así, ao longo da literatura castelá da Idade Moderna e da contemporánea, pódese ver o que Galicia significa para o resto da Hespaña. Cervantes fala mal de nós, falan mal de nós Lope de Vega, Tirso, Moratín. E chega a se afirmar por algúns, que a “doncelez en Galicia non se coñece”. E a xente do centro da Hespaña non nos considera como hespañois. E isto pódese ver en varios publicistas. Un deles, Baltasar de Vitoria, nado en Salamanca, no seu *Teatro de los Dioses* —edición de 1677

(fixémonos ben na data, porque daquela aínda non se coñecía o rexionalismo)— afirma falando do trovador Macías: “Macías, gallego de nación... su lugar fué la villa de Padrón, quatro leguas de la ciudad de Compostela, que los españoles llamamos *Santiago*”. Cousas semellantes repetíronse en moitos libros: hai moitos documentos públicos nos arquivos onde se fan as mesmas manifestacións, que chegan até os nosos días. E xa polo derradeiro, no século XIX, nas Cortes de Cádiz e na *Gaceta de Madrid*, chamóuselle a Galicia “filla espuria de Hespaña”. Case que cando —ouh, que contraste!— un inglés, Lord Wellington, logo de nos coñecer, entoou un himno ás virtudes e ao heroísmo da raza galega.

Toda a historia castelá da Idade moderna e contemporánea está chea de aldraxes para nós, aldraxes traducidas en leis —e isto é o peor— que impiden o noso progreso económico esencial e harmónico. Tras da nosa escravitude espiritual vén a escravitude moral e económica. Quen impón unha cultura agrilloa un espírito. Quen perde o sentimento propio fica sen ningunha moral. E sen espírito nin moral, pasan os pobos dende o xeito de países habitados por patriotas ao de territorios con habitantes colonizables.

A nosa economía esnaquizada é cristalina proba do que viñemos dicindo. Galicia, economicamente, resulta o pobo ibero máis escravo. Resulta a pobre *Cinsenta* da triste Hespaña. Áchase atrelada de pés e mans polos aranceis proteccionistas, imposibilitada para desenvolver as súas fontes de riqueza naturais. Para que poidan vivir nun réxime artificioso as outras terras hispanas, ela ten que resignarse a vivir cativamente e a botar á emigración os mellores dos seus fillos. Fixádevos ben nisto, señores do «regionalismo sano, práctico y bien entendido» e se logo de vos fixardes e de meditardes un pouco non sentides a santa arela creadora do nacionalismo, é porque a vosa alma está morta.

Galicia é librecambista pola súa natureza. Dende hoxe mesmo —cousa que non sucede con ningunha outra rexión hespañola—,

supoñéndoa nun réxime de total independencia, progresaría en poucos anos dunha maneira prodixiosa, para erguer os seus valores materiais á altura envexábel das outras terras europeas de natureza semellante á dela. É hora de dicilo: Galicia, pola súa personalidade, polo seu «ser», de non ter entrado na para nós triste unidade hespañola, soa ou estreita coa irmá Portugal, hoxe sería sen dúbida unha potencia tan forte coma Inglaterra. Aínda hoxe, independente ou unida coa Lusitania nun réxime de estatismo dual, pesaría na balanza europea máis, sen dúbida, que o resto da Hespaña. Desenvolvede mentalmente estas aseveracións e convencerédesvos axiña.

E agora, unha pregunta: Se Galicia lle non debe nada a Hespaña, se é, xuntada a Hespaña, unha escrava probe, se coa Hespaña centralista non pode traballar dun xeito progresivo, nun libre desenvolvemento espiritual, moral e económico, e se acha exposta a morrer como pobo capaz de ofrecerlle ao mundo unha civilización filla do seu diferenciamento racial, ¿que camiño debe seguir?. Un de dous, irmáns: ou o do conqwerimento da autonomía integral —que só pola autonomía de cada espírito feita na lingua propia é posíbel—, ou o que Alfredo Brañas apuntou nun glorioso rauto lírico: “Como en Irlanda / érguete e anda!”.

Agora, para rematar, pois xa abusei dabondo da vosa atención, dígovos que de nada serven as armas nin a forza material, cando un pobo, aínda que sexa pequeno polo seu territorio, leva no corazón a grandeza dun ideal patriótico. Refírome a Irlanda, a irmá nosa pola raza, e aínda polos costumes, as mágoas e os sufrimentos. Refírome a esa terra asoballada que vén asombrando ao mundo co seu alento xerminal, no que latexa a divina esencia dos grandes *epos*. Irlanda merece o poema heroico máis rexo e xenial do século XX. A guerra última —loita de moitas razas e moitos pobos— non acochou no seu seo unha emotividade, un romantismo, unha quentura cordial tan sublimes coma os que fai

latexar ese belo xesto dos irlandeses. O celtismo volve entrar na escena da Historia. E Irlanda hoxe, fronte ao imperialismo saxón, como antano Galicia no Monte Medulio fronte ao imperialismo romano, fai palidecer a lembranza de Sagunto e Numancia.

A sombra de Alfredo Brañas, agarimada pola doce sombra da meiga santiña Rosalía, baixo o teito melancólico da igrexa de San Domingos, dinos a tódolos *fennier* (isto é, “sen terra e sen patria”):

*Como en Irlanda
érguete e anda.*

Dixen.



9. O sentimento da terra na raza galega

Vicente Risco

I

*Airiños, airiños, aires,
Airiños da miña terra,
Airiños, airiños, aires,
Airiños leváime a ela.*

Cantiga popular

Calquera que se poña a estudar a nosa produción espiritual galega, non pode por menos de se decatar dunha nota que, dun xeito ou doutro, se repite nela constantemente. É, máis do que un *leitmotiv*, o fondo mesmo de tódolos pensamentos e de tódolos sentimentos da alma galega. É como a nota grave, sostida, monótona, do ronco, sobre da que se deseñan logo os sinxelos arabescos da gaita... E esta nota, que é a nota *tónica* da afectividade

da nosa raza, a forma propia da nosa saudade, é o sentimento relixioso da Terra. Sentimento esencial do lirismo noso; sentimento que na poesía galega, chega, volta por volta, aos acentos arroubados da mística, aos delirios da paixón erótica, aos desolamentos da máis dorida elexía...

Oíde a Rosalía desterrada, ferida de morriña, pedir aos *airiños aires* que a traian á nosa terra. Ela di, consumida coa febre:

*Sen ela vivir non podo,
non podo vivir contenta,
que onde queira que vaia
cóbreme unha sombra espesa.
Cóbreme unha espesa nube
tal preñada de tormentas,
tal de soidás preñada,
que a miña vida envenena.*

.....
*Se non me levás, airiños,
Quizais xa non me coñezan,
Que a febre que de min come
Vaime consumindo lenta,
E no meu coranzonciño
Tamén traidora se ceiba.*

.....
*Non permitás que aquí morra,
Airiños da miña terra,
Que aínda penso que de morta
Hei de sospirar por ela.*

Oíde a Lamas Carvajal que, cego e triste, garda na súa alma a lembranza da nosa Terra meiga cuxos feitizos foran outrora ledicia dos seus ollos:

*Non sei que encantamento,
que amor, que poesía,
ten este chan garrido,*

*a terra onde nacín;
nas alboradas ledas,
nas noites e no día,
terá sempre feitos,
glorias e luz pra min.*

*Seu nome deprendino
de neno con delicia,
direino mentres viva
co fogo da Paixón;
cando a morrer eu vaia
o nome de Galicia
direino mesturado
co nome do meu Dios.*

*Amor grande, sublime
que o corazón encerra,
tesouro de infinitos
recordos e pracer;
encantamento doce,
o amor da nosa terra
decote con nosoutros
camiña astra morrer.*

E nos admirables *Queixumes* de Pondal, eis como fala, lonxe da Terra, o barco Tomil cantando “os suidosos recordos da doce Finián”:

*Ós nobres fillos dos celtas
Élle doce recordar
Os eidos da doce patria
Cando en terra allea están.*

*Amado dos nobres celtas,
Vello pinal de Froxán;
Os teus arbres, xa encurvados,
O vento fai rebramar...*

*Amado dos nobres celtas,
Vello pinal de Froxán;
Os nosos antepasados
Compañeiros da túa edá,
Non lonxe de ti repousan,
Mais nunca despertarán;*

*E os seus sepulcros antigos,
Alumbra o branco luar.*

Fala a doce Rentar, morrendo de saudade:

*Ou terra de San Simón
De Nande, vizosa terra;
Morra eu primeiro sen verte
Antes que de ti me esqueza.*

E o bardo Gundar, dirixíndose ao seu val nativo:

*Salvaxe val de Brantoa,
En terra de Bergantiños;
ou val amado dos celtas
E dos fungadores pinos!
Cando Gundar probe e escuro
Sexa deste mundo ido,
No teu seo silencioso
Concédelle, val amigo,
Sepulcro a modo dos celtas,
Tan só de ti coñecido.*

Añón, aquel aventureiro, aquel nómade, aquel tolo romántico,
máis poeta quizais na súa vida que nos versos, cantaba tamén:

*¡Ai! esperta, adorada Galicia,
dese sono en que estás debruzada;
do teu rico porvir a alborada
polo ceo enxergándose vai.*

*Xa cantando os teus fillos te chaman,
e cos brazos en cruz se espreguizan...
Malpocados! o que eles cobizan
é un bico dos labios da nai.*

*Dese chan venturoso arrincado
pola man do meu negro destino,
astra mesmo soñando maxino
eses campos risoños cruzar...*

*De ti lonxe, querido corruncho,
eu morréndome estou de amargura,
coma a froita que vai xa madura
e entre as silvas o vento a guindou.*

*Teño envidia da libre anduriña,
que aí chega por tódolos maios!
Teño envidia das nubes e raios,
que o Sudeste a esas terras levou!*

*A ti voa entre ardentes salaios
sobre as trémulas alas do vento,
a saudade do meu pensamento
que decote cravado está en ti,*

*Por diversos países que eu vaia,
ti serás miña doce memoria...
¡Mesmo entrar non quixera na gloria
sen primeiro pasar por aí!*

Igual falan os modernos. Ramón Cabanillas, o noso meirande poeta, canta este amor en verbas acesas:

*Lévame, meu carro, leva,
pola meiga terra nosa
que a miña ialma saudosa
lonxe dela non se afai.*

.....

*iRoda polos nosos eidos.
Anque hai lama no camiño;
e é túa terra, meu carriño,
a terra dos meus avós...!*

E noutra parte:

*iSempre Nai, sempre Señora,
con leda ou cativa sorte;
preto ou lonxe; onte, agora,
mañán... na vida e na morte!*

*A facenda, o creto, a vida,
o fogar... todo por ela...!*

Noriega Varela ve na Montaña o máis puro e o máis enxebre da Terra, onde Galicia é máis Galicia, e consagra a ela os seus amores:

*Asaz selvosos lugares,
cativade os meus amores,
provocade os meus cantares.*

*Como a vosoutros... quizaís
lles quero aos meus anxeleños;
pero non lles quero máis!*

E Castelao, o noso grande artista, dicía nunha conferencia:

«Dicíame un dibuxante andaluz de moito miolo, querendo explicar a morriña: “Os bos galegos tendes raíces na terra; mais esas raíces son elásticas, de tanta elasticidade que vos deixan dar mil voltas arredor do mundo, e alentando en chan alleo, estades sempre vivindo nos vosos eidos”. E ollade como neste dito dun andaluz que comprende a nosa saudade se encerra unha chea de cousas. É certo: os bos galegos botamos raíces á beira do berce; mais non coma as árbores, non coma a edra que apreixa as pedras do pazo ou da chouza onde nacemos. As raíces nosas son finiñas coma fíos; o vicio da raza lévanos

lonxe do lar, da terra mesma que nos doa a forza, sen que en ningures atopemos acougo para as nosas tristuras; e cando, cansos da loita, non podemos ir adiante, sempre temos o camiño de volta que turra por nós cunha forza misteriosa. E na volta ao lar échense os nosos desexos. Os galegos non temos a luz da esperanza diante de nós, témola detrás de nós, enriba do pazo ou da chouza onde nacemos. As miñas raíces non son fíos, son chicotes que non me deixan tan sequera saír da terra dos meus avós.»

Mais non son só estas verbas expresas, toda a produción literaria galega está chea de evocacións da aldea, cada un lembra enterrecido os seus eidos familiares. É constante a evocación concreta deses sitios nas páxinas dos escritores, e non digamos xa na poesía popular. De aquí a frecuencia en Rosalía, en Pondal, en tantos outros, desas enumeracións de nomes de aldeas, de ríos, de montes, de leiras, que o amor fai ensartar nun verdadeiro *canto adámico*... E nos pintores, igual. Ollade a emoción relixiosa coa que están pintados eses piñeiros do Castelao, eses seus toxos florecidos, eses seus lonxes húmidos de río ou de val, eses seus ceos neboentos. O mesmo amor nas casiñas aldeás e mariñeiras que tenramente pinta Carlos Sobrino, e nos anacos de paisaxe do impresionista Imeldo Corral. É aínda o mesmo misticismo o que pon nas esculturas de Asorey a máis enxebre expresión da Raza, e o que fai que aló en Madrid, o arquitecto Antón Palacios se lembre das nosas pedras románicas, tan cheas da alma da Terra.

Un sentimento que de tal xeito penetra toda a nosa produción espiritual, non podía por menos de chamar a atención dos estranños. O que en termos máis atinados falou del foi un gran español que non é merecente do esquecemento no que o teñen: don Emilio Castelar. Ese home de Estado e polígrafo andaluz, a pesar de ser orador, a pesar de ser hegeliano, a pesar de crer na filosofía da historia, sóubonos comprender. No verboso prólogo que puxo

ás *Follas Novas* de Rosalía, hai quizais máis ideas que en tódolos seus discursos xuntos. E vede o que di nel:

«O certo é que esta terra falta de cor [*Castelar participou coma outros tantos iberos e mediterráneos do prexuízo de que as terras do Norte, que Rubén Darío chamou “terras de brétema”, e en xeneral as terras atlánticas, non teñen cor nin luminosidade; abonda contra deste prexuízo o que dixo Taine falando da pintura nos Países Baixos*], inspira aos seus fillos unha paixón tan acesa que xa raia en fanatismo... Talmente as formas da paisaxe se impoñen aos seus sentidos, aos seus sentimentos, á súa conciencia, a toda a súa alma, a todo o seu ser, que, ao arrincalo de alí, desarráiganos coma se fora unha árbore... Hai razas de tal xeito xunguidas coa súa terra que ao separalas, separades dous termos dunha entidade, a alma e o corpo, e conclúides coa súa existencia... Existen razas nómades, pero hai outras ás que endexamais separariades do territorio onde nacen e que se apegan a el coma a carne ao óso. Estas son as razas que sofren do mal do país, chamado en grego *nostalgia*, mal horrible que conclúe case que sempre coa morte... É o amor aos fogares que agarimaron os afectos e as paixóns a cuxo impelimento se xuntou o sangue e se amasou a carne do corazón... Por iso os cantos galegos son coma os dos pobos obrigados pola súa latitude e polo seu clima e se pecharen en si mesmos e a relacionaren os fenómenos do Universo cos afectos e as ideas da alma».

Nótase ben que o pensador ibero escribiu isto non querendo que ninguén se deprocatase do asombro que tal disposición espiritual dos galegos, esa lei ao torrón, lle causara, e que ao seu pesar se transparente nas súas verbas. Cústalles traballo comprendelo e explicalo. É que o ibero é alleo ao senso da Natureza e nin tan sequera sabe ollar a paisaxe. En toda a literatura clásica castelá case que non hai un exemplo de que se lle chame a unha árbore polo seu nome. Para eles, unha árbore, de calquera clase que

sexa, non é máis que unha árbore. Aínda máis: os casteláns son místicos por desapego á terra. Pode que sexa porque á súa terra non se lle non poida querer... Buscan as campías do ceo porque son ásperas e duras as que teñen na terra. En troques, quizais por iso hai en Galicia tanto descrido: non nos cómpre tanto coma a eles buscar o ceo, tendo unha terra coma a que temos, unha terra que nos agarima e non nos bota de si coa súa fosquidade, coma as terras áridas.

Amor á terra, morriña e saudade... É o noso patriotismo *vexetal*, berre o que queira Péladan. Galicia non é, non pode ser nunca, unha abstracción; é para nós *A Terra* por antonomasia, mais é a Terra esta, material, que se ve, que se ole, que se apalpa, os eidos estes, estas herbas, estas árbores, este ceo, este mar... Terra espiritualizada polo noso amor. Terra santa e bendita de que fomos formados.

II

La terre marque d'abord sur l'homme l'ascendant chtonien.
Josephin Péladan, *Typhonia*

Desde Taine, desde Ritter, desde Montesquieu, é unha verdade admitida a influencia da terra no home. Pero quizais ningún pobo tivo coma o pobo galego a conciencia, e máis aínda, o sentimento, o *pathos* desta influencia. Algúns xa emprincipiamos a poñer este sentimento como principio dunha ética e mais dunha estética. Mais, asentado o feito en todo o que vai diante, ¿que é o que ten a nosa Terra para nos enmeigar dese xeito, que feitura espiritual é a da nosa Raza para que sinta de tal xeito o feitizo, que clase de relación se dá entre as dúas, para que dea tan peregrino resultado? Para un miolo galego non pode haber tema máis tentador...

Na miña *Teoría do nacionalismo galego* quero eu explicar esta lei que lle temos á nosa Terra, este noso sentimento fundamental, como *a emoción do sedentarismo*. Efectivamente, nós somos un pobo de labradores, un pobo que vive dos froitos do chan, que gasta a súa vida no traballo da terra e que está por isto firmemente apegado a ela. Hai en nós como unha tendencia a nos confundirmos coa Terra. Outros pobos, aínda agrícolas coma nós, axúntanse en grandes centros de poboacións; nós, ao revés: espallámonos pola campía adiante, en aldeñas, en casopiñas isoladas, en lugariños pequenos que se esconden nas encañadas, nos recantos dos vales, atrás dos arboredos, nun recuncho calquera. Nas vilas, as hortas e as viñas métese por entre as casas, case que non hai vilego que non teña aldea e que non vaia a ela. Aquí, o home vive lonxe do home, pero sempre preto da Terra. O pobo galego é o exemplo máis vivo de sedentarización rural.

Ora, o noso sentimento místico da Terra puidera vir, sen máis nada, do noso ruralismo, da nosa vida agrícola; puidera non ser outra cousa que a emoción do sedentarismo. E aínda así, sería un sentimento místico. O sentimento místico defínese dun xeito xeral como o sentimento da dependencia, e a nosa raza sente fondamente a súa dependencia da Terra... Misticismo materialista, patriotismo menos aínda que animal, se se quere; mais nós sabemos ben como esto se pode transmutar nos máis altos valores ideais...

Pero a emoción do sedentarismo non chega para explicar o noso sentimento da Terra. Primeiramente, a Terra, na nosa convivencia acotío con ela, imponse a nós doutro xeito, aínda, que o da dependencia material; impónsenos esteticamente, impónsenos pola súa beleza. Sentimos fondamente os galegos a beleza da nosa Terra e este sentimento crea en nós o sentimento da paisaxe, o sentimento da Natureza que distingue os nosos artistas dos artistas iberos. O sentimento da Natureza dánolo esta Terra, a nosa Terra. Se ela é para nós a *Terra* por antonomasia, é para

nós tamén toda a Natureza —a Natureza que se fai superior a si mesma neste anaco, como que divinizándose nel, rechazando nel o Paraíso, ostentando aquí, máis alta que en ningures, a inspiración de Deus, que foi connosco máis artista, por máis benigno e paternal... Así, Deus revélase a nós na nosa Terra pola fermosura e no agarimo coidadoso.

Aínda non é isto todo. Logo, hai en todo o que levamos estudado —no noso ruralismo, no noso sedentarismo, no noso sentimento da Natureza—, a sobrevivencia indubidable dunha emoción ancestral. Eu penso que é a emoción sagrada dos primeiros avós celtas que aquí chegaron, diante do encantamento da Terra meiga que aquí os prendeu para sempre... Unha emoción que fai caer de xeonllos, coma quen sente apalpable a presenza dos deuses, coma quen entrevé o *gurynyfyd* cos ollos da carne... E esta emoción talmente se plasmou nas súas almas primitivas, que estas gardaron xa para sempre aquel deslumbramento e aquel amor que eles nos transmitiron no sangue coma un herdamento espiritual que vive na lembranza escura da Raza. Nós temos aínda un pouco da alma pagá daqueles avós que coñecían e adoraban a chtónicas potestades escultoras da alma dos pobos, aquelas misteriosas *Matres* galegas, aquela escura e sublime *Tellus*, á que Caio Sulpicio Flavo, celta latinizado ou romano enmeigado por ela, pola Terra galega, dedicou un ex-voto...

«É un panteísmo de absorción —escribe Unamuno. E os fillos desta terra veneran as benditas ánimas do Purgatorio, cren en pantasma, agoiros e bruxerías, lémbrense dos seus mortos que vagan polos eidos, e veneran ás árbores. O paganismo que en ningures morreu, senón que se fixo bautizar, cristiánándose máis ou menos, latexa aquí máis vivo que noutras rexións hespañolas, seica porque o antepasado do galego, un celta, tiña unha mitoloxía naturista que non tiña o beduíno, avó do castelán, o ibero rexo...»

Eis a rama pagá e ancestral do noso sentimento místico da Terra...

Pero aínda hai máis. Hai no presentimento panteísta, a conciencia escura dunha gran verdade: a nosa raza veu de lonxe, mais se primeiro se fixo filla da Terra por adopción, hoxe éo por consanguinidade, éo no sangue e na alma. A Raza é hoxe filla da Terra. Consérvase pola convivencia cun terreo; non soamente pola convivencia dos homes os uns cos outros, non só pola mestura de sangue entre os homes; máis ben pola convivencia coa terra, cos seres dos tres reinos. A Terra é a segunda placenta onde estamos sendo formados namentres que nela vivimos. O noso corpo é un anaco dela, porque dela saca o alimento que lle dá carne e sangue: ela está en nós, nas nosas veas, nos nosos ósos, nos nosos miolos. Ela está na nosa alma e no noso entendemento, que dela veñen, que dela son fillos, como o corpo o é. Ela enche de imaxes o noso interior, e así como alimenta o corpo coas especies físicas, tamén alimenta a alma coas especies sensibles. Pertencémoslle en corpo e alma.

Sagrada Terra galega, amasada coas cinsas dos nosos avós, co suor e co sangue dos nosos irmáns, relicario das nosas lembranzas, Terra onde sementamos as nosas esperanzas todas, santa Nai que nos fas o que somos ao estarmos feitos da substancia túa: para ti o noso alento, o noso esforzo, o noso amor...

III

*Aquesta terra amb tot lo que s'hi cria
es ma patria, Senyor, i no podria
ésser també una patria celestial?*
Joan Maragall

Sentimento da Terra: morriña e saudade... Mais a saudade é tamén a *cobiza do lonxe*... Entón...? Si, pero o sentimento da Terra e a *cobiza do lonxe* danse na nosa alma tan entretrecidos, tan

envolveitos que non os podemos separar. Para pór en claro este misterio, cómpre que afondemos un pouco na orixe transcendental da saudade.

Un vello texto da India di: “O Desexo naceu primeiro, e foi a primeira semente do Espírito. El produciu unha separación, unha corda tendida...” Eis a idea que estaba xa nas nosas orixes arias: a idea que, máis ou menos clara, está na alma das razas loiras do Norte de Europa, a idea que latexa no fondo de todo Romantismo. O home é un desexo descido no mundo da corporeidade. A nosa vida non é máis que este desexo debaténdose para se realizar. De aquí a Ciencia, coa que queremos organizar o mundo e facelo entrar enteiro dentro de nós polo coñecemento; de aquí a Arte, coa que creamos mundos novos; de aquí o Amor, co que completamos a nosa faltosa individualidade; de aquí a Relixión, coa que intentamos chegarnos a Deus.

Desexo de vivir, de chegarmos ás cousas, de nos metermos nelas, de atoparmos a súa alma... Este desexo deunos carne mortal, deunos órganos para o noso contacto coas cousas, para acender a cobiza de nos metermos nelas, para tomarmos conciencia de nós mesmos ao atoparmos en cada unha un valado que detén o noso desexo, a corda *tendida* do poema védico... Primeiro a separación, a distancia, o valado, o impedimento, o límite, o río; e conseguintemente, o esforzo para a unión, para o achegamento, para a inseparación, para o vencemento, para a liberdade, a ponte. Coa conciencia de nós mesmos (separación, isolamento), nace a Esperanza da unión, da confusión coas cousas. Á meta suprema da esperanza, os indios chámanlle *Moksha*, que quere dicir a un tempo liberdade e unión coa esencia eterna de tódalas cousas: Deus.

Deus é a luz da Esperanza acesa diante de nós.

E agora, aquí estou eu, auto-esfinxe desolada das interrogacións que a si mesma se fai. Esta saudade, esta sede, este non

sosegar, esta cobiza do lonxe, este amor... ¿Pero, non é este amor, este mesmo amor que se quixera ceibar fóra do mundo e da materia, non é el mesmo o que nos retén aquí, o que nos xunge ás cousas deste mundo, sen nos deixar que as deixemos, o que entraba a nosa liberdade? Non é el o que nos fai abrazar perdidos de saudade coa Lembranza? Pois logo, que é esa cobiza do lonxe? De que lonxe, se non deste lonxe que está tan preto de nós? O auto-Edipo non dará resposta namentres teña na alma tanta soberbia como ten...

Mais Castelao, interpretando claramente o que nos pasa, di: “Os galegos non temos a luz da esperanza diante de nós, témo-la detrás de nós, enriba do pazo ou da chouza onde nacemos”... Deus é a luz da esperanza acesa detrás de nós. ¿El non é o amor de Deus a perfección que en si mesmas teñen tódalas cousas, non é ese amor o agarimo da nosa Terra, do noso Lar? Logo, non temos sempre connosco a súa Presenza inefable? Soamente é a nosa soberbia a que nos leva a buscala no lonxe, en tódolos lonxes do tempo e do espazo, da razón e da utopía.

Deste xeito sentimos a presenza evidente de Deus na nosa Terra, que se nos fai sagrada coma unha igrexa, porta da eternidade, tabernáculo da Graza de Deus feita beleza. Os celtas, nosos avós, non erguían templos de pedra coma os orientais: a Terra era o seu templo... Terra que sería ceo, se fora eterna. Eu sei que, coma Rosalía, se me vise no ceo, choraría de saudades pola miña Terra... Non poder levar comigo aquela fonte, aquel carballo, a nogueira, a casopiña, o río, o muíño, a sombra húmida dos amieiros. Terse que separar de todo isto para sempre; quizais chegar a esquecelo... Ai, non!. Esquecelo non, que a lembranza é a esencia da alma, e esquecer é deixar de ser; un algo que se esquece é un pouco de alma que morre... Esquecelo non, quizais máis ben, o ceo será o soño de vivir aquí sempre, a eternización na lembranza eterna da Terra nosa. A memoria é o órgano da eternidade, e non

hai máis esperanza que a esperanza de non esquecer... Temos a luz da esperanza na lembranza mesma, xa non hai diferenza, e a cobiza do lonxe é soamente cobiza da conciencia total desta suprema identidade.

Eis a arela mística da Raza galega. Aló, no máis fondo da alma, cada un de nós reza a Deus o seu rezo de humildade. El está perto de nós, humanizado polo seu divino amor: os labregos contan de cando el andaba polo mundo, por este mundo que é a nosa Terra, e descubren nela, aquí e alí, as *pasadiñas de Noso Señor*. Anda entre nós, na piadosa lembranza, a predicar o eterno mandamento.

Mais sen que entremos nas profecías, eis a significación do noso sentimento da Natureza: a reintegración do home na Terra, despois de que os excesos delirantes dunha civilización artificial o tivesen por moito tempo arredado dela. O deixármonos dos soños de grandeza que levan decote aos homes a erguer novas Torres de Babel: as Torres materiais da Mecánica e mais as Torres espirituais e sociais da Utopía, destinadas todas, as unhas e as outras, a se esborrallaren no chan, enterrando no seu cascote a soberbia dos que as ergueran. A volta do Fillo Pródigo ao seu lar.

Tódalas convulsións étnicas e sociais, o non acougaren os espíritos, os signos todos dos nosos tempos indicando o afundirse dunha civilización que quixo ser de semi-deuses e ficou sendo de formigas, teñen dentro de si a necesidade dunha volta á Natureza, que se fai sentir dun xeito imperioso e ineludíbel. É a chamada da Terra, é a Terra que chama por nós no noso mesmo sangue.

Siga ao redor de nós a cega soberbia dos homes a erguer Torres de Babel. Ogallá que os galegos ergamos aínda a nosa, ogallá que axudemos á que quizais van erguer os pobos atlánticos. O imperativo da Terra preservaranos da suprema impiedade, e, os que posuamos a alma da Raza, endexamais tentaremos de escadar o ceo.

O que entenda, que entenda.



10.

Dos nosos tempos

Florentino López Cuevillas

A máis forte característica da maneira literaria que se chamou *decadentismo*, *simbolismo*, *nephelibatismo*, e que encheu coas súas producións os derradeiros anos do século XIX e os primeiros do XX, foi un afastamento despectivo de tódalas orientacións políticas, sociais ou científicas da nosa civilización occidental. Sentiamos os mozos que entón principiábamos a nos interesar pola literatura, un noxo fondo e forte por tódolos problemas que xa naquel tempo facían pendurar sobre do peito as testas dos homes serios.

Para nós, as invencións dos irmáns Wright e de Marconi, as cuestións internacionais, o socialismo e o sindicalismo, eran cousa de xente *burguesa*, no sentido antiliterario que nós dabamos a esta verba, boas para que a elas atendesen Brown, Pérez, Müller ou Dupont, quer dicir, o vulgo máis ou menos ilustrado dos enxeñeiros, os catedráticos e os académicos. E namentres que

nós, entocados nas nosas torres de marfil, ben acochados no himación dos gregos, no albornoz dos árabes ou nas túnicas de Oriente, viviamos pensando no que xa pasou, camiñaba á beira nosa a procesión das blusas, as chaquetas e os uniformes, e nós deixabámola pasar sen facer un mal guiño nin botarlle unha ollada.

Non embargante, ao chegar a segunda década do século que corre, cando escomenzaron a zoar no aire os primeiros avións e a bruar na terra os motores dos automóviles, cando os cinematógrafos e as revistas deron en reproducir os *raña-ceos* e en falar da intensidade industrial dos Estados Unidos, cando se coñeceron os feitos cheos de interese romanceiro dos colonos de Texas ou dos mineiros de California en loita cos homes e coa natureza pola fortuna ou polo éxito, algúns de nós botamos sobre aquel país mozo, de vida forte e nova, un ollar de simpatía. Pero non pasamos de aí, e a pesar de Withman, de Verhaeren, de Marinetti, non chegamos a pousar a un lado as vestes de Oriente para vestirmos a chaqueta e seguimos envoltos nas nosas soñacións, vendo sen ver como pasaban as guerras e as revoltas e preguntando, cando o barullo do mundo chegaba a nós máis forte que a cotío, quen era ese Jaurès, ou que quería ese Bülow...

E así estabamos cando estralou a guerra en 1914. Dende os primeiros instantes, os berros de anguria foron tan doridos, tan bárbara a matanza, tan cheo de horror o cadro dunha Europa tola coa tolice do sangue e da morte, que nós, os despectivos, os alleos á actualidade, os refuxiados nos tempos pasados, tivemos que ollar ao redor de nós, e vimos os que foran os nosos ídolos, os homes-cumes da Francia, da Inglaterra e da Alemaña aldraxárense escudados nun patriotismo de feira, vimos como caían catedrais, pazos e castelos, e vimos como no fondo das trincheiras ficaban atoados os soños de internacionalismo e de paz... E despoixa, cando a loita semellaba acabar, aló, na lonxana Rusia, que nós admirabamos tanto pola súa literatura, o seu orientalismo e o seu

cristianismo evanxélico, xurdiu coma unha ameaza a pantasma da revolución social.

Nós, coma case que todo o mundo, mirabamos as ideas marxistas como unha cousa de realización lonxana, que chegaría a ocorrer aló despois de moitos anos, de séculos quizais, desenvolvéndose nunha evolución calma e serena, soamente interrompida polas violencias das folgas ou as resistencias das clases industriais aos avances sorbentes dos Estados. As orientacións pacíficas dos partidos obreiros da Europa Occidental e Central, a mesma intervención cada día máis activa dos seus xefes nos gobernos, dábanos dereito a pensalo. Ninguén contaba coa Rusia, nación atrasada, pouco culta, non disposta tan sequera para un modesto réxime democrático, e foi a Rusia a que, botando por terra os tópicos evolucionistas, choutou dun pulo, dende o zarismo a Lenin, e entre o pasmo e o medo de tódolos capitalistas do mundo instaurou e afianzou un réxime socialista.

E foi entón cando nós, coma os máis, tivemos a conciencia dun perigo que ameazaba non soamente as nosas ideas de liberdade pública, senón a nosa liberdade individual, pois un comunismo estatista ao xeito ruso, que bote por terra as fortes torres dos donos da industria e dos donos da terra, non é de supor que faga moito aprecio das nosas pobres torres de marfil. E diante do espectáculo dunha Moscovia co traballo obrigatorio nas fábricas, coa ciencia oficial levada aos últimos extremos, cun teatro e un arte sociais, pousamos o himatión dos gregos, o albornoz dos árabes e as túnicas de Oriente, e vestindo a chaqueta, demos en ollar afincadamente ao redor de nós, e así estamos, e así estou...

Mais, como hai tan pouco tempo que eu vivo co pensamento no tempo e nos feitos de hoxe, todo o que vos diga deles ten que carecer de sabenza e de método. Viaxeiro nun país novo, sen *cicerone* e sen *Baedeker*, as miñas impresións, faltas de gravidade e de preparación, han ter soamente a sinxeleza das impresións dun neno.

Din os médicos que o bacilo da gripe non fai mal soamente de por si, senón que excita, fai medrar e dá virulencia aos outros bacilos que decote andan connosco, á espreita dunha ocasión para nos botar ao camposanto. Eu teño comparado a gran guerra con este bacilo da gripe, pois coma el excitou, fixo medrar e deu virulencia ás paixóns ruíns que dormexaban nos homes e mais nas sociedades. E así a guerra desatou o imperialismo cego que armou as nacións as unhas contra das outras, espertou as cobizas dos comerciantes, as avaricias dos banqueiros, a crueldade dos acaparadores, lanzou a moitos homes á traizón e ao patíbulo.

Á sombra da guerra, os soldados primeiro, os negociantes e os revolucionarios despois, trastornaron a economía do mundo e trouxeron a fame para os pobres e a riqueza para os logreiros. Os hábitos guerreiros, tan louvados polas clases altas, deron violencia e forza ás organizacións obreiras e agudizaron o perigo comunista. Grazas á *bendita guerra*, como lle chamaban os panxermanistas, grazas á *nobre guerra* de que falaban os escritores patrioteiros e militarizantes, Europa está feita un lamazal de sangue e de esterco, e é sabido que nestes lamazais é onde xerminan as sementes das revolucións.

E non se diga o que, para tranquilizar a súa conciencia, din os ricos. Que nunca a xente tanto se divertiu, que nunca o diñeiro correu máis dabondo, que nunca a vida foi máis brillante e atractiva, porque estas épocas en que o mundo treme convulsionado foron sempre como as mazás do Xordán, douradas por fóra e podres por dentro. Máis brillantes que as nosas foron as festas de Windsor e de Versailles, e Carlos I e Lois XVI morreron no patíbulo.

E se chegasen os negros días da revolta, como xa chegaron para Rusia, quen sostería valentemente os vellos principios e as vellas ideas, ¿quen saberá morrer por elas coa morte fidalga e fermosa que ennobrece as derrotas e empresta luz de sol, polas

institucións que desaparecen para sempre?... Eu penso que ningún. Perecerá algún banqueiro ao pé da súa caixa ou algún aca-parador envolto nos seus sacos de fariña, pero morrer na campía, cara ao sol, coa espada dos cabaleiros na man, como morreron os *gentilhommes* de Quiberon ou os coiraceiros de Marston Moor... eu case aseguro que non morrerá ninguén... Son outros os tempos, outros os homes e moi distintas as ideas. A máis de que dar a vida pola fe xurada a un Deus ou defendendo a sagrada testa dun rei absoluto, é moi diferente que caer pelexando polos intereses dunha Federación ou dun Trust, ou defendendo as persoas de Millerand ou de Lloyd George, que nada teñen de sagradas.

Eu creo no triunfo do socialismo, porque creo que a sociedade humana é un organismo vivo, suxeito a leis biolóxicas parecidas ás que rexen o desenvolvemento dunha planta ou dunha besta. Quero dicir con isto que, do mesmo xeito que cando vemos botóns nunha roseira, supomos que de alí van saír rosas, ao vermos que unha idea calquera vai conquerindo as consciencias e facéndose un lugar nos espíritos, hai que supor que a realización daquela idea é cuestión de tempo nada máis. Pensar outra cousa sería pensar que a natureza fai tonterías, e polo de agora a natureza conservou sempre a súa seriedade.

E hoxe todo é socialismo. Haino nos gobernos que gravan a renda, as transmisións e o capital; haino nos patróns que piden a intervención do Estado nos seus conflitos cos obreiros; haino nos labregos que queren ver as súas terras liberadas de cargas polo mandato dunha lei; haino aínda na testa do rendista gordo e satisfeito da súa vida e da súa renda, cando, ao ler que os obreiros piden esta cousa ou a outra, di, entre medoñento e compadecido: “Hai que convir en que esta xente algunhas veces ten razón”.

Eu creo, polo tanto, que dentro dunhos anos, a Europa enteira ha ser un campo de experimentación de sociedades futuras, e creo tamén que para o desenvolvemento da humanidade, esta ha ser

unha cousa útil e boa, do mesmo xeito que é boa que os nenos boten os dentes ou que os paxaros muden a pluma. O que non impide que neses interesantes períodos das súas vidas, o paxaro non cante e o neno berre adoecido de dores.

Por iso ten pouco de agradable nacer nunha destas épocas en que o mundo cambia de pluma ou de dentes...



11.

A paisaxe e a aldea.

Para unha estética da paisaxe.

Unha parroquia da Bocarribeira

Ramón Otero Pedrayo

Para unha estética da paisaxe

Xa hai bastantes anos fixen unha visita a Toledo. As osamentas desta cidade hermética e inqueda podrecían, como hai tantos séculos, baixo o duro sol e entre a poeira dos secos agros casteláns. Por alí danzaba un fato de artistas, de ateneístas, de loiros septentrionais deses que visitan os monumentos coma quen corta o cupón ou fai o seu diario traballo oficinesco. Pouco tempo despois daquela visión toledana visitei Sevilla e Compostela. Eu, cando chego a unha cidade descoñecida, o primeiro que fago é buscar unha torre alta e subir a ela para coller dunha ollada ambiciosa a maneira como a poboación está posta no campo, se está torta ou dereita, se se espalla ou se encolle. Cando non hai torre, enton subo nun tellado. A comparanza das tres visións, Toledo,

“Encol da aldea”, *Nós*, nº 14, 1-XII-1922, 1-7.

Sevilla, Santiago, ensina máis sobre a historia, a arte, o carácter dos pobos españois que longas lecturas e cen eruditos cursos.

Tiven deseguida o sentimento da cristalización cúbica –así cristaliza o sal– da construción de Sevilla e despois lin que ese era o esquema da arquitectura árabe: branca, encalada, posta nunha veiga de oliveiras, Sevilla rise do sol. A paisaxe andaluza sen sol é tan triste e vacua que ela soa xustifica a dor da copla popular naquela terra. Toledo, traballado nun penedo duro coma o ferro, pareceume unha obra de artificio, de loita coa natureza, de erudición. Artificio son as páxinas dos escritores do Século de Ouro, as decadentes arquitecturas oxivais, as obras dos ourives, a teoloxía dos carmelitas.

Santiago nace naturalmente no cerco montañoso no que adormece: vese o granito arrincado das canteiras colocado en severas ordenacións con tanta claridade como vemos erguerse pouco a pouco unha casa de perpiaño preto da canteira á beira da estrada. Santiago rise do sol, da lúa e da agua. Non teme a chuvia. Ao contrario, ela continúa a obra dos arquitectos e dos escultores, decorándoa coas preciosas coloracións dos musgos e liques, das orcelas e das parietarias. Aquí podemos maxinar un comezo de estética da paisaxe e da arte e vida galegas: a terra e a vida naturalmente fundidas.

I

Sobre isto do paisaxe de Galicia dinse moitas cousas ou falsas ou tan vagas e pouco xustas que convén poñelo no seu verdadeiro carácter. Dise por un lado: paisaxe saudosa, doce, mimosa, verdecente, moi propicia para o doce ensoño, algo oriental e preguizosa. Está ben, mais non é toda a verdade. Hai nas terras atlánticas e cantábricas moitas paisaxes verdes que non teñen

nada de “aire” co chan galego. Outros falan dun país montañoso e rudo –moitos destes, afeitos a consideraren as chairas como o chan exclusivamente agrícola, as montañas como fondo das toadast pastorís ou coveiro dos lobos. Tamén hai certa verdade neste modo de ver, mais incompleta. A montaña galega non ten nunca a inimiga severidade das montañas cántabras ou carpáticas. Para min, o carácter primordial da Galiza está na forma do seu modelado, o cal depende da rocha fundamental: o granito. Por longos anos os poetas e os escritores non miraban para a pedra, para o coiro, a carne, o óso do planeta. Cando aínda non acertaban coa alma dun bosque ou dunha veiga, menos poderían sentir a fonda e eterna poesía da terra núa. Tamén hai unha estética da xeoloxía. Neste sentido, o noso é un belísimo macizo granítico traballado pola laboura secular das augas. En calquera costa, na ladeira dun val, coma no perfil das lonxanas liñas que fechan os horizontes, séntese esta forma suave, de ampla curva maternal, coma de seo ou cadeira.

A topografía particular dos vellos países graníticos atópase claramente representada na Galiza. De tan vello, o noso anaco de esferoide desfaiése esmorecéndose na ledicia dos longos meses de chuva, recibindo o alegre tomo das ondas dun mar épico. Pondal foi o primeiro que se estremeceu ao sentir vibrar a terra galega baixo os seus pasos, Cabanillas e Noriega son tamén neste sentido poetas *cósmicos*. Os nosos montes non teñen o seu curuto en corno, en coitela, en dente nin en pirámide. Vede os seus nomes: *meda*, *coto*, *rodeiro*, *pena*. Teñen a forma dos grandes outeiros ou penedos ovoideos, cupulares, chamados inocentemente na *Guía Baedeker* “bloques erráticos”, como se non fosen nados no mesmo sitio onde avellentan nobremente. A montaña chega ao mar e ábrese a todos. Non é dura e ingrata, a vide trepa polas súas ladeiras e ruben con ela os pobos coma rapaces que agatuñasen para apañar as cereixas. As montañas chegan ao

mesmo mar, afundindo as súas faldras no Atlántico, e baixan ata a propia corrente das augas.

O feldespato, o cuarzo e a mica son os elementos do granito. Isto depredémolo todos no Instituto, mais hai que saber a significación de cada un deles: a dureza do cuarzo, luz boreal, luz de mañá cristalizada, aparece mitigada pola dozura e suavidade humilde do feldespato. A mica é un elemento fillo do luar: nas noites as micas brillan coma as xemas dos gnomos. Nos terreos vese claramente a descomposición dos factores rochosos: alí brillan pouquiño as micas ata que, desfeitas polo arado, mesturadas cos abonos, rematan por desaparecer na humildade da terra vexetal.

Por riba destes seixos e laxeiras os ríos traballan ledamente como traballan os serranchíns no monte, espellando o seu fondo pola pureza batida das augas. Sobre a táboa granítica esnaquizada e traballada, as augas seguen facendo eternamente un traballo de escultura. Mirádeas como se destrenzan e espallan polas ladeiras dos montes de Santo Estebo. Alí hai o *aplech* de monstros máis temeroso do mundo: tódalas formas maxinables da vida animal nas súas infinitas complexidades teñen alí a súa representación, mais eu prefiro a pedra humilde e solemne dos montes batidos polo vento, onde viven os piñeirais medoñentos. Vede que ben concertan a obra sinxela dos homes cos penedos. Tendes por exemplo as igrexas románicas, os lexendarios mosteiros ou o santuario de San Pedro de Rochas. Os canteiros e os maxineiros románicos, anónimos, admirables poetas, traballaban instintivamente, sen darse conta, seguindo a maneira da terra. Esa é a colaboración mais grande e respectable que se pode producir nun pobo.

Neste sentido temos en Galiza unha arte fondamente representativa, dende os monumentos máxicos ou relixiosos da alborada céltica e da mocidade do románico ata os luxosos crepúsculos do noso barroco. Dixemos a separanza fonda entre a paisaxe galega e outros tipos de terras verdecentes, mariñás e nórdicas

tamén. Fixémonos un instante na fachada cantábrica da Península, dende o fondo do golfo de Biscaia ata a ribeira lucense. A montaña é en xeral adusta, forte, nobre, arquitecturalmente disposta. As rochas secundarias, tendidas en capas sobrepostas coma as escraviñas dun capote trasmontano, érguense en serras de feitura mural, crébanse en picos fragmentados que rompen en aguillóns feridores as neboeiras subidas do mar. A liña da costa é un longo cantil combatido ritmicamente polo empuxe ariético das ondadas. Os vales son entre eles illados, diferentes; alí amontóase a poboación conservando ata os nosos días un particularismo local que non hai en Galiza. Aquí as parroquias son individualidades naturais e humanas, mais francamente abertas unhas para as outras. Dun recanto ao outro do noso país as badaladas das parroquias respóndense sen solución de continuidade apenas, facendo cando morre a tarde o seu coro de lembranza, o clamor saudoso de toda a nosa Terra.

A costa cantábrica non se desfai en ledas illas, nin se franquea nas suaves ondulacións das praias. Na costa nosa parece que asistimos a un xogo cósmico entre terra e mar. Aquí a serea atlántica gusta de facer o seu leito, é un mar mitolóxico, unha especie de Grecia atlántica onde danzan os coros dunhas oceánidas moi desemeillantes das da Grecia clásica, como é desemeillante o mar Exeo, limitado e pequeno, da fartura de agua, ceo e nubes do Atlántico.

Os galegos somos máis fillos da terra e do mar que do ceo; será que en parte o ceo é un produto da terra e do mar. As nubes levántanse do Atlántico e mais das terras molladas, dos lameiros espellantes, dos regatos, das fantásticas carballeiras outonizas. En Castela, por exemplo, a nube é unha cousa transitoria, anti-pática esteticamente: elas son como manchas no limpo e desesperante esmalte da voluta azul. Só teñen certo valor estético esas nubes decorativas, apoteósicas, que se ordenan en chameantes baldaquinos nos ocasos solemnes do sol. O castelán, dominado

polo ceo sobre unha terra recocida, é home que nos seus tipos superiores produce o místico ou o tolo sensual. O seu horizonte, redondo e limitado coma unha praza de touros, erra en círculos concéntricos ata chegar a unha ardente idea fixa. Só lle pode interesar da natureza o produto económico –pan de cada día– ou o bravo cheirume das plantas da estepa. As terras levantinas dormen unha sesta, axitadas por paixóns africanas. Todo o luxo da vida se concentra na conxestionada coloración das flores. A voluptuosidade andaluzá está feita do duro contraste entre a forza da vida tropical e o castigo do sol vencedor da humidade.

Estes sentimentos dorosos da vida non son posibles aquí: coma no Xapón, coma en Maryland, ou en Bretaña ou en Irlanda, a nosa atmósfera húmida e temperada ten algo de *Serre chaude*. Séntese un pracer de vivir parecido ao que deben sentir os corais e as estrelas de mar, estendendo as súas ramosidades sensitivas nunha auga tépeda e cariñosa. Isto ten diferentes graos: de aquí o contraste das terras ourensás, dotadas con maior número de xornadas de sol, coa orla atlántica, levada polos vales moi dentro da terra.

E que tarde chegaron os nosos poetas a sentir en certa maneira a lírica da paisaxe! Moitos falan, si, de árbores, de flores, de prados, que o mesmo se poderían colocar na beira do Henares ou do Guadiana. Tamén nisto Pondal sentiu o bico da Terra, o leve roce da neboeira, o valor substancial das orballeiras e das brétemas.

II

Na portada de *Nós* está o símbolo esmaltado do pan e do viño. Esta portada merecería ser esculpida no Pórtico da Groria, debaixo da árbore de David ou xenealoxía do Cristo, a máis admirable interpretación románica do Evanxeo, como esta obra do Castelao é a acabada simbolización das fontes vitais de Galiza.

O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e humano do chan galego, non separados senon penetrándose e dividíndose en complicadas figuras. Para nós, o pan é o *centeo* e o viño o da *cepa vella*, de cepa torta, como osatura dun patriarca –en Ourense aínda miramos as americanas como un fato de damiselas neuróticas, vítimas do *surmenage* e necesitadas de tódalas drogas para botaren o viño. O centeo, cereal de inverno, pasa por tantas calamidades coma o paisano que o procura. Atura xeadas, neves, chuvias, nace entre el se chove moito un lameiro de saramagos, senradelas e gramas; cando está vizoso e alto treme co vento en ondas conmovidas. O paisano, sempre pesimista, di: “pasa moitas noites fóra”. Recólleo con cariño especial, porque é o recurso da facenda doméstica, xa polo gran que se garda na arca tradicional, como pola palla que serve para tapar a chouza, anoar o fachico e facer o leite para a paredura da porca. O paisano tenlle máis lei ao centeo que ao millo. Antes vivía de pan, castañas e viño. As castañas e o pan caracterizan os altos chans graníticos, abertos, de inverno duro, onde o cuco chega máis tarde e a vida só vai ben na horta do cura ou nos abrigos do pazo. O millo simboliza a alianza atlántica. Petulante, guapo, co seu pompón dominador e a súa exaltación sexual, contrasta coa castidade e modestia do centeo. É o presente das Américas ás terras húmidas da Europa, o seu ouro, parente daquel lexendario asolagado nas augas de Vigo.

O labrego do pan e o do viño son moi diferentes: a agricultura das cepas require unha coñecenza fonda das leis atmosféricas, un enxeño e unha técnica oportunistas; ao contrario do cultivo do centeo, máis suxeito a leis invariables. Por iso o ribeirao practica unha filosofía escéptica, é un ironista brillante, un falador cheo de sazonadas experiencias, moi diferente do montañés, que cre na eternidade das leis, na causa primeira e na sabedoría dos vellos. Ata na miña terra se observa o contraste na música

das festas: as murgas ou bandas da ribeira son doces, arroladoras, cantareiras, esmaltando as súas toadas con funambulescos solos de cornetín ou orxiásticos finais de redobranche. A música da montaña, máis grave, arrinca fondos sons; é, como dicía un paisano meu, unha música de *caldeiros*. O mesmo que se dixo, por xente moi ben cultivada, da música alemá. Total: a vella oposición entre Rossini e Wagner.

Nestes tempos, o tapiz vexetal da Galiza transfórmase moito: o castaño morre, en moitas terras só queda a súa lembranza. O eucalipto, que forma bosques enteiros, é tamén unha árbore mundial; vinda do outro hemisferio, acougou aquí bravamente. Os que posúen terras en Galiza, cando se convenzan de que a única nobre vida señorial é a vida do campo, deben lembrarse dos vellos fidalgos que plantaban alciprestes preto das súas casonas, e tiñan tanto coidado en encher a horta de pomares, de peras de Dona Xoana e de Don Guindo, de laranxeiras, toronxís –a froita de moda na Idade Media–, nogueiras, cerdeiras e toda caste de froita de óso e de pebida. Aquí hai que traer moita planta do Canadá, dos Estados Unidos –wellingtonias, araucarias, as árbores coníferas dos iroqueses– e tamén do Xapón, árbores paradisíacas de follas lucentes e globais froitos de ouro. Mais, por Deus, non plantedes nin acacias de bóla nin palmeiras. A acacia, árbore municipal, ética de orzamentos, ten en si unha cursilería que entristece. Os seus redondeis de sombra non poden agarimar un idilio fecundo. A palmeira fai o efecto dun pantalón de flanela branca nunha tarde de invernia desfeita. E se está nun testo pintado de verde, ten un noxento carácter tabernario.

[Unha aldea da Bocarribeira]

Xa falamos algo da terra, agora hai que falar dos homes. Os homes xúntanse en aldeas, en vilas, en cidades, e a diferenza entre a aldea e a vila é un traballo sumamente difícil. A vila ten un aspecto urbano que non ten a aldea; tamén nesta hai certa ordenación, mais en canto aparecen as *aceras* ou as famosas acacias de bóla, xa temos a vila. A vila é unha habitación de señoritos e comerciantes. Así como as cidades teñen na Galiza pouca variedade, a gama das vilas é infinita e faría falla un longo estudo fundado nunha aproveitada experiencia: antigas, montañesas, de augas, de comercio, de señorío, as naturalmente formadas, as feitas polos caciques, as que viven do reflexo da cidade, as que se formaron por conxugación doutras, coma os microorganismos, as que florecen coma flora de ruínas sobre o soar dunha cidade morta, as que teñen mercado cuberto, as que teñen tren que pára alí, as que só ven pasar o expreso e disfrutan nada máis do mixto e do mercadorías a horas sempre absurdas que non permiten o paseo polo andén, as que postas na beiramar parecen non enteirarse do tráfico mariño, as que teñen forzas vivas con peiraos novos, etc.

Nestes últimos anos vai nacendo unha forma que puideramos chamar *itineraria*, porque as casas novas se prolongan ao correr da *carretera*, sen máis centro que a taberna ou a tenda. Dunha maneira provisional deixaremos establecido que as verdadeiras vilas teñen algo dominador diferente da torre parroquial: o concello, que ás veces ten unha torre ou *beffroi* que dá á agrupación unha importancia inmensa.

Vou facer aquí soamente un estudo *grosso modo* dunha aldea da miña terra, non digo da miña provincia porque isto das provincias –aínda que se atope moi arraigado– debe desaparecer porque non ten fundamento ningún. Non vou falar de Galiza enteira, senón dunha molécula dela. No meu despacho da aldea teño o

vello e glorioso mapa de Galiza por Fontán, catedrático de Matemáticas Sublimes na Universidade de Compostela alá polos anos de corenta e tantos. Imos escoller un anaquiño moi pequeno dese mapa sinalado por un punto co nome do lugar da Eirexa, e divagar un pouco sobre a maneira de ser da terra e dos homes de alí, sen pretensión científica ningunha, sen intento de sistematización.

Xa está demostrado por tódolos modernos escritores galegos –Rodrigo Sanz, Vilar Ponte, Risco, etc. – que a unidade vital galega é a parroquia. Esta de que falo está nun país de transición entre montaña e ribeira. É o que chamamos unha *bocarribeira*, con amplos horizontes cinguidos polo círculo lonxano de altas montañas, con costas que baixan cara á ribeira do Miño. Mestúranse terras de pan con terras de viño, toxais e piñeirais no alto con carballeiras e salgueirais nos regatos. Nestes baixos a viña rube lentamente, conquerindo os terreos abrigados do norte e da xeada, aínda no alto. O chan en xeral é malo e delgado, o arado canta ao topar coa rocha subxacente na maioría das terras, que son herdades de centeo e de millo; as nabeiras, poucas e cada paso máis disputadas polos herdeiros nas partillas. O gran inimigo é a sequía; non hai augas correntes todo o ano. Se non chove, pérdense case que tódalas colleitas de millo, patacas, centeo, algún liño e pouca herba seca.

A rega do millo faise grazas ás pozas, sacando en xeral a agua por medio dos *bimbastros*, o que dá un dos traballos máis penosos, baixo a raxeira canicular ou na mañá moi cedo. Nesas horas, o xemer do artiluxio da poza parece un berro de dor do labrego ante a perda inevitable da colleita. Outra gran preocupación é a mantenza do gando: as herbas son poucas, non hai apenas montes comunais e os que hai son secos e pedreños. A angustia dos días secos do verán auméntase co enorme traballo de moer a fariña: hai que buscar muíños en ríos lonxes cando non moen as aceas dos regatos próximos. Entón, rapaces e homes fan longas viaxes

por costas ásperas co fardel ao lombo. A poboación está axuntada en sete ou nove lugares de corenta, de quince, algún só de dous veciños. Tamén hai lugares arruinados postos en quebradas, onde as cepas secaron, as fillas casadas buscaron lugares máis alegres e abertos, onde fan trouladas e fiadeiras, perto da igrexa e das romaxes, da tenda, á beira dos camiños pasaxeiros. As ruínas, en xeral, teñen a melancolía da relatividade das cousas humanas. As ruínas de edificios artísticos, se eles foron edificadas cun fondo sentido do país, son aínda vivas: as vexetacións parasitarias contiñúan e exaltan a obra do artista. A min as ruínas das casas labregas —unha pedra de lareira, un cortello esmorenado, a pedra furada dun lagar— parécenme tan respectables coma as ruínas dun mosteiro. Son estas ruínas coma os corpos dos labregos que, mantidos de verzas e bica, se mesturan decontado coa terra do camposanto. Destas ruínas recobra posesión a natureza. Un piñeiro, un érbedo, chega para esnaquizar as noutrora amadas paredes petruciais.

No campo traballan todos: homes, mulleres e nenos. En conxunto, os habitantes da parroquia divídense en dous grupos xeográficos distintos pola situación, pola maneira de levar o traballo do campo, e ata pola maneira de ser: os *das campás arriba*, e os *das campás abaixo*. Como a igrexa está posta pouco máis ou menos no lindeiro das terras de pan coas de viño, o paisano agrupa así os seus veciños, tomando a lingua expresiva da igrexa, a campá, no seu sentido místico de poder espiritual sobre os malos espíritos pola virtude do bronce. Os *das campás arriba* teñen os outros por menos abertos no trato, por rosmadores, disimulados e raposos. Non sei se nisto haberá unha infantil interpretación do símil do horizonte amplo da altura co horizonte limitado do val fondo. No traballo distínguense. Os *de abaixo* están afeitos a levar pesos, cargas de estrume e de leña por camiños onde non poden andar os carros. Teñen millo de rega, o seu orgullo maior, e son case ribeiraos, coma os veciños do río.

[I. Organización]

Imos facer unha lixeira evocación do estado destes homes, comezando polo sentimento que teñen da organización e vida política, por aquilo de que o home é *un animal político*. Como esta parroquia non é cabeza de concello, a súa existencia política está completamente subordinada. Pódese dicir que non hai sentido administrativo nin menos político; domina o individualismo mais completo. «O que fai ben ao común non serve a ningún», óese en tódalas bocas. Cando o pedáneo –que por regra xeral ninguén sabe quen é– manda rozar as silvas que estorban o camiño, fano de mala gana; ninguén quere aguantar as augas no seu terreo, e o maior pracer que poden experimentar é coller por unha muradella feita con toda paciencia un anaco de camiño ou de monte comunal, ou cando unha árbore do veciño vai solapadamente quedando comprendido dentro do muro do eido.

O paisano ten o sentimento da terra no sentido da súa eternidade: el morre, virán outros, sempre adscritos á gleba coma os servos. Considérase como un accidente na vida infinita do eido. O eido! É todo para el. Se hai tormenta, pensa nel antes que nos fillos. O mariñeiro, afeito a arar na extensión do mar e ás continxencias do perigo do golpe de mar ou de vento, ten un maior desprezo da riqueza. O labrego non. Nin vello cangado e desfeito se quere desprender dos eidos para que os traballen os fillos, os xenros, os herdeiros. É de ver cando di un labrego: «é meu». Como exalta a súa cerdeira, a resistencia da lumieira da súa porta, a larganza do seu curral, e o axe dos seus acios de caíño ou a barbadela da súa becerra.

Os procedementos agrícolas son os de sempre, non se ten a menor noción de toda a técnica xa acostumada noutras terras. Hai que ter en conta que se fala dunha parroquia ben apartada, mais non das da rexión montañosa da provincia, xa que desde ela

se oe o abafar da caldeira do tren –anuncio de auga pronta– e a trepidación dos autos. A industria é soamente caseira, como non pode menos, e aínda se atopa nunha triste decadencia, que fai a vida da familia escrava das combinacións dos comerciantes da cidade. Xa case non se tecen lenzos nin se fía estopa nin apenas se coce bica. Xa moitos mercan un agre pan de mal trigo polas dificultades e o prezo a que sae o bo pan de centeo. As vacas, case que todas mal mantidas e moitos días á conta allea, dan o leite para facer manteiga para vender na feira ou no mercado. A tiranía da tenda vai sendo cada vez maior: os mozos mercan uns xéneros que ao mellor cambian de cor cunha boa molladura de auga ou de suor. Toda a desfeita das cidades vén cubrir os corpos e alfaiar as casas da aldea, de onde van faltando as fermosas cousas ben tecidas e ben traballadas, aqueles enseres e roupa que nunca se gastaban, en que se ía depositando a maneira de ser, a alma da familia. Unha vida de prestado en todo aquilo que non toca directamente coa loita da terra. Unha industria familiar e local ben desenvolvida non é o coroamento que debía ser da existencia nobremente traballadora do pobo dos agros.

Agrávase a situación coa dificultade e imposibilidade das comunicacións: os camiños vellos, aquelas calzadas tan ben empedradas, feitas polos conventos e os concellos de honrados petrucios, vanse esboroando pouco a pouco, mais, aínda alabeadas e rotas, son os únicos anacos de camiño regular. ¡Aquelas vellas pedras que gardan coma un venerable palimpsesto os rasgos de tantas pisadas dunha rolda infinita de xeracións de homes mansamente loitadores, as rodeiras de tantos carros! Dos máis camiños, os que non se fan no bo chan pola pisada constante de homes e animais –coma na estepa de África– vale máis non falar. Tódolos invernos se converten en leitos de torrentes ou en balsas de auga dormida.

[II. Cultura]

Non imos tentar unha psicoloxía, unha estética do habitante nestas condicións, pero si me vou permitir sinalar uns cantos feitos como contribución ao estudo necesario da aldea.

Unha das cousas máis interesantes a estudar en todo agregado social é o desenvolvemento individual respecto á masa colectiva. Será da antigüidade da raza ou da variedade do chan ou da dispersión das vivendas, mais o feito é que a raza galega ten un grandísimo desenrolo da personalidade individual en tódalas súas formas. Enganaríase fondamente un observador superficial que non vise nun fato de labregos xuntos na feira ou na romaxe senón un agregado dos mesmos destinos e iguais caracteres. Esta calidade por un lado imposibilita as boas obras colectivas, porque aínda independentemente do fondo xeral de tradición e do bordado máis que superficial de cultura, teñen un concepto seu do mundo e dos homes. Nós, os da vila, ou polo menos señoritos de aldea, nunca chegaremos a penetrarnos ben da íntima *facies* do paisano. Mais cousas coma este desenvolvemento da personalidade individual son facilmente demostrables e contrasta coa pasividade das masas obreiras do proletariado cidadán. Será este un efecto da cultura mal dixerida dos segundos fronte á vida naturalmente libre dos labregos? Quizais.

O paisano fala sempre, discute sempre, ten un sistema de lóxica discursiva moi particular e semellante ao de moitos grandes oradores: o procedemento dos círculos concéntricos. Ora que moitos ilustres conferenciantes e parlamentarios perden a testa nas voltas e o noso labrego non, todo lle serve para demostrar obxectivamente a súa tese inicial. A iniciativa individual é grandemente apreciada nas aldeas e os homes que exceden nesta orde exercen unha especie de sacerdocio ou profesorado, consciente ou inconscientemente, nos seus conveciños. O galego gusta da

especulación, moitas veces polo só afán de especular, e razoa ata as cousas instintivas ou mecánicas. Ora que este sacerdocio do individuo superior, exercido polos vellos, está hoxe gravemente comprometido polos *chés* e polos homes de cultura mecánica cidadá. Hai paisanos que, falándose dos patróns vellos famosos pola súa sabedoría pragmática, lles chaman *filósofos*, acertando notablemente coa aplicación non pedantesca da verba. Do fondo destas ensinanzas dos vellos xorde e segue acotío producíndose folclore, o estudo do cal é a mellor canteira para o coñecemento da alma galega.

Consecuencia deste desenvolvemento é un certo afán de gloria. O labrego busca lucirse no adro da eirexa, no círculo dos amigos. Hai que ver como se gaban de cargar ben aplomado un carro de toxo, ou de nunca perder o seu viño. E das mulleres non digamos nada. Hainas verdadeiras pitonisas en materia de amores, de roupas, de matanza do porco, de devoción; outras practican coa súa verba afiada coma a fouce na pedra un dominio de terror nas veciñas e fan pechar as bocas de máis sabenza. Pero cando máis goza o paisano é cando pode volver tolo a un avogado. Neste sentido, hai na política abondo de personalidades representativas de cepa paisana. Ao lado e moi preto da razón grave e doutoral xorde a súa caricatura: o que se dá ton, o que se escoita cando fala e embebece a media ducia de pasmóns. Este tipo soe ser branco da sátira e chámanlle *profeta, prosas, de primera*, etc.

Tocante á lenda e á ciencia, están moi diferentemente representadas na aldea. Nas dúas manifestacións fundamentais do espírito asistimos a unha substitución lenta da primeira pola segunda. Xa é un tópico dicir que secaron as fontes mitolóxicas da alma popular, mais os contos, as lendas (históricas, máxicas ou simplemente heroicas) aínda teñen o seu público, non sempre disposto para confesar as afeccións, en verdade... Eu coñezo un sacristán que foi cabo no rexemento de León, estivo na América,

traficou co sarrío e ata sabe de motores de gasolina e ten lido algúns volumes da Biblioteca Sempere, home de sentido irónico e de formación pseudo-mecanicista, que tódalas mañás de San Xoán sobe á espadana espido por completo para tocar as campás porque isto fai boas colleitas. Aínda nun fato de homes chegados da América lidos e escépticos, o voo dunha bolboreta negra failles correr un xerro de auga fría polo lombo. Ao falar do sentimento relixioso voltaremos sobre este tema.

Tocante á ciencia e cultura libresca, é de notar o inmenso prestixio da letra impresa. Calquera cousa, unha insensatez ou maldade postas en letras de imprenta, fai na aldea unha impresión fonda. E teño observado que o labrego le con máis gusto as noticias atrasadas. Agora que como só le nos instantes de vagar e son poucos, a influencia dos periódicos está en razón inversa da actividade agrícola. Por iso, os movementos populares non se producen nos veráns coa unanimidade esperada polos seus autores, porque esa é a época do traballo máis rudo. O libro é unha cousa familiar. Como o paisano só trata con cregos, médicos, avogados e boticarios, descoñece as outras profesións liberais. Aínda ten un gran prestixio a ciencia eclesiástica: os tomos teolóxicos ou canónicos que aínda posúen os sobriños dos cregos, disfrutan dunha veneración particular. Teño visto na aldea libros de cabalarías, *Os tres mosqueteros*, os *Idilios* de Gessner, coleccións de sermóns. E aquí vou notar a falla en que estamos dunha formidable actividade na feitura e propaganda na novela. Así como estou convencido de que o labrego non sente a poesía lírica, esta forma de épica que é a novela tería unha masa inmensa de lectores, apaixonados e fondamente interesados na narración.

Moitas veces sorpréndese un na aldea ao atoparse con supervivencias e brotes de formas ou de cousas que xa consideramos mortas: un vello salmeroniano que sabe de seguido un discurso de Don Nicolás, outro que ten polo colmo da sabedoría as frases

pronunciadas por algún presidente da Deputación en certo acto solemne. A cultura dos americanos é meramente experimental: o que viron comparado sempre co de aquí. Case que tódolos que chegan falando mal das indulxencias cren que en Cuba o sol está mais preto da terra e que, se abren de todo as esclusas do canal do Panamá, asolágase deseguida todo o arquipélago das Antillas.

Nisto do sentimento da natureza, é sabido que o galego ten un sentido de vida animada do planeta, un sentido mitolóxico e vital oposto á concepción semita do home central de España. Isto é un dos principais elementos do folclore, pero tamén hai o tipo que mostra fronte a tódalas formas da vida un desprezo fondo. Lémbrame dun tal Xerónimo, gran bebedor, que estivo na China e na Patagonia e dicía moi seriamente que os chineses eran parecidos aos de Barbantes e que os patagóns eran uns homes desprezables que non distinguían de viños.

En arte son naturalmente barrocos e impresionistas: prefiren a cor á liña, a escultura e arquitectura pintoresca, as combinacións patéticas ou grotescas das artes plásticas que chegan ao berro de dor ou da alegría. Un meu amigo dicía que se estaba desenrolando unha arquitectura *ché* do máis abominable: é certo. O tipo da casa labrega e da casa fidalga nas súas infinitas modalidades axustadas á maneira particular de cada terra está moi necesitada de defensa: pouco a pouco vai entrando no campo –a Galiza vital e o porvir da raza– un xénero de construción cidadá incómodo, cursi e feo. Os vellos pazos arruínanse, e menos mal cando quedan en poder do abandono, xa que as edras, os érbedos e os niños de mouchos son a fermosa decadencia dunha bela arquitectura, mentres os *balconcillos* de cemento, o *portland*, os materiais innobres significan, como deixou demostrado Ruskin, a morte total, o apagamento das sete lámpadas da arquitectura.

A vida da familia non é a soa na aldea; queda a vida de relación desenrolada nas operacións agrícolas –as mallas, as escasas, as

vendimas– e no adro da eirexa. A vida de sociedade do novo labrego está moi necesitada de que, por parte dos elementos galeguistas, se faga unha campaña para a súa melloración. Só acudindo entre eles poderían os nosos intelectuais nacionalistas facer unha boa sementeira, porque nela se forma a opinión pública da aldea. Tímida, covarde, imprecisa, esta opinión ten que ser mañá a forza e o miolo da Galiza futura.

Moitos máis aspectos da vida aldeá puidera desenvolver, mais non podo pasar en silencio o aspecto da relixión. Isto é moi delicado, moi difíciles de coller as súas características. O paisano en xeral ten un concepto fundamente politeísta da natureza e da vida. A súa devoción vai sempre encamiñada a fins inmediatos, rara vez chega a unha concepción da esencia da doutrina católica. Os cregos predican tódolos domingos e a igrexa-cemiterio é o punto central da parroquia, mais nos sermóns o que máis lles interesa é a parte histórica e simbólica da Escritura e das vidas dos Santos. Se someteramos un labrego intelixente a un verdadeiro exame dos Mandamentos –xa que ese é o cadro no que cristaliza a súa educación moral– chegaríamos a moi sorprendentes resultados. O rescate do pecado polo sacrificio equivalente á pena, a bondadosa consideración cara ao demo con toda a súa lexión de auxiliares, un certo escepticismo sobre a existencia do Purgatorio, unha intensa influencia da Providencia nos feitos agrícolas e sociais, figuran entre os caracteres que poderían estudarse nunha consideración atenta.

E remato. Cómpre que todos se afagan a pensar que só no cultivo da xente do campo está a formación dunha Galiza como a que desexamos tódolos verdadeiros fillos dela. A vida escasa, recollida, imperfecta das aldeas está necesitada dun amoroso coidado, dunha longa melloración chea de sacrificios e desesperanzas, mais que é un deber para nós.



12.

Máis alá!

Manuel Antonio / Álvaro Cebreiro

San Xoán, 1922

Sen pretensións de suficiencia doutoral nin de ningún outro xeito semellante, a rebeldía duns mozos galegos fai esta chamada á Mocidade intelectual da nosa Terra

I

O xesto

Non nos erguemos do xeito que o fan a maioría dos que noutras terras publican manifestos máis ou menos literarios.

Case todos eles tencionan recadar adeptos para algún novo «-ismo» que aparece querendo ser a derradeira verba da moderna Estética cando, en verdade, non son máis que unha nova proba de que un esnobismo operetesco invade a Literatura.

Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacábel contra os vellos.

Os vellos

Os vellos non son os que escribiron hai moitos anos –aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe como se vivisen no antonte dos séculos.

E a lei de sucesividade que nos fai respectar os devanceiros é a mesma que nos ergue e move para enterrar os vellos en vida, baixo a lousa inmóbil da súa vulgaridade, pola acefalia que supón o desexo de definir co pasado a hora de hoxe.

Esta gafualla, de ser leigada a si mesma, debera irse, por exemplo, a Madrid, metrópole peninsular da barbarie civilizada, onde a súa teimosía anti-cronolóxica encadraría moi ben, completando aquel ambiente de inferioridade. Pero é a nosa desgraza que non só non fan iso senón que aínda teñen o pretendemento, que en parte conseguen, de pasar por persoeiros da nosa cultura; e isto, con outras cousas máis, é o que non pode seguir sendo.

A nosa razón

Non é que nós adoezamos do tan estendido andazo de desbotar o vello por sistema e sen razón, cousa que se ve facer a miúdo ás xuventudes doutras terras. É que xa vai tendo carácter crónico a atrofia de sensibilidade na maioría dos que escriben en galego, e ameázanos o contaxio do pobo se non se atalla o mal.

Este contaxio arrepiante será unha realidade se a xeración galega que hoxe medra ao acougo das Irmandades Nacionalistas chega a tomar por mestres de sensibilidade os nosos «prestixios» literarios.

Tida en conta a importancia primordial que a Arte ten nos rexurdimentos raciais (miudean os movementos nacionalistas que comezan polo arredismo artístico) chegaremos a coidar se non fracasado, polo menos de remota eficacia o actual movemento rexurdente na Galicia se non se consegue un troque radical no aspecto da nosa Literatura. Porque é pretender andar cos pés

atados o tratar de libertarnos dos trabamentos externos sen facer denantes o mesmo coa podredume interior.

O ruralismo

Os nosos poetas, dende os precursores até os seus herdeiros actuais, non serviron máis que para embrutecer o noso sentimento. Esta verdade, espallada aos catro ventos, sería o verdadeiro comenzo da loita xeral galeguista. Porque o voluntario castramento espiritual e colectivo que supón na Galicia a existencia do caciquismo, da ignorancia, do renunciamento á vida e á dignidade, cómpre anulalo denantes que no terreo político-social, no senso estético.

Unha conciencia estética pura e enxebre é o primeiro paso da volta a nós mesmos. E o máximo crime de lesa patria é un verso dese xeito que pregoan as rás da lagoa académica querendo impor o seu anacrónico croar por riba de toda voz nova, ceibe e ceibista. Porque ese fato de eunucos literarios, de espírito choído e ateigado dunha declamatoria cursilería palabreira, son os que farán renegar de si mesmo a calquera bo galego de espírito amplo e depurado que coide ver neles «a alma da raza».

Mentres que tódalas culturas europeas foron erguendo de pouco tempo acó mausoleos de escuridade sobre ese xeito de mortos en vida, ¿que espectáculo é o que damos en Galicia?

Momias que fan esculturas á súa imaxe e semellanza. Mentres eles, cinguidos ao pasado, seguen cicelando estatuas feitas, fagamos nós, coas nosas inquedanzas, unha nova figura, grotesca quizais pero nova ao fin, para o retábulo dos tempos.

Os devanceiros

Diciamos no comenzo que respectabamos os devanceiros, pero queremos facer constar que non é nado este respecto nin na admiración nin na inferioridade nosa. Nós non admiramos a ningún nin nos coidamos inferiores a ningún. O noso respecto vén

de que eles non tiveron culpa de ter vivido nun tempo de choída incultura castelá.

Aínda que nos esforzásemos por atopar algo de bo nos «precursores», o noso traballo sería infrutoso.

Nós non podemos ollar sen carraxe o baixo e noxento ruralismo de Losada. Nin ese interese en converter o galego na fala intérprete de tódalas indecencias e vulgaridades que tiveron Losada e a maioría dos «mestres» menores. Nin a baldeirez verbalista, importación madrileña –e con isto xa se di todo– de Curros.

Non podemos prestar a nosa louvanza á socorrida e ridícula «pose» do falso romantismo, enfermidade de moda naquel tempo, que chegou a deslucir algunha das páxinas verdadeiramente nosas, grandes e persoais de Rosalía. Nin interesarnos polo estreito xeito de Pondal, que tan só puido ser un imperceptíbel eco da grandiosidade dos rumorosos e da maxestuosa paganía bárdica.

O herdo dos devanceiros redúcese pois a un exemplo de vontade e patriotismo, espido de toda eficacia literaria, como non sexa pola reacción que produce o desagrado.

II

“Pollitos bien”

Comezaremos invocando a Valle-Inclán.

Mestre: chamámoslle mestre por ser vostede o «maestro» da Xuventude imbécil de Galicia. Noso non; que, endebén, sabemos comparar a súa modernidade coa covardía do débil que tan só pode vivir facendo claudicantes concesións ao forte.

Non tería o seu nome acolleita nestas liñas se quixésemos tan só chamarlle aquilo. Pero ten que ser ao falar dese fato de cabezas focas, nenos «de foulard e de rubí», engaiolados polo innegábel

prestixio da prosa e da ridícula mentira dunha epopea aventureira que vostede, unha e outra, falsifican.

Sabemos que con intermedios himnarios ao Gran Pontifice da Baldeireza en traxe de festa («Este Gran D. Ramón...») entran a estrago pola fala meseteira –con gran desprestixio dela, por certo. Tamén sabemos que adoecen de imbecilidade, inxénita ou contaxiada, e que a vostede lle debemos o telos levado para «alá». Isto derradeiro é cousa que nunca ben lle agradeceremos.

Agora, o que quixeramos conseguir da súa incensada personalidade sería que intensificase a campaña castelanizante, porque nos arrepía o pensamento de que eles se coidasen chamados por estas nosas verbas de mocidade e chegase algún a desertar de «la lengua de Cervantes» para vir a baldeirar na nosa Fala as producións do seu serrín encefálico. Isto estaría moi mal. Mal para o castelán, idioma oficial da cursilería, que, polo mesmo, ten dereito a aquelas cousas; e mal para o galego, digno de moito mellor sorte.

E a vós, probiños mamaleites literarios, desexámosvos cordialmente que calquera día vos publiquen un verso na derradeira folla dunha desas indixentes revistas madrileñas, doada palestra dos vosos esforzos, que é o máximo desideratum voso.

Madrid precísavos para personaxes da súa opereta.

Tamén hai outros

Hai os que teñen algún valor e desméteno expresándose en castelán. A estes só queremos recomendarlles que escriban en catalán, inglés ou francés. Estranxeira por estranxeira, vale máis unha fala de Europa que a da Meseta.

Hai os galegos capacitados para vivir hoxe que, por rutina, seguen ollando para atrás. Porque agardamos a súa conversión, só queremos dicirlles que xa é hora.

Hai os dunha certa clase derradeira, dos cales abonda con... non falar deles.

III

Nós

Despois de ter dito que non traemos pretensións doutorais nin doutro xeito semellante, xa non cómpre dicir que estamos moi lonxe de querer impor ningunha concreta lexislación estética.

Cansos xa de percorrer camiños vellos e fracasados, temos renegado de todos eles; pero non queremos sinalar un camiño determinado. A nosa roita, nos primeiros pasos, quere tan só coñecer por onde non debemos ir: tódolos outros caminos poden ser nosos.

A Novidade que enxergamos é tan só un arredamento, un ceibamento do pasado sen a definición da súa resultanza, isto é, arbitrariamente persoal.

E aquí cómpre que manifestemos a falla de creto que nos merece a gran parte dos novos «movementos» literarios e artísticos, con ningún dos cales –enténdase ben– queremos que se trabuque a nosa rebeldía. Porque case todos eles esquecen unha daquelas dúas bases: ou son un negamento non só do pasado senón de tódolos tempos e tódalas cousas, dende o bo gusto até a razón máis rudimentosa, ou queren encadrar a estética actualista en dogmáticos preceptos, todo o novos que se queira pero pouco respectuosos, dende logo, coa anárquica dilección individual.

A fala

Tamén nós temos, aínda que noutra orde, os nosos imperativos, e comezamos pola máis agresiva intrasixencia na Fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas, que non sufrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que a emparedasen nun feixe de regras como quen garda un mito en sete uchas concéntricas, terá que ser unha fala de inmellorables posibilidades, porque o seu estado

ceibe permitiralle axeitarse a tódalas novidades, a tódolos variamentos porviristas que tome o noso gusto. E consentiralle o seu indeliñamento ser cicelado de xeito que ela sexa un instrumento do artista e non el escravo dela.

Pero hai aínda unha razón de orde suprema: a nosa Fala é nosa. Pospola a outra calquera é unha forma do suicidio.

Esta nosa exaltación do Verbo tamén quere dicir algo aos vellos e castelanizantes. Algún deses escribidores híbridos –bilingües, queremos dicir–, que fai da diteratura algo así como un deporte que favorece a dixestión, recada o galego cada vez que quere dicir unha estupidez moi grande, reservando o castelán para cando coidan («eles») que están en razón. A maximidade da devoción que temos pola nosa Fala pódelles dar a medida do desprezo que sentimos por eles.

Desbotando

Renegamos de mestres e dos seus consellos. Toda voz allea tende a escusar a nosa sinceridade, que é sagra porque é a nosa vida e debemos respectala a non ser desleigados a nós mesmos.

Renegamos da Lei e do Costume. Cada importa alleeira vén a roubarlle á nosa mocidade unha á.

Renegamos dos temas obrigados. É vergoñoso falar da escravitude da Terra mentres non se teña feito todo o que cómpre por anulala. O pranto e a elexía fixeron coidar aos alleos que somos un pobo de mulleres. Como bos cidadáns da futura República Galega, gardemos os nosos cantos patrióticos para o día en que deamos ao vento a súa bandeira e non poidan ser testemuñas da covardía e da mansedume.

A literatura paisaxista, ao xeito de fotografía iluminada con notas de turista burgués, é a maior caloña da nosa paisaxe, que aínda agarda a sensibilidade complexa do noso tempo para ser interpretada.

Renegamos de toda imitanza. A dos vellos en nome da Vida; a dos novos en nome da Novidade.

Individualismo

Consagramos a individualidade até o extremo de desexar que a definición de cada un de nós sexa unha verba: o seu propio nome.

IV

iMocidade!

Agora cómprevos dicir, mozos da nosa Terra, se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encarados co porvir.

Se queredes libertarvos do xerme da vellez e da morte. Se queredes adonarvos da vosa mocidade ou seguir sacrificándoa nun altar de Mitos e Fracasos.

Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos e afrontar nela unha peregrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño nos agarda unha voz que nos berra: *Máis alá!*



13. Verbo da prosa galega

Antón Lousada Diéguez

*Santiago de Compostela,
12 de maio, 1924*

Xa é sabido que a lingua galega, tan froitosa na súa literatura cancioneira, ten sido pouco traballada na prosa. Aínda facendo conta dos escritos que en prosa galega se fixeron dende o século XIII ao caer do XV, traducións os máis deles –coma os anacos atopados da *Partidas* do Rei Sabio, de *Crónicas*, da *Lenda áurea* e demais¹–, e sendo outras mostras testamentos, contratos, regras de Confrarías e Congregacións, o certo é que a prosa galega non tiña unha valoración quente de pensamento orixinal coa emotividade precisa para lle dar pulo a unha fala, enriquecéndoa

Discurso de ingreso do autor no Seminario de Estudos Galegos, lido co gallo da exposición Nós de Castelao en Santiago. Publicado postumamente na revista *Nós*, nº 73, Ourense, 15-1-1930.

1 Véxanse, entre outras, as novas que dá o Padre Atanasio López na páxina 30 dos seus *Estudios crítico-históricos de Galicia* [nota do autor].

con palabras e xiros ata chegar a ser tamén dona dos termos técnicos que decote andan na comunidade científica universal. Non sei se serei moi afouto ao dicir que se ten escrito en prosa galega máis no pouco que vai de século que en toda a vida da nosa fala². Lembrádevos da revista *A Nosa Terra*, do novo teatro en prosa tan xurdio co mestre Cotarelo, das publicacións de Céltiga, das novelas e mais da revista *Nós*, onde tanto e tan ben se traballou.

Non hai quen non saiba que a palabra musical, a literatura cancioneira, vai sempre camiño adiante da prosa, e que esta dá por feito un longo traballo da lingua e é expresión dunha cultura. Escadasí, a fala galega, despois da súa vida poética e do lume cultural do século XII, debería ter unha axeitada prosa enxebre. Deixo ese estudo para os esbigoadores da historia da literatura galega. O conto é que hoxe se sente un baleiro que é preciso encher.

Se é verdade a pobreza da nosa fala no terreo científico, non se pode dicir que ela teña unha orixe na pobreza do pensamento. O pensamento ten moitas manifestacións, todas grandes e dun valor humano. O pensamento galego tense clarexado con toda forza en manifestacións artísticas, pois non soamente a filosofía e a ciencia son concepcións do mundo e da vida, que tamén o son a arte dos escollidos e a arte do pobo. O desenvolvemento da ciencia e da filosofía é fillo de moitas circunstancias alleas que collen mellor a uns pobos que a outros e determinan neles un pensamento e un xeito de traballo. Non foron moi amorosas esas circunstancias para o pobo galego. Na Idade Media foron os conventos, foi Roma, foi o influxo dos seguidores árabes de Aristóteles, as escolas e as Universidades, os que deron movemento e interese ás especulacións científicas, e foi o latín ata moi mediada a Idade Nova o instrumento-lingua de que se valía a cultura.

2 Non se pode esquecer *A Tecedeira de Bonaval* do inmorrente López Ferreiro, novela-guía de prosa galega, publicada nas fins do século que pasou [nota do autor].

Xeograficamente Galiza estaba afastada e economicamente era un asento cativo para unha actividade que, aínda que semelle paradoxo, supón riquezas a oito.

Por moito que un pobo se afeccione a unha cultura, se esta ha ser traballada nunha fala allea seguindo os usos do tempo –coma no caso do latín–, non é difícil decatarse do retraso que ha levar o desenvolvemento da fala propia. Viñeron logo para a lingua galega tempos de contrariedade no asoballamento que impuxo o castelán co poder político e coa fuxida dos poderosos galegos, aguilloados polos praceres da cortesanía en derredor dos Reis. Dende entón acubillouse a nosa fala na humildanza das aldeas e dos pobriños como cousa cativa e de mal criados. Con todo, os gloriosos Feijóo e Sarmiento souberon ver toda a forza de vitalidade que latexaba naquela fala esmorecida e no pobo durmiñento. Se aqueles dous grandes homes non viviran baixo o alentar do ermo universalismo do século XVIII, teríamos hoxe ben cimentada de novo a prosa galega.

E xa estamos postos de cara ao problema da vitalidade das linguas e o valor da súa diversidade diante do universalismo da cultura. Todos sabemos que é un fondo degaro de moitos homes o chegar á unidade da fala no mundo, e que a ciencia camiña a esa unidade coa linguaxe matemática e co emprego das palabras técnicas, as mesmas para tódalas falas. ¿A que vén logo, dirase, o esforzo para avivecer e anovar nunha fala amortecida? Dous erros fundamentais, coido eu, hai na teoría universalista. O primeiro é ter a linguaxe por un instrumento para nos entendermos mellor uns homes cos outros, e o derradeiro erro é apoiar a importancia das falas no vocabulario, é dicir, nas palabras mesmas. Unha lingua é diante nada un instrumento para a acción, é unha expresión do pensamento cunha finalidade, e isto non do pensamento espido, senón cheo de sentimento, como nunha resposta afectiva ás chamadas do mundo exterior ou da conciencia propia.

Dous homes poden falar na mesma lingua e non se entenderen o un co outro nos seus pensamentos, mais as súas palabras decote servirán para que se entendan sobre dos feitos e das cousas. Ningunha idea xunta os homes tanto coma a igualdade de sentimentos. As palabras de por si non fan tanto unha lingua –e isto é ben claro– coma os xiros, as voltas, revoltas, floreos e mesturas das palabras mesmas, e dende logo a pronunciación, o xeito da fala, que é a ánima e arrecendor da lingua. Polo mesmo, hai e haberá linguas mortas e linguas vivas.

E despois de escribir o que vai dito, nun descanso leo periódicos e doume conta de que para moitos espíritos baleiros de sentimento a realidade non ten significado en ningures, e soamente os fan latexar as palabras vacías, as ideas mortas que nada din ao corazón, brétemas que amortallan o porvir. Ninguén pode dudar de que a ciencia é universal, e é máis que probábel a unidade da cultura humana como un desexo, e, ao longo, como un feito. Mais isto nada di para que non se traballe a ciencia e se faga cultura con instrumentos humanos, como son as linguas, que non serían humanos se non tivesen a variedade das manifestacións da psicoloxía do home, co seu diferente xeito de reaccionar diante do medio, tralas lembranzas e alumeado polos degaros.

Un ideal é tanto máis amplo para nós homes canta máis quentura de humanidade teña, quentura que dá un sentimento, pois un ideal non é a idea-esquema, é a idea viva, enfeitizada pola emoción. Así, pode ser un ideal pequeno a idea de fraternidade e pode ser un ideal máis grande ca o mundo o lle dar un bico a un vello podre que prega unha esmola. Os ideais non teñen medición, ou son ideais de forza viva ou son ideais mortos. Anovar a lingua galega será consecuencia dunha necesidade se esta necesidade ten a súa nacementa nun degaro de verdade, de ben e de beleza, nun degaro que mova o espírito cara ao esforzo e o sacrificio, levándoo se é posíbel a unha renacementa, que se é unha creación será a mellor

mostra do froito do sacrificio. Como Pascal, a xuventude galega de hoxe pode dicir aos homes de espírito doente: non nos preguntedes polas novas razóns. Non hai razóns frías para o sentimento, as labaradas do corazón teñen as súas razóns tamén, mais van acendidas por un fogo que as leva tan de présa que non dá tempo a un parrafeo, pois todo lle cómpre para a acción. Canta catividade leva en si a codia do pensar! Hai moita xente que non se decata de que se pode remedar o pensamento con palabras e estar ás portas do espírito, fóra do seu agarimo. Namentres os aires da Nosa Terra nos traían no seu zoar unha harmonía co falar dos homes que se mentan o pan e recollen o sangue da terra, namentres as lembranzas das nosas nais teñan o queixume do falar galego, namentres as vontades sintan o forte desexo dun máis alá, non se pode dubidar da necesidade da renacementa galega.

Deixei de ler os periódicos, e sigo camiño adiante.

Hai pouco tempo escribía Vicente Risco –un dos bos– sobre da superioridade das linguas virxes en comparanza das linguas traballadas. Mais iso soamente é comprensíbel para aqueles que se decaten do que hai de feitizo, de enerxía emocional acubillada nas falas do pobo. E eu quero que lembredes aquí o “Elogi de la paraula” do grande Joan Maragall. Tamén se ve así a dificultade do traballo escrito na prosa, onde para avivecer a palabra falla a musicalidade do verso e é preciso azoroñar por entre a fala para fuxir de todo o que está ermo e buído. Mais toda a dificultade do traballar unha fala, un escrito, se ve ben pagada polo que ten de creación, de rexurdimento do espírito que se acugula de enerxía humana, para espallar axiña os froitos ben madurados do pensamento, ou como as pólas ben cheas de sangue da árbore, bicadas polo sol da primavera, comezan a agromar.

A prosa galega é certo que tropeza moitas veces coa catividade do seu vocabulario. E isto é aínda tendo un tesouro nas nosas mans e ben preto de nós. Temos o tesouro do pobo, que non se aproveita

canto debiamos. O feito indiscutíbel é que a fala galega é enxebremente labrega, e as máis das palabras nosas son de labranza e de todo o que nas aldeas hai, e nos eidos, nas touzas, nas fragas ou nos montes. Mais isto é un feito na historia de tódalas falas. As palabras desenvólvense e collen significados novos de moitas maneiras. Na súa nacemento as máis das raíces de palabras tiñan unha significación *abstracta*: o latín *avis*, castelán *ave* e grego *oloyos* queren dicir “algunha cousa que voa”, e coma este hai centos de exemplos. Foi despois cando adquiriron os termos a significación *concreta* de hoxe. Pero onde collen as palabras a súa máis grande riqueza é nas metáforas. A calquera palabra, por ben labrega e ben enxebre que ela sexa, pódese dar un alto significado e levala da aldea á cidade, dunha corredeira á bioloxía, dunha ruada á filosofía. O termo *inzar* que os labregos empregan para significar como as raíces de certas árbores se estenden a eito e todo axiña, ou como certas herbas se espallan nun terreo, é unha palabra que tamén pode significar “o espallamento dunha idea”. E como en castelán se fala do *campo* ou *terreno* dunha ciencia podemos dicir en galego o *terreo* da Física ou da Análise. Coido que non cumpra amarear máis exemplos, e este termo *amarear exemplos* é un exemplo máis.

Son moitas as persoas sinxeliñas dos miolos coma os picariños —para non lles chamar parvas— que xulgan da nobreza e da crianza da nosa fala polas palabras aldeás que emprega e polos labregos que a sosteñen. Coma se tódolos días esas xentes *bien* non puxesen nos seus beizos malas palabras, moitas veces de orixe non tan limpa nin tan humana coma as palabras que cheiran á xesta e ao vento mareiro. E abonda de lavecadas. A fala galega ten dereito como tódalas linguas a facer colleita na linguaxe técnica, filla o máis dela das linguas clásicas, adoando as palabras ao seu mesmo xeito. Ningunha fala se chama pobre por facer tal achego.

Onde se ergue a máis grande dificultade é ao decatármonos de que moitos, levados por un costume e unha influencia polo de

agora inevitábel remoen o seu pensamento con verbas castelás que os libros e o ensino sementaron e afondaron, e ata a feitura do falar se afasta pouco a pouco do aire galego. Todos temos visto como se enfouza a prosa galega empregando a eito o verbo *haber* en tempos compostos dun xeito que non admite a gramática galega. E moitas veces fano os que falando en castelán empregan as formas galegas, cando nos mesmos defectos do seu falar castelán teñen unha boa guía. De conseguinte, ningunha cousa mellor para avivecer a nosa feiteira fala que o estudo da fala labrega e o estudo da gramática galega. E os que remexen na historia de Galiza poden dar o máis grande amparo ao rexurdimento da lingua traballando no vocabulario da prosa galega da Idade Media, fonte e deloiro ao mesmo tempo da nosa literatura.

Facer traducións ao galego de cousas que o merezan coído que é tamén abranguer riquezas e domear a fala adoándoa á diversidade dos pensamentos e das cuestións máis alleas. O exemplo que agora vos poño diante é unha tradución ao galego dun artigo de crítica filosófica³. Non é a primeira vez que o galego se achega aos eidos da filosofía e da ciencia. Johán Viqueira, o meu colega do Instituto da Coruña, coa súa forte cultura, ten traballado nese camiño. O meu outro colega que foi do Instituto de Ourense, Johan Aznar, fixo saír en *Nós* a súa tradución do tratado *Quod nihil scitur* do filósofo de Tui Francisco Sánchez cun estudo fermoso sobre do autor. Tamén nos artigos do Castelao –non fan falla as louvanzas– sobre a arte nova se atopan traducións de anacos de Platón e de estéticos de hoxe. Case non hai na dita revista *Nós* artigos do benemérito Risco en que a lingua galega non se estenda por novos e altos terreos. E así Otero Pedrayo e o Cuevillas na historia, e outros que fan alumear a esperanza.

3 O escrito constitúe un limiar á tradución dun texto filosófico, que non reproducimos.



14.

Da renacementa galega.

A evolución do galego e os seus críticos

Vicente Risco

Na lingua galega estase dando un fenómeno que se está dando a un tempo nos nosos días en toda a Europa coas linguas rehabilitadas: o *erse* ou irlandés, o finés, o checo, o lituano, o noruegués, o flamengo, o catalán. Este fenómeno é que estas linguas, que levaban séculos sen emprego oficial nin literario, ao entraren de novo en uso entre a xente científica e erudita, *evolucionan* á présa, anóvanse, transfórmanse, e moitas veces a lingua escrita arrédase algo da lingua que se fala.

Hai pouco facía notar este fenómeno, con respecto á súa lingua, un escritor catalán en *El Sol* de Madrid. Decía que o que faltaba de Cataluña algún tempo, aínda que non fora máis que medio ano, ao voltar atopaba que a súa fala era xa arcaica, pois naquel tempo o catalán tiña feito moito camiño. En moito menor escala, algo diso acontece tamén co galego, especialmente, claro

está, co galego que se escribe. Tamén evoluciona. E se evoluciona é porque ten vida. O sinal da vida é o movemento.

Tiña que acontecer así, porque o galego quedara reducido dende o século XV ao estado de lingua falada soamente, e pouco a pouco foi sendo botado das vilas e relegado á fala dos paisanos da aldea ou dos traballadores da vila, os cales aínda hai pouco emprincipiaban tamén a abandonalo. O galego, deste xeito, empobreceuse, un número inmenso de verbas galegas caeron en desuso, e a xente deixou non soamente de empregalas, senón de comprendelas. Grazas a que ficaban escritas nos documentos.

A renacementa do século pasado fixo moito polo rehabilitamento do galego, especialmente algúns escritores de relativamente pouco valor literario, pero que eran sabios e eruditos, coma López Ferreiro. Mais aquela renacementa foi pouco destemida; aqueles escritores raramente se atreveron a saír do puramente lírico ou humorístico, e para isto abondáballes coa lingua limitada dos paisanos, chea ademais de castelanismos. Ademais, non coñecían outra. A publicación de documentos da Idade Media, idade de ouro do galego, na *Galicia diplomática* de Bernardo Barreiro, nas publicacións de López Ferreiro e de Martínez Salazar principiaron tarde e facíanse moi pouco a pouco. Os *Cancioneiros* apenas eran coñecidos máis que polo publicado por de la Iglesia en *El idioma gallego*. A *Crónica Troiana* non se publicou ata 1900, a tradución galega do *Calixtino* ata 1918, e así co demais.

En troques, os que escribimos despois da publicación destes monumentos literarios dispomos dun léxico moitísimo máis rico que o dos nosos mestres do século XIX. Máis rico e máis puro. Para todos aqueles conceptos para que eles se ían ás verbas castelás, temos nós unha ou máis verbas galegas. Tamén nos cómpren, porque se os nosos mestres do XIX non empregaron o galego máis que na literatura, nós empregámolo para falarmos de ciencia, de filosofía, de economía, de historia, de política. Precisamos

por isto un caudal de verbas moito meirande que o que eles precisaban. Ademais, no estudo atento e concienzudo dos documentos cada día aparecen verbas novas, e o que é máis digno de nota, cada día aparecen tamén novas verbas vivas, empregadas polo pobo das aldeas, en lugares recuados, ou limitado o seu emprego a unha comarca, ou empregadas soamente xa polos derradeiros vellos dun lugar. Con todo isto, e coa mellor coñecencia das súas leis, da fonética, da gramática, da semántica e lexicografía, da construción da frase, o galego vai evolucionando e mellorando.

Hai quen non está conforme: escritores das vellas xeracións, algún escritor novo que lle dá por levar a contraria, algúns lectores que non comprenden ben máis que o galego que eles falan... As mesmas cousas que estes inimigos da evolución do galego din dos nosos escritores modernos, dixéronse na Finlandia do Profesor Snellman, e en Bohemia de Jungmann e de Safarik. Os seus argumentos, aquí e alén, son fillos da ignorancia. Hai pouco reproducía eses argumentos nun xornal de Madrid o gran humorista Julio Camba, que coido que non é ningunha autoridade científica, en filoloxía polo menos... Non deixa de ser curioso observar que para ridiculizar con exemplos o galego que hoxe se escribe utilizara Julio Camba tres erratas de imprenta...

Un dos seus argumentos, que é un argumento bastante vulgar (o humorista en xeral deféndese moito coa ideoloxía do vulgo: o humorismo é por vegadas inocencia finxida) é o de que o galego dos escritores de agora é *aportuguesado*. Non negarei que o aportuguesamento ten os seus defensores. Un deles é o poeta Victoriano Taibo, e mais este non semella nos seus versos aportuguesado, nin ninguén o acusou de tal. Tampouco negarei que no léxico empregado polos modernos escritores galegos haxa moitas verbas que pertencen tamén ao portugués culto. E non vai isto pasar, se galego e portugués son a mesma lingua?... Esas verbas que os nosos detractores coidan *só portuguesas* son *tamén galegas*;

son tan nosas coma dos portugueses e temos tanto dereito para empregalas coma eles tamén. O que acontece é que moitas desas verbas, os galegos deixaron de usalas, namentres que os portugueses as seguiron empregando. Todas esas verbas aparecen escritas en documentos galegos da Idade Media datados en Ourense, en Santiago, en Betanzos, en tódalas vilas de Galiza. Non son exclusivamente portuguesas, non son *lusitanismos*.

Outras verbas que os ignorantes desbotan son os *cultismos*, especialmente as verbas técnicas das ciencias e das artes, que lles non parecen enxebres. E claro que non o son; non o son no galego, nin no castelán, nin no francés, nin sequera no latín e no grego, de onde foron collidas. Esas verbas son patrimonio internacional, todos temos dereito a empregalas nas nosas falas respectivas, e o que é máis grave, non é doado prescindir delas. Aínda os alemáns, que as traducen, conservan a carón da verba súa a verba grega ou latina: *Sprachkunde* e *Philologie*, *Volkerkunde* e *Ethnologie*, etc.

Ben é certo que os escritores modernos non dan tino ningún a esas críticas. Non as discuten tan sequera. Teñen razón: á Verdade, para triunfar, abóndalle con mostrarse.



15. Sobre o tempo de hoxe

Ramón Otero Pedrayo

I

Se voltara ao mundo un home –un *clerc*– do tempo de San Bernaldo, coidaría que un fato de demos andaban soltos. Mais, de fixo, despois dunha miga de cavilación, non os temería demasiado. Corpos nus nas praias e nos montes, corpos coidados coma flores uns, outros coma fermosos animais de luxo. Unha Ética, unha Estética para razoar o triunfo do corpo. O *clerc* teólogo teríalle máis medo aos pecados do espírito. Non sabe que hoxe o espírito non peca porque perdeu a sensibilidade para as tentacións. Se a pantasma rexurdida fora a dun romántico, a súa dor quizais fora maior que a do asceta (tódolos *clercs* teñen unha mestura de ascetismo), sen dúbida porque o romántico se fía máis do elemento aparential. Hai un século teimábase en deixar decorrer baixo a luz do día e da lúa, baixo a luz da lámpada, a maior cantidade posible

da alma. Os homes de pensamento figuraban Prometeos comestos pola aguia do corpo, levaban escrita na fronte, no ollar, na maneira de camiñar, a contradición fundamental do home. Trazando coas mans no ar eses circos que hoxe nos parecen declamatorios, facían decorrer unha cantidade de espírito que os envolvía nunha atmosfera raiolante. De feito, cada un procuraba ir polo mundo envolto nun manto de alma, e como eses mantos se queiman deseguida, sacaban outros e outros ata semellar o seu vivir unha trágica danza de veos que remataba por matar o corpo desprezado. Hai moitas formas de render e vencer o corpo: o ascetismo e o seu contrario, a paixón desenrolada. A Idade Mística e a Romántica puxeron a porfía a quen mellor esquecía o corpo. As grandes penitencias e as grandes esmorgas –San Bernaldo e Byron– levaban por camiños diferentes un mesmo fin respecto do corpo, aínda que pensasen futuridades opostas.

Soamente fixamos os dous momentos ditos para mellor resaltar o tema do noso tempo de hoxe. Pois cando a historia chegue a suxeitar e superar a técnica dos seus materiais, será doado trazar as verdadeiras épocas da historia verdadeira, e teremos tempos de paralelismo no senso euclidiano e tempos de erguementos alternativos do espírito ou do corpo. Hoxe cruzamos un dos derradeiros, endexamais tan xustificado e sentido como a verdadeira arte do vivir.

II

Neste, ao igual que en tódolos problemas do mesmo xeito, hai que considerar o diferente ritmo das clases sociais. As máis altas impoñen a cada tempo unha fisionomía diferencial, namentres as baixas –paisanos, artesáns– prolongan un mesmo tema, o mesmo *substratum*, por baixo do xogo variable e sucesivo das de

enriba. Hoxe, no centro do triunfo do corpo esportivo ou sinxelamente ben mantido e folgado, os paisanos seguen desprezando o corpo. Cobren a nudez como unha vergoña, téñeno como un instrumento necesario que non é merecente de educación nin de aprecio maior do que demandan os bois de traballo. A forza e a saúde do corpo son para eles cousas naturais, instintivas, sen as que non se pode vivir, mais, como non as pensan, non lles conceden categoría superior. Polo corpo forte séntense escravos. Se foran febles e finos serían señores. Todo o aprecio se pon nas colleitas e no bo goberno da casa, que son froitos –espirituais en certa maneira– do traballo escravo do corpo. Apenas se pode imaxinar un labrego esportivo; nin sequera pasean polo gusto fisiolóxico de andar.

En conxunto, vén a ser a idea cristiá, a dos séculos XII e XIII por exemplo. Entón, as moitedumes vestidas de fatelos tecidos na casa axeonllábanse ao pé dos altares. Tempo de loita esgrevia de home contra home, de cidade contra cidade, loita da aldea co bosque, coa noite, co medo. Mais por riba de todo impera unha grande idea que se fai sentimento vital de todos. Ela guía as artes, os costumes, o vivir todo. O corpo, cousa noxenta, vergoñosa, que se non lava nin mima, é sentido dun xeito igual por señores e por servos. Saben como ten que podreecer para que fique ceibe outra cousa para gozar de Deus ou para sufrir no Inferno. O castigo da penitencia morde as carnes reais e as carnes plebeias. As revoltas do corpo, os banquetes de epopea, a sensualidade dos asaltos, o luxo das donas, polo mesmo que teñen de violento, sinalan que van contra unha lei. Ata as donas pintan, douran e procuran cubrir o corpo ata desfacerlle todo aspecto de nudez. Os pecadores buscan na artificiosidade minuciosa do tocado e do adorno un esquecemento do pecado de non atender, diante de nada, a alma.

Nun senso, o corpo e a alma distínguense en ser o primeiro algo fixo, demarcado, que se sabe ata onde chega, namentres a fluidez da alma non deixa determinala. Está nacente a cada instante,

enche o mundo sen se ver como non sexa nas súas obras, e de fixo enche o tempo tamén. Esta elemental diferenza foi pensada por tódolos pobos nunha escala infinda de maneiras. Nos séculos que se acostuma chamar Idade Media, as aristocracias coidaban non do corpo, senón do sangue, é dicir, dun elemento espiritual na realidade, pois ela garda e transmite a alma da familia, unha entidade superior diante da que non é ren o individuo fuxitivo. Esta idea foi o cerne das aristocracias. Procurábase unha euxenesia de carácter, non de corpo. Nos *sports* de entón o fito era mostrar valor, prudencia, constancia: virtudes. E tamén cortesía, outra virtude. A cortesía vén a ser un respecto, unha homenaxe para as almas. Por iso, cando se exerce nos pobres, nos enfermos, nos gafos, faise caridade que se dirixe ao consolo, non á curación, á alma, non ao corpo; ou se vai a este é preparando a mellor exaltación do espírito para cando chegue a hora desexada da morte.

Figura que o descubrimento do corpo debía ir de par co descubrimento da natureza, e non foi así. Para o home de espírito místico hai pecado na natureza, mais non ten comparanza co pecado do corpo. Deste só se aprecian as partes máis achegadas e máis cargadas de espírito: as mans e os pés dos santos sanguentos de estigmas, os ollos que deixan ver nos ceos e na terra a grandeza de Deus, o corazón, centro das virtudes, sempre perigoso, mais, coa axuda divina, triunfo da alma. A comida santifícase cunha oración, como pedindo dispensa polo pracer que deixa, e igual tódalas funcións corporais. Só o corpo espiritualizado, o menos corpo posible, é digno dunha relativa estimanza. Falamos denantes de tempos de paralelismo entre os dous factores e vén deseguida a lembranza de Grecia e do Renacemento. Mais estas cousas están de tal maneira envoltas en literatura, tiveron tan pouquiña realidade na xénese dos sentimentos modernos de hoxe, que será mellor non falar delas.

Agora a xente figura non vivir senón polo corpo. Endexamais se viu tan triunfador e rufo. É o froito lucente, zumoso, brillante,

sinxelo e nu dunha longa civilización. Figura lonxe da idea do pecado. O pecado pode chegar polo espírito. (Queremos dicir o pecado social. Do outro non nos atrevemos a falar, aínda que sospeitemos que se materializa cada vez máis.) A inversión é completa, radical, aínda con relación a un tempo non lonxano: ao 1830, ao 1870, por exemplo. Tampouco teimamos en sinalar se se trata de alborada ou de solpor, de nacemento ou de morte. Mais pedimos licenza de esculcar nalgunha das raíces do cambio.

III

E xorde unha palabra aquí coma en tódolos problemas sociais: burguesía. Figura estraño. A burguesía semellaba o máis lonxe da forza do corpo e do ar libre. As donas burguesas tapáronse moito. Imos con tempo. Os nados no derradeiro terzo do XIX levamos unha idea de burguesía incompleta, aínda que sexa verdadeira. Procurar un pouco de luz nos complexos sociais ten un só camiño: procurar unha determinante xeral. E neste caso a determinante non pode ser máis clara: burguesía, cidadanía, xente da vila, da cidade. A primeira xente que principiou a vivir para o corpo máis que para a alma.

Parece estraño que o culto do corpo dese principio no medio onde o corpo fai menos falla. No castelo e no agro, o corpo loitador ou traballador está sempre en xogo. No mostrador precísase máis habelencia que forza. O comercio desenvolve factores en certo senso espirituais, aínda que sexan de baixa, de epidermática espiritualidade. Mais o comercio crea unha fartura que non ten aplicación para a alma. Que lle importa o diñeiro ao espírito? O corpo mantense, come con traballo, o traballo do corpo queda santificado. O diñeiro érguese por riba das necesidades primeiras do corpo. O labrego da campía debulla unha cunca de castañas

con leite. Abóndalle. O mercador florentino xunta cartos e cartos; mercados con eles os alimentos e os traxes, aínda lle sobran. Que fará con eles? Non se poden rillar floríns nin serven para mantenza da alma. Hai que aplicalos a outra cousa: ao corpo. Mais nunha escala insospeitada, facendo do corpo un organismo de luxo. Pois primeiro foi a comodidade da casa e despois o triunfo do corpo.

Hai outra solución: gardar os cartos, crear un tesouro. Mais nin é xeral nin nos serve para a nosa tese. O avarento está ben clasificado na ética. O seu pecado é terrible. Se fora do corpo sería máis doadamente perdoado, mais é pecado do espírito, pois teima en encher o espírito cunha cousa noxenta, a única que Noso Señor non tocou endexamais cando baixou entre nós. Por iso a avaricia foi, sobre todo nos tempos en que se ollaba e apalpaba o diñeiro, un pecado de xente intelixente e de vellos. A experiencia ensináballes a forza do diñeiro e eles figurábanse ter no diñeiro encovado nunha parede unha especie de garantía, un poder *in potentia* que, por unha elegancia espiritual do dono, non se facía *in acto*, xa que todo acto significa unha perda e o avaro vive nun mundo seu, nalgún senso, ideal. O que acugula terras e castelos, o conqueridor, non é un avaro. Sempre pensa en levar unha lei, un goberno máis ou menos escuramente sentido.

O diñeiro nas vilas fíxose deseguida creador de comodidades, de egoísmos refinados. Foi o primeiro dereito que alcanzaron os burgueses: unha casa inviolable, unha extensión do corpo aínda servo, mais pronto a se redimir. Boa diferenza coa casa da aldea, aberta aos peregrinos e aos probes. Coma a casa do pai de Mistral, onde os señores comían na mesma mesa dos criados. Namentres as colleitas foron o signo da riqueza non era posible a formación da burguesía. Por moito tempo e con moitas variacións segundo as terras, a xente tivo tamén vergoña do seu diñeiro. Hai que ter en conta como nas burguesías xurdiu o sentimento liberal das ideas e de que xeito a educación antiga (humanidades, matemáticas) impu-

ña unha elegancia na súa ordenación de valores. Esa elegancia foi desaparecendo axiña. Aínda hai quince anos figuraba pouco fino tratar de diñeiro nas conversas dos cabaleiros, e a maior porción deles eran de cepa burguesa ou campesíña. Tamén cómpre notar este feito: hoxe cada día apártase máis a cidade do agro, e con tal afastamento medrou a potencia do diñeiro. O amolecemento xeral da sistemática antiga, o positivismo, a maior riqueza, o sentirse o home só responsable diante si, sen ter para se sufincar o nervio dunha idealidade superior, todas estas e outras causas –moitas, entrambilicadas, que aínda se non enxergan ben– foron erguendo o valor do individuo, garantido polas constitucións. Foise considerando o mundo mellor, máis quente, máis amable. Fuxían as grandes epidemias, multiplicábanse os praceres, o esforzo empezou a ser recompensado neste mundo. Entón sentiuse a importancia do corpo. Para disfrutar de tantos bens había que gardalo forte para un longo vivir. Foi un antropocentrismo máis forte que o antigo, que consideraba no home un espello de Deus.

IV

O proceso é longo, variable, matizado. Serían precisos moitos exemplos para ilustralo. O certo é que a xente xa non se coidou de ter o corpo escravizado. O fatelo romántico soamente deixa ceibes as partes fidalgas –a cabeza, as mans– e tende a domear o corpo, que non traduce fóra as súas formas senón formas impostas por unha idea. De aquí a elegancia *musical* do tempo, e de feito a música foi a mellor expresión romántica. O espírito deitaba polo mundo en mil fontes franqueadas. Claro que non hai que mesturar a rapaza que bebe vinagre e se derrete no balcón ao luar, coa paixón superior dos verdadeiros románticos. E, con todo, nesa rapaza *cursi* hai o signo do tempo: propende ao espírito, o mesmo que a dona

morta tísica polo corsé. O corsé foi maldizoado polos médicos, que eran case que todos positivistas: o corsé procura unha tradución no corpo da idea de alma lanzal, esguía, chama ardente ou crebado raio de luar nos lixos do vivir. Hoxe, o mesmo tipo social de rapaza anda co corpo solto e fártase de xamón, cervexa, chourizo de Pamplona e percebadas. Ata na aldea se nota este troque: hai doce anos unha muller coidábase avergoñada de beber un vaso de viño fóra dos xantares; facíalles mal, e, sobre todo, non *parecía ben, había que ter conta de si*. Hoxe debúllano nun decir *Xesús*.

Nas vilas hai instantes nos que se dubida se os sacramentos da Igrexa deitaron un pouco de graza sobre as greas de burgueses e burguesas. O burgués impón o seu tipo na carballeira humana das vilas, onde tamén medran moitas outras flores que se non precisan ao primeiro ollar. Traballan con fins utilitarios os médicos, os enxeñeiros, os negociantes, os escritores. Todos levan fartura material que asulaga os ollos en lixos noxentos. Enchen as igrexas e os locais das conferencias cun ser confiado que dá medo. As inquietudes paran na primeira cortiza sensitiva da alma. O burgués, dono do mundo, da cátedra e do laboratorio, é cauto coma un vello comerciante para non deixarse mermar unha frangulla de goce. Toda fidalguía figura desterrada da sociedade. Avergóñase dun traxe vello, dun parente pobre, dunha casa deixada. É certo que xa se baña acotío e ata ten os seus libros e as suas comedias ben purgadas de todo elemento que lle faga albiscar o terror –e a ledicia– metafísica. O mesmo desprezo pola política só quere dicir unha nova baixa de valor espiritual. Ata onde chega a ansia do corpo, ata alí se delimitan as actividades do espírito servo. Os vicios xa non teñen un carácter de rebeldía –¿contra que lei social?. Críanse os fillos fortes, nus, con tódalas regras hixiénicas, para que ao chegaren á mocidade non teñen máis arela que vivir ben e gañar diñeiro. Manda no mundo unha confianza completa. Coñécense tódolos camiños. Para que esculcar outras cousas?

Toda a paisaxe vai sendo o parque do burgués de corpo farto. Hai tamén, e vaise criando, a aristocracia esportiva. Sequera figura afastarse un pouco cara a un ideal de forma e de enerxía. Sequera no *sport*, o triunfo do corpo é claro, sen hipocresías, e garda un senso de xogo liberador (en aparencia). Pero o mozo esportivo de hoxe é o capitalista de mañá, e a alma vive erma, triste e escrava no corpo barrigudo do tendeiro e do indiano vomitado pola resaca atlántica, igual que no corpo fino do esportivo. A natureza –mar, aire, distancia– vólvese un *stadium* para os xogos do corpo esportivo, flor da burguesía e xordo a toda outra chamada. Os cadros nos museos, os edificios artísticos nos camiños dispóñense para proporcionar unha hora de descanso –sempre hai preto un restaurante, un tenis, un lugar consagrado– aos corpos triunfantes. Ata se organizan para facer casas de caridade e apartar das rúas o espectáculo dos doentes e dos pobres. A antiga simpatía –caridade– da alma pola alma trocouse no sentimento de vergoña ao ollar un corpo doente ou famento. Vergoña de que? Sería doada a demostración: dende logo, ningunha que poida obrigar a un sacrificio.

Falamos obxectivamente, sinalando feitos que todos poden sentir. Ademais, o burgués triunfante cóidase eterno e poida que o sexa. Vai adquirindo estrutura de rocha, de algo definitivo. Endexamais soñou con tanta gloria. Como a cultura –un escritor agudo, pois hai moitos burgueses agudos e intelixentes, dicía hai dous días: “cultura, flor de fisioloxía”– é necesaria para a extensión dos negocios, permítense o luxo, como de auga corrente, de estar ao corrente das ideas. Ben. Ata lles gustará moito *O porco de pé*, coidando atopar nel o retrato do veciño, pois o burgués ben esculcado segue disfrutando das envexas do tendeiro de aceite e vinagre, e ao enxeñeiro ou ao médico especialista tamén lle gusta botar un cuarto a espadas con tal de non se sacrificar máis do que lle pide o señor corpo triunfante. E, hai que decilo, podrecente.



16. O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura

Vicente Risco

Dende o comezo da renacementa galega —que todos imos convidando xa en chamar “era dos Precusores”— a tal día coma hoxe, chega a ser verdadeiramente inxente o de literatura —científica ou non, valiosa ou ruín— que se ten deitado encol do noso idioma. Pódese dicir que arredor deste tema andan tódalas porfías que se moven na nosa Terra e que teñen un carácter verdadeiramente substancial. Realmente, velaquí o punto central da polémica galeguista. Aquí é o campo de loita onde se atopan, para se asañaren unha coa outra, as dúas correntes: a vital e a antivital; o instinto suicida que leva a Galiza a desaparecer como pobo e a reacción salvadora que a quere espertar a unha nova vida. Así, hai unha primeira e fundamental porfía sobre se se debe falar e escribir o galego. É natural que os galegos suicidas —ou egoístas— digan que non, e que os galegos vitalistas, con abnegación patriótica

e humana, digan que sí. A xente decátase máis ou menos claramente da importancia do asunto e hai que convir en que segue estas proñias apaixonadamente. En efecto, trátase do asunto de máis vital importancia para un pobo, e a proba témola nos esforzos que levan feito e están facendo tódalas novas nacionalidades da Europa que a guerra ceibou da escravitude para rehabilitaren as súas linguas nacionais, porque saben moi ben que soamente coa lingua de seu poden ter unha cultura de seu, e soamente con cultura de seu poden facer figura no mundo, pois os pobos de cultura emprestada nin sequera pertencen á historia.

Do mesmo xeito que no home podemos considerar tres elementos –corpo, alma, espírito–, algo do que a psicoloxía escolástica chama “vida vexetativa, vida sensitiva e vida racional”, e con eles nunha estreita correspondencia, podemos considerar eses tres elementos nos pobos: ao corpo corresponde a terra, á alma corresponde a raza, ao espírito corresponde a lingua. *Geos, Ethnos, Logos*. A vivencia nunha terra xeográficamente caracterizada fai a un pobo consubstancial con ela pola cotiá comunión que dela recibe nos seus froitos de que se mantén, da auga que por ela decorre ou dela xorde e mata a súa sede, do ar que lle trae o cheiro dos campos, da visión repetida das formas naturais que se van calcando no seu pensamento como prototipos de tódalas outras formas que noutros lados poida ver, e que cada un de nós ha de ter que apreciar necesariamente coas da súa terra (asombra o pouco que se ten insistido neste influxo espiritual do medio xeográfico).

A alma, protoforma eterna da raza que vai no sangue, asegura a perpetuación dun tipo ou subtipo humano, no físico e no psíquico. Se moita é a persistencia dos estímulos do medio, pode que sexa máis aínda a do tipo específico de reacción vital a que chamamos *raza*. Spengler chama a este o “elemento sostén da sanguinidade” –que din os nosos paisanos–, elemento femia e maternal que abala no seu colo toda cultura enxebre e viva.

A fala é a forma necesaria do entendemento, o “elemento tabú” de Spengler, raíz da relixión e da ciencia, elemento macho e creador do que ven a mutación e o avance. Non hai creación sen pensamento nin pensamento sen palabra. Noutro senso diferente do relixioso, na vida do pensar e da cultura, é tamén verdadeiro o comenzo do Evanxeo de San Xoán: “In principium erat Verbum”. Pensar é certamente falar para contra si. Non hai diferenza entre o pensamento racional e a súa expresión. A fala e o pensamento son as dúas superficies da tona inmaterial que recobre a alma; a interior, o pensamento; a exterior, a fala. A ciencia, se cadra, non é máis que un xeito especial de nomear as cousas, unha nomenclatura. Por algo dicía Epicteto aquilo de «initium doctrinae sit consideratio nominis». Nomeadas as cousas, fican creados os conceptos e entre estes conceptos xa pode a ciencia establecer as relacións que coide precisas para explicar o mundo. Deste xeito, o mundo explícase pola palabra. Eis o poder inmenso das verbas, moito meirande aínda do que, dende outro lado, supuxo Edgar Poe no *Coloquio de Eiros e Charmión*.

Mais na fala hai aínda algo máis importante que as verbas; as verbas hérdanse. Eu estou arestora escribindo en galego, mais case tódalas verbas que estou empregando son latinas. Claro está que moitas destas verbas teñen para nós outro senso máis ou menos diferente do que tiñan para os romnaos que nos conquisaron e nolas trouxeron. Para facer o galego, os galaicos deitaron no latín unha alma moi diferente da alma dos romanos, porque a dos galaicos non era unha alma latina, era doutra “sanguinidade”: era a alma céltica. Por iso teño definido etnograficamente a Galicia como «o extremo meridional da Céltiga», do mesmo xeito que cómpre definila xeograficamente (igual que Bretaña, Gales, Irlanda) como un “Fisterre”. O espírito de Galiza é “románico”, mais non é “romano”, –por iso fixen eu a definición lingüística de Galiza dicindo que é “o extremo Occidente

da Romanía” (no vello mundo, claro está, e prescindido provisoriamente de América). E polo tanto non hai soamente entre o galego e o latín, súa lingua nai, unha diferenza pola evolución fonética das verbas e mais pola súa evolución semántica, senón que a hai moito meirande no xeito de enfialas, e non soamente a que vai dunha lingua de análise a unha lingua de síntese, senón aínda noutras moitas cousas que non soen andar polas gramáticas. Precisamente, o máis importante das linguas apenas agora escomenza a atraer a atención dos filólogos. E sinalo esta diferenza, embora por outra beira, en moitas cousas, estea o galego máis preto do latín que non outras linguas románicas.

E así como as verbas se herdán, estas diferenzas créanse e son as que denuncian o “xenio” do pobo que as creou, xenio que esas mesmas falas axudaron a formar. Porque se o pensamento se acha polo menos estreitamente condicionado pola linguaxe, tal como fala un pobo, así pensa: o pensamento encadéase, enfiase, escorrega pola canle que lle ofrecen as estruturas sintácticas herdadas dos antergos, e aínda as asociacións de ideas soen vir das relacións gramaticais, semánticas e ata, algunhas veces, fonéticas. De aquí a importancia da fala na formación do pensamento e da psicoloxía do pobo galego, e de aquí que a poñamos como terceiro elemento, o elemento máis espiritual, dígase cultural, da nosa vida.

[Historia do idioma galego]

Para vérmolo temos que nos meter na historia. Teño que repetir aquí que a min me parece —e non son eu soilo—, que hai datos dabondo para pensarmos que a romanización de Galiza foi serodia, e que se non debeu á acción do Imperio, senón á da Igrexa. Por moitas razóns que non son do caso, podemos afirmar que a influencia do Imperio na Galiza foi pequena, exercida soamente

ao longo das vías e nos centros de explotación mineira. Os galegos endexamais figuraron, coma os béticos ou coma os galos, na vida romana. Galiza era para Roma unha terra colonial non asimilada, recuada e bárbara, da que se referían cousas estrañas e prodixiosas. O cristianismo, en troques, entrou cedo e entrou fondo, inzou con forza, vizoso e louzán, abalou tremendamente as conciencias e produciu un estado cultural tan importante que permitiu un movemento dos espíritos de tanta consideración como foi o movemento priscilianista, un dos feitos culturais máis dignos de nota na nosa historia. Así, Galiza depredou o latín de camiño que depredaría o Evanxeo. Sendo tan serodia a romanización, ¿como desapareceu tan por completo a antiga fala céltica?. Igual pasou na pequena Bretaña, onde o céltico foi reimportado posteriormente. De modo e de maneira que o que se di o latín clásico, a fala culta da Roma imperial, pouca influencia puido ter no galego, ao que a influencia culta lle vén do latín baixo, especialmente eclesiástico. Por iso teño eu dito que o galego era “*homo infimae latinitatis*”.

Hai linguas “románicas” e hai arquitectura “románica”. Galiza é unha das terras máis características do románico. Está por facer o estudo en comparanza da nosa lingua e da nosa arquitectura, estudo que corresponde aos etnólogos, cuxa ciencia apenas comeza entre nós. Pódese adiantar dende logo que a lingua galega e a arte románica son formas culturais que se corresponden como versións da mesma linguaxe: o galego é o románico falado, e o románico é o galego escriturado en pedra.

O lapso histórico de crecemento do galego pódese dividir —coa inexactitude necesaria dos esquemas— en tres partes: un tempo “monacal” ata o século XII, un tempo “comunal” no XII e no XIII, e un tempo “feudal” no XIV e XV. Da influencia monacal na fala temos moito: o calendario cos nomes dos meses e das festas e a semana contada por feiras, falas, ditos e cántigas de orixe

litúrxica e aínda escolástica. E teño para min que esta íntima estrutura cristiá da fala e do pensamento galego é precisamente a que fai que os galegos non teñan sido endexamais fanáticos nin intolerantes, nin dun misticismo tan ríspito e case inhumano coma os casteláns, senón que profesasen sempre aquela relixiosidade asisada que Ruskin admiraba en San Martiño de Tours, santo por certo moi venerado na Galiza, e que foi o que ergueu o seu prestixio de piedade e sabenza en defensa da primeira vítima da intolerancia cristiá: o noso Prisciliano.

Do tempo das loitas comunais é o mellor da lírica galega: é o tempo dos *Cancioneiros*, onde se xuntan a lírica popular e a lírica cortesá. Temos xa a nosa lingua formada, traballada na vida libre das cidades e vilas comunais, onde a nobreza vai perdendo as súas bárbaras actitudes, apta para a expresión dos máis requintados sentimentos, mundializada por unha corrente europea constante, feita lingua de corte, de cabaleiros e de amores, lingua da cortesía por excelencia no Occidente da Península, como se ve nos ditos do Marqués de Santillana, lingua dun pobo que vai con querendo as súas liberdades, e cuxo ritmo vital camiña a présa.

En efecto, daquela, Galiza, falando a súa lingua, comeza a vivir unha cultura superior: a cultura comunal e cabaleiresca, cando aínda Castela vive as xestas semi-bárbaras do Cid Campeador, co cruel e groseiro episodio da carballeira de Corpes, por exemplo, e a dos *Sete Infantes de Lara*, co non menos brutal do cogombro cheo de sangue... Castela había recibir de Galicia máis adiante a lírica e a cortesía.

Todos terán notado que o galego, no medio do ruralismo a que máis adiante se viu reducido, conserva moito de cortesía, moito de lingua de reis, de cabaleiros e de homes bos, cidadáns libres das vilas aforadas. O galego, ergueito daquela a lingua hiperculta, ergueu o nivel moral e social do pobo que o falaba, e os galegos non perderon isto de todo. O paisano máis rústico ten

aínda expresións e modos da máis exquisita cortesía e frases tan poeticamente refeitas que chega a semellar o sobrevivente dunha cultura requintada e superior. É aínda un trobador espontáneo, que vive en parte no tempo dos Cancioneiros, de Afonso o Sabio e de don Denis. Ten o hábito da expresión culta, que refina e que educa. A brutalidade non existe nel como froito espontáneo; a súa fala, coma os seus costumes, degrádanse pouco e pouco por mediación dos centros castelanizados e castelanizantes.

No século XIV os reis da casa de Trastámara entregan Galiza a unha nobreza creada por eles —os novos ricos da Baixa Idade Media— e xorden casas poderosas: Andrades, Sarmentos, Ulloas, Pimenteles, Castros, etc., que fan aquí mangas e capirotos. O feudalismo recrúa e as liberdades comunais son asoballadas, os bens dos mosteiros usurpados, e comenza un case constante estado de guerra. Mais Galiza non por iso tornou á barbarie: a lingua e a cultura conserváronse, e quizais para exemplo e ensino dos novos señores, é daquela cando máis inza a literatura cabaleiresca franco-bretoa, e tradúcense do francés a *Crónica Troyana*, o *Lanzarote do Lago*, a *Demanda do Santa Graal*; do latín a *Crónica de Turpín*, e por fin, escíbese o *Amadís de Gaula*. E con elo, a prosa galega desprendeuse do estilo notarial das cartas e dos testamentos e apegouse ao idealismo céltico, do que se fixo atinada expresión nos romances que aínda se conservan.

Despois, a favor das loitas civís, xa se sabe o que pasou. O galego deixou de ser lingua oficial e dispois lingua literaria. Seguiu sendo, porén, a lingua falada por tódolos galegos de tódalas castes ata case mediados do século XIX. Aconteceu daquela un fenómeno lingüístico interesante: como observa Meyer-Lübke, as linguas románicas evolucionaron dende a invasión xermánica arredándose do latín e acentuando as súas peculiaridades, mais ao chegar o Renacemento iniciaron unha involución, unha regresión cara ao latín clásico, que se manifesta principalmente pola introdución

de cultismos, e, no castelán por exemplo, por unha tendencia á sintaxe latina e ao hipérbato, cuxo movemento en Castela comenza con Juan de Mena e chega ao cume con Góngora. Pois ben, este movemento regresivo, que atinxiu aínda un pouco ao catalán, polo mesmo tempo retrocedido no emprego oficial e literario, non atinxiu ao galego, que se ceibou del, aínda que a custo do seu empobrecemento.

De fins do XV a mediados do XIX, os poucos escritores galegos escribían case sempre en castelán ou en latín e o galego falado íase ruralizando cada vez máis. Mais en troques, os portugueses levaban a vella lingua dos Cancioneiros por todo o mundo, inzaban de nomes galegos o Atlántico, o Índico e o Pacífico, e escribíase na nosa fala o asombroso monumento d' *Os Lusíadas*. Grazas aos portugueses, un galego atopa o Mapamundi cheo de nomes familiares: *Natal, Ano Bom, Corisco, Porto Santo, Porto Novo, Mato Grosso, San Paulo, Boa Esperanza, Mascareñas*, etc. Portugal sostivo ata hoxe brillantemente a bandeira do ilustre romance occidental, namentres os galegos o deixaban esmorecer. De entón data a diferenciación, aínda hoxe ben pequena por sorte, entre o portugués e o galego. O portugués sufriu longamente a influencia neoclásica, o galego, en troques, conservou moitas formas enxebres que perdeu o portugués culto. Moitas destas formas volvémoslas atopar nos escritores portugueses que beberon a súa lingua do pobo, como acontece con Camilo Castello Branco.

Ademais de conservar formas arcaicas por desuso literario, o galego, reducido e todo ao emprego familiar e rural, tivo a virtude suprema de conservar o máis fundamental do espírito do noso pobo. No século XIX, desaparecido ata o nome de Reino de Galiza, o centralismo político e administrativo chegado ao uniformismo, a raza mesturada e en parte emigrada, a terra colonizada por metecos soberbios que se sabían os amos, a fala foi o único expoñente da personalidade da nosa Terra, a fala era a que nos

daba estado do pobo, o que é dicir, diante da xustiza eterna, estado xurídico potencial...

Así e todo, a antiga lingua da corte e da cortesía ficaba reducida a ser unha lingua proletaria, polo cal a burguesía galega emprincipiaba a abandonala. Houbo un tempo en que aínda a falaban entre eles, mais aos fillos falábanlles en castelán... Sendo eu de ben poucos anos, un señor acusoume aos meus pais por ir falando galego con outros rapaces nun paseo con música no Xardín do Posío. Semella milagre que o galego resistise a unha hostilidade tan asañada, combatido na casa, na escola, na igrexa, no xornal, no libro, no casino, no rótulo, no documento, no teatro, na oficina, na sala de xustiza, no cuartel, no comercio, na emigración. “Cristo das linguas” chamoulle Curros Enríquez: efectivamente, ningunha outra sufriu tan longa, dorosa e cruel Paixón sen chegar á Morte. Con moito menos, morreu o irlandés na maior parte da Ínsula. Mais os saíóns e verdugos da nosa fala contaban con tódalas forzas humanas e aínda con forzas endiañadas. Non sei se co Demo e coa Carne –aínda que de seguro que si–, mais co Mundo si que contaban. Pero non contaban con Deus.

[Cabo]

O galego, e o galego soamente, é o que conservou a personalidade, máis aínda, o “ser” de Galiza. Se hoxe Galiza vive e ten como pobo –non coma grea de homes multitudinar e sen conciencia, coma os fatos de ovellas– un porvir diante e unha misión histórica, é soamente por ter unha fala de seu.

Unha fala de seu, con tradición literaria –e aínda que non a tivera– e polo tanto con posibilidade de creación cultural diferenciada, ou sexa: unha voz digna de ser ouvida no mundo. Lingua máis que irmá da portuguesa, que falan moitos millóns de homes

no mundo, que comparte co castelán a América do Sur e compite co inglés en moitas terras de África e da India e da Oceanía, e que aínda puidera máis se nós quixeramos.

Non soamente a lingua nos conservou a personalidade, senón a psicoloxía. Lingua doce e donda, con certo predominio das vogais, con grande riqueza fonética, de entoación musical, doada para a expresión dos estados afectivos, sumamente analítica, con gran facilidade para a formanza de verbas novas, con moita riqueza de frases, de metáforas e comparanzas tradicionais, resulta unha fala moi culta aínda nos beizos das clases inferiores. Nela viven o idealismo, o senso crítico, a prudencia, o siso, os afectos familiares, o afinamento na terra, a saudade, a cortesía, a familiaridade, tódalas virtudes dunha raza que, digan o que queiran, non ten outras chatas que a esaxeración mesma desas virtudes. O que hai é que non cortarlle o pulo e deixala manifestar tal e coma é. O que hai é que combater a hipocresía que a fai expresarse en lingua allea.

O galego foi sempre e é agora mesmo unha lingua esencialmente educadora, suxestiva, formadora do espírito. Se os galegos houberan sido educados nela, hoxe serían un dos pobos máis cultos da Europa. Isto débese principalmente ao seu ton afectivo. Mais o seu valor como lingua filosófica, e aínda científica, é cousa que agora se escomenza a ver, e aquí, no meu pensar, a cousa está en non ser unha lingua gastada coma outras, e polo tanto, traducir mellor certos matices inéditos do pensamento. A filosofía, a ciencia, singularmente as ciencias do espírito — historia, dereito, socioloxía, etc. — que se fagan en galego, han ter, pola virtude do idioma, unha atinada novidade.

Por fin, é va pretensión que nun artigo queiramos atacar tódolos puntos que para o seu desenvolvemento precisarían un libro. Abonda polo tanto que deamos remate coa conclusión de que se é moito, case todo, o que Galiza lle debe á súa lingua, é moito máis o que lle pode deber aínda.



17.

Romantismo.

[Unha esculca nas súas orixes]

Ramón Otero Pedrayo

Do discurso de ingreso na Real Academia Galega.

A Coruña, 9 de decembro, 1929

I. [O romantismo]

Cando un día do 1792 o ministro Roland se presentou diante de Lois XVI cun traxe de rúa e sen fibelas nos zapatos, o Mestre de Cerimonias ergueu as mans ao ceo pensando con terror: “Todo está perdido!”. Todo estaba cambiado, comenta Hippolyte Taine. A Revolución política encubría nos espíritos outra revolución máis fonda e completa. Chamarémoslle, polo pronto, *revolución*, aínda que non sexa a verba mellor apropiada. Foina en comparanza coas xerarquías reinantes ata entón na arte, na filosofía, na vida.

Primeiro capítulo da obra *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra* en *Nicomedes Pastor Díaz, Rosalía e Pondal*. Santiago: Nós, 1931, 11-43. Esta obra, aparecida en 1931, constitúe unha versión ampliada do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, pronunciado en 1929.

Unha nova visión das cousas, outro sentimento dos problemas eternos, esperanzado e dono do porvir, mais ao tempo alimentado por augas inmorredoiras en afundidas capas psicolóxicas, e en moitos aspectos contrario ás arelas da transformación política.

Non é doado definir nin demarcar o Romantismo. A materia espiritual, ao igual da materia cósmica, non sempre cristaliza en lucentes e ordenados sistemas de soles e planetas. Vaga, cambiante, vivente, orixinaria, insospeitada, non se presta ás clasificacións. Dividida e demarcada en escolas, en tempos, en patriarcados, figura morrer, coma as rochas arrincadas do monte ou as herbiñas dos campos murchas e etiquetadas nos herbarios. Nin a filosofía, nin a arte, nin sequera a ciencia se queren acomodar nos rexos cadros que pretende trazar a sistemática da intelixencia. A doutrina das primeiras páxinas de *L'Evolution créatrice* de Bergson aparece certa e xusta se se consideran as obras ceibes do espírito. Por iso nós somos inimigos dos prólogos, das críticas e da historia literaria en canto saia do puro estado obxectivo. Que sabe un home de si mesmo? Quen se analizar, séntese morrer ou polo menos experimentase limitado, pois toda clasificación vén por natureza *a posteriori* e non opera sobre a vida, senón sobre un rastro, quizais mentireiro, sempre insuficiente, deixado pola vida.

Aínda nas artes e nas letras do pensamento que se acostuma chamar *clásico* non é doada a fixación dos caracteres. Hai, sen dúbida, nel unha xerarquía ordenada de valores, unhas poucas doutrinas e personalidades organizan as forzas do espírito. Hai un eixo de autoridade volta en tradición, unha evidencia central e raiolante, unha disciplina que soamente consente lixeiras desviacións. Triunfa a luz sobre a penumbra, a cor sobre o matiz. As variacións non encobren un só instante o sereno desenvolvemento dos temas da sinfonía. Por isto, pódese admitir, relativamente, unha historia das letras francesas no século dezasete, por exemplo –e non hai exemplo máis claro e preciso. Con todo, se chegamos polos

camiños do estudo intenso, da simpatía, da evocación, a escudriñar a alma daqueles escritores, quedaremos sorprendidos pola súa variedade, ata pola súa trágica contradición. Por baixo da linguaxe das verbas e da segura arquitectura ideolóxica, latexa a vibración individual. O desespero, unha saudade, un reloucar de vida tola, un sorrir ou un matiz de pensamento traizo a as prosas máis conscientemente equilibradas, os alexandrinos mellor pensados *sub specie aeternitatis*. Toda a lóxica de Port-Royal non foi bastante, nin coa axuda da Matemática, para pechar o abismo pascaliano, angustioso e atraente. Debúxase unha forma de home apaixonado no solemne pregue do manto episcopal de Bossuet. Un pouco do doce e temeroso misterio órfico presta feitizo de arelas inconqueridas á traxedia raciniana, como a infinda paixón gótica dinamiza as páxinas douradas de Fénelon. As perrucas e as casacas tamén vestían homes contraditorios, en loita consigo mesmos, tráxicos cotiáns, a pesar da seguridade dos conceptos básicos.

No Romanticismo fracasa toda clasificación por escolas. Unha determinación cronolóxica xustifícase en parte. Pois o Romanticismo significa, xa ao primeiro ollar, o triunfo dos valores de movemento sobre os valores de estabilidade, segundo escribe certamente Albert Thibaudet falando do Romanticismo filosófico. E xa que lembramos un autor francés dos modernos, non deixaremos de aproveitar as ideas de Paul Valéry. Hoxe Francia dedícase a estudar dun xeito novo o seu pasado espiritual grazas a un admirable renacemento filosófico. Onde a historia literaria demora na superficie, a investigación filosófica, o severo método do pensamento, chega a coller no cerne vivo un pouco das cousas e das direccións. Despois de todo, a salvadora e común arela de tódalas ciencias non pode ser outra senón chegámonos o máis posible ao íntimo misterio das almas.

Coidamos que Paul Valéry fixou dunha maneira indiscutible a posición do pensamento clasicista nun ensaio sobre Descartes, por desgraza non rematado. Nos poucos anacos publicados di,

tratando do *Discurso do método*: “Unha lingua orgullosa e familiar fainos sensibles e claras as vontades esenciais e as actitudes xerais a tódolos homes de reflexión, de xeito que resulta menos unha obra mestra de semellanza ou de verosimilitude, que unha especie de presenza real alimentada da nosa: nada de aparencias escolásticas, nada que non sexa do ton interior máis sinxelo e humano, apenas máis preciso que a natureza...” Descartes asegura a primacía do Universal. Foi matemático, matemático euclidiano. Por algo a matemática chegou a ser unha lingua universal e como tal non suficiente senón para recibir un conxunto de ideas xerais, as precisas para se entenderen os homes na aplicación da intelixencia á vida. Puidéramos dicir que aquel senso quere dicir a tona xeral dos espíritos, indiferente á súa intensa diversidade infinda e sutil. Engade Valéry de que xeito teima Descartes en “que nós atopemos en nós o mesmo que el sentía en si propio”. Pois en Descartes cristaliza a fórmula filosófica do Clasicismo.

Na filosofía anterior e posterior, escoitando con tino o diálogo inmorrente dos pensadores, poderíamos, se estivésemos capacitados para elo, precisar a fórmula vital do Romantismo. Non quixemos dicir *a fórmula* senón *as fórmulas*: elásticas, provisionais, incompletas, mais todas elas importantes para chegar o máis preto posible do cerne latexante do problema. Para dicilo en termos consagrados: realismo e nominalismo valorizan os sentidos contrarios de Clasicismo e Romantismo. A Antigüidade foi realista. Polo menos a porción dela que influíu dunha maneira xeral e visible. Ideas platónicas, teoría aristotélica do coñecemento. As ideas son universais coma os xéneros e as especies: todo saber posible ten que ser universal. O sentimento cristián da inmortalidade loita contra a doutrina antiga, mais cústalle grande esforzo triunfar dela.

Considerada en conxunto, a filosofía central da Idade Media figura dun sólido realismo: Alberto Magno, Santo Tomé aparentan

encher todo o espazo do pensamento. Mais outras forzas novas, ledas, ansiosas do porvir, formiguexan na unidade católica. Nelas nacen os xermes esperanzados da filosofía moderna. Duns Scoto e William de Occam son nominalistas, a inmortalidade e a liberdade sufincan os seus sistemas de pensamento. Cada acto divino de creación crea algo particular, único, incomparable. Nisto loce a verdadeira grandeza de Deus. É digno de se notar o feito, non casual, de que os franciscanos fosen, en conxunto, nominalistas, seguindo aquel ardente amor da Natureza –á auga, ás aves, ao lobo, ás flores, ás anduriñas, á cinsa e ata á doenza e á morte– e aquela certa aplicación do valor do espírito de cada individuo que foi propia do santiño de Asís.

Os homes de entón aínda non pensaban que a natureza estivese escrita “en lingua matemática”, segundo despois escribía Galileo. Para os nominalistas a fermosa harmonía do mundo remanece da súa intensa e necesaria variedade. Hoxe gábase con xustiza a función da chamada “escolástica decadente”, época de apaixonado esforzo e orixinalidade na que se procuran as fontes do pensamento filosófico moderno. O mellor do Renacemento, o que del viviu, non foi precisamente o que teña de reflexo da Antigüidade. O pensamento camiña por outros vieiros. Con Leibniz organízase o individualismo como vivir dominador da filosofía futura: para Leibniz o universal non ten existencia, pois toda posibilidade soamente no individual pode realizarse.

Poderá figurar baleira esta lembranza, apenas indicada, dun dos conflitos básicos da filosofía. Nós considerámola urxente, pois o Romantismo triunfa –mellor, xa nace– baixo o signo da individualidade. Quizais sexa o só concepto que abrangue o conxunto das súas variadas e ás veces contrarias arelas. Mais aquí chegamos a un instante dificultoso. Cando xorde o Romantismo? Teimar en definilo sería comprendelo.

II. [O romantismo francés]

O Romantismo que mais influíu na transformación das literaturas peninsulares da Iberia foi sen dúbida o francés. O seu reinado exterior pódese establecer doadamente. No 1800 Madame de Staël publica o seu libro *De la Littérature*. A autora, formada por Richardson, Rousseau e Goethe, debía ben pouco ás dúas literaturas imperantes: a da antigüidade clásica e mais a francesa do século XVII. Dous clasicismos, dúas escolas de sólida universalidade. No 1801 sae un libriño pequeno: *Atala*. Chateaubriand conta nas súas memorias o éxito insospeitado. París, aínda pálido de revolución e de heroísmo, sentiu de súpeto unha nova emoción. O autor, isolado por raza e carácter –o peregrino das soidades do Novo Mundo–, tiña que fuxir dos aplausos do público e refuxiarse en calquera café –os futuros cafés da bohemia– para soñar na paisaxe interior, poboada polas formas fuxitivas da grande paixón céltica coma as landas nativas da Armórica. O ano seguinte viría *O xenio do cristianismo*, posto á venda o día mesmo da firma do Concordato, cando as igrexas se estraban de novas flores de esperanza.

Outras datas dispensarannos de longos comentarios: 1820 *Méditations* de Lamartine, 1822 *Poèmes* de Alfred de Vigny, *Odas* de Victor Hugo –aínda clásicas na forma– e un folletino de fonda novidade, *Racine et Shakespeare*, de Stendhal, un home raro, pouco clasificable, fino analista, epicúreo requintado, viaxeiro extraño de terras e de ideas, prisioneiro da fermosura dunha cidade coma da fermosura dunha muller: de Milán, que é morena, como Venecia é loira. A patria escolleita por Stendhal non pode ser máis contraria á significanza do xenio francés do XVII: gótica e comunal, ardente e pálida, aínda tiña un pouco da fonda lonxanía de Leonardo. En xeral, o clasicismo non se comprende na Italia, a pesar da sombra das cúpulas romanas e renacentes. Stendhal,

daquela, tiña moito escrito e pouco publicado. Loitaba para formarse un *ego* orixinal, fóra do tempo e proxectado cara ao porvir. Mais o folleto *Racine et Shakespeare* foi o primeiro manifesto romántico. Hai nel Rousseau e XVIII francés, tempo alumado por constelacións do norte. Segundo Stendhal, o aburrimiento é o signo eminente do clasicismo.

1825: o primeiro cenáculo romántico no salón do Arsenal arredor de Charles Nodier. O salón era unha biblioteca, Nodier un erudito bibliófilo, un humanista cheo de paixón por novas formas de beleza. Michelet definiuno: “le chercheur infatigable de nôtre vieille littérature, le hardi precurseur de la nouvelle”. As fiestras franqueábanse nunha paisaxe de arquitecturas góticas – a Santa Capela, Nôtre Dâme – talladas en espírito, simbólicas, botando sombras saudosas sobre do Sena. No solpor, unha dona de trenzas negras, de palidez lunar, interpretaba ao piano composicións xermánicas: lonxanías de selva de Bach, sonatas apaixonadas de Beethoven. Na Abadía dos Bosques, outra tertulia. Presidía a branca testa ergueita e melancólica de Chateaubriand un círculo de donas criadas en Saint-Denis, aínda trementes do horror da guillotina e do desterro, e algúns mozos aristócratas namorados da epopea francesa da *Gesta Dei* e da morte de Roldán e do Imperante da barba florida. Unha musa – Madame de Récamier – brillaba na reunión coma unha estrela entre ruínas. No salón de Charles Nodier as testas novas, que non viran a Revolución, creaban con alegrías e angustias todo un mundo latexante de futuridade. Alfred de Vigny, os irmáns Deschamps, Victor Hugo, Sainte-Beuve, Delacroix, Alfred de Musset, quen di da reunión: “Alors, dans la grande boutique / romantique, / chacun avait, maître ou garçon / sa chanson”.

A noite do 25 de febreiro do 1830, *Hernani* no Teatro Francés, a Bastilla do século XVII, o bastión dos Faubourg e da Academia. Na estrea bulían Théophile Gautier co seu chaleco roxo

e Gérard de Nerval, que despois de apurar a copa do Rei de Thule non tremeu diante a copa do suicidio, chea dun licor ben diferente do que bebeu Sócrates. O mal do século, amor da Soidade.

Idade Media, Oriente, España, Paixón e Morte, mares dos viquingos, selva infinda e resoante da liberdade dos pobos, canción popular, tráxico pracer do pensamento diante do atraente misterio do ser, xogo ceibe das formas artísticas, melancolía de rapaces, paixón da inmortalidade, historia sentida como un dinamismo, meditación sostida arredor da intuición dominadora... Quen sería capaz de precisar tódalas direccións do Romantismo? É mellor quedarse cunha fórmula, xusta aínda que demasiado xeral: unha arte lírica. Individual. Egocéntrica. Quen desexe entrar no íntimo do vivir romántico non coido que escolla mellor guía que a obra dun pintor: Delacroix. Mellor que nos cadros –nun tempo escándalo dos museos–, naquel *Diario* seguido con coidado, con esperta curiosidade interior, con fina sensibilidade do mundo.

O Romantismo francés tamén morreu en parte por se facer doutrinario, vulgar imitador, cando naufragou na sensibilidade burguesa e no desencanto do tempo político. Mais non cómpre esquecerse das noites da *rue de Rome* baixo o patriarcado de Stéphane Mallarmé (“De l’éternel azur la sublime ironie” ...arela romántica inconfesada) nin de que Gustave Flaubert lía cada mañá unha prosa de Chateaubriand, nin das peregrinaxes de Rimbaud nin de Verlaine. Nin esquecer de que xeito hoxe, dende a cátedra de Henry Bergson ata a *Arte poética* de André Breton, hai unha loita contra o senso positivo e naturalista, contra a que puideramos chamar *clasicidade* do derradeiro terzo do XIX, paralela á levada polos vellos románticos debeladores da forte xerarquía dos modelos inmutables.

III. [As orixes]

É curiosa, é significativa a posición de moitos críticos e historiadores franceses –todo francés, máis ou menos conscientemente, sente a saudade dun equilibrio, dunha medida que el coída salvadores– cando tratan o problema das orixes do seu Romanticismo. Algúns, aínda gloriándose do brillante esplendor atinxido, confesan con facilidade a orixe estranxeira do movemento. Louis Reynaud escribe: “...au XVIII et au XIX siècle, il s’est passé chez nous un drame intellectuel dont il serait difficile d’exagérer l’importance. Nôtre littérature a, pour ainsi parler, changé d’âme... Nous voudrions déterminer la part qu’ont prise á cette révolution les littératures de l’Angleterre et de l’Allemagne”.

Aquí pódese observar como o agarimo gustoso e sereno do xardín de buxos e mármore, estorbando o sentimento do grande bosque antigo sempre novamente agromado, aparta ás veces da valoración das orixes. Os que sosteñen que a Francia do XVII –orde, disciplina, razón, fundadas na antigüidade romana e no Catolicismo: Versailles– encarna o ser esencial da Francia esquecen, alumeados por un esplendor quizais único, moitos períodos da espiritualidade francesa e, dende logo, as súas orixes. Aquí tería actualidade a vella discusión sobre do predominio celta ou latino na cultura das Galias. A frase de Reynaud non se entende ben. Soa a estraño. Pois, ¿como pode cambiar de alma unha literatura? O fondo céltico, o xermano, os carolinxios, a igrexa de Saint Denis, a *Chanson de Roland*, o ar da Illa de Francia, a Universidade de Abelardo e de Occam, as rexións co seu espírito, Rabelais, a Pléyade e moitos máis elementos vitais que despertaron ao soar a chamada do Romanticismo, o luar céltico e xermánico, non se perderon entre as oxivas esboroadas das ruínas. As voces de fóra foron seguidas porque traían un acento irmán.

Outra idea brillantemente exposta e repetida fai de Rousseau a fonte do Romantismo. Sobre todo do Rousseau da *Nouvelle Héloïse*, das *Confessions* e das *Promenades*. En moitos aspectos, todo o Romantismo garda o ronsel da morbidez espiritual e da íntima traxedia rousseauniana, mais o principiar da sensibilidade romántica moderna débese procurar denantes. Dicimos *moderna*, pois a análise, aínda que non pase da tona dos feitos, ten que considerar dúas especies históricas, mellor, dúas vibracións da mesma orixe e só de diferente lonxitude e acento: unha racial, étnica, inconsciente; outra, individual, culta consciente, requintada. Poesía de pobos e poesía de poetas. Vaga e sempre presente sensibilidade cósmica e outra sensibilidade multiplicada segundo o xenio de cada temperamento de artista. A primeira vive ás veces por debaixo da historia aparential nos pobos da grande familia atlántica, particularmente nos pobos de raza céltica.

Vicente Risco e mais Euxenio Montes teñen pensado o Romantismo como un fenómeno céltico. A teoría, merecente dun longo desenvolvemento, non figura propia deste traballo, mais quen sería dono de resistir a súa fonda suxestión? *Na alma galega sentimos todos a presenza dun eixe vital inmorredoiro que nos dá a nosa forma espiritual e nos diferencia das outras xentes habitadoras da Iberia*. Esta visión céltica do mundo xorde, para quen saiba esculcar, en tódalas enxebres manifestacións do espírito galego: dende as latricadas dos labregos arredor do fogar, os temas ornamentais que un albanel debuxa nas pedras dun cabaceiro ou a maneira de se agruparen as mulleres na praza cando agardan, no serán bretemoso, o regreso das dornas, ata a instrumentación que fai Mateo dos temas teolóxicos no Pórtico da Gloria ou o ritmo íntimo dos versos dos cancioneiros ou as afinidades filosóficas dos pensadores galegos. Por algo os poetas e historiadores do tempo romántico espertaron a conciencia do verdadeiro ser da Galiza. Entón o traballo arqueolóxico non pasaba apenas

dos marcos romanos, os estudos etnográficos non adquiriran o desenrolo de hoxe, un pasado episódico aínda botaba sombras noxentas de onte tiránico sobre a interpretación da historia, da arte, do dereito, da xeografía humana, da fala, do tema de Galiza. Eles adiviñaron certamente porque tiñan ollos para considerar a conciencia galega. Anoaron o *leit-motif* crebado, souberon procurar as correntes escondidas do río histórico, fluente e rumoroso, da nosa personalidade. O Romantismo estranxeiro fixolles atopar un sentido galego do vivir. Hoxe, as ciencias mellor artelladas confirman o xenial sentir dos Precusores.

Consideremos un instante o mapa espiritual da Europa cando se afirmaban, como os piares dunha ponte, os sufincos do Imperio Romano. O sul luminoso, ondeando arredor do Mediterráneo, o mar que estende as súas dúas azas de aguia no centro do vello mundo: unha acubillando a cultura grega, outra a cultura latina. Un mundo de vellas civilizacións mesturadas, de illas antigas, acostumadas a acompañar os seus longos pasados ao ritmo broncéo da lei romana. O marco dos cumes alpinos fora cruzado polas lexións. Elas chegaron co seu paso calcado e metódico (“Le piétinement sourd des légions en marche”, José Maria de Heredia, no soneto da batalla de Trebbia) ata as correntes ceibes dos dous grandes ríos carregados de misterio e mantidos pola pureza infinda dos neveiros –o Danubio, o Rhin– e ata ás praias e os cons do Océano occidental. Mais alá dos ríos, o home clásico dubidaba e temía. Outros horizontes. A estepa dos nómades que apagan os seus fogares cada mañá e a bruante selva xermánica.

Para chegaren ao Rhin e ao mar tiveran que conquistar un anaco, o máis vasto, da Celtia. Tódolos historiadores de espírito superior sentiron que Roma non foi imperio namentres César non venceu as Galias. A barbarie, a novidade, a estrañeza, o misterio estaban demasiado perto do Mediterráneo. Des que César conquistou o coto de Alessia, o Imperio puido vivir cincocentos de anos.

Lendo o latín preciso, acuñado en frases coma pequenas moedas indestrutibles, do *De bello Gallico*, adivíñase un dos grandes medos da Antigüidade: o medo do descoñecido. Os homes clásicos non temían a morte; en troques, sempre temeron o mundo estraño que os cinguía. Coma quen, cultivando o xardín, sabe que chegada a invernia virán xeadas e loucos ventos do norte para destruír o seu traballo. César sabía que os druídas non morrerían, cada arborado pechado era un templo, cada coto unha fortaleza. Mais se o chan labrego se deixou cruzar de vías e inzou de vilas imperiais, foi dominado polos romanos. Nas ás verdes cantaban sereas estrañas, ao lonxe as illas navegaban cara a un futuro infindo.

Cando na Iberia os lexionarios ollaron a posta do sol no fío tremelante das augas sentiron, como di Appiano, un relixioso horror. Para moitos era o final do mundo. Tiñan razón. Era, polo menos, outro mundo. A raza céltica, aparentemente domeada, sempre gardou o seu espírito ceibe nas beiramares do occidente. No esquecemento, desdeñosa de crear organizacións políticas, mais mantendo sen encetar a propia célula social, asentouse nos Fisterras e ollou séculos e séculos o salgado horizonte do lonxe. Así se lle puxeron os ollos máis verdes e a alma máis saudosa de lonxanías. A epopea irlandesa, as xestas heroicas, a literatura galaico-portuguesa, o doncel do Atlántico Amadís de Gaula, o Romantismo, foron algúns momentos do xenio celta na historia. Un xenio hoxe triunfante en tódalas nacións nas que inzou a súa raza. Un xenio que presta novas e liberadoras direccións á civilización europea. Robert Buchanan concretou nestes poucos versos o ser dos Celtas: “Le as estrañas runas do Misterio / Ouh, Celta, na patria, e sobre o mar: / franqueáronse os marcos, os pobres son ceibes / O grande futuro do mundo está nas túas mans. / Traballa a terra, ergue cidades / Sé forte, ouh celta! e rico, e sábeo. / Mais sempre tranquilo, os teus divinos ollos graves, / Soña, ouh celta! no reino do Misterio”.

Spengler caracteriza o espírito fáustico polo símbolo do espazo puro, sen fronteiras (“hinaus ins weite Land!”, di Fausto fuxindo da vila) cuxo corpo é a cultura occidental “que empeza a florecer nos chans nórdicos dende o Elba ata o Texo, coa arte románica do século X”. Dentro deste mundo da cultura compréndese o celtismo integramente e levando de fixo un papel superior, pois o *faustismo*, no que ten de anxeios de infinitude, é tan xermánico – polo menos – como céltico. Din os botánicos modernos que o castiñeiro, a árbore petrucial, non ten outra patria que o chan granítico amolecido polas chuvias oceánicas da Galiza. Da mesma maneira xurdiu na nosa terra o tema inicial da arte románica: como a columna chamada *árbore de David* encerra a xenealoxía de Cristo, o estilo do Pórtico da Gloria pecha, en semente, en agarda de infindas primaveras, tódalas posibilidades futuras da arte cristiá. Unhas cumpriron o seu ciclo histórico, outras agardan, esperanzadas, a súa realización necesaria.

Outro grande pensador xermánico vainos ofrecer axuda para caracterizar o Romantismo: Hegel. A súa obra impoñese ás xeracións como unha vasta e harmoniosa catedral do espírito. Nas *Leccións sobre a Filosofía da Historia Universal*, Hegel presenta o espírito realizándose na Historia ata chegar a saber o que sexa en si. Traballosamente, chega co cristianismo nas nacións xermánicas a conciencia de que o home é, como home, libre, de que a liberdade do espírito forma a súa íntima natureza – convén lembrar que Hegel entendía os celtas dentro do mundo xermano—. Na *Estética* traza o desenvolvemento das artes paralelamente aos ciclos filosóficos da historia: forma simbólica, clásica e romántica. Na primeira, a imaxinación loita para erguerse por riba da natureza para chegar ao espiritual, mais é impotente para se ceibar do peso da materia. Lembra de aquela fermosa páxina da *Estética* sobre o perfil grego: a forma clásica xunta de maneira perfecta a idea coa forma. O espírito no fondo, no centro da representación,

a natureza como forma exterior. A teoría non atopa nada máis perfecto. Non abonda. O espírito pide máis: pechalo en lindeiros é darlle morte. Demanda realidade na súa propia forma. *Este desenrollo do espírito que erguéndose ata si mesmo encontra en si mesmo a forma que denantes procuraba na forma sensible*, é o principio esencial do Romantismo.

A beleza para Hegel, considerada como categoría un pouco inferior, “cede diante da beleza espiritual que reside na natureza íntima da alma”. Tratando dos personaxes de Shakespeare –como se sabe, foi Shakespeare o grande patrón dos románticos: cando se representou en París *Otello* integramente, denantes do *Hernani*, din que os clásicos máis fanáticos andaban asombrados polos corredores do Teatro repetindo en diferentes tons “Iago, Iago, Iago”– di a *Estética* hegeliana: “Non obran por motivos relixiosos, nin en harmonía con determinadas leis morais. Son [...] personaxes independentes, colocados soamente fronte deles mesmos, fronte das súas propias arelas, que eles concibiron espontaneamente e que realizan coa consecuencia increbable da paixón, sen pensamentos anexos, sen ideas xerais”.

IV. [Poetas e filósofos]

A relación dos filósofos co senso romántico adquire proporcións que nin estamos capacitados para establecer nin son propias desta introdución, xa ben longa. Mais non podemos chegar ás primeiras formas literarias do Romantismo moderno sen lembrar algúns dos pensadores de substancia simpática ao espírito romántico. Nisto de citar os filósofos, coma os poetas, hai que fiar máis do ton xeral, do acento peculiar do home en conxunto, que das propias palabras. Despois de todo, nos pensadores xogan influencias ás veces insospeitadas por eles mesmos, e as doutrinas –o vital das

doutrinas— chaman unhas polas outras segundo afinidades electivas ou o Eros que rexía as simpatías dos átomos en Leucippo. Monsieur Seillière acusa a Platón de ser o primeiro rousseauniano. Considerada a vitalidade luminosa e xogantina dos *Diálogos*, a afirmación non figura tan paradoxal coma se soamente pensásemos no Platón da escola onde unha inscrición dicía: “Ninguén que non sexa xeómetra demore aquí”. Por algo Heráclito foi chamado “o escuro de Éfeso”, pois a súa filosofía da mobilidade non collía no mundo euclidiano, segundo lle chama Spengler.

Para encontrar unha formulación filosófica verdadeiramente romántica é preciso chegar a uns cantos pensadores dos finais do XVIII e principios do XIX. O *Ego* absoluto de Fichte foi un credo na vida espiritual dos románticos. ¿Non é a paixón do Ego a maior paixón moderna? Lefevre, outro dos novos franceses, nun traballo (*Reconnaissance de l'unique*), para soste o culto do espírito toma a Bergson por punto de partida, mais chama os filósofos románticos desde Fichte a Schelling en axuda da tese da comunidade do espírito co ser. Cada dirección romántica ten alta xustificación filosófica. Novalis xulga a realidade como unha creación da fantasía: “O mundo faise ensoño, o ensoño faise mundo”. Viviu nunha especie de atmosfera astral, feita de espíritos, na que non tiñan senón fuxitiva realidade as formas do mundo pensables pola intelixencia. Novalis, católico, consideraba realizada a unidade interior do home pola relixión, o ideal da Idade Media, polos románticos xustificada triunfalmente fronte ás ideas da Ilustración. A *ironía* de Schlegel non é senón outra fórmula do individualismo na arte: na obra a fantasía dá forma á materia, o autor dise e exprésase todo enteiro na obra. Hegel, sempre historicista e individualista, exalta a función de cada pobo particular e diferente dos outros, e o misticismo de Schelling, o que puxo a maior paixón na Metafísica (xuntanza da contemplación, da acción e do amor nun feito místico) está no centro da ideoloxía romántica.

Mais xa deixamos apuntado de donde vén a nova luz do mundo. Foi un Oriente o Occidente. Os xermanos deron forma, levaron á posible exaltación e sistematizaron o romantismo formulado primeiro na Inglaterra, triunfante no continente dende Rousseau. A verba *romantismo* aparece por primeira vez nun celta, aplicada a Escocia e ao outono, nas *Estaciós* de Thompson publicadas do 1726 ao 1730. Fillo dun eclesiástico pobre, sempre soñou cun vivir tranquilo e ensoñador na verde paisaxe; aprecia os xogos da brétema nos cumes, as ondas do aire no bosque, o lonxano ecoar das torrenteiras. Ata el só a pintura flamenga –Ruisdael, Potter, Hobbema e outros– soubera apreciar a íntima poesía da Natureza. Como di Hippolyte Taine, “trente années avant Rousseau, Thompson avait exprimé tous les sentiments de Rousseau, presque dans le même style”. Nisto non podemos estar conformes. O estilo de Rousseau aínda hoxe ten un feitizo conquistador, coma se sempre fora un adolescente o que falase. Por el o Romantismo venceu a Ilustración e fixo a revolución sentimental na Europa.

Tódalas artes procuran nova vía: ao principiar o XVIII un pintor, Kent, inventa o xardín inglés todo inspirado na paisaxe e Richard William pinta a campía inglesa. Amarelan os buxos arquitecturais, as fontes simbólicas e as estatuas mitolóxicas do xardín versallesco de Le Nôtre líxanse coas follas murchas do outono. Unhas poucas datas: no 1742 a primeira nas “Noites” de Young; 1751, a Elexía de Thomas Gray; 1760, os “Fragmentos de antiga poesía xuntados nas montañas da Escocia” por James Macpherson; o “Tingal” e “Temora” nos 1762 e 1765; as primeiras poesías de Robert Burns publicáronse en Kilmarnock o 1766. Na Francia, despois da forte influencia inglesa representada por Montesquieu, Voltaire, Diderot e case que toda a flor da *Enciclopedia*, partidarios da política, da filosofía e da vida británicas –outra protesta contra o clasicismo monárquico-católico do XVIII– estoupa no ano central do século o *Discurso sobre a orixe e fundamentos da*

desigualdade, que fai de Rousseau o home á moda. Cronoloxía dos principais libros de Rousseau: 1761 *La Nouvelle Héloïse*, 1766-70 as *Confessions*. Veñen un tras o outro coma as chuvias da primavera. Tamén nos últimos anos do século, Bernardine de Saint-Pierre faise popular, non como un bucólico ou un didascálico máis, senón pola sensibilidade dos *Cadros da Natureza* e do *Paulos e Virxinia*.

Na Alemaña vixiaba un pensamento esperto e destemido, mais as letras seguían empoeiradas á francesa coma as perrucas dos conselleiros privados ata que xorde a *Messiede* de Klopstock –“Ou, Klopstock!” murmura Carlota a carón de Werther diante da tempestade nos campos. Despois os *dioscuros* de Weimar –Schiller e Goethe– Hoffmann, Xohán Paulo Richter. Mais no cerne da Europa sinálase, denantes de Klopstock, un libro suízo: *Essai de poésies suisses* (1732). Feito significativo: o seu autor, Haller, era un fisiólogo ilustre e novador e un namorado das montañas, aínda que tamén nesta paixón se nota o influxo dun devanceiro inglés, William Coxe, e do Ramond autor das *Observations faites dans les Pyrénées*. Haller foi o primeiro en sentir literariamente a grandiosidade dos Alpes, para os que estiveron cegos tódolos clasicismos, coa excepción ben coñecida e sen consecuencias do Petrarca. Dende entón un vento de glaciación refrescou as fronteiras dos poetas. Pénsese no xardín de Madame de Staël, na illa de Rousseau no lago de Bienné, no *Obermann* tan admirado por Don Miguel de Unamuno –que só respira no cume de Gredos e no alto chan castelán– no esquecido castelo onde morreu hai dous anos Reiner M. Rilke. Tema para un fermoso libro: función renovadora das montañas na arte e na vida. O fino filósofo do bo xantar Brillat-Savarin escribía: “cet air pur des hauts lieux, qui refrâchit l’âme et dispose l’imagination à la méditation et au romantisme”.

Aquí pararemos nesta lixeira esculca das orixes. Para que fose completa sería preciso engadir moitas páxinas e refacer, en

profundidade, as escritas. Mais para non deixar tan axiña o feito do tema, demandamos licenza para lembrar soamente algunhas páxinas e momentos dos proeis do Romantismo.

V. [Os proeis]

Thompson, asulagado coma un pintor na preguiza esperanzada da primavera: “O tépedo vento do sul vén quentando a amplitude do ar e sopra sobre as grosas nubes, xa amolecidas polas chuvias de abril. Todo ao longo do día deitan as nubes ditosas orballeiras, e o terrón regado fártase de vivir vexetal, ata que no ceo do occidente o sol raiolante xorde rompendo a púrpura das nubes. De súpeto, as súas ceibes raiolas pegan na montaña, brincan polo bosque, tremelocen no río e unha amarela neboeira, que fai fumegar ao lonxe os grandes chans, acende infindas chispas nas pingas do orballo”.

Robert Burns cantou a vella balada dos Highlands, mais sobre todo a Liberdade: “Nesta árbore [a da liberdade, na praza da Bastilla] / madura un froito singular / meu rapaz, todo o mundo dirá as virtudes que encerra / pois ela ergue o home por enriba do bruto”. E, fillo de pobres servos, criado no esterco e na fame, berrou coma ninguén a tola alegría dos desherdados do mundo: “Para o demo, os protexidos pola lei! / A liberdade, non hai mellor festín! / As cidades foron feitas para os preguizosos / coma a igrexa para o crego. / Cos nosos bastóns e as nosas artes / imos, de aquí para acolá, todo o día / e pola noite na corte ou na palleira / abrazamos as nosas queridas riba da herba./ Pola saúde das chagas, das muletas e dos farrapos! / Pola saúde da tropa dos mendigos! / Pola saúde dos pillos e das nosas comadres! Cada un, e todos, berrade: Amén”.

Outro escocés –este fino aristócrata– vive no resoante bosque medieval. Templarios, orgullosos concellos, e lenda vivida, o antigo fogar da tradición sempre acesa. “Unha vez –conta Sir Walter

Scott— cruzando Magus-Moor, perto de Saint Andrews, describín o asasinato do arcebispo a uns descoñecidos compañeiros de viaxe, e un deles, aínda que sabía de memoria aquela historia, díxome ao día seguinte que o meu relato non o deixara durmir”.

Rousseau ben se decataba da amplitude que franqueaba o seu estilo mórbido, inquieto e tentador. Abondan unhas liñas do prefacio de *Julie ou la nouvelle Héloïse. Lettres de deux amants*: “Por que temo dicir o meu pensamento? Esta colección de cartas co seu ton gótico convenlle mellor ás mulleres que os libros de filosofía. Quizais sexa bo para as que gardan un pouco de virtude no medio dun vivir desleigado... Ide, boas xentes coas que eu gustaba de vivir, ide ben lonxe á procura dos vosos semellantes; fuxide das vilas, pois non os atoparedes nelas. Procurade nas humildes chouzas unha parella de fieis esposos cuxo amor se fortaleza co voso exemplo; procurade algún home simple e sensible; algún solitario fuxitivo do mundo que, avergoñándose das vosas faltas e dos vosos erros, se confese a si mesmo entenrecido: Ah, eis as almas das que precisa a miña!”.

O bosque de Montmoréncy, as Charmettes, os camiños dos Alpes... A alma espida sen piedade, con todo, gozando nos tristes anos do desterro os mesmos praceres da mocidade. As *Promenades (Les Rêveries du promeneur solitaire)* son quizais a mellor destilación da esencia rousseauniana. Coidábase ditoso na illa pequeniña de Saint-Pierre no lago de Bienne, traballaba con ardor de principiante nunha obra, *Flora petrinsularis*, desas nas que coida un home atopar a felicidade –e que non escribe endexamais. “Saíndo dunha doce e longa ensoñación, véndome entre follas, flores e paxaros, e deixando pasear os ollos, ao lonxe, sobre as románticas orelas que pechan a grande larganza de auga clara e cristalina, eu asimilaba todas estas agarimosas cousas á miña ensoñación; e chegando, por graos, a min mesmo e ao que me arroteaba, non podía determinar a separación entre as

ficcións e a realidade; de tal xeito todo concorría a facerme querido o meu vivir solitario en tal ditosa terra”.

A derradeira das *Promenades*, a décima, foi escrita o 12 de abril de 1778, tres meses denantes da morte. Volve ás emocións da infancia, está chea da lembranza de Madame de Warens: “O gusto da soidade e da contemplación naceu no meu corazón cos sentimentos expansivos e tenros feitos para ser o seu alimento... Teño precisión de soidade para amar. Eu levei a Madame [de Warens] a vivir na campia. Unha casaña isolada na vertente dun pequeno val foi o noso asilo e nel, por catro ou cinco anos, disfrutei dun século de vida e unha felicidade pura e chea, que cobre co seu feitizo todo o horror do meu destino”. No sei de mellor comentario ás *Promenades* que os *Six jours à Ermenonville*, de Lacretelle. O autor do *Silbermann*, descendente de protestantes, fino catador de espíritos, figura o máis disposto para sentir a larganza, paixón, dor e morbidez do autor do *Emilio*. Di Lacretelle: “Que pensariamos de Rousseau se soamente coñecéramos del as *Rêveries du promeneur solitaire*? Gustos inocentes, acento resignado, ausencia de toda declamación... todo nos faría a impresión dun home doce, sen orgullo, desgrazado. Mais cando toca as súas degrazas, entón, treme... e vemos o salvaxe e o tolo. Mais que importa que estas alarmas sexan esaxeradas ou ata maxinadas? Que importa que se teña equivocado falando de Madame Épinay, Grimm, Hume? Cando se incomoda inxustamente e perde os seus amigos, ¿non sentides que el sufriu cen veces máis que eles?”

Aínda se fala do escándalo que seguiu á publicación das cartas de Chateaubriand o vello á sinxela Occitaniana. Presenta suxestivos problemas psicolóxicos. Louis Martin Chauffier, nun artigo titulado “Le mythe de Chateaubriand” acerta, na nosa opinión, co verdadeiro carácter do vizconde. A teoría de Chauffier pódese conter en poucas palabras: nas *Memorias de Ultratumba* non hai que procurar sinceridade, pois o autor non quere xustificar

nin lembrar mellorando, só quere sentir e eternizar dúas cousas: unha infinda sensibilidade e unha sorte superbamente desgrazada. Non tivo senso do real: “il était tout imagination et sensibilité imaginaire et chaque prise de contact avec le réel était une souffrance pour lui, la réalité étant une matière trop lourde pour ses yeux”. E como soamente tivo verdadeira, real paixón pola Occitaniana, entón sufriu de verdade ao se sentir vello: xa non foi un doroso pracer da imaxinación, foi unha real privación. “Son imagination devient enfin son ennemie”.

Para rematar estas lembranzas, iquen tivera a arte de evocar aquela anoitecida do mes de san Xoán do 1822, o naufraxio e morte de Shelley na baía de Liorna! Shelley patroneando o seu pequeno barco quixo pasar con mal tempo á outra orela, onde agardaba Mary. Byron e o antigo pirata Trelawny ollárono saír. Ceo e mar de chumbo. Logo o trebón, dunha violencia que non recordaban os mariñeiros vellos. Restaba a esperanza de que a nao fora botada descontra Elba ou Córsega. Cinco ou seis días máis tarde o mar botou nunha praia ignorada o cadáver de Shelley. Estaba comesto polos peixes. Tiña nun peto, aberto, un volume de Keats, o irlandés. Non sei de escena máis fortemente romántica. O barco do autor da oda ao vento do Oeste chamábase Ariel. Fixeron ao poeta ceibes honras fúnebres. Queimaron o corpo na praia: despois de tres horas, o corazón, dun tamaño enorme, aínda non se consumira. O pirata Trelawny, metendo a man no lume, colleu aquela reliquia para levala á verde Inglaterra lonxana. Por primeira vez na súa vida, Lord Byron non escondeu a emoción.



18.

As aguias do Imperio e a barca apostólica (esquema dun libro en preparación)

Ramón Otero Pedrayo

Non se pode esquecer de que maneira a conquista da Galiza polos romanos é sincrónica coa formación do Imperio e co xurdir do cristianismo. Roma folgaba do seu *élan* creador do Foro suxeito ao Augusto. Enxoitárase a forza moceira na lei, na estratexia, na lingua. Calada a tribuna dos rostros, desfeitas as altivas familias que aturaron o insulto dos galos e non dubidaran un instante diante os cabaleiros de Hannibal, morta a Liberdade antiga dicindo en Filippus pola boca estoica de Bruto un verso de traxedia grega, soamente lle quedaba ao Imperio o cumprimento do enorme programa sintetizado neste nome: César. As *siccas* nos Idus de marzo asasinaron o home que esgotara, polo menos coa intención, tódalas posibilidades de Roma: a loita contra a barbarie estraña, multiforme, perigosa e atraente coma a

Natureza, a asimilación dos provinciais, a feitura da urbe pechada en metrópole, o sistema de camiños para facer sentir en tódolos recantos a presenza da lei e do latín. Ciclópeo testamento que o Imperio tardou case cinco centos de anos en cumprir.

O primeiro imperio, a primeira influencia estraña cabalgando encol da celta Galiza ceibe. Ata que punto chega a súa significanza? Non é doado teimar unha resposta precisa. Baixo o material histórico –de historia técnica, preliminar, arqueolóxica– adíviñase unha vitalidade galega semellante á do tempo das guerras que decorren dende Décimo Xunio Bruto ata o sangrento solpor do Medulio. Só amolece a tona de fóra. Polo pronto, encomeza e aplícase en grandes proporcións a dogmática dunha idea organizadora e ecuménica. O camiño e a cidade instalan a Galiza no orbe da cultura do Mundo. Polo camiño chega e na cidade fala o Evanxeo de Cristo. Pola vía romana e tamén polo mar. O roteiro da Barca de Santiago ten un valor simbólico: non pára en ningunha costa ata aquela predestinada, onde o Ulla e o Sar experimentan o amargor da onda mariña. Coma se o Apóstolo da oriental Xudea quixera chegar dun pulo, dereitamente, ao lonxano Fisterre.

Apenas podemos hoxe maxinar a conquista da Galiza pola lingua dos romanos. Non queremos dicir *latina*. Esta verba figura conter un sentido de elegancia, de perfección, de cousa rematada, chea, pechada sobre si mesma, ben distanciada do falar corrente do lexionario, do mercador, do funcionario, do servo. É moi doada esta frase: o latín foi reempazando as linguas indíxenas. Con ela non se di ren. Un inmenso e tremoroso –tremor de orixe non preciso, maino, neboento– misterio enche a historia íntima da Galiza des que foi asoballada pola técnica e a experiencia baixo a *Pax Romana* ata o momento descoñecido no que os derradeiros vellos dixerón as derradeiras palabras da lingua céltica, da lingua descoñecida e con todo presente e necesaria

para calcular a figura e o volume da Galiza no mundo. Para entender a historia hai que contar cos imponderables. Neste caso fracasan as medidas cronolóxicas e a sinxeleza dos momentos críticos aos que nos ten acostumados o uso das verbas e dos métodos da evolución. Sería no tempo dos suevos, baixo os godos do Reino de Toledo, quizais máis tardeiro, na renacementa da conciencia medieval, cando morreu —lapa que se apaga, onda que toupa docemente na praia, berro ou laio, consello ou risada— o derradeiro acento céltico. Houbo un home, mellor unha muller, que o pronunciou. Decataríase da gravidade delo? Non. Quizais foron un neno nos seus primeiros xogos, coma un eco das antigas xeracións cuxas sombras lle acubillaron o berce. Por saber o seu nome e a súa data poderíamos cambiar a metade dos nosos arquivos. Acontecería nun pobo pescantín diante da sinxeleza asombrada do mar, ou nun lugar apegado coma un ouricelo á montaña. Nalgúns casos tense escrito a partida de defunción dunha lingua. Un dialecto céltico morreu coa derradeira vella que o falaba nun día e nunha hora determinada do século dezasete. Na Galiza, ao igual que en toda a Iberia (aparte do seo basco), as linguas antigas, as soantes ao primeiro metal forxado, ao amor do chan esgrevio, ao ronsel inicial no Océano, foron mainamente substituídas como na paisaxe xeolóxica o mar, con querendo pouquiño a pouco un val, o foi voltando ría. Esta garda unha lembranza e pon como condición a topografía primeira.

Aplicanse aos problemas vitais conceptos e frases tan usadas que se lles creba o sentido como ás vellas fouces o fio cortante. Mellor que dicir “despois do celta vén o latín vulgar”, ¿non sería máis xusto escribir “a Galiza falou latín como denantes falara celta”? Acollera a lingua da súa primeira xente histórica —é dicir, consciente—, de fixo moi dividida en falas de costa, de ribeira, de montaña, como algún día quizais o probará en parte un estudo xusto da toponimia. Logo, referíndonos a un momento de séculos,

fala latín para dende o primeiro domealo ao seu xenio galego, para destacar dende a romanización o plasmar xerminar, o dubidoso abrente, dun romance galego. Sen esquecer que a Galiza falou latín máis polo imperio da idea que pola idea do Imperio: pois fala latín a apostolicidade cristiá, a Galiza régase ao mesmo tempo de Evanxeo e de Latín.

Fagamos unha comparanza do sino da Galiza co de Irlanda, Gales, Escocia, Cornwall. Nestas terras non lexisla o Pretor. Se non foron artelladas polo nervio das vías romanas, puideron acoller a verba Evanxélica nun relicario enteiramente celta. Endexamais se afastaron dela e nelas segue brillando un decorrer da primeira conciencia na mesma lingua. O latín foi na Irlanda floración culta, feble, de invernoiro, baixo os arcos das abadías ergueitos en pedras rúnicas. Os monxes, amorosamente, traducían do celta ao latín da igrexa as étnicas epopeas da patria, e só o canto tribal e a lenda heroica do mar conceden un fondo inmorredoiro á curta expresión latina. A fouce do druída coroaba o báculo episcopal. Naquelas terras gardáronse os fogares celtas como faros para un porvir. A Galiza, só insular polo espírito, apegada a terras do sur, acariñada por un sol máis brillante e pola graza da oliveira e da vide, foi botada aos camiños da historia. Mais a romana foi a conquista derradeira. Dende ela a Galiza pasou por grandes perigos e un estudo de superficie vulgaríaa terra vella comparándoa coa sorprendente novidade da Irlanda. O tema confiado do noso tempo demostrará que aínda non callaron as súas mellores posibilidades.

Non é preciso discutir a diferenza entre a romanización na Bética, Cartaxinense e Tarraconense litoral coa da extrema Galiza. Naquelas operaba sobre capas mestas de cultura mediterránea, e a grande metrópole medraba naturalmente ao pé de acrópoles antigas. Na Galiza o camiño e a urbe non espallaron na campía e na serra inéditas... Un ensaio de urbanización: os

foros. Eles alternaban coas urbes. No campo debía mandar o latifundio. Nada di dun xeito tan suxestivo o fondo contraste de Galiza romana como esta comparanza: casa indíxena pequena, arredondeada, concentrada en lar, e casa romana tendida en rectángulo. Igual que na casa se contrapón ao círculo ou ao óvalo do pobo nativo a ordenación latina coas vías Decumana e Cardus. O mesmo esquema do acampamento: Castro.

O xenio administrativo soubo plasmar a materia virxe en dous centros equilibrados: Lugo, Braga. O Miño non salaiaba a dor de ser fronteira. Aínda gardan unha lembranza de sombra metropolitana. Unha Galiza do norte –manteiga e lameiros. Unha Galiza do sur –aceite e viño. Os celtas galegos non tiñan cidades ao estilo dos iberos. Por iso, a nosa Numancia foi un grande castro: o Medulio. Lugo acompasa a severidade dos seus horizontes co ritmo da muralla: unha acrópole para os lugares campesiños, quizais incompreensible para eles. Aínda hoxe a alma da campía non entende ben a cidade. Braga tamén Augusta, erixida encol dun planalto entre dous ríos, experimentou demasiadas destrucións, mais con todo non lle foxe aquela sona que coñeceu Ausonio, o doce celta do derradeiro metro latino: “Quaeque sinu pelagi iactat se Bracara dives”. Mais o romanismo das vilas galaicas, a epigrafía das Burgas, portos de esteiro –Iria, Brigantium, Pontevedra–, pedras e ladrillos das mansións itinerarias –Baños de Bande, Aquis Celenis– só figura claro cando están consagradas pola ara cristiá.

Aquí as vías, coa medida segura e lenta das lexións, subiron as abas montesías, cruzaron as gándaras ermas, seguiron ao longo dos vales a chamada das colleitas e das augas levando o santo e seña de Lugo a Braga, de Astorga a Lugo. Por elas chegou a cabalgata dos suevos, a sandalia dos peregrinos, o fachizo de Almanzor. Pasaban cos seus miliares de texto parco e solemne, ao igual das moedas, a carón do palafito, do castro e da citania,

e venceron o sagrado misterio dos ríos coa imperial curva das pontes. Lembremos alguna das indiscutibles: a Ponte Pedriña no Letheo ou Limia. Unha ruína. Perdidos os parapetos e as pedras da calzada, só fica a esgrevia vontade que o ergueu na fortaleza do espiñazo en arco, coas dovelas como vértebras ao aire.

* * *

Que pensaba Roma –o Senado e o Foro, os letrados e o pobo– da lonxana Galiza? Se non era a Thule derradeira, non collía doadamente, aínda despois de ben conquerida, na feitura da conciencia romana. Era un *limes*, unha provincia-marca fronte ao Océano. Producía liño branco coma o luar nas carballeiras druídicas –rexo coma os ánimos sinxelos dos defensores dos castros– fortes cabalos fillos da virazón, bos forxadores de espadas e sobre todo, ouro. Foi a Gallecia a California, ou mellor o Clondyke do Imperio, coa diferenza de que baixo os Césares se privaba a concorrencia ceibe. Ouro que non servía só para os torques, senón para os grandes dispendios do imperio mediterráneo. A provincia nutría de ouro. No libro XXXIII da enciclopedia pliniana pode estudarse no triple aspecto técnico, económico e social a grande explotación do Bierzo, que chegou a modificar a *facies* xeográfica do país. É posible que na moitedume de escravos das Médulas se ouvira a primeira voz evanxélica, lonxana coma un ceo, de esperanza.

* * *

Coa cristianización atopamos unha Galiza persoal e galegos de destacada individualidade. Nisto a intuición ten que remediar a cativeza dos datos documentais. No século VII o monxe Valerio do Bierzo, referindo e poñendo como alta exemplaridade a vida da galega Eteria, parece indicar que só no tempo dela, no final

do IV século, alborexaba o cristianismo na Galiza. Tivo que ser máis recuada esta alba. Maxinámola como unha longa e forte loita contra un dobre frente inimigo: na cidade o tribunal romano, no campo a vexetación pecha do politeísmo céltico. Decorreron vinte séculos, os corais dos monxes resoaron nos ermos máis lonxanos, a cruz subiu a tódolos castros, cubriu as aldeas a marea reflexada na América, o motor chegou ás portas labregas. Pois con todo isto, procuremos unha romaxe enxebre: San Bieito da Cova do Lobo por exemplo, a dous pasos de Ourense. A ermida pequena, sen estilo, apenas interrompe a impresión dos grandes penedos duros, enigmáticos, tristes e poderosos. Eles son o eixe e o motivo da festa. Óvese a misiña ben de mañá, mais é necesario pasar polos penedos máxicos que curan os tatecos. Quen sería capaz de valorizar na alma do labrego o peso do rito católico e do rito céltico? Apenas hai festa antiga que non garde un eco da antiga crenza. O conqurimento da Galiza foi maino, pouquiño a pouco, non limitado ao tempo romano. Neste devir vital esborrállanse os marcos das divisións históricas ao uso. Dise: o remate da Antiguidade é a morte de Teodosio, a invasión, o curso das insignias imperiais de Roma ao Augusto de Bizancio. Con este concepto baleiro acúrtase a fluidez que dende as orixes cristiás chega á evanxelización da Europa occidental na Alta Edade Media. Aínda na literatura cabaleiresca da baixa época se olla o pasar das cósmicas divindades, constituídas dende o Renacemento pola mitoloxía clásica na épica brillante e erudita do Tasso, por exemplo.

Nas orixes, o verbo apostólico axiña quebrantou nas cidades a relixión oficial, e a dura persecución de Diocleciano ou de Decio non podía ser popular por significar algo inimigo, lonxano e abstracto. Teremos máis dunha ocasión para sufinar a xusteza desta tese: a falla na historia galega dunha natural e verdadeira presenza do Estado. E os exemplos máis claros procurarán nos feitos dos nosos días nos que o Estado se gaba de omnipresenza.

En troques, foi dificultosa a conquista do mundo do *rus*, e só rematou por concesións equitativas. Na Galiza a igrexa, apoiada polo César, non esnaquizou ningun Irminsul coma Carlomagno na selva xermánica. Foi nun mundo orixinario, pechado, unánime, sentido como se sente a primavera e o outono, esencialmente cinguido á alma do pobo, onde a igrexa entraba primeiro como exploradora. Seguiría os vales poboados e abertos, deteríase moito tempo diante do misterio das quebradas que guían á montaña pechada, dura, lonxana. Unha dor debeu salaiar nos espallados horizontes cando a cruz conquería cun canto de badaladas os cumes prestixiosos do Pico Sagro, de Santa Tegra, do San Mamede. Unha dor axiña feita consolo e esperanza, pois non traía morte, senón vida. A cruz idealizaba, precisaba e erguía antigos presentimentos escuros.

* * *


Xa nestes momentos latexa o tema esencial da historia galega como historia universal: a do Apóstolo e súa cova. Diante dunha tradición sentida cun grao de incomparable forza ata o círculo polar e ata as montañas da Asia interior e a selva africana, non deixa de ser cómico o papel de certos eruditos desconfiados e regateiros coma amas de chaves da despensa. Ninguén ben intencionado pode dubidar da positividade das probas documentais neste caso. Xa non estamos en tempos de vulgar parva a humanidade e os pobos enteiros. Aquilo podía pasar no século e coa graza de Voltaire. Mais hoxe espallouse o significado das fontes de coñecemento.

Non imos escribir unha vez máis a *gesta Dei* de Santiago Zebedeo *ante e post mortem*. Hai un acerto superior en acender un faro evanxélico no marco occidental e unha divina confianza en escollelo para sepulcro, pois a nacementa pode depender do azar

cego, mais o lugar da cova escolleita vén dunha vontade consciente. Os discípulos, traendo polos camiños do mar os ósos do seu patrón, demostran tamén unha superior comprensión da propaganda evanxélica. Coa cova de Santiago ficaba o mundo civilizado cravado na cruz polas ás e polo corazón: a á reveladora de Xerusalém, o poderoso corazón de Roma, e a á sinistra mollada nun tremor de Atlántico e poñentes solares. A barca de pedra lembra as misteriosas naos de que foron proeis os altos taumaturgos da Celtia insular, como a Arca Marmórica da emocionada xeografía do medievo viste a *anta* céltica, o túmulo patrio, co *peristilo* e os mosaicos, como os corpos santos se unxen cos óleos latinos, simbolizando a continuidade dun imperio noutro imperio.

* * *

Denantes de chegar ao San Martiño, ao San Bieito, ao San Paio, decorre o tempo das virxes cristiás coma as de Baiona —a máis ilustre delas, Santa Mariña—, Santa Eufemia, San Facundo... tódolos da lenda dourada das aldeas, que só viven na tradición e teñen a súa haxiografía no corazón do pobo, desprezados polos historiadores eclesiásticos. A literatura galega demanda un libro sobre eles, pois os pseudo-cronicóns cubriron con armatostes de baleira pedantería, pesados coma baldaquinos e insignificantes coma centóns, as lendas feiticeiras dun tempo de abrente afundido na alma do pobo e tan presente nela coma a lembranza das cidades pecadoras asolagadas que aínda deixan ouvir o badalar das súas campás.





III.
Recobrando o pulo
(1930)



19.

A significación espiritual do Día da Galiza

Ramón Otero Pedrayo

*Teatro García Barbón, Vigo,
25 de xullo de 1930*

A emoción da mañá do Santiago

Mañas donas, meus señores:
Sinto neste momento, ao falarvos, unha grande angustia, que remanece da conciencia da miña responsabilidade e da cativa forza das miñas palabras. Mais, como na pureza do meu amor á Terra reclamo un posto na vangarda, experimento tamén outro poderoso sentimento de ledicia contemplando este teatro que o xenio galego ergueu, colmado por todo Vigo. Eu non son quen para expresar a emoción desta festa. Se levados polas azas dun xenio

puidéramos estar presentes ao mesmo tempo en tódalas rexións da Galiza no abrente do día de Santiago Apóstolo, ouviríamos e abrangueríamos a marabilla dunha mañá única. Tódalas torres galegas badalean hoxe dun xeito novo, igual as espadanas sinxelas das ermidas da montaña que as torres barrocas, floridas e pimpantes da beiramar, que a prodixiosa Berenguela compostelá, a máis fermosa antena do espírito que se ergue no chan da Europa.

¡Quen puidera formular o sentimento galego dos altos chans lucenses, idealizados pola brancura dos bosques de bidueiros, das serras esgrevias nutricias das augas dos vales, dos ribeiros acougados nos que a misteriosa alquimia do sol no verán vai creando a esencia do viño, das costas bordadas pola espuma tecedora dunha orla de encaixes de Camariñas arredor da figura de Galiza! Quen puidera dicir o ledó sentir das cidades, das vilas e das aldeas na festa do Patrón! As campás badalean tamén noutras festas agarimosas: nas adicadas aos santiños das parroquias, na mañá do día do san Paio e de san Martiño, o fundador, e da santa Mariña, a pérola do mar, e de san Bieito, o mestre dos monxes, e de tantos outros viventes na lenda inmorredoiira. Mais ao prestixio desta mañá do 25 de xullo non alcanza nin a do san Xoán, cando as rapazas aldeás van na alba dubidosa procurar a flor da auga nas fontenlas puras, aínda soantes a un misterio da noite e non bicadas polo sol.

O galeguismo do Apóstolo

A historia de Galiza é unha grande historia vivente. A nosa festa podería inspirarse noutros feitos e noutros nomes. Poderíase escolmar a memoria dun poeta simbólico —e aquí o nome de Pondal vén aos beizos, pois el, creado na soidade dobre do seu pensamento esgrevio e na soidade das gándaras e da costa bergantiñá, soubo aboiar por riba dos tempos e non dubidou endexamais dos destinos

galegos. Poderíase escolmar a data da inauguración do Pórtico da Gloria, porque nel o espírito da nova Europa soubo falar en pedra e alma galegas, atopando unha expresión nova por primeira vez dende a arte grega. Poderíase buscar un feito guerreiro: a batalla da Ponte San Paio, na que os labregos nosos, armados con armas de cazadores, ceibaron Galiza das aguias de Napoleón, sen reis, sen xefes, sen organización oficial –eles sós, co peito diante do invasor. Non! Era preciso algo que no seu alto simbolismo abranguese o pasado e o presente, que estivese inzado no pobo e tivese unha significación universal.

Señoras e señores: o Apóstolo Santiago témolo os galegos que considerar dun xeito diferente e superior aos mais apóstolos, dito sexa con todo respecto e amor debidos aos portadores das palabras de Cristo. Santiago, o fillo de Zebedeo, é noso, é un galego. Porque o feito do nacemento non pende da vontade, e o feito de escoller para a cova unha terra é un feito de libre arbitrio máis que a elección da patria.

Santiago, pescador nas augas mornas do mar de Galilea, vivía naquela terra santa, aínda emocionada e marabillada de sentir o pasar livián dos pés divinos de Xesús e de escoitar as verbas da Redención. Mais el soñaba co mundo occidental, coas beiras do mar descoñecido, co mundo da noite que pechaba en si un mundo de historia futura, e veu polo mar, e veu morto para ser galego e autorizar coa súa lembranza o gran Patriarcado de Occidente.

O coral dos pobos en camiño

A Galiza hai que sentila e enxergala en si mesma, na súa cerna, mais tamén en función do mundo. Ollade para o ceo. Os antigos, cun sentido xeométrico, poboaron a esfera de constelacións dun matemático estatismo: son heroes, son símbolos, son deuses,

precisos, fermosos, fríos, raiolantes de luz individual. Mais o que non fixo a Antigüidade, fíxoo o tempo creador, e a Idade Media, trazando o Camiño de Santiago, acertou cun símbolo non estático, dinámico; non individual, colectivo; non fixo, senón camiñante. O camiño sempre foi a mellor propedéutica do espírito. O camiño purifica, ergue, crea posibilidades. Todo tende á riqueza da diversificación, camiñando. E a Galaxia é iso: unha moitedume de luciñas en camiñar, coma se cada unha fose unha alma e todas elas xuntas as moitedumes de cristiandade en procura da nova santa terra. Os antigos ouvían a música das esferas, os séculos do románico ouviron o coral da Galaxia, coral de pobos en camiño.

O pobo sempre soubo o seu deber

É natural, señoras e señores, que as miñas primeiras palabras foran adicadas á aldea. Sempre na Galiza calquera manifestación vital ten que vir dela. Apenas fai falla explicar o por que. O pobo labrego e mariñeiro soubo sempre o seu deber; namentres os homes da cultura (ou os que se chaman tales) esquecían a terra e procuraban un vivir de imitanza, o pobo gardábase fiel ao espírito. Traballando de sol a sol, aldraxado e servo, non perdeu a confianza. Cangado encol de probes leiras de centeo, cantaba as cantigas antigas, cada mañá novas de novo orballo, e pola noite, ao redor dun pobre lume de garamatas, en cada fogar latexaba a lenda, a imaxinación, a arte dos celtas inspirados. Neste día, a nosa primeira admiración para o pobo, pois moitos homes da cultura foron reos do pecado que se non perdoo, do pecado contra o espírito, o que só Deus, quizais, querería dispensar.

Eu non sei, señores, se o pobo terá razón. Se será certa a estadea das almas. O pobo a min ofréceme polo menos tanta confianza coma as universidades máis empingorotadas. Pois se hai

Compañas, a noite do folián de Santiago non van as almas cantando tristesiras arredor das covas dos cemiterios recendentes ao mol terrón das sepulturas. Van ledas, sorridentes, latexando as campás da alegría galega. E diante da procesión temerosa vai unha grande pantasma que leva un perdón como levou na vida, a pantasma de don Diego Xelmírez.

Lembranza dos mortos

Hoxe temos tamén que nos lembrar dos nosos mortos inescuecidos. Nos países celtas o sentimento sempre presente da morte é unha garantía do valor da inmortalidade. Eles, os mortos amados, guíannos co seu exemplo. E os nomes de Leonardo Rodríguez, do arcebispo Lago, de Lois Porteiro, de Lousada Diéguez (o conselleiro sen parella), o altísimo carácter de Amado Carballo, de Manuel Antonio... están nos beizos de tódolos galegos.

Vigo, universal e galego

Día noso, de Festa maior. Hoxe Vigo celébrao cunha grandeza propia da súa xerarquía atlántica. Eu sinto en Vigo unha emoción particular. Cando neno, aquí ollei o mar por vez primeira e ás súas ondas debo a saúde do corpo. Naqueles tristes anos, despois da perda da guerra de América –anos tristes, de impotencia, de desespero e escepticismo–, cando as máis cidades españolas figuraban fermosas donas enfermas sen esperanzas de convalecencia, Vigo traballando creábase dun pulo unha gran cidade, exemplo incomparable de enerxía das beiras do mar. Eu era un neno, vagaba sen amigos polas rúas, mais enchíanme dúas cousas de semellante intensidade: o balbordo das ondas e a música

dos picos dos canteiros labrando en granito galego as fermosas casas de Vigo. O mesmo canto dos canteiros aldeáns, labrando os sinxelos perpiaños das casas dos labregos! Vigo, universal e galego, como toda Galiza, foi e será nos tempos de verdadeira vida!

A forza dun xuramento

Señores: Eu non quero alongar máis a vosa agardanza. Os fillos da Galiza que van falar e a significación deste día merecían outro prólogo que este que eu teimo en facer. Pero quero dicirvos que a festa da Galiza ten a forza e a formidable conciencia dun xuramento que todos facemos non sobre un libro de leis, senón sobre o futuro, sobre o berce do porvir. Estamos no momento creador, plasmando a futura e ceibe Galiza. Ficamos coa Festa de hoxe obrigados a traer cada un o seu esforzo.

E para rematar só vos prego que berredes todos comigo, erguendo os corazóns: *Viva Galiza!*



20.

O galeguismo na arte

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

*Teatro García Barbón, Vigo,
25 de xullo de 1930*

A arte avanzada, ao apareceren os galeguistas

Mañas donas e meus señores:
A nosa tradición artística durmía o sono da morte, co coitelo da traizón espetado no peito, e as arañas arrepiantes do esquecemento fiánballe, solermiñas, a tea da súa mortalla. Mais algunhas almas boas do século pasado deron co sartego da nosa tradición e fixérona revivir. Con todo, quedábanos a nós, aos novecentistas, a misión de animar unha arte que fose a expresión do sentido da vida galega e das ideas do noso tempo.

Nós 80 (15-VIII-1930): 155-58. Tamén incluído, con idéntico texto, no folleto *Discursos pronunciados o Día da Galiza no mitin celebrado no Teatro García Barbón de Vigo*, Vigo, Edicións do Grupo Autonomista Galego / Nós, Publicacións Galegas e Imprenta, 1930.

Cando os galeguistas aparecemos na loita querendo engadir á vella tradición esquecida unha nova tradición, xurdía no mundo enteiro un anxeio de renovamento e o novo espírito, en pleno balbordo revolucionario, presentaba xa un gran problema de liberdade para as individualidades étnicas. Reparade como eran diferentes as arelas colectivas na arte avanzada. En Italia, o futurismo significaba un anxeio de progreso material, cando o presente vivía esmagado pola máis longa e gloriosa historia da arte. En París, o cubismo significaba un desexo de método e disciplina, ao quedaren esgotadas de todo as posibilidades do anarquismo artístico dos últimos tempos. O expresionismo dos alemáns significaba un retorno á espiritualidade, cando se decataron de que a mesma ciencia, orixinariamente espiritual, ía camiño de trocarse en simple servidora da técnica. A arte rusa, en fin, tan popular e tan nova, significou e significa aínda un renacemento da cultura propia en contra das culturas alleas, que tiñan asoballada toda posibilidade de creación artística orixinal e xenuína. Na Hespaña, o movemento de renovación manifestouse no teatro da política porque foi o Estado quen aferrollou a liberdade dos pobos. Mais no fondo de todo, aquí coma en tódalas partes do mundo, non hai máis que un desexo: o de libertar o espírito. E eu dígovos que o movemento libertador terá remate cando a liberdade sexa conquerida.

É de balde dicir que por un esforzo común terá que chegar-se, eliminado o individual, a un estilo colectivo que traspase as extremas da nación, pois as arelas de renovamento artístico non poden resolverse con unisonancias, senón máis ben con acordes maxestuosos e complicados. Por outra banda, o cuño de orixe, a orixinalidade, nin pode aminguar a universalidade da arte nin pode fanarlle, tampouco, a súa función social.

O universalismo

A cantos rifan connosco por razóns de universalismo é ben dicirlles que endexamais ollamos ningún paxaro tropezar en ningunha fronteira. E se non tropezan os paxaros, como podían tropezar os nosos sentimentos e as nosas ideas?... O que queremos é desatranca- car o camiño da Europa; aquel camiño branco que unía Galiza co resto do mundo civilizado no tempo lonxano dos Cancioneiros e do Pórtico da Groria. Por arte, que vén a ser o mesmo que por hu- manidade e que quere dicir algo máis que por patriotismo, cómpre aguilloar a conciencia durmiñenta da personalidade galega. Por- que nós, os fillos de Breogán, os homes que aínda conservamos no espírito “as calidades afectivas dese xenio celta que foi o noso *fiat* xenésico”, temos obriga de levar sentimentos novos e orixinais e xenerosos á corrente da vida humana. Hai que poñer a producir tódalas posibilidades dun pobo diferenciado en ben, principal- mente, da riqueza espiritual da humanidade!

O porvir da arte galega non está en traer de fóra un estilo novo senón en crearmos, nós mesmos, o noso novo estilo. E todos can- tos preferimos ser escravos da Natureza a ser escravos das leis dos homes proclamamos a necesidade de que os sentimentos galeguistas sexan zume da terra e celme da tradición, non enten- dendo por tradición a serie de actualidades superpostas, senón o eterno que vive acochado no instinto popular.

Defensa da natureza

Falei de Natureza, verba sospeitosa para algúns intelectuais que xa non queren escribila con maiúscula, mais eu escribi- ría con maiúscula tódalas letras da verba Natureza, aínda que me chamasen panteísta... E agora permitídemme que faga unha

lene defensa da Natureza, en ton humorístico, para que non me chamen *cursi*.

Non sei se Deus lles puxo rabo aos cabalos soamente para que tivesen con que tornar as moscas, e menos podó dicir que nos dese nariz para cabalgar os anteollos e orellas para trabar as rendas das gafas. Pero hai homes de libros que aseguran decotío que o pararraios significan un triunfo do home contra a Natureza, cando de certo é unha defensa que a boa natureza nos deu para que nos defendésemos dos lóstregos, pois se ela quixese os lóstregos enfiarían as cabezas dos homes e non as puntas metálicas.

O home pode envanecerse de ter inventado o paraugas contra a choiva, e bo é.

O artista e a súa obra

Mais aínda hai homes que pensan que fan fillos e din que fan fillos coa mesma seguridade con que un zoqueiro pode dicir que fai zocos. A esta caste de homes, estupidamente parvos e vans, pertencen moitos artistas que aseguran ser creadores, en absoluto, das súas obras de arte... Non! O primeiro sorprendido diante dunha obra de arte é o seu propio autor, da mesma maneira que un pai diante da fermosura dun fillo acabado de nacer. O artista é pai das súas obras de arte, aínda que isto non priva de que sexa creador das súas obras ruíns e perecedeiras.

Os que renegan da Natureza para seren creadores semellan ciclistas costa arriba, ciclistas escravos da bicicleta, unha caste de cabaleiros que levan o cabalo ao lombo. Pensan que a arte está nos miolos e estruchan a cachola coma quen estrucha un tubo de pintura. É a flagrante vaidade dos homes que moitas veces pretende ensinarlle xeometría a quen fixo as leis por que se rexe o movemento dos mundos.

A esperanza celta

Di Lamennais, o atormentado bretón, que cando a serpente chantou os seus ollos na grea dos homes, tremeron; que logo lles falou ao ouvido, e que cando os homes escoitaron a serpente comezaron a dicir que eran reis, e foi entón cando naceu o medo. E eu dígovos que cómpre non tremer diante dos ollos da serpente, nin darlle creto ás súas verbas agarimosas, porque temos que traballar sen medo, seguros de que xa non hai morte que poida matarnos.

A esperanza celta, manifestada en lendas de circia significación poética, é un símbolo vivente da nosa nacionalidade e mostra unha indómita confianza nos nosos destinos. Tódolos pobos celtas teñen as súas lendas de esperanza: uns agardan polo rei que desapareceu na poeira dunha batalla lendaria; outros confían na resurrección das cidades fabulosas que dormen, enteiras, no fondo das augas; outros, de máis forte imaxinación, esperan que un novo cataclismo devolva ao mundo a Atlántida asolagada. E eu penso que tódalas formas da esperanza celta non significan máis que unha cousa: a confianza no triunfo da nosa civilización de paz, que pon por riba de tódalas riquezas materiais a imponderable riqueza do espírito. Porque nós, os celtas, amamos de tal maneira o espiritual que se non existise a alma seríamos capaces de creala a forza de anceios, e se non existise o Ceo seríamos capaces de inventalo para os nosos mortos.

A forza simpática da arte

Sen querer marcheime por vieiros de sentimentalismo, cousa natural nun artista que aínda é dabondo romántico. Deixádeme evocar un intre da miña recente peregrinaxe por Bretaña. Fai por este tempo un ano, atopeime unha tarde no *Gran Bey* de

Saint-Malo, onde Chateaubriand dorme o seu sono derradeiro ao xeito dos antigos druídas. Leváballe lembranzas dos románticos galegos, de Otero Pedrayo, de Lousada Diéguez... Alí queixei-me de que se quixese soterrar o romantismo, e xuraría que o espírito de Chateaubriand quixo consolarme. Senteime ao pé da súa campa, chantei os ollos nas lonxanías do mar do poñente e escoitei:

«Ti estiveches en Fisterra, na punta do Raz, onde o Atlántico bate feramente. Pois ben, cando dorme o mar todos son ollos para admirar a forma dos rochedos, cando o mar esperta todos son ollos para admirar a súa forza. Certo é que o mar necesita dos cons para non morrer parvamente nun areal; pero cómpre non esquecer que de cada loita que o mar sostén coa pedra, xorden os rochedos cunha nova forma.

Eis a arte: A arte é un gran corazón, que para latexar e contar o tempo que pasa necesita dúas forzas contrarias: cando a un corazón se lle corta o nervio frénico, o corazón tolea; cando se lle corta o nervio simpático, o corazón quédase. Estas dúas forzas existiron e existirán sempre na arte e nun intre determinado da historia puideron chamarse *romantismo* e *clasicismo*. Palabras... sabes? O certo é que o romantismo representa o predominio da forza simpática da arte. Que o enterran, se é que poden. Ti non lles digas nada, mais eu dígoche que o que enterran non é un cadáver, que é unha semente».

Dende aquela tarde bretoa xa non teño dúbidas. Sei que o romantismo dos nosos pais vai indo vello, e que moitas formas luxadas polo uso, que foron ricos adobíos da literatura romántica, deben morrer axiña; pero a forza simpática da arte é outra cousa: esa é a alma toda do Occidente, que aínda está para enxendrar moitos romantismos novos. E nós, os habitantes dos Fisterras, os celtas do Atlántico, representamos a cerna mesma desa forza creadora.

O que debemos ao centralismo

As aspiracións permanentes do pobo galego, os seus anceios fondos, os seus instintos profundos, son combatidos polos patrioteiros de *chín-chín*, que moitas veces falan fachendosamente en nome dun progreso imaxinario. Mais é tempo de dicirlles que o progreso non vai cara á uniformidade senón cara á harmonía. E se o progreso fose cara a esa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por enriba do progreso está a perfección; e nós, por un desexo de perfección e por unha dignidade que xa vai sendo dignidade persoal, non queremos que na fala dos nosos avós, que na lingua dos Cancioneiros, se siga expresando soamente a incultura e a pobreza, que, por outra parte, lle debemos ao centralismo.

Que sigan chamándonos separatistas os ananuxos da política centralista. Nós seguiremos traballando ledamente, cantando, seguros de que no vello tronco hispánico nacerá unha nova pon-la florecida.

Ouh, aqueles versos de Pondal!

*Non cantes tan tristemente,
Pobre e desolada nai;
Non lle cantes cantos brandos.
Pra adormece-lo rapaz,
Onde está a cova do sono,
No céltico carballal.
Cántalle cantos ousados,
Que esforzado o peito fan.
Cántalle o que xa cantara
O nobre bardo Gundar:
A luz virá para a caduca Iberia
Dos fillos de Breogán!*

Dixen.



21.

A nosa definición autonomista

Valentín Paz-Andrade

*Teatro García Barbón, Vigo,
25 de xullo de 1930*

Dúas voces e dous camiños

Señoras miñas, señores:
Voces verdadeiramente auténticas de Galicia, das que recollen e sinfonizan na gama dos seus barís acordes os latexos máis íntimos das entrañas da raza e os recendos máis enxebres e quentes da Terra, pódese dicir que hoxe despecharon aquí a xurdia, luminosa alborada do noso porvir.

No verbo fluente e escintilante do Ramón Otero Pedrayo treme a alma lírica de Galicia, fecunda pola historia, arrolada pola lenda, debullándose en cantigas polos soutos e os camiños da

Nós 80 (15-VIII-1930): 159-64. Tamén incluído, con idéntico texto, no folleto *Discursos pronunciados o Día da Galiza no mitin celebrado no Teatro García Barbón de Vigo*, Vigo, Edicións do Grupo Autonomista Galego / Nós, Publicacións Galegas e Imprenta, 1930.

paisaxe, e coutada agora na ensoñación do Día glorioso en que se han de cumprir as profecías dos bardos e se han de realizar as arelas dos loitadores.

Na palabra xenial do Castelao, coma nas liñas máxicas dos seus debuxos, adquire perfís plásticos a alma dramática de Galicia, a vida escura do pobo asoballado, o espírito esquecido da lei do seu propio ser, que loita por atopar no mundo a arte da súa propia expresión e o seu acento orixinal.

Mais cómpre agora que se deixe ouvir, aínda que desmadeixada e pobre pola cativa calidade do seu intérprete, a voz do pensamento galego, o eco humilde das cavilacións serenas e xenerosas nos destinos inmediatos da Terra, conxugadas coas inquietudes que esta hora histórica e solemne ten que provocar no ánimo de tódolos homes conscientes dun país que sente abrirse diante de si, coma os termos do dilema de Hamlet, estes dous camiños: o da eterna sevidume ou o da próxima liberdade; o da permanente descalificación civil ou o da decencia cidadá reconquerida e triunfante; o do sometemento a sistemas e réximes incompatibles coa súa natureza e a súa prosperidade, ou o da emancipación salvadora que faga de Galicia, en vez dunha terra envilecida e desprezada, unha rexión rica e culta, poboada por homes libres.

Sete anos xorda, muda, cega...

Primeiro Día de Galicia que celebramos tras da Ditadura! Hoxe fala a nosa Terra, despois de vivir sete anos xorda, sete anos muda, sete anos cega.

Xorda, ata esquecerse de si mesma, do seu idioma egrexio e amoroso, proscrito coma todo intento de reivindicación rexional; pero xorda tamén para non avergoñarse ouvindo o coro das rendidas adulacións que outros anos, por estes mesmos días, os

asistentes de americana ofrecían a cantos entorchados ebrios de mando paseaban por Galicia a súa teatral fachenda.

Muda, porque nin sequera nos concellos expresou o seu sentir, as súas arelas, o pobo, e cando aínda quedaba na prensa un baluarte incontestable, refuxio derradeiro dos loitadores xenerosos pola terra e pola liberdade, foron encanonarse contra el, ata esborrallalo en forza de multas, suspensión e encarceramentos, as artillarías dos gobernos de provincia, militares e civís.

E cega, cega para non ollar o contraste irritante dunha España relaxada dende o poder na máis escandalosa orxía de ouro, mentres, por outra banda, só a conta de Galicia as caixas do Estado facían economías. E así, un día nos arrincaban de Santiago a Escola de Veterinaria, outro día as Escolas de Náutica e as granxas agrícolas, hoxe denegábasenos o Ferrocarril Central Galego e mañá decretábanse, para deixar tolleita unha rexión sen camiños de ferro, as exclusivas por estrada, ou se impedía, por protexer os trigueiros, a libre entrada do millo, coma se os nosos dous millóns de labregos non tivesen dereito sequera a comer no seu xusto prezo un anaco de boroa miserable.

Xorda, muda, cega. E aínda despois, botada polo chan a Ditadura, cando Galicia coidaba recobrar os seus sentidos, a voz da súa gorxa e a luz dos seus ollos, tivo que os empregar desesperadamente en defender o único legado considerable herdado daquel réxime, o ferrocarril Zamora–Coruña, disputado a Galicia mentres que a ningunha rexión de España se lle regateou un quilómetro de vía nin se lle demorou un prazo da construción.

A ditadura e os vellos políticos

Mais ¿non foi ese réxime nefando –réxime do desenfreo para os ricos e de agobio para os pobres, réxime de asoballamento para as arelas espirituais e de relaxo para os máis baixos apetitos–

non foi ese réxime acollido con aplauso e saudado con xúbilo pola nación española? Iso din, buscando unha xustificación enganosa, os que foron botados da gobernación do país polo couce displicente do ditador.

Cómpre saír ao paso dese sofisma con que pretenden coonestar a súa triste desaprensión os que agora están de novo convertidos en acólitos servís da mesma maxestade que os repudiara denantes. Porque España non recibiu con ledicia o advenimento ao poder do réxime ditatorial. Se tal fixese, teriamos que confesar que era un país consubstancial coa servidume.

España reloucou de contenta por se ver libre –aínda que fora para ensaiar unha substitución recusable– desas mesmas oligarquías que hoxe agardan, solertes e traizoerías, a ocasión de volver ao asalto dos feudos de onde foron decepadas pola folla vingadora dunha espada arrogante. No 1923 España refofgou a gusto un instante por se sentir ceiba, destrabada da opresión caciquil, da praga de políticos caducos, coa súa clásica colección de xenros, fillos, munxidores e pasantes que na escala zoolóxica da política integran a clasificación das parasitas comensais. Eses mesmos que agora andan xa facéndolles o amor aos distritos, e mentres non chega a hora das enchentes orzamentarias, vanse axudando coas bicocas dos Monopolios e os Paritarios, as alcaldías e as deputacións retribuídas, e cantas prebendas deixou como apetitosos despoños a Ditadura que maldiciran os que están prontos a reen carnala. Esa Ditadura contra a que eles nada intentaron, senón foi o apuntalala coa súa covardía, coa súa abstención, coa súa entrega pasiva e rebañega ás veleidades e aos caprichos da tiranía.

Galegos: pola dignidade de Galicia e de España, polo que temos de homes libres, pronunciémonos solemnemente, facendo este xuramento ante o altar da Terra: contra os vellos políticos que trouxeron a Ditadura e contra a Ditadura que non fixo imposible o retorno dos vellos políticos.

A impotencia do réxime provincial

Pero non chega con repudiar as persoas; non abonda con residenciar a uns para instalar a outros que o día de mañá poidan recaer nos pecados combatidos. No renovamento han de entrar os homes e as fórmulas, as xentes e os sistemas. E como primeiro obxectivo, un apremo histórico vén postulando a modificación da estrutura administrativa, política e espiritual de España no senso de acomodala ás realidades vivas do país, ao que un xenial meditador de Castela, José Ortega y Gasset, chamou “discontinuidades cualitativas”, “confíns interiores”, que cristalizan e se incorporan nas variedades rexionais.

España é hoxe un mosaico administrativo retallado en medio cento de provincias, tan irreal, tan artificioso e tan frío coma os mosaicos cerámicos. As provincias, herdando este nome das divisións militares romanas, non podían ser outra cousa que os aparatosos, baleiros tinglados do cesarismo centralista. Ata puidéramos dicir que as cabezas visibles das provincias foron moitas veces pretores cun nome máis civil, pretores que algunha vez sentiron a saudade do triclinio de Heliogábalo e outras converteron o chan alfombrado do seu despacho oficial en pista de gladiadores.

Do fracaso do réxime provincial falan os feitos cunha eloquencia insuperable. Endexamais as deputacións tiveron tanta amplitude de funcións e tanta folgura de medios económicos como dende que a Ditadura compuxo e promulgou ese torpe enxendro lexislativo que se chama *Estatuto Provincial*. Pois a súa laboura segue sendo tan pobre e de tan curtos alcances coma nos mellores tempos do réxime anterior. Cando unha deputación quixo desempeñar as súas xenuínas atencións de beneficencia e prestárllelas aos tolos, os xordomudos, os cegos, os leprosos, etc. da provincia confiados á súa tutela, topouse na imposibilidade de cumprir isoladamente esa elemental finalidade. E tivo que

reclamar o apoio das demais deputacións galegas, para pensar en facer un Manicomio rexional, un Colexio rexional de xordomudos e cegos, unha Leprosaría rexional, etc. ¿Non é esta unha confesión paladina de que o réxime de provincias non responde ás necesidades, cada día máis complexas, dos pobos administrados? ¿Pódese mostrar máis forte argumento en pro da constitución da mancomunidade, ou, mellor, de que Galicia debe rexerse por unha Deputación Única que asuma o poder rexional?

Pois lembrádevos de que o problema de beneficencia pública, o máis tráxico de Galicia, aínda está por desflorar. Na nosa Terra, segundo as estatísticas, morren vintecatro tísicos cada vintecatro horas, un en cada hora do día. As dúas terceiras partes dese número son xentes pobres, sen recursos para unha curación eficaz. A inmensa maioría deles morren porque as deputacións galegas aínda non foron dabondo para levantar, aos aires purísimos dunha montaña céltica, un sanatorio sequera para tuberculosos pobres.

A impotencia do réxime provincial é ata unha ameaza para a nosa saúde e para a nosa vida.

O cesarismo centralista

Dicíavos que a organización administrativa provincial viña a ser un tinglado do cesarismo centralista. España é hoxe un país tan dominado pola obsesión centrípeta que ten ata o dereito a respirar hipotecado a Madrid. O centralismo é unha organización incompatible con todo réxime democrático, pois ten condición de ser unha supervivencia do absolutismo. É o absolutismo exercido sobre os órganos internos e os sectores vivos da nación, caracterizándose polo imperio do *balduque* e da *covachuela* clásica que estrucha e aniquila tódolos pulos da espontaneidade nacional.

España padece dun mal que eu chamei noutra ocasión “o narcisismo do embigo”, do embigo de España, que non é outro senón o seco e conxestionado embigo do páramo. Os intereses colectivos e os problemas xerais que extravasan o círculo umbilical son intereses que non interesan, son intereses e problemas á marxe. Dixérase que España existe para Madrid en lugar de Madrid existir para España.

O espertamento xeral dos rexionalismos ibéricos

Estas premisas ideolóxicas e históricas explican os dous grandes movementos políticos que se rexistran en España á hora presente: un que pugna por mudar a forma de Goberno, outro que loita por trocar a forma do Estado para moldear de novo a que puideramos chamar anatomía constitucional de España. Asistimos hoxe a un prodixioso espertamento xeral dos rexionalismos ibéricos. As rexións españolas, como obedecendo a un conxuro, rexorden da tumba onde estaban oficialmente amortalladas e dispóñense a recadar o dereito a rexerse por si mesmas, a manumitirse do centralismo abafante e a reivindicar a súa personalidade política e administrativa, a súa fala e as súas institucións xurídicas tradicionais. Endexamais, dende hai catro séculos, dende que a man de ferro dos Reis Católicos despoxou de liberdades os antigos reinos, se produciu fenómeno semellante na vida española.

Primeiro, Cataluña, irmá maior, precursora na xesta emancipadora, soar da nova cultura grecolatina, que esmorecida nas ribeiras gloriosas da Helade e do Tíber, reflorece ao cabo de dous milenios nas beiras do Llobregat falando o idioma de Ramón Lull. Cataluña anda agora, como froito dunha intelixencia entre tódolos seus sectores e forzas políticas, a compoñer o Estatuto que han de sancionar as próximas Cortes, como Carta magna da autonomía

catalá. Pero tamén polas vertentes central e occidental do Pireneo baixan en riada vigorosa cara á Meseta as arelas rexionalistas. Aragón ergue o branco estandarte abatido dende a execución do seu Xustiza maior Juan de Lanuza, como enseña do novo movemento aragonesista. E ao mesmo tempo, os efectivos políticos todos de Navarra e Vasconia, non satisfeitos cun réxime de concerto económico suxeito ás veleidades da política central, alíanse para reconquerir a plenitude do réxime foral que outro tempo gozaran aquelas provincias.

Os ventos de Levante tráennos os clamores das “xermanías” de hoxe, pois a quentura dese gran fogar do espírito valencianista que se chama “Lo Rat Penat”, transfórmase en fermento dunha puxante reacción rexionalista. E Andalucía comeza a superar o flamenquismo. O verbo de Gastalvé e a pluma de Blas Infante convértense en guías do andalucismo, que ha de entroncar o porvir da rexión meridional de España cos antigos esplendores da Bética de Séneca, da Bética de Averroes.

Asturias apréstase tamén a defender a reivindicación da súa personalidade, ben merecente de ter algunha outra prerrogativa que ha de decorar o membrete dos Príncipes. Pero aínda faltaba Castela, a Castela libertaria de Villalar, que tamén se sente vítima propiciatoria do polbo centralista, enroscado nun dos seus outeiros aspérrimos. En Salamanca, en Burgos, en Valladolid articúlase hoxe a cruzada de “Acción Castellana”, que vén a ser a correspondencia central dos movementos autonomistas da periferia.

Os ideais do autonomismo galego

E Galicia? Tamén para a nosa Terra, galegos, chegou a hora do espertamento. Daquel sono de morte en que o poeta Añón a vira debruzada, Galicia escomenza agora a espreguizarse vigorosa.

Datan de hai quince anos os primeiros vaxidos das ideas autonomistas en Galicia. Foi entón cando principiou a dar froitos vizosos na literatura e na arte, na ciencia e no xornalismo, a semente dos Precursores. Hoxe o pensamento galeguista, as arelas reivindicatorias da personalidade rexional, entraron nese crítico intre biolóxico en que as imprecacións dos bardos e as teorías dos pensadores se incorporan e trasfunden na conciencia política da masa. As elucubracións de gabinete están adquirindo a forte envergadura dos principios ideolóxicos que se debaten no balbordo da ágora. E un movemento que nos comezos moitos coidaron extravío inelegante de intelectuais, vén a ser hoxe a máis forte e pura afirmación de rebeldía que se levanta en Galicia e que vai gañando, hora por hora, no agro e nas cidades, o arraigo e a fe que só consegue unha política cando é, máis que iso, unha verdadeira relixión cívica. Nós vimos a construír unha nova Galicia autónoma, señora de sí mesma, que sexa oficialmente o que ela é naturalmente. Levando os principios democráticos á súa máis radical manifestación, arelamos que o pobo galego entenda directamente nos seus problemas, sen intromisión de quen, alleo a eles, os resolve sen coñecelos, sen sentilos, sen vivilos, como puidera resolver os problemas do Congo.

Pero un réxime de autonomía integral que non sexa unha graza gobernativa, senón unha forma xurídica recoñecida no Código fundamental do Estado. Unha autonomía rexional asentada na municipal, con dereito ao uso da nosa fala, inxustamente desterrada das escolas e das cátedras de ensinanza superiores; con igualdade de dereitos para a muller e o home, adoptando o sistema electoral da representación acumulativa ou proporcional, con veto expreso contra a elexibilidade dos que non traballan, pois quen non rende á sociedade unha función útil non ten dereito a representala; coa terra libre de gravames para os que a traballan, tendendo a remediar a excesiva subdivisión das leiras, a declarar

inembargables aquelas que o labrador precisa para a súa man-tenza e procura pola súa man, a eximir da contribución urbana as miserentas chouzas en que viven moitos dos nosos labregos, á supresión do imposto de cédulas, a que se recoñeza o dereito de retracto a favor do arrendatario e o aparceiro, á libre importación do millo e de canto precise a agricultura galega, á revisión da lexislación e da actuación foral da Ditadura... En fin, o autonomismo galego presenta no seu programa solución aos problemas económicos de Galicia, preferentemente agrarios, que aínda non foron ata hoxe debidamente defendidos.

E é que, en remate de contas, nós defendemos o que todos vós sentides. No autonomismo galego estrutúrase de xeito sistemático o que a xeneralidade dos galegos conscientes ansía para a súa Terra de xeito vago e difuso.

Autonomismo e internacionalismo

Antes de poñer remate ás miñas palabras hei de me facer cargo dun prexuízo que trata de nos colocar aos autonomistas de costas ás correntes máis avanzadas do moderno internacionalismo. Non falla quen nos acusa de pretender encerrar en fronteiras infranqueables a nosa Terra, cando precisamente tratamos de reincorporar a Europa. Nunca Galicia foi máis poderosa como unidade autónoma que no tempo daquel arcebispo Xelmírez, que foi coma un verdadeiro Presidente da república galega, e nunca tampouco foi máis europea, posto que o camiño francés, como recoñeceu hai pouco Paul Claudel, fixo de Compostela o meridiano espiritual e cultural do Occidente.

Así como na política nacional eu sinalaba denantes a existencia de dous movementos coetáneos, un tendente a renovar, a democratizar a forma de Goberno e outro tendente a trocar a estrutura

do Estado, tamén na política xeral do mundo se advirten á hora de hoxe dúas tendencias características da nosa época. Dun lado, as ansias de chegar ao superestado, a unha entente internacional de tódolos pobos: Briand proxecta os Estados Unidos de Europa, Wilson maxina a Sociedade das Nacións e fúndanse en Ginebra a Cámara do Comercio Internacional, a Oficina Internacional de Cooperación Intelectual, etc. Doutro lado, as reivindicacións nacionalistas nunca se manifestaron en Europa, Asia e América con tanta puxanza coma agora: ¿quen pode negar que Sandino e Masaryck, De Valera e Gandhi –libertadores de Nicaragua e Checoeslovaquia, de Irlanda e da India– son figuras epónimas, tal vez as máis gloriosas, do noso tempo?.

E en canto ao exemplo dos grandes pobos, ¿que son os Estados Unidos, senón unha confederación de 48 rexións politicamente independentes? E buscando o antípoda desa república capitalista, ¿como pode esquecerse que a Unión Soviética está constituída sobre bases análogas, e que hoxe se ensinan oficialmente nas dúas Rusias máis de trescentos idiomas diferentes, prohibidos no tempo dos zares?.

Unha e outra corrente internacional, a que pugna pola entente superestatal e a que estimula o rexurdimento dos particularismos étnicos, lonxe de seren contraditorias, converxen ao mesmo fin: a supresión das fronteiras fiscais, de xeito que non haxa países escravizados economicamente por outros, e a redución dos exércitos, a fin de instaurar a paz e a liberdade permanentes na humanidade, ideal que endexamais se poderá realizar mentres uns pobos vivan de asoballar a outros.

Pois esa cobiza universalista –como vos decía Castelao– ese alto sentido humano, vén a ser un dos atributos ideolóxicos con que o autonomismo galego se define, se honra.

Verbas aos homes sen fe

Quero que as miñas verbas derradeiras vaian dereitas a chantarse na conciencia dos desilusionados, dos homes sen fe, dos que non profesan ningunha idealidade. España é o único país de Europa onde aínda hai xentes que confesan sen rubor o seu indiferentismo político.

Pois aos que observan sistematicamente esa conduta de nuggalla inhibitoria, aos que botan enriba de si o estigma desa voluntaria interdicción civil, temos que denunciálos pola responsabilidade que contraen coa Terra. Eles son cómplices conscientes, aínda que por omisión, de tódolos que a aldraxan, de tódolos que a traizonan, de tódolos que a teñen aferrollada.

Estamos na hora da loita. Ser ou non ser, é o dilema. E os que se neguen á axudar dende a esfera do seu valemto á causa da redención de Galicia, que é nosa tanto coma deles, merecen ser reselados na categoría desleal dos “emboscados”.


Para todos hai un posto nas milicias cívicas da galeguidade, mais os mozos non poden, menos que ninguén, esquecer que o seu deber está aquí, porque o alento vigoroso e rebelde da xuventude ha de ser a tónica das xornadas gloriosas que se aveciñan.

Nelas tampouco pode faltar a muller. Nós queremos que as nosas compañeiras aspiren a merecer unha admiración máis duradeira que a que en nos espertan pola súa xentileza e pola súa fermosura. Queremos que elas endexamais poidan chegar a ser un lastre morto para os ideais do home, pois que tamén os deben compartir e defender, identificadas con eles cordialmente.

En pé...!

Este Día, vigueses, abre unha era nova para os destinos da Patria galega. Endexamais se diga de nós que somos “almas rendidas”. Endexamais volva ser Galicia territorio colonizado polas taifas electoreiras das vellas oligocracias. Fagamos do berro “Terra e Liberdade” o noso lema redentor. Galegos, vigueses, Galicia reclama a axuda de todos. E respondendo á chamada do poeta que hoxe nos preside,

*En pé, sereos,
a limpa frente erguida,
cantémo-lo dereito
á libre, nova vida.
¡Ao redor da bandeira azul e branca,
ao redor da bandeira de Galicia!*





IV.

***Epílogo: balance,
reformulación e controversia
(1933-1935)***



22.

Nós, os inadaptados

Vicente Risco

Presento aquí non *fronte a*, senón *diante de* a xente moza galega que vén atrás de nós na renacementa galega, certos supostos viventes na cerna do sistema de coincidencias dos homes do meu tempo. Estes supostos poden fornecer a explicadeira do noso xeito especial de sentir e pensar, que difire en moitas cousas do daqueles que veñen atrás de nós. E teñen ademais, no mundo do espírito tal como hoxe está constituído, tanto dereito a ser tidos en conta como poidan ter os supostos novos nos que outros homes se basean. O vir a conto o tratamento deste asunto xustifícase dende o instante que por algúns mozos, continuadores máis ou menos trocados dos que hai uns anos se chamaban a si mesmos *os novos*, se pretende unha sorte de reviramento total do pensamento galego culturalmente militante. Xustifícase aínda máis cando, ollando dende a nosa banda, o pensamento galego

se atopa nun intre no que non podemos adiantar con seguranza, vendo o de hoxe, o que vai ser mañá.

Poño por diante que non dou tino á teoría histórica das xeracións que, nun desesperado esforzo, inventou o pensador español Ortega y Gasset, de tan excesiva influencia na mentalidade dalgúns mozos galegos de hoxe. A verdade é, precisamente, o contrario do que pensa o profesor Ortega, non podo determe a dicir por que.

Aínda dúas cousas máis denantes de encomenzar: por moi diferentes que sexan de nós os mozos galegos máis novos, por moito que os seus supostos difiran dos nosos, sempre haberá entre eles e nós unha coincidencia fundamental: eles e nós somos os derradeiros, os últimos dun gran ciclo histórico; eles e nós somos homes das postrimerías. Soamente que a mocidade moderna –eu seiño porque teño lido moitos dos seus escritos– semella non decatarse ben delo, namentres que nós si. A idea da decadencia de Occidente era unha idea vivente en nós moito antes de que Spengler tivera pensado en escribir o seu libro. Polo 1912, tiña eu escrito outro libro no mesmo senso que ficou inédito, e que o Spengler inutilizou para sempre. Mais, dentro disto, hai a circunstancia de estarmos nós colocados polo azar histórico no lindeiro de dous tempos diferentes: o dos nosos pais e o dos mozos máis novos. Por iso podemos nós comprender ben o que estes pensen, deámoslle ou non asentimento.

I. Fontes literarias

Eu caracterizaría os homes do meu tempo preocupados polas cousas do espírito, dicindo que eramos –e somos– os auténticos *vencidos da vida*. Moito máis vencidos do que Eça e que Ramalho. Insatisfeitos, non conformistas, decote rebeldes. Vencidos da vida por *inadaptados*.

O problema dos inadaptados é un dos grandes problemas das decadencias. Hai neses tempos de economía, de política, unha chea de naturezas extremadamente delicadas e conscientes, depositarias das máis depuradas esencia da cultura, que embora non sexan desprezadas nin perseguidas, embora se vexan mesmamente agarimadas e axudadas, non se poden sentir solidarias coa marcha histórica do momento. E son os malcontentos, os difíciles de gusto, os desprezativos, os disgustados de todo, os que andan á procura das cousas lonxanas, estrañas e requintadas, os anormais por supernormais. O tipo deuse adoito na fin do século pasado, e atopou quizais a máis nidia expresión literaria no Des Esseintes de Huysmanns. O título da novela de Huysmanns dío todo: *Á rebours*; porque iso é o que son os inadaptados, os que van a contraño do seu tempo, os que non acaen cos seus contemporáneos. Des Esseintes é realmente un chiflado –porque evidentemente a esaxeración do tipo pode ser morbosa– mais por máis que sexa un chiflado, non perde endexamais a nobreza.

Citei a Huysmanns a tergo, porque foi un dos nosos mestres. A nosa cultura de autodidactos, formada como Deus ben quixo, lendo libros e libros conforme nos viñan ás mans, ben que uns turraban polos outros, fíxose principalmente en libros franceses. O francés era daquela a única lingua estranxeira que coñeciamos ben, aínda que naquel tempo da nosa mocidade, por aquí en Galiza, a máis de moda era o inglés. Nós sabiamos algunhas verbas inglesas para mesturarmos na conversa por moda, naquel tempo en que a última expresión da elegancia da nosa Terra eran os empregados do Cable de Vigo.

De Inglaterra liamos, en traducións, a Ruskin, Carlyle, Swinburne, Rosetti, e dos escritores de lingua inglesa, por riba de todos, Edgar Poe. Mais xa digo, as nosas lecturas predominantes eran francesas: en poesía, Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, Rimbaud, Laforgue; en novela e conto, Huysmanns, Péladan, Jean Lorrain,

Rachilde; na crítica, Rémy de Gourmont; no teatro, Maeterlinck. Aínda nisto, tiñamos a Ibsen e mais a d'Annunzio, único italiano que entraba na nosa preferencia. Os nosos filósofos eran Nietzsche e algúns místicos que nos descubría Maeterlinck, como Ruysbroeck o admirábel, Novalis, Emerson, Ernesto Hello. Despois procurabamos outros escritores máis raros aínda: León Bloy, o Conde de Leautremont. Dos exóticos, Omar Khayyan de Nischapur, e mais tarde Rabindranath Tagore. Español, moi pouco: Ganivet por riba de todo, e os primeiros modernistas; dos portugueses, Eça de Queiroz, Lopes Vieira, e principalmente Eugénio de Castro; algúns cataláns: Maragall, o *Xènius* da primeira época, o esquecido Diego Ruíz. De América, Rubén Darío e algúns arxentinos raros que non lembra ningúen.

O noso espírito zuguou desas fontes unha ideoloxía vaga, non ben determinada, quizais contradictoria, que entrou en nós fundamentalmente e para sempre, e pouco e pouco, paseniñamente, foi collendo corpo e determinou o que habíamos ser, pensar e sentir. Cultura propia para introvertidos, filosofía de abstractores de quintaesencias, de habitantes das torres de almasí. Efectivamente: introvertidos fomos ata non chegar a nós o galeguismo. Vivimos asolagados no ensoño moito máis do que no pensamento propiamente filosófico. Non embargantes, tiñamos xa daquela, e temos, unha filosofía, un verdadeiro sistema orgánico e vivente, unha concepción do mundo e da vida tan valedeira coma a de calquera filósofo sistemático, máis –se cadra– que a de moitos actuais profesores de filosofía.

O noso pensamento é o dunha xeración que aínda acordou os derradeiros esplendores dun mundo que morre, esplendores que, probablemente, os mozos que veñen atrás de nós non poderán xa ver na vida. Do mesmo xeito que unha candeia ou unha lámpada de aceite, cando vai morrer, a súa flama bota denantes súpetas e cintilantes luzadas, así a Europa moribunda ostentou no fin do

século pasado os luminosos ouros triunfais da poesía simbolista, da pintura impresionista e post-impresionista, da música de Wagner e de Strauss.

II. Doutrina social

Primeramente, deprendemos dos nosos mestres a odiar o noso tempo. Os inadaptados son, por definición, os insatisfeitos do mundo sensíbel, os inimigos da realidade cotiá, os que procuran fuxir do medio que os arrodea. De aquí a concepción da arte como *evasión*. Mais, enténdase ben: nós non desbotamos o medio natural, non condenabamos a natureza. Pola contra, rouseaunamente –mellor diría superrouseauanamente– paseabamos pola campía, procurabamos a aldea, e máis aínda que a aldea, o monte; sentiamos xa daquela a intimidade da paisaxe, e atopabámoslle mellor paladar canto máis salvaxe, canto menos aparecera profanada pola man do home. O inimigo estaba noutro lado: non fuxiamos do medio natural, senón do medio social que nos arrodeaba.

Aquí cómpre que nos expliquemos ben, porque hai unha parte da mocidade de agora en franca rebeldía contra da sociedade actual, que, desde logo, é xustamente a mesma do noso tempo. Mais entre a rebeldía deses rapaces e a nosa non hai nada de común, son máis ben rebeldías de senso contrario. Eses rapaces móvense por un interese social, levan, trabucada ou non, unha idea de melloramento, de pretensa perfección, de reforma da sociedade. E tiran as súas ideas de reforma, claro está, de conceptos e sentimentos correntes na sociedade actual, na que viven. A súa reforma social mesmamente pretende responder ás tendencias ou ás necesidades dos homes modernos, ou sexa, dos homes espiritualmente formados nos supostos desta sociedade que se quere

reformular. Eles opoñen á sociedade actual unha sociedade futura na que as esixencias dos homes da sociedade actual han ser satisfeitas mediante o desaparecemento das condicións sociais vixentes. Nunha verba: son *utopistas*.

Pois ben, nós non eramos dese xeito. A nós non nos movía ningún interese social, non arelabamos ningunha reforma, non opuñamos á sociedade actual ningunha sociedade futura. A nosa rebeldía consistía en segregármonos espiritualmente da sociedade, desapegármonos das súas tendencias e dos seus problemas, isolármonos na nosa alteirosa indiferenza polos seus afáns e trafechos, polas súas loitas e porfías, e cumprirmos o noso rol sen ledicia e sen pena e, principalmente, sen interese ningún. Aquí debo lembrar a atinada observación doutro dos vedoiros da decadencia, o Sar Péladan: pon este como un dos máis característicos fenómenos do noso tempo, época contemporánea, “a indiferenza dos actores sociais polo seu rol”. Isto que el constataba como feito, tiñámolo nós como doutrina. Para nós, a profesión, o emprego, a angueira, non era nin debía ser máis que a maneira de tirar unha soldada para vivir, non podía ser tomada en serio, e aínda era como que vergoñento mostrala fóra da oficina, do despacho, do taller. Fóra do sitio onde un traballaba, recobraba un a súa enteira personalidade de Fulano de Tal, e non tiña xa cousa ningunha que ver cos xefes, mestres nin compañeiros. Pertencía un a outro mundo.

Compañeirismo, solidariedade profesional ou de clase eran, coma a política, os intereses públicos, a reforma social, a sociedade futura, a revolución, a utopía, preocupacións e angueiras propias dos filisteos. O *filisteo* era por definición o home preocupado da cousa pública e dos seus graves asuntos: da política, do sufraxio universal, dos programas dos partidos, da banda municipal, do periodismo, das formas de goberno, das Academias, dos Xogos florais, da vontade popular, da pavimentación, do alumeadado, do

problema social, da instrución pública, do Capital, do Traballo. Todo home dese xeito constituído, fora el conservador ou revolucionario, mitineiro ou cacique, gardador ou perturbador da orde, era –e ha ser sempre– un filisteo. A súa representación simbólica era o señor grave, notario, maxistrado, interventor da Facenda, con bimba e leontina de ouro; mais tamén o obreiro de blusa ou mahón era filisteo.

Baixo do nome de filisteo, de bo burgués, de Mr. Prud'home de *Celui qui ne comprend pas*, este personaxe encarnaba decote para nós o senso social da vida. Polo tanto, era o inimigo. Ata certo punto, éranos lícito seducir os seus fillos e raptar as súas fillas. Imos aínda máis adiante: así como moitos rapaces de agora viven moi satisfeitos no seu tempo, porque o seu pensamento acae ben co periodismo, co industrialismo, co politicismo, etc., etc., e os que reaccionan contra do ambiente real é obedecendo ás correntes ideais que atravesan ese mesmo ambiente, nós reaccionabamos, non soamente contra do ambiente real, senón tamén contra do ambiente ideal, contra dos ideais todos da sociedade moderna. Eramos, nunha verba, antigregarios, antisociais.

III. Individualismo

Eramos, sinxelamente, *individualistas*. Contra do ambiente social, real e ideal, do noso tempo, opuñamos un celo da nosa liberdade que aos rapaces de agora lles ha semellar disconforme. Conservamos aínda ese celo da nosa liberdade. Ben sabemos que pasaron os tempos en que se podía conservar a liberdade na vida social; sabemos que hoxe, na vida moderna, a liberdade é imposible; mais non renunciámos de ningún xeito á nosa *liberdade interior* que habemos afirmar decote, impenitentemente, por fronte a tódolos imperativos que os tempos nos queiran impor.

Nós fixerámonos libres de tódolos vencellos, sen quitar un. Hai hoxe moitos rapaces, e tamén moitos homes do noso tempo e moitos vellos, que din que se ceiban da patria, da relixión, da familia, de todas esas cousas ás que chaman prexuízos, sen por elo ficaren libres, porque, ou son vítimas dos prexuízos contrarios ou, ao menos, fican aínda máis suxeitos ao pensamento que semella dominante na época –porque iso de que “hai que ir cos tempos” é tamén un prexuízo, unha obriga e unha escravitude– e de todos modos allean a súa liberdade en servizo de utopías e programas sociais e políticos.

Ten que ser deste xeito, porque así como o noso tempo era centrífugo, o de agora é centrípeto e gregario. Axúntanse dunha beira as forzas destrutivas da cultura –polo menos da cultura actual e tradicional, única coñecida– e temos o comunismo; axúntanse doutra as forzas defensivas, e temos o nacionalismo. Moitas veces hai entre estas dúas tendencias gregarias –porque hoxe ata para disgregar compre agregarse– transacción e acordo. Neste ambiente, no pensamento e no sentimento dos mozos predomina a solidariedade. Séntense solidarios os da mesma idea e da mesma clase, mais non é isto só: séntense solidarios os dos mesmos anos, cousa que non aconteceu dende as *clases de idade* de certos pobos primitivos, o cal pode querer indicar que as culturas acaban por onde empezan.

Non hai máis que ver o diferente significado que agora e entón ten e tiña a verba *nós*. Cando un do meu tempo dicía *nós*, non se refería endexamais aos da súa xeración nin aos da súa clase; referíase decote a un pequeno agrupamento identificado no pensar ou no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo –o noso tempo foi o dos cenáculos literarios e artísticos. En troques, cando un mozo de agora di *nós*, refírese as máis das veces aos do seu tempo, á súa xeración. Non foi outro o senso dos “movementos de mocidade”.

A nosa actitude tiña, naturalmente, unha derivanza moral. Era aquela unha verdadeira doutrina moral sen obriga nin sanción, encomendada á conciencia de cada un de nós. Moral individualista, viña a ser no fondo a moral do culto do eu, pouco denantes predicada por Mauricio Barrès. Todo nos estaba permitido, non sendo a infidelidade ao propio eu; todo, excepto unha traizón á propia personalidade; todo, quitando un devecemento do individuo. A regra suprema era ser o que un é ata a fin, ser fiel á interna lei persoal do eu concreto e ceibe sen concesión a ninguén nin a nada. Era unha moral de soberbios.

Polo tanto, e obedecendo ao axioma “ser diferente é ser existente”, cada un de nós puña o seu empeño en non se asemellar aos outros en opinións, en gustos, en costumes, en dar a toda a súa vida un rubro persoal e distinto. Non andabamos os uns atrás dos outros como moitos hoxe fan, non seguíamos a moda nin sequera no vestido; aínda nisto cada un procuraba levar algo que os outros non levasen. Non admitiamos nada uniforme nin en serie, antes ben, procurabamos decote o que nos alonxara da moitedume, da usanza xeral. Tiñamos noxo ao adocenado, ao vulgar, ao común, e calquera raridade, calquera extravagancia, atopaba en nós quentura e aplauso.

IV. Exotismo

De aquí viña tamén a procura do exótico. Non eramos, claro está, internacionalistas nin cosmopolitas. Internacionalismo, cosmopolitismo, desaparición das fronteiras, fraternidade universal, eran ideas que pertencían á bagaxe dos outros, dos filisteos. Mais tampouco eramos patriotas. O patriotismo daquela era o patriotismo de percalina, que pertencía ao común da xente, ao vulgo profano; aínda o casticismo era unha cousa oficial, académica e

filistea. Nós eramos exotistas, partidarios do lonxano, do recuado, do descoñecido. O noso ensoño ía cara ás terras exóticas, onde se non coñeceran as máquinas e os homes non levaran chistera —os recantos aínda case inéditos da India, da África central, do Tíbet “misterioso” — ou cara aos tempos antigos de Exipto e Babilonia.

E andamos peregrinando polas cosmogonías e polas culturas en demanda do insólito. Interrogamos os miserios dos Exipcios en Iámblico, en Plutarco, nos hieróglifos, en libros modernos coma o do exiptólogo alemán Adolfo Erman sobre da maxia exipcia. Buscabámoslle as voltas ao Budismo, asolagámonos na teosofía, procuramos revelacións no Popol Vuh de Guatemala, no Libro da Xeración de Adán dos Nabateos, no Kalevala de Finlandia, en Eliphaz Levi e mais en De Mirville. Eu mesmo me metín a estudar as relixións da India, as seis Darsanas ortodoxas, os asistemas disidentes de Sidhartha e de Mahavira, as filosofías malditas dos Lokayata, dos Saktistas e dos Thougts; cheguei a depender as declinacións e conxugacións sánscritas, a ler de corrido o alfabeto devanágari.

Non sentiamos o que tiñamos a man, e se respecto da Europa eramos orientalistas, respecto da España eramos europeístas. E cando outros escritores modernistas que nós coidabamos que dicían connosco emprincipiaron co casticismo e cos clásicos, foron por nós condenados ao esquecemento e ao desprezo.

V. Anti-progresismo

Ben claro está que esta procura do lonxano e do exótico viña do odio ao noso, que atopabamos ateigado de vulgaridade e de fealdade. Sabiamos, ademais, que esta vulgaridade, que esta fealdade, non tiñan emenda, e por iso eramos pesimistas. En xeral, o mundo para nós era cousa que había que aturar por unha postura de dandismo.

O noso tempo, consciente da decadencia, foi en xeral pesimista. Mais atrás de nós xurdiu unha polvoriña de optimismo. Sexa que as doutrinas e teorías acochen a verdadeira realidade debaixo do seu ouropel, sexa polo que for, os máis dos rapaces de agora semellan non deprocatarse de seren homes das postrimerías, e moitos cren ou fan que cren que están inaugurando un novo ciclo histórico. Algúns mesmamente chegaron a unha solución desesperada: invertiron as nocións tradicionais do belo e do feo e emprincipiaron a defender a beleza dos cachivaches e trebellos do chamado progreso. Outros, máis francos, chegaron a dicir que a arte non tiña que ver coa beleza, senón coa fealdade. Semella que estas actitudes están xa anticuadas, mais o optimismo segue, e os máis áchanse satisfeitos no seu tempo e identificados coas correntes que coidan dominantes. Por certo que neste mundo non se contenta o que non quere.

VI. Elitismo

Compréndese tamén que a nosa moral individualista do culto do eu non fose unha moral pensada para tódolos homes, que non pretenderamos que fose universalmente valedeira. Efectivamente, lonxe de pretendermos para ela unha validez universal –como facían os filósofos e fan hoxe os profesores de filosofía–, gardábamola como un privilexio. Era unha verdadeira moral de caste, mais non era de caste social, senón de caste espiritual.

Nós tiñamos un concepto xerárquico dos homes, como queda indicado nas devanditas alusións ao vulgo profano e aos filisteos. E tampouco desbotabamos de todo as distincións sociais cando eles tiñan unha orixe superior ao consenso, como é no caso da nobreza de sangue e nas diferenzas de educación –comprendendo esta verba no senso que lle dá a sociedade, e non no que lle dá

a pedagogía. De tal xeito que algúns de nós, fidalguiños de non moi alta categoría, andabamos preocupados coa nosa árbore xenealóxica, procurando entronques e antiguidade. Mais o esencial era sempre, para nós, a superioridade do espírito.

En todo caso, sentiamos máis fondamente o que nos arredaba do que o que nos achegaba aos demais homes. Levabamos o *pathos da distancia*, que dicía Nietzsche. Nada máis lonxe da nosa alma que o pensamento ou o sentimento da igualdade, que atopabamos antinatural e depresivo. Puñamos o acento no espírito, e o espírito é decote xerárquico. Por iso, se pasamos por moitas cousas, non pasabamos endexamais polo socialismo nin por ningunha das doutrinas semellantes. Se algunha vez algún de nós manifestou simpatías polo anarquismo, foi porque vía nel a destrución dunha orde de cousas que atopabamos noxenta, non porque nos resultase menos antipática a orde de cousas que o anarquismo viñera instaurar.

Nin a nosa moral, nin o noso pensamento, nin a nosa arte, eran para tódolos homes. Pola contra: un libro, un cadro, unha peza de música, eran para nós de tanta máis valía, canto por menos xente foran comprendidos. A arte non tiña un rol social; era o goce esotérico dos escolleitos, era unha revelación mística, era a fiestra de Mallarmé dende a cal se lle viran as costas ao mundo, era a evasión dos insatisfeitos, o triunfo dos vencidos da vida.

VII. Espiritualismo

Para obter a revelación suprema da arte cumpría, segundo nós, posuír un ingrediente psíquico que por non termos outra verba mellor, chamabamos nós *espírito*. Non é cousa doada explicarmos o que é o espírito. Dende logo, o talento non é. De toda certeza, hai moitos filisteos con talento, soamente que non hai ningún

que teña espírito. Con talento pódese ser todo: ministro, enxeñeiro, presidente do Supremo, arqueólogo, catedrático, inventor, revolucionario, bispo, matemático, médico, axitador obreiro, arquitecto, cóengo, xeneral, frade, escultor, pintor, se cadra músico, sobre todo cantante, aínda executante. O que xa non semella posíbel é ser verdadeiro artista, verdadeiro filósofo, verdadeiro santo. E tamén é un feito que tendo espírito, resulta polo menos pouco doado e pouco gustoso ser ministro, enxeñeiro, presidente do Supremo, etc., etc.

Non por iso se vaía pensar que o espírito é o xenio. Quizais o xenio se non dea sen espírito, polo menos o xenio verdadeiro, porque por exemplo o defunto Edison, que todos tiveron por un xenio, para nós era un ser absolutamente carente de espírito. Polo demais, o espírito pódese dar sen xenio, porque senón, nós, que non eramos xenios –non se vaía pensar que nós nos tiñamos por xenios descoñecidos– non poderíamos ter espírito.

O espírito non é tampouco o senso estético, embora o verdadeiro, o fino senso estético, cando é excepcional, está comprendido no espírito. Mais este abrangue moito máis. É, dende logo, cousa que ten estreita relación coa estimativa e lle serve de guieiro. É cousa que se adona dos verdadeiros valores, e aínda daquilo que alén dos valores, puideramos chamar o senso derradeiro das cousas.

O espírito non é patrimonio de tódolos homes. Con relación a isto, nós viñamos a clasificar os homes, virtualmente, en tres tipos, que veñen corresponder aos tres tipos en que os diferenciaban os gnósticos e os priscilianistas: *hylicos*, *psíquicos* e *pneumáticos*. Os homes vulgares, os homes do común, corresponden aos *hylicos* ou materiais; os homes de talento, os simplemente cerebrais, corresponden aos *psíquicos*; os homes de espírito corresponden aos *pneumáticos*.

Ora, ben se pode comprender que as diversas épocas históricas se caracterizan, ou mellor aínda, resultan, da predominanza

dun deses tres tipos humanos. Toda gran cultura xorde dun estado anterior en que os homes vulgares, os *hylicos*, predominan e fan a historia. E xorde a gran cultura polo aparecemento se non súpeto, polo menos imprevisíbel e debido a causas descoñecidas, dun fato de almas egrexias, supernormais, de homes con espírito, que abesullan o senso e crían a protoforma daquela cultura. Aquela cultura medra e ascende polo acrecemento progresivo do espírito, ata que chega un punto en que o pulo espiritual, caracterizado pola fe, pola inventiva, pola fantasía, pola ledicia, vai esmorecendo pouco a pouco, e o talento, caracterizado pola razón racionante, pola crítica fría, pola regra e a medida, vai montando por riba do espírito. Paseniñamente, vai medrando a preponderancia social do filisteo, namentres a crítica, rillando os fundamentos de todo, minando o basamento espiritual da cultura e traendo o primado da utilidade, a preocupación económica —preocupación filisteia por antonomasia—, materializando a vida, vai facendo que esta vaia volvendo caer nas mans dos vulgares, dos *hylicos*, que xa non son os vulgares inxenuos do estado primeiro, senón os bárbaros armados das armas da cultura, aos que pertence o triunfo final. É o que está sucedendo precisamente nos nosos días.

Como se comprende, no tempo do predominio do talento —cuxa etapa derradeira na cultura occidental, aínda, máis de ouvido que de presenza, acordamos nós—, os homes de espírito, ben que tolerados pola sociedade, non deixan de ser considerados como seres máis ou menos anormais, e aínda unha miguíña perigosos. No futuro predominio dos vulgares han ser probablemente perseguidos, ou polo menos, faralles a vida imposíbel. Os homes de espírito, no tempo do predominio do talento, devenen inadaptados. A historia próbanolo coa traxedia patente de case que tódolos xenios deste tipo. Mais non coñecemos a traxedia muda de tódolos homes de espírito que non chegaron a ser

xenios. Por iso dixemos que o problema dos inadaptados era un dos grandes problemas das decadencias.

De aquí a pena que dá o trabucamento de tantos mozos de agora con espírito, que, cheos de optimismo, se dan a servir os ideais do noso tempo. Cumpría que soubesen distinguir entre os ideais dunha época, maxinados pola conciencia dos homes, e as tendencias verdadeiras que incoscientemente os levan, ao mellor, onde non queren. Nos tempos criadores, ideais e tendencias soen coincidir; nos tempos de disolución, as máis das veces, ideais e tendencias non coinciden. Canto homes de espírito, nós considerámonos pola contra como unha elite hiperconsciente que ventaba a podre do mundo e procuraba manterse distante e arredada, recollendo a vestimenta para non emporcala no trollo do camiño.

VIII. Irracionalismo

Podemos agora considerar de máis preto o noso caso, o caso dos inadaptados, para precisarmos mellor a nosa posición histórica. As consideracións de Nicolás Berdiaeff sobre do Renacemento e mais do humanismo fornécennos unha luz nova para elo. Non colle dúbida que, o mesmo nós que os nosos mestres da fin do século, canto individualistas, canto centrífugos, canto cobizosos de creación e de creación propia, pertencemos ao humanismo. Non colle dúbida tampouco que as nosas ideas, canto pesimistas, canto introvertidas, canto irracionistas e neorrománticas, son as contrarias que as dos humanistas ortodoxos.

Esta contradición explicaríase, dentro da concepción de Berdiaeff –e isto coincide marabillosamente co exposto no párrafo anterior– supondo que nós somos os derradeiros humanistas, postos nas portas na nova Idade Media. A ideoloxía da fin do século foi, sendo e todo un movemento de rectificación

e de volta, a derradeira florecencia do humanismo. Descende do romantismo, que foi, no pensamento, no sentimento, ata na intención, anti-humanista; mais así e todo, o pulo central da fin do século, coma o do romantismo, era humanista. Historicamente continúa tanto coma contradí o humanismo.

E nós vivimos, coma quen di, cun pé na fin do século –ou sexa no humanismo derradeiro– e outro na noite da nova Idade Media. Dentro dos descendentes da fin de século, continuamos a corrente mística do romantismo (Schleiermacher, Schelling, Schegel, Novalis) e da mesma fin de século (Wagner, Verlaine, Maeterlinck), corrente que xa existe no Renacemento. Mística, no senso de irracionalista, de apreciación da alma (espírito?) por riba da razón –somos o humanismo arelando en forza de humanidade–, natureza humana –a renacenza da alma, como é o caso de Maeterlinck. A fin do século ventou a alma, e por iso foi neorromántica. Pouco importa que a alma sospeitada non sexa, se cadra, a verdadeira.

E nós somos neorrománticos e tráxicos e mesmo apocalípticos por iso mesmo. Levamos a soberbia toda do humanismo connosco, querendo choutar con ela na noite que vén, noite que é unha renacenza da alma, posto que a luz das almas ha ser o contrario da dos corpos. Somos o humanismo que se arreda soberbio do mundo apodrecente, que quer formar o seu mundo, un mundo interior. É o senso verdadeiro da recreación do mundo de Mallarmé.

IX. Esteticismo

Tiñamos un mundo, un reino interior, soamente accesíbel aos homes con espírito, mundo onde collían realidade os posibles. O determinarmos a verdadeira natureza concreta dese mundo é máis difícil aínda que o determinar en que consiste o espírito. Se era un mundo de ensoño, valedeiro polo tanto –segundo as

ideas correntes dos profesores de filosofía— soamente para o individuo que o leva dentro; ou un mundo de ideas platónicas, de especies intelixibles escolásticas, de conceptos kantianos, de valores postkantianos ou de esencias husserlianas, universalmente valedeiros para tódolos homes; ou un mundo de ultra-realidades, quizais coincidente co da nosa conciencia post-mortem, ou coa nosa conciencia mediumnímica, ou coa nosa hiperconciencia extática, non sabería dicilo arestora. Non direi máis, senón que pode ser calquera desas tres cousas, ou as tres a un tempo. E tamén que, de calquera xeito que fose, era soamente para os raros, para os superiores, para os escolleitos.

O contacto, a interferencia daquel mundo co mundo normal dos homes, verificábase na arte. A obra de arte, cando era verdadeira, era unha revelación daquel mundo. O cal non quere dicir que non o transparentase tamén a natureza, principalmente no seu estado virxe, salvaxe, non tocada ou abandonada polos homes.

X. Galeguismo

Ora, o problema é como sendo como eramos e como somos, individualistas, introvertidos, puidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria como é a nosa entrega a Galiza, que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega. A resposta está dada, moito mellor do que eu puidera facer, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela *Arredor de si*. *Arredor de si*, máis que unha novela, é a autobiografía, non só dun home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor, ao que eu pertencín tamén. Polo seu mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andou todo o tempo dando voltas arredor de si —e cada un arredor de si mesmo— sen atoparse endexamais de todo.

Xa dixen como peregrinamos polas cosmogonías, polas metafísicas e polas estéticas. Pois ben, como aquel inglés de Chesterton que despois de moitas viaxes polo mundo atopou unha terra descoñecida que resultou ser a fin de contas a Gran Bretaña, igual nos pasou a nós. Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo, en procura dalgo inédito que nos salvase do habitual e vulgar, viñemos a dar na sorprendente descuberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filisteia, nos ofrecía un mundo tan extenso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, coma os que andabamos a procurar por aí adiante.

Para salvármonos do vulgar, para evadírmonos do filisteísmo, para redimírmonos do habitual, non cumpría ollar ao lonxe; chegaba con ollar ben preto, arredor de nós, en nós mesmos, dentro de nós mesmos. Á beira nosa, constituíndo o medio natural no que quizais non se movese o noso entendemento, mais no que de seguro se movía o noso espírito, ese sinal da man de Deus nas almas escolleitas, estaba, dándolle vida e seiva, a nosa Terra desfigurada e descoñecida.

Dentro de nós, constituíndo o máis fondo do noso ser, estaba a alma de Galiza. E nós tiñamos por forza, canto máis individualistas fomos, canto máis finiseculares e románticos, canto máis soñadores, que chegar a atopar esta suprema identidade, pois o certo é que nós eramos así por sermos galegos, e que era o sangue dos nosos antergos, dos ártabros fortes, dos feros brigantes, o que nos facía soñadores, románticos, lonxanos, individualistas. O chegarmos a coñecer esta verdade era o resultado necesario da introversión, do asolagamento alteiroso e soberbio no noso propio ser: era o resultado preciso do noso *barresiano* culto do eu. E pola nosa súpeta conversión explícase ademais e tamén a nosa radical e fanática adhesión á fe na nosa terra, porque nós chegamos

á alma de Galiza ceibes xa de todo prexuízo, ceibes de toda consideración e todo respecto á cultura sobreposta que nos mascaraba, nos desfiguraba e nos falseaba a nosa Terra.

XI. Xustificación

Mais non está dito todo: chegados a este intre, aínda fica o problema do noso paso da actitude contemplativa á actitude activa. Porque, adquirida a convicción interior, pode o home de espírito coller por un destes dous camiños:

1º. A persistencia na introversión, no cultivo do eu, no goce do que queda, na escolma do que un ha vivir: evasión, reclusión no mundo interior, na torre de almasí. Camiño, por exemplo, de Des Esseintes.

2º. A extroversión na obra social: procurar conformar o mundo á nosa visión, salvar os nosos valores –de aquí o camiño da acción.

O segundo ten a desvantaxe da loita, na que un pode ser vencido. Mais cómpre ter en conta que, para un home de espírito, conquerida a liberdade interior xa un está salvo, e que embora non realizado, ninguén nos pode tirar o noso soño, propiedade eterna nosa. O soño quizais valla máis que a realidade. A realidade é un instante histórico, namentres que o soño, soamente con ser soñado, xa existe para sempre naquel mundo interior de que falabamos e que se alonga ata o cabo da eternidade. E xa que así son as cousas, ollemos que o home de espírito non se perde de todo na obra social, senón que namentres sofre os desenganos e os amarguxos do mundo, hai un puntíño central do seu ser que vive impasíbel na quietude, aínda que lle estea doendo o corpo ou a alma.

Velaquí un inicio para superar o neo-realismo idealístico, e tamén hai aquí implícito que cómpre sempre un pouco “vivir sen vivir en min” –aínda que de ningún xeito debe un fuxir do

seu ser concreto e actual de óso e de carne. Precisamente, como observa perfectamente Keyserling, unha das grandes superioridades do cristianismo consiste en ter posto de manifesto a eternidade do ser concreto individual, do eu, deste que eu son, inmorredoiro. Con esta reserva, non había xa perigo en descender, máis que fora, ao campo da acción. Os puros ficaban, aínda nela, ceibes de mediocridade.



23.

Verbas de chumbo

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

I

Estou lonxe da Terra: en Badaxoz. Cóbreme un inmenso fanel azul. Atópome na torre árabe de Espanta Perros e vexo dende aquí as rúas ensarilladas da cidade. Hai unha cigoña lanzal no borde do seu niño, e as pombas bravas chían no aire. Na lonxanía percibo Elvas –a praza portuguesa inimiga de Badaxoz. Acompañame un can vagamundo, que me segue a todas partes; un can morriñoso e triste que me mira con ollos de namorar; un can agradecido que por unha pedra de azúcar agarda por min na porta do café para dar o paseo de tódalas tardes... Este cativo animal dáme noxo e compaixón, e véndoo tan famento, tan luxado e tan manso, pareceme un símbolo.

Neste intre sinto por primeira vez a necesidade de escribir para vós dende o desterro. Non temades os meus arroutos sentimentais, porque xa deixei de ser sentimental. E velaí o que hoxe se me ocorre.

* * *

Hai homes que pasan a vida predicando as excelencias dunha doutrina política ou social e senten a ledicia de ser combatidos, porque confían na posteridade e soñan con triunfar dispois de mortos, para convertérense en estatuas de bronce e ocupar o centro dun xardín ou dunha praza; pero se a idea que predicán botase axiña raíces no sentimento popular e se, por ventura, xurdise a ocasión de vela convertida en feito histórico para abrir unha nova época, entón ollariades que os mesmos sementadores da teoría collen medo e algúns son capaces de abandonar os seus postos de honor.

Eles gustan de chamar “tempos heroicos” aos do espallamento da idea e non se decatan de que o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anceios en realidades, pois crear unha doutrina non é apenas outra cousa que facer *solitarios* filosóficos, loitar con inimigos pode ser, simplemente, un xogo de amor propio, e soñar cun futuro lonxano e venturoso pode ser tamén un divertimento poético.

Cando un home sabe que a realización dunha idea vai producir a felicidade do seu pobo e a salvación da súa patria non debe recuar ante a posibilidade do triunfo, aínda que a violencia dorosa e sanguiñenta do parto lle produza inquedanzas; porque o home que dubida no intre de realizar o ideal que predicou e non ten coraxe para manterse no seu posto de perigo, ou é un farsante ou é un coitadiño.

Un home que teña fe no ideal que predica non debe resignarse a morrer sen velo realizalo. E aínda direi máis, expóndome a

que se dubide das miñas convicións democráticas: Se o pobo non quixera enteirarse do que lle convén e fíxese desprezo do remedio que pode salvarlo, ¿habería algún home de fe que deixase de impor ese remedio, aínda pola forza, se dispuxese de poder para tanto? Un home de verdadeira fe nos ideais que predica e con coraxe para remediar as desventuras do pobo vai cara ao triunfo cando se poida e como se poida.

De todo é lícito dubidar menos de nós mesmos.

II

Estou vivindo nun país decapitado e sen anceios de existir, nunha inmensa rexión de latifundios, onde a política resulta incapaz para resolver os problemas económico-sociais que a realidade presenta con dramática simpleza. Aquí a xente está dividida en dous bandos extremos e irreconciliables, que un galego apenas pode concibir. Estou neste intre nun café con espellos, onde dúas columnas e dúas bochas de luz abundan para figurar longas alamedas. Aquí repousa o meu corpo e o meu espírito segue a vivir con vós.

* * *

Lémbrome dalgúns galegos que viven para si porque son ben asisados e non sofren as inquiredanzas dos demais. Parece que teñen o pesimismo dos vellos e aínda non foron capaces de aventurarse en ningunha empresa. Parece que teñen o escepticismo dos que están de volta e aínda non se arriscaron a viaxar. Parece que son donos da verdade e aínda non pasaron fame nin sede. Parece que triunfaron nunha loita terrible, decisiva, e non fixeron máis que fuxir diante dos perigos. Parece que merecen o que gañaron e non saben decatarse da sorte que os empurrou. Parece que están

capacitados para regalar consellos e coas súas sentenzas egoístas acabaría-se o mundo. Son comenezudos, traballan con proveito e non conciben máis ideal que o de vivir con desaforo e sen dores no estómago...

Estes son os que me dicían:

– Por que te metiches en política? A política é unha *cochinada* e ti mellor estarías na túa casa, facendo caricaturas.

Son galegos e non conciben que Galiza pode salvarse cunha política honrada. Son galegos e non saben que Galiza necesita unha política súa para conseguir o desenvolvemento normal da súa economía. Son galegos e non se decatan da necesidade dunha política que garanta a vida da nosa cultura. Son galegos e non saben que temos un destino histórico que cumprir no mundo.

Estes son os que din:

– Eu non sinto a necesidade de falar galego (porque esa necesidade non se sente no bandullo).

– Eu atópome ben onde poida vivir (porque non teñen máis que anceios animais).

– Eu non creo en ninguén (porque tampouco cren en si mesmos).

– Eu renego da política (porque dá disgustos).

– Eu non pertenzo a ningún partido (porque non queren comprometer a súa tranquilidade).

Así son moitos galegos serios e sisudos na aparencia, que vis-ten ben e saben impor respecto aos seus consocios de Casino.

Calquera día un destes galegos que non quixo meterse en-dexamais en política, pasou a ser directivo dunha entidade que defende *intereses*, e de súpeto védelo sentado nun banquete, a carón de calquera político inmoral e chabacano.

III

O “lonxe da Terra” aínda segue sendo esa enfermidade sentimental e contaxiosa que fai chorar de soidades aos emigrantes galegos. Eu non podo negar que a sinto por veces, pero xa non é pola lembranza dos eidos nativos nin polos anxeios de retornar ao seo da familia, senón pola ausencia da Patria. Este sentimento de soidade xa non é exclusivo dos desterrados, porque todo galeguista o sente nos intres que agora vivimos. ¿Morar nunha Terra aferrollada non é tan doroso como vivir no desterro?

Hoxe falei cun afiador ourensán e os dous tiñamos morriña: el pola súa aldea, onde deixou unha moza; eu pola miña Terra, onde campan e runflan os políticos alleiros. Cando rematamos a nosa conversa o afiador apañou a roda e foise polas rúas, a pregoar no asubío os seus anxeios amorosos. Eu quedeime a miralo, envexoso da súa mocidade e da súa sinxeleza, a rillar as miñas arelas patrióticas, coa esperanza entristecida de tanto agardar o triunfo dos nosos ideais de liberdade.

Romantismo? Quizais, pero romantismo novo.

* * *

Hai homes tan amantes do seu pobo que despois de emigraren empurrados pola necesidade, volven atraídos pola *querenza* coa mesma ledicia que senten os cabalos cando retornan á corte. Eles levaron unha visión e apegáronse a ela con tal sentimento saudoso que mereceron a categoría de tipos de novela. E cando chegan séntense defraudados por atopar casas novas, luz eléctrica e xente ben vestida. Quixeran non atopar alí nada do que viron de bo no mundo para seren eles os importadores do progreso. Quixeran que todo ficase no mesmo estado para que as innovacións se realizasen coa súa presenza. Quixeran que a xente ficase

como estaba para seren eles os tipos innovadores. Quixeran que os adiantos do seu pobo natal se lle debesen á súa filantropía... Este amor limitado e egoísta –case que animal, de tan natural– está ben lonxe aínda de ser confundido co sentimento patriótico dos galeguistas.

Para eles a Terra é o pequeno berce onde naceron, apenas un fermoso val que ten un río de prata, unhas casas que fumegan e un campanario lanzal. Alí cantan os paxaros mellor que en ningures e a lúa ten máis claridade. Alí dáse o mellor pan, o mellor viño e o mellor leite. Alí as festas son máis ledas. Para eles a Terra é tan pequena que aínda non pode chamarse Patria. En troques para nós, os galeguistas, a Terra é tan grande que soamente alcanzamos a vela nun mapa. Alí hai unha inmensidade de vales, con aldeas, vilas e cidades, e miles de campanarios. Alí viven millóns de labregos e mariñeiros que agardan por un benestar que nós podemos darlle. Alí fálase un idioma capaz de ser vehículo da mellor cultura atlántica. Alí pode rexurdir unha Patria feliz e farturenta.

Agardemos un pouco máis e a morriña dos desterrados galegos –que os vellos románticos cantaron tan ben– xa non será esa enfermidade sentimental que doadamente se cura con retornar aos eidos nativos, porque tódolos galegos sentiremos este anxeio grande e ledicioso de asistir ao rexurdimento dunha Patria que parecía morta.

* * *

Afoguemos as tristuras na esperanza. Acabemos cos pesimismos e coa melancolía. Nin tan sequera nos poñamos tráxicos, porque vale máis que morrer pola Patria saber vivir para resucitala.

IV

Polas mañás as rúas de Badaxoz échense de burros, e cando bate o sol no lombo dun deles o seu orneo godalleiro fai ornear á mesma cidade. No fío das oito da mañá ornea sempre un burro debaixo do meu balcón. O animal entoa o *himno* da súa especie con tal forza aspirante e impelente que mesmo parece que están aserrando a esquina da casa. Entón eu abro os ollos e ao espertar non sei onde me atopo e preguntome: “Onde estou?”.

Hoxe é Primeiro de Maio, festa nacional e internacional. Podo, pois, repousar o almorzo na cama, e teño tempo para meditar co bandullo cara arriba. Busco ideas novas e non acoden máis que lembranzas vellas. De súpeto xorde no meu maxín esta pregunta: Que diferenza existe entre un país rural que ten por animais de traballo o boi e a vaca e outro que traballa con burros e mulas? Regálovos o entretemento de responder a esta comparanza, porque o que a min se me ocorre é moi longo de dicir.

* * *

Para conmemorar este día celébrase un mitin socialista e falará o deputado que máis traballou nas Constituúntes para sacar avante a Lei de Reforma Agraria. E eu debo asistir.

Xa volvíñ do mitin. Xa sei que os socialistas teñen a preocupación de resolver os problemas desta terra de latifundios. Falaron ao corazón dos “castúos” e déronlle a esperanza dunha vida mellor. Tamén falaron ao meu corazón e aplaudín. Saio do mitin a cavilar na desventura dos nosos labregos, que non son obreiros nin patróns, que non poden vencellar os seus problemas vitais á preocupación dos grandes partidos de clase, e que, polo tanto, verán as súas reivindicacións á marxe do balbordo que enche o mundo. Nin o estado unitario e centralista pode atender a problemas

minoritarios, tan alonxados do centro; e se algunha vez o lexislador compasivo se preocupa deles, entón a lei queda sen cumprir, porque hai outros de preferente atención.

Lémbrome de que votei como deputado o artigo 46º da Constitución, coidando que os nosos labregos quedarían libres de todo tributo, pero agora pagan máis que nunca. Lémbrome de que nos opuxemos a unha lei agraria única, pensando que a exclusión explícita de Galiza crearía unha necesidade de legislar para ela, pero os nosos labregos quedaron implicitamente arredados dos beneficios desa lei porque na Galiza xa non existen grandes propiedades. Lémbrome de que o Estado, en vez de favorecer e fomentar a organización cooperativa, intentou embargar os bens de miles de labregos que se embarcaran nunha aventura cooperativista. Lémbrome de tantas cousas!

Quen pode salvar a Galiza? Galiza mesma. E como? Cun gran partido político exclusivamente galego. Para que? Para que a nosa Terra conquira o dereito a legislar para si mesma. E cando contaremos con ese gran partido? Cando os nosos labregos abran os ollos e lean o programa galeguista.

Entón a nosa Terra será unha comunidade cooperativista. Os labregos posuirán unha cultura técnica e agraria capaz de incrementar os rendementos actuais da terra e do gando. Os montes estarán inzados de árbores para fabricar pasta de papel. Tantas cousas se poden facer o día que Galiza sexa autónoma!.

V

Estou nun inmenso país de latifundios, poboado por xentes moi ricas e xentes moi pobres.

Os ricos comen pouco e teñen cara de ictericia. No inverno sonean a carón do braseiro e no verán dormen de día e velan e

noite. Reparten esmolas de dous céntimos e consideran as chinches como unha praga inevitable. Teñen administradores para os seus bens e cren que Gil Robles é un revolucionario.

Os pobres mantéñense de sol no inverno e aforran enerxías encostándose nas paredes soleadas. Cando chegan os meses de calor póñense a engulir as araxiñas de vento nas rúas avesías. Están desnutridos e perderon o apetito. Se algunha vez traballan dálle estalidos o espiñazo.

A terra é farturenta e dá sen esforzo todo cando se lle pida; pero esta terra está en poder dos ricos, porque os pobres non teñen azos para rexer propiedades. O país tivo algunha conciencia da súa personalidade, pero deixouse decapitar pola fronteira portuguesa, e o inmenso corpo foi asimilado polos países veciños.

Se eu fose natural deste país e sentise anceios de axudar a reivindicalo, non me quedaría máis que un recurso: afiliarme ao Partido Socialista.

* * *

A miña Terra é un país de minifundios poboado por xentes algo ricas e por xentes bastante pobres ou pobres de todo.

Os ricos comen e beben dabondo para morreren de apoplexía. Dormen pouco, pensando nos cartos que teñen a réditos ou no preito que lle van poñer a calquera veciño. Fan caridades con verbas tan bonitas como estas: “Que Deus o ampare”. Soñan con mandar e fanse caciques ou amigos de quen teña o poder nas mans. Administran os bens propios e cando poden aínda pretenden administrar os alleos.

Os pobres comen o que teñen e se o teñen. Están desnutridos, pero non perden endexamais o apetito. Cando non poden vivir nos eidos nativos collen o fato e vanse polo mundo en procura de traballo. Son donos dun anaquiño de terra e viven

escravizados polo fisco e asoballados polo cacique. Tamén van ao mar e xogan a vida por un cacho de pan. Traballan de sol a sol ou de estrela a estrela, porque ninguén lles paga o xornal que necesitan para vivir.

A terra é agradecida e non se cansa de pagar o que debe, pero reclama suores e bágoas. A terra está esnaquizada polo amor e a cobiza dos seus fillos. O mar é tolo, veledoso coma unha ruleta.

O país mantén latexante a súa personalidade nacional, pero careceu de coraxe para defendela, porque a fronteira portuguesa lle cortou o brazo forte pola Historia. Ten unha lingua egrexia e posúe unha cultura en plena floración. Sente a necesidade de leis propias para resolver os seus problemas xenuínos.

A miña Terra conta, por ventura, cun partido político que se afínca nos postulados democráticos da Constitución republicana, capaz de remediar a miseria moral e material dos meus irmáns, e a este partido pertenzo e pertencerei mentres viva.

VI

Onte percorrín máis de cen quilómetros de terra estremeña, onde os ollos se perden nos trigais e as oliveiras. Tamén vin montes inmensos cubertos con aciñares, onde bolen piolleiras de cochos mouros. Atravesei algún pobo con homes estarricados na porta das casas. Por riba da liñamenta chá dos tellados érguense castelos en ruína e casonas fidalgas. Aquí o sol é emperador da creación e do vizo, o deus visible da fecundidade. Parece mesmamente que os poucos habitantes desta terra deben nadar na fartura coma os peixes no mar. E hoxe na oficina de Estatística clasificáronse varios casos de defunción por fame. Fame, cando se vive nun mar de pan!

Onte pasei á beira dun *cortijo* amparado por un eucalipto que fai de pararraios barato. O meu acompañante contoume a seguinte anécdota:

—A esta finca chegou un día o vello Maura. O dono da finca gabouse de ter as mellores instalacións do país. “Aquí dormen os porcos”. “Aquí paren as porcas” Etc., etc. Todo alí estaba limpo, claro e relucente. E chegaron a un cortello fedento, estrado de palla e sacos vellos. “Que é isto?” —preguntou don Antonio. “Isto é onde dormen os criados” —respondeulle o dono da facenda. E entón Maura deulle un aviso: “Pois... procure vostede que non esperten”.

O consello de Maura non logrou entrar na mioleira dos terratenentes estremeños e perdeuse como se perderon outros moitos. A xente aquí non esperta, porque a fame dá sono... E unha vez que foi promulgada unha lei agraria capaz de remediar os males desta terra, erguéronse alporizadas as “dereitas” hespañoleiras, e apunñando un crucifixo comezaron a falar de inxustizas e sacrilexios.

* * *

Eu son dunha Terra onde os labregos non foron capaces de aturar o despotismo señorial, e unha vez (van alá centos de anos) fixeron unha revolución sanguíñenta. Dos tempos abolidos quedan os foros aínda, pero este problema vai extinguíndose a forza de rebeldías xordas. Certo é que desapareceu o amo terratenente, pero foi substituído por moitos amos confabulados. Hoxe a miña Terra é un anaco da República poboado por traballadores que temen a xustiza oficial, porque nunca se lexislou para eles.

Eu vexo a miña Terra dividida en anaquiños de propiedade, e en cada propiedade unha casa chea de xente. Hai fame nos fogares e a miseria do minifundio vai meténdose na alma dos labregos, pero seguen acesos os anceios de traballar e de posuír.

Polas abas dos montes incultos (incultos por seren do Estado) ruben os piñeirais coma se fosen os dedos arteiros dun ladrón.

A miña Terra debía ser un paraíso nesta Europa fracasada. Alí podía crearse unha verdadeira democracia republicana e cristiá, pero a mioleira dos gobernantes está conxestionada de tanto cavilar en Andalucía, Castela e Estremadura... e non lles queda lecer para pensar nos traballadores de Galiza. Sería preferible o latifundismo ao minifundismo? Porque, en realidade, son dúas enfermidades contrarias, pero igualmente mortais nesta Hespaña de señoritos.

Con todo, a miña Terra está en condicións de salvarse, porque conta con personalidade indiscutible e quere exteriorizala en forma de cultura e de leis públicas. Algún día Galiza conquerrá o dereito de gobernarse por si mesma, e entón a triste realidade dos nosos días será simplemente unha lembranza aleccionadora.

VII

Aquí os «vellos desamparados» non pasean en ringleiras, ao xeito dos seminaristas e os hospicianos. Os vellos saen do asilo amodo, como unha masa coral no remate do ensaio. A súa vida parece aburrida, pero sen anceios. Creo que nin tan sequera agardan pola morte. Cando vai frío buscan a quenturiña do sol nos acubillos da muralla. Cando vai calor andan de gandaina, en busca do seu divertimento: ver traballar. Onde queira que se traballe, alí estarán os «vellos desamparados» gozando cos ollos. Esta ledicia é a única que os anima e no remate da xornada márchanse para o asilo coma se voltasen do teatro.

Hoxe pareime a velos. Estaban ao redor dunha obra de desmonte. Cada un co seu pau e todos enfardados en traxes antigos. Eu decateime de que suaban de tanto axudar cos ollos, e cavilo

que se consideran parceiros no traballo e que respirarán con orgullo o día que a obra remate. Pobres vellos!

Tamén reparei nunha rolda de xentes desocupadas ollando dende máis lonxe o trafego dos peóns. Quizais con anceios de gañar a vida, pero eu xúrovos que nalgúns ollos adiviñei unha envexa terrible: a de chegar a «vellos desamparados».

* * *

Lémbrome dos galegos vellos que andan aboiados polas rúas cidadás. Parecen superviventes dunha gran catástrofe. Odian a ledicia dos rapaces e refungan esta sentenza de morte: “Non chegaredes a vellos!” E os rapaces non lles dan creto.

Eles foron os supersticiosos do progreso: adoraban o misterio da electricidade no milagre do arco voltaico, crían que a cultura viña polos aramios, ollaban nas máquinas a salvación do mundo e para eles a letra de molde non podía mentir. Andan á moda que acaba de pasar, foxen da raxeira do sol, falan castelán por señorío, desprezan a ciencia dos labregos e mariñeiros, pintan de aluminio os balcóns e séntense orgullosos de que no seu chan nativo medren as palmeiras de África.

Estes vellos endexamais ouviron falar de Antolín Faraldo e esqueceron o nome de Alfredo Brañas. E cando nos escoitan a nós preguntan alporizados: “Que din eses tolos?”. Os nosos vellos son galegos e non o saben, porque sempre viviron nun mundo de mentiras e convencionalismos, como arañas fantasmais, a tecer o esquecemento da súa propia realidade. Non, non é posible nos comprendan. Pobres vellos!

Eu teño mágoa de non velos ao redor da nosa obra, regalándose co noso traballo, axudándonos co seu ollar ledicioso. Eu quixera ver detrás dos galegos vellos unha rolda de desocupados a rillar as angurias de non poderen axudarnos, ou envexosos da

nosa ventura. E que os incapaces ou preguiceiros arelasen chegar a vellos para poderen asistir con dignidade ao traballo dos mozos.

Endebén, podemos felicitarlos de que os vellos que andan agora polas rúas galegas son os derradeiros superviventes dunha época que non volverá.

* * *

Cando nós sexamos vellos iremos ver o traballo dos mozos e animarémolos coa nosa ledicia. E cando rematen unha obra tomaremos parte no albaroque do ramo.

VIII

Na catedral de Badaxoz hai un órgano que veu da Alemaña e un crego indíxena encargado de tocalo. Eu coidaba que a meirande ventura dun home era ser organista tendo unha catedral por teatro e dispoñendo dun aparello alemán de tan variadas voces que servise para regalar con coros anxélicos a piedade do Bispo ou para ceibar tronos do inferno enriba do Cabido. Mais este organista namorouse do enxeñoso instrumento e non pasou de estudarlle as tripas, co gallo dos vellos anatómicos que buscaban no cadáver o segredo da vida. O crego xa se considera capaz de construír un órgano tan alemán coma o que veu da Alemaña, pero non lle interesa tocalo nin llo deixa tocar a ninguén.

O outro día fun á catedral na compañía dun pianista forasteiro e o crego de marras quixo mostrarnos o seu *xoguete*, que está metido na caixa barroca do órgano vello, sobre do coro. Cando subimos notei que uns anxelotes tiñan as pernas cortadas a carón. “Por que fixeron isto?” –preguntei. E o crego contestoume, a rir: “Eran unos *angeliyos* bailando unas *seviyanas*”. O crego,

entusiasmado, deunos explicacións prolixas do aparello sonoro e lémbrome dunha frase súa que vou escribir coa vosa licenza: “Aquí los murciélagos hacen de cuerpo en los tubos y cada vez que los limpio me llega la basura al alma”.

O crego matounos a tarde sen que puidésemos ouvir o órgano, e cando o pianista manifestou desexos de tocalo, o crego torceu o bico e díxolle con cara de poucos amigos: “No vaya usted a creer que un órgano es como un piano!”.

Que lástima de órgano e que pena de organista!

* * *

No censo de intelectuais que moran na nosa Terra hai unha chea deles que se asemellan ao organista de Badaxoz.

Disque algúns pasan a vida ensumidos nas bibliotecas para meteren no almacén da memoria todo cando se leva escrito, e que se un incendio queimase os seus libros serían capaces de reproducilos. Disque viven fóra do noso mundo e que cando morran debemos choralos, porque son sabios.

Disque algúns saben todo canto se publica en francés, inglés, alemán, ruso..., e aínda que nos seus miolos non naceu endexa-mais a branca flor dun pensamento orixinal, saben catar as obras alleas e censurar as que se producen no país. Disque tolean por facer luz na escuridade e que cando morran debemos choralos, porque son mestres.

Disque algúns afondan tanto nos problemas do espírito que non lles chegaría unha vida para daren ditame, e que nin con dúas vidas de *profundación* se decidirían a escribir un libro. Disque estudan e cavilan en silencio e que o día que morran debemos choralos, porque son pensadores.

Disque algúns coñecen tan ben os arregueixos labregos e a maneira de curalos que o día que falen haberá fartura nos agros.

Disque a modestia non lles deixa abrir a boca e que cando morran debemos choralos, porque son técnicos.

Aínda queda moita fina caste de intelectuais, dos que a xente di que debemos facer pranto cando morran; mais eu quixera mellor homes de acción que loitasen polo engrandecemento da nosa Terra sen medo ao fracaso nin á censura, nin tan sequera ás pedradas. Porque hai que loitar e crear, e non imos perder a vida metidos nas tripas dos problemas.

Que cando un home dispoña dun órgano saiba tocalo para dar saída ás arelas do seu espírito, aínda que se rompa o aparello e teñamos que chamar por un amañador.

IX

Hai moitos anos chegou a esta cidade un empregado público. Procedía das terras verdes da Galicia, pero gostaba máis das terras quentes do Sur. E como non puido ir a Andalucía, contentouse con Estremadura.

Era sentimental e namoradoizo, e non tardou en prenderse nunhas reixas de ferro, endoidecido de amor por uns ollos funerarios, de tan mouros e tristes. Axiña se lle abriron as portas da casa e logrou sentarse na *camilla* a rentes da noiva. E despois de queimar no braseiro uns zapatos de charol, decidiu casar e casouse. Agora é un xubilado que le o *ABC* e pasea o seu aburrimiento mortal pola ponte do Guadiana, coas pernas a rastro e cun caravel na chaqueta.

Presentáronmo porque disque é galego, e hoxe tentoume o demo a pasear con el. Que de parvadas tiven que escoitarlle! Faloume das corridas de touros, da lotaría, dos políticos galegos e do noxo que lle dan os cataláns. Díxome que non sabe como hai quen viva na nosa Terra con tanto chover e chover. Aseguroume que o atraso dos nosos labregos se debe a que non falan en *español*, etc., etc.

* * *

Eu sabía de moitos que libraron de quintas por seis mil réas e podían librar por parvos, como sei de moitos que chegan a ser xubilados pola idade e que padecían de idiotismo conxénito cando se lles regalou a *credencial*. Sabía que os imbéciles máis fenomenais que pariu a nosa terra andan ben vestidos e que moitas veces chegan a *Excelentísimos Señores* polo rigoroso turno de antigüidade. Cheguei a saber que algúns parvos de nacemento badúan enfonchados en cadeiras de Universidade. Eu sabía todo isto, pero sempre logrei fuxir de semellantes fenómenos. E hoxe caín en Badaxoz. Quen o diría!

Os personaxes parvos son idénticos no falar. Posúen a memoria dos loros ou dos gramófonos e a intelixencia dos monos. Levan a alma uniformada con adobíos baratos. Viven espiritualmente *de gorra*. Débenlle as ideas a calquera libro de texto e débenlle o señorío a calquera xastre. Gostan do *Casino de caballeros*, das terrazas do café e dos “paseos de moda”. Militan en partidos de dereita e soñan coa volta do pasado. Estarían mellor en Madrid que no mesmo Ceo. Son monecos parlantes de fabricación nacional. Están feitos en serie, por *Real Orden* publicada na *Gaceta*.

Estes personaxes obedecen á súa condición de parvos e odian o galeguismo, sen ter capacidade para comprendelo. Adoran o Estado unitario e centralista, ou sexa, a “sagra unidade da patria” (verbas máxicas, capaces de faceren parvear a moitos intelixentes). Cren que as autonomías rompen a unidade da *súa* patria, que é unha boliña que lle meteron na cabeza cando eran nenos. Cren que falar castelán é falar ben e que falar galego é falar mal. Cren que os monárquicos son máis hespañois que os republicanos. En resumo: cren todo canto crían os seus fabricantes.

A mentalidade dos señoritos parvos concorda coa mentalidade das señoritas cursis. Ambos a dous disimulan o acento nativo

e fían o seu señorío na *standardización* dos modos e maneiras. Ambos a dous afincan o seu orgullo no traxe que levan posto. Viven en mundos tan arredados do noso que non debemos concederlles a categoría de adversarios.

* * *

Irmáns: Fuxide sempre dos parvos. Non vos arrimedes a eles, porque poden roubarvos algo da vosa razón e transmitirvos a súa parvada. Deixádeos pasear, falar, danzar e medrar no seu mundo. E se algún parvo chega a ser autoridade non mostredes asombro, porque son cousas do sistema que combatemos e dos tempos en que nos cadrou vivir.

X

Esta noite, sen querer, esmaguei unha chinche, e o noxo esco-rentoume o sono. Xa se foi o *cantaor* da taberna veciña, xa cantaron os galos no devalo da noite, xa calaron os grilos dos fornos, xa pasean as chinchas polos corpos rendidos. No meu tellado castañolean as cigoñas, alguén pasa, correndo, en procuro dunha parteira, nun reloxo calquera dan as catro. Agora ábrese a luz, entra pola rúa o primeiro burro cangado de legumes, nunha esquina lonxana vocean o *rotativo* das dereitas. Xa deu comezo a faxina dun novo día, e eu aínda non puíden fechar os ollos! Que cansazo de pensar!

As noites da miña Terra sempre me pareceron pequenas para durmir, pero estas noites de Badaxoz son longas e desesperadas. Noites de afogo e pesadelo, nas que as paixóns se inflan e reben-tan como vinchas e os pensamentos caen mortos, de tanto voar, nas pozas corrompidas.

Co cansazo da noite pasada séntome a escribir para vós. Quero adicarlles este artigo aos dereitistas que tanto abundan por aquí e por aí.

* * *

Dá noxo ver a grea de señoritos dereitistas que poñen a Xesús na porta da casa para viviren dentro dela en contubernio cos sete pecados capitais, pero dá máis noxo cando se repara na imprudencia que cometen os seus dirixentes espirituais alentando egoísmos, inxustizas e xenreiras, para reconquistar, pola forza material das greas reaccionarias, o que non foron capaces de conservar pola bondade propia. Mais esta cara do problema non é a que hoxe me interesa. Tampouco vou discorrer sobre da separación da Europa da plebe en que viven os señoritos hespañois e na que fundan o seu carácter serodio e o seu orgullo reseso.

Eu quero falar do patriotismo das dereitas. Elas considéranse cumpridoras do derradeiro mandado de Isabel *la Católica* e, naturalmente, ceiban inxurias e calumnias a eito. Os que non cremos que a unidade hespañola sexa anterior nin superior á súa variedade, somos uns canallas. Os que coidamos que o sistema unitario e centralista causou a ruína material e moral de Hespaña, somos uns falsarios. Os que non queremos someternos á violencia asimilista que iniciaron os Austrias e os Borbóns, somos uns insurrectos. Os que calificamos de imprudencia o rexurdimento do tema relixioso ao reformar a Constitución, pasamos por ser inimigos de Deus. Os que cremos que o sistema federalista pode resucitar a verdadeira tradición hispánica, somos uns traidores. Os que, por acatamento á Constitución da República, pedimos unha simple autonomía rexional, somos uns criminais. Velaí por que os patriotas cataláns, vascos e galegos somos aldraxados decotío no café, no mitin, na prensa, na cátedra, na cátedra, no púlpito, no Parlamento...

Os señoritos reaccionarios pretenden anovar os soños imperialistas da vella monarquía e queren restablecer tempos abolidos, sen decatarse do bárbaro sacrilexio que cometen, porque no nome de Deus nin se pode afogar a libre respiración do espírito dos homes nin se poden coutar os anxeios dos pobos que loitan polo seu propio ser. Os señoritos comungan coa «sagra unidade da patria», que é unha roda de muíño para nós e un amparo de privilexios anticristiáns para eles; pero será ben declarar que nin teñen conciencia da unidade posible nin sentimento de Patria verdadeira. E por moito que digan, son os únicos separatistas que coñecemos. Fórono de Portugal, sono de Cataluña, serano de Euskadi e de Galiza.

* * *

A un señorito que fala da sagrada unidade da Patria naceulle un unlleiro. A dor chegáballe a corazón. E reparei en que agarimaba o dedo en vez de aldraxalo, porque... o dedo enfermo era unha parte sensible da súa unidade corporal.

Por que, despois, desprezan os particularismos? Porque non senten a unidade.

E senón ollade como aos señoritos lles doe un simple collizo.

XI

Nos eidos da República abrollan tódolos vicios da monarquía. A poda deulles vitalidade. O caciquismo e a inxustiza inzan as terras hispánicas.

Hoxe asasinan un rapaz (o meu primeiro amigo de Badaxoz) que por defender as reivindicacións dos traballadores co ardimiento inexperto da súa mocidade, morre a mans dunha cría do caciquismo reverdecido.

Onte interveu a Delegación do Traballo para evitar que os ricos terratenentes negocien coa fame dos campesiños, pois xa se estaban pagando xornais de tres pesetas a homes que non atopan ocupación máis que nos cincuenta días da sega. Trinta pesos para todo o ano!

Que é isto? Onde teñen a conciencia eses homes que andan a falar de sentimentos feridos? Que fan os verdadeiros cristiáns para coutar as ambicións dos poderosos?

Eu creo que ningún galeguista, por arredado que se atope de nós, concordará coas forzas reaccionarias que campan agora por Hespaña adiante. Creo que ningún galeguista pode sentir a necesidade dunha caracterización dereitista nestes intres de guerra incivil.

E no correo de hoxe recibo un manifesto político arranxado con enxeñosos artificios de linguaxe para desculpar unha posición ilexítima dentro do noso campo. Trátase, nada menos, que de crear unha Dereita Galeguista, lazando a irmandade dos «bos e xenerosos» cando máis rexa debe ser a súa compenetración.

Pois ben, quero que saiban os firmantes do manifesto e todos cantos acudan á súa chamada, que eu –galeguista nato– me opoñerei a calquera entendemento político con eles, porque non creo na forteza dos seus sentimentos patrióticos nin estou disposto a deixarme convencer con doas de vidro.

* * *

Quixera compor aquí longas parrafadas para demostrar que os escrúpulos de carácter social e relixioso que agora senten os chamados “galeguistas de dereita” xurdiron despois do desastre electoral e por influencias exteriores. Quixera demostrar como a fuxida dalgúns galeguistas obedece máis que a diferenzas políticas a comodidades persoais. Quixera demostrar que a teima

secesionista foi provocada pola fervenza reaccionaria que baixou da meseta castelá. Quixera demostrar que os galeguistas que se arredan de nós coa intención de aminguar a nosa forza poñen a Galiza por debaixo doutros intereses, que nin tan sequera son espirituais. Quixera demostrar que un galeguista verdadeiramente cristián non ten por que arredarse do noso partido, nin para salvar a nosa Terra nin para salvar a súa alma. Quixera demostrar que esas “coincidencias fundamentais de orde ideolóxica”, que eles invocan para un entendemento político, son xustamente as que nos arredarán sempre. Eu podería demostrar todo iso con tanta lóxica como a que empregan os “galeguistas de dereita” no seu enxeñoso manifesto; pero con máis emoción e menos artificios. Non o fago porque aínda non se consumou a fazaña.

De tódolos xeitos, abonda co dito para que ninguén crea que se trata dunha iñorma de táctica política para ensanchar a base do galeguismo polos dous extremos. Non, a política do galeguismo correspóndelle enteiramente ao noso Partido, a non ser que xurdise outro máis avanzado no senso nacionalista e con opinión dabondo para facerse respectar. Non nego a necesidade dunha escisión do Partido Galeguista na hora en que a nosa Terra conquira os seus anceios mínimos de liberdade, pero nego a conveniencia de facelo agora, e aínda que o galeguismo acordase neste intre formar dúas forzas de signo contrario, sempre contaríamos con homes máis firmes para erguer bandeiras e facer chamadas.

XII

Mediodía. O sol é unha choiva de lume peneirado a caer na soidade das prazas. As paredes arden en luz. O chan das rúas é un amoado de betún. As estatuas de bronce ferven como locomotoras. As moscas de aceiro adoecen, destemperadas, na boca das

tabernas. As xentes sonean no silencio conventual dos interiores. Triunfa o gazpacho.

Tardiña. Xa se vocean periódicos. Xa saíron os vagamundos da lotaría. Xa se ouve o chifre dun afiador. Xa se sentan os vellos nas *parrillas* das prazas. Xa andan os cans mendicantes a osmar nos currunchos. Xa rebolen as greas de pobres e xitanos. Xa voan as anduriñas. Xa falan e cantan as radios das tabernas. A cidade záfase do sol en bafos quentes de boca reseca. Triunfan os refrescos.

Noite. A terra non arrefría, pero endebén o ceo estrelecido dá ilusións de frescor. Os xubilados e retirados saen a papar araxiñas. As mulleres aproveitan a escuridade para abaldroarse. Triunfan os abanadores.

E eu cavilo na sombra fresca das carballeiras de Lalín, nos piñeirais da beiramar de Noia, nos arumes mariñeiros de Bueu, no cume de Montelouro, na frescura do meu mar de Rianxo, na fonte cantareira da Estrada, nos salseiros de Corrubedo, no aire puro de Curtis, na paz vizosa do Lérez... E síntome fortalecido cos recordos.

* * *

O único que podemos lembrar é a Terra, desvencellada do tempo e dos homes que a cobren, porque a Terra perdurable é o único ben de Deus que puido chegar a nós. A Terra, e, despois, uns anaquiños de eternidade que aínda se atopan nos limos do pobo labrego e mariñeiro. O demais é palla morta.

Se a nosa Terra conserva o seu ser e a súa forma débese á impotencia do Estado para convertela en seara castelá, e se aínda temos folgos para obedecer os mandados da Natureza, débese á impermeabilidade do espírito aldeán para resistir a violencia esterilizadora que sempre nos ameazou. E quen foron os axentes

máis teimosos do imperialismo meseteiro? Quen foron os descastados que con máis aleivosía favoreceron e seguen favorecendo a torpe intención asimilista de Castela? Velaí unha pregunta que non quero contestar para que non me escomunguen os da Dereita Galeguista de Pontevedra.

Sendo galeguistas podemos esquecer xenerosamente o que pasou, pero a condición de que cavilemos no que pasará. Unha sumisión ao pasado para continuar o derrame suicida da nosa personalidade nacional significaría unha negación das arelas patrióticas do galeguismo. O pasado, pai do presente, non nos deixou máis que desilusións de vida sen sabermos tan sequera cal foi o seu mellor propósito. E non valen interpretacións amañadas nin glorificacións xenerosas para desculpar o pasado, porque o pasado tróuxonos a esta realidade visible e palpable do presente, que os galeguistas queremos abolir.

Que ganas me dan de profundar sobre o pasado! Cantas cousas se me ocorren a prol deste tema! Pero vai moita calor en Badaxoz.

XIII

Badaxoz arde en festas. A *plebe* vai ver como a xente rica entra na praza de touros, no teatro e no circo. A *plebe* vai ver como a xente rica baila na caseta do Casino e xoga nas tómbolas. A plebe percorre, aboiada, o campo da feira, para ver como se divirten os *señoritos*. A *plebe* non ten diñeiro!

Aquí a plebe non esperta con dianas e alboradas. Aquí non hai foguetes, nin globos, nin gaitas, nin bailes para todos. Nin tan sequera hai xigantes e cabezudos. Ouh, aquelas nosas festas populares, onde os pobres gozan máis que os ricos, porque aínda teñen inocencia dabondo para divertírense con honestidade...!

Aquí os señoritos pensan que a *plebe* non ten dereito a divertirse como eles. Por iso as xoldas non son para o pobo miserable, pero nelas atopa compensación vendendo barafulladas, apañando *colillas* ou pedindo esmola.

* * *

Levo xa oito meses a estudar as entrañas dos auténticos *señoritos* hespañois. Estes monifates podres de diñeiro deron na teima de chamar *marxistas* a cantos defenden as xustas reivindicacións dos traballadores, e de chamar *antiespañais* a cantos defenden as liberdades constitucionais. A min dáme medo que esta caste de parasitas chegue a gobernar sen trabas, porque entón Hespaña rematará de afundirse. Ollade, meus irmáns labregos, que os *señoritos* queren a reforma da Constitución para continuar a tráxica historia de Hespaña, aferrollando os anceios liberais e democráticos que se senten nos pobos diferenciados, porque soamente co uniformismo político lograrán repartir a fame e a miseria que eles producen nestas terras do seu señorío. Repartindo a fame e a miseria non se localiza tan ben a responsabilidade moral dos causantes. Velaí a razón primeira do seu patriotismo, tan falso e finxido como a súa relixiosidade. Repartir a fame! Iso é o único que farán os señoritos dereitistas; e no reparto xa se sabe que pode tocarlle a Galicia, o que lle tocará se non conquiere a súa autonomía.

O lar e o berce da violencia reaccionaria están neste inmenso latifundio, onde as greas de famentos contrastan coa fartura da terra. Nestes países covardes e incapaces para toda aventura industrial é onde a miseria hespañola ten signos máis arrepiantes. Todo porque o sistema centralista, liberal ou despótico, seguirá mantendo as causas de tamaño inxustiza. E os *señoritos* nin teñen sentimentos cristiáns nin talento previsor para darse conta

das inxustizas e imprudencias que cometen. Eles defenden o sistema unitario e centralista non soamente para soste os seus privilexios anacrónicos, senón para descargar enriba de nós a fame dos seus escravos.

* * *

Se é que os *señoritos* terratenentes queren unha reforma da Constitución para mermar os avances sociais e as liberdades autonómicas, preparémonos para vencelos. Eles son poderosos pola riqueza e as alianzas, pero a nós abóndanos con sermos numerosos. E se os pobos hispanos teñen azos para rexurdir e reclamar a súa soberanía, xa non nos conformaremos cun Estado borbónico, senón cunha República federal.

Que cada país se governe conforme á súa verdadeira natureza e que resolva os propios problemas sen axudas nin intromisións. Velaí como a nosa Terra poderá defender e desenvolver os seus instintos vitais, e os señoritos destas terras baixarían a cabeza diante da miseria desesperada.

Que vaian, que vaian á reforma constitucional...!

XIV

Os mendicantes de aquí son trascendentais e meten medo, pero todo é fantasía árabe. Hoxe achegouse un a min e díxome: “Compañero: hoy por mí; mañana por tí”. E despois achegouse a un garda civil e díxolle: “Caballero: una limosna por el amor de Cristo”.

Esta é unha terra punxentemente mísera. Tan triste que nin os borrachos saben cantar, porque o flamenco non é virtude ordinaria. Ai, o flamenco...!

Sentado no café vexo pasar diante da miña mesa un exército de mendicantes. Tamén pasan os cans vellos que lamben o cuspe do señoritos...

Nin os mendicantes de aquí son coma os mendicantes de Galicia.

* * *

A estas latitudes chegou a lenda da nosa pobreza. ¿Será porque os nosos aristócratas afincan o seu orgullo de caste en papeis vellos, comestos dos ratos? ¿Será porque os nosos fidalgos contentan os seus anceios cun pazo en ruínas e algúns ferrados de terra hipotecada? ¿Será porque os nosos señoritos son uns pobres bailaríns de casino? Sendo por estas razóns, é doado afirmar que o *señorío* de aquí conserva riquezas e privilexios inconcebibles.

A estas latitudes chegou a lenda da nosa cobiza. ¿Será porque os nosos labregos son donos da súa casa, do seu labradío e do seu traballo? ¿Será porque os nosos *parados* saen polo mundo adiante en procura de ocupación remunerada? ¿Será porque os nosos aldeáns queren apaixonadamente as vacas e os bois? Sendo por estas razóns, a lenda carece de fundamento, porque é mellor ser escravos da terra que ser escravos do home, porque é preferible emigrar para gañar a vida que morrer de fame no terrón nativo, porque as vacas e os bois merecen máis amor que os touros bravos.

Tamén chegou a estas latitudes a lenda da nosa humildade. ¿Será porque non armamos unha revolución diaria para derubar os pendellos caciquís? ¿Será porque non protestamos con violencia cando nos desamparan os gobernos de Madrid? ¿Será, acaso, porque temos modos e maneiras cortesés para falar e comportarnos cos alleos? Velaí unha eiva que non pode achacársenos

dende esta Hespaña reaccionaria e anacrónica, porque aquí está o mesmo berce da humildade servil.

Pero aínda que nos favorezan as comparacións, e aínda que individualmente os galegos teñan azos para redimirse da miseria pola intelixencia, o traballo e a vontade, tamén é certo que o noso pobo carece de siso colectivo para exercer os seus dereitos, presentándose como unha grea vencida e resignada diante do Poder.

Isto é verdade; pero ¿que pasou para que en Galiza as calidades individuais non concorden coas calidades colectivas? Para responder a esta pregunta sería forzoso ollar o pasado, e eu non sei...

* * *

A realidade actual dá noxo, pero non podemos fuxir dela por escrúpulos inútiles, pois para modelar un pobo de barro é forzoso luxar as mans. De tal xeito se impón unha política de realidades que os mesmos defectos deben ser cultivados para que se troquen en virtudes. Fundirse co pobo, sentir as angurias da súa resignación, infundirle conciencia da súa personalidade, darlle vida e vontade para existir. Primeiro *ser*, despois *triunfar*. Porque aquel que non teña fe absoluta nas virtudes en potencia do noso pobo non ten dereito a galvanizalo con promesas electoreiras.

Nós temos fe no pobo e o pobo terá fe en nós.



24.

O que vai de 1916 a 1936...

Antón Vilar Ponte

Ao ler *Guieiro* sentín unha fonda ledicia e ata unha miga de fachenda, quizais porque os que imos para vellos perdemos a cabeza doadamente e xa nos entregamos máis aos recordos que ás esperanzas.

¡O que vai de 1916 a 1936!

Daquela non había máis que arqueólogos da literatura, da historia e dos monumentos galegos. Ninguén estudaba Galicia como cousa viva a se proxectar no futuro. Inclusive a liña dos nosos poetas oitocentistas coidábase crebada. Entón xurdiu Cabanillas e os seus colegas que enmudeceran por falla de ambiente –Antonio Noriega, Gonzalo López Abente e Lugrís Freire– volveron cantar. E Taibo comenzou a axeitarse aos novos gustos. E xurdiu Cabanillas cando nós, entre o balbordo da gran guerra, fixemos, tanxendo a rebato co libriño *Nacionalismo Galego: a nosa afirmación rexional*, a cruzada que non se tentara nunca cordialmente e con

toda conciencia para recrear a patria que, como unha brétema ve-laíña, aboiaba en moitos corazóns. De entón data o galeguismo integral, o verdadeiro galeguismo que agora xa conta – como non contara nunca – cun partido político e cunhas Mocidades organizadas e xurdías. Quérese dicir que o noso soño xa se realizou. E por certo – permitídemme esta arroutada – sen superar moito as verbas acesas e barís que *A Nosa Terra* recolleu nos seus primeiros tempos, o mesmo que *Rexurdimento*.

Ata nós non se valorizara en ningures Galicia como país de personalidade propia, capaz de vivir mellor independente que xunguido a outras terras polo xugo estatal. Ata nós tampouco a lingua materna se fixo consubstancial, inseparábel, dunha política verdadeiramente galega. Nin en Faraldo, nin en Brañas, nin en Murguía, nin en ninguén – aínda latexante xa esta arela en Lugrís, en Ribalta, en Castelao, en Banet...

Á defensa platónica e filolóxica do idioma e aos gromos literarios – case exclusivamente poéticos – que nel xurdiron, sucedeu daquela, a xeito co noso verbo, a súa imposición como instrumento de loita e como arma imprescindíbel para o con-querimento da autonomía espiritual e dunha cultura autóctona. E mentres os vellos prexuízos asoballaban a forza da Academia Galega, fíxose necesario crear o Seminario de Estudos Galegos. Isto é debido á sementeira das Irmandades da Fala, ás que Porteiro e Viqueira – dous malogrados egrexios – levaron, como resposta á nosa chamada, folgos, talento, cultura, vontade e fe. ¡Que moito, pois, que hoxe nos sintamos cheos de ledicia e fachenda ao vermos a semente da grande obra a florir neses pinos novos e rexos que son os mozos de *Guieiro*, onde o vento xurdio da máis transcendente rebeldía, fecunda polo patriótica, zoa e brúa con ecos de bosque e de mareira! O galeguismo, de hoxe para sempre, xa é cousa sagra e inmorredoirá. A ledicia deste feito, como Mefistófeles a Fausto, vóltame novo, aínda sen vender a

alma ao demo, mais si admirando no demo o mesmo que Pondal admirou: o de ser o anxo da primeira rebelión.

Faraldo é como unha brétema romántica na concreción de feitos da nosa historia contemporánea: formas cambiantes no ar dunhas vagas ilusións. Os outros, precusores teóricos sen valor practicista ou pragmatista. Ata o fito da Frouseira divulgámolo nós máis tarde. E eu dígolles con todo respecto aos *tradicionalistas* da galegitude actual en movemento que cando valorizamos Galicia para facela xurdir política e culturalmente de seu, non ollamos a nada antergo —o que non quer dicir que non deba ollarse— senón á realidade *presente* con ollada virxe: vendo un país con lingua propia, viva na maioría dos seus moradores e afincada nun esteo indestrutíbel, o da língua portuguesa, que lle dá ás nosas arelas unha forza maior que a dos máis pobos diferenciados da Península e de Europa enteira; un país de unidade xeográfica, económica e moral que só pode trocarse de territorio con habitantes en pobo con alma e cidadanía, en pobo relevante e útil a si mesmo e ao progreso humano, esculpíndose en si mesmo e para si mesmo co cicel do propio estilo.

O pulo noso naceu ollando o presente e o porvir. Xermolaría igual de non termos historia nin precusores. Os que fitan agora atrás fan ben, nós non fitábamos cando ceibamos o berro primeiro do galeguismo consciente. Sen pasado histórico, fariamos o mesmo. Concibímolo peleginando por Portugal. Véndolle vivir a vida moderna na nosa fala.



Referencias

1. Antón Vilar Ponte (1916): “A bandeira ergueita”, *A Nosa Terra* nº 1, 14-novembro-1916, 1. En *Prosa didáctica*, 11-14.
2. Lois Porteiro Garea (1916): *Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Hirmandá en Santiago (28-Mayo-1916)*. Santiago: Hirmandade da Fala. En *Prosa política*, 83-93.
3. Vicente Risco (1918): “Teoría do nazionalismo galego”, *A Nosa Terra* nº 61, 20-VII-1918, 1-2. En *Prosa política*, 101-104, 105-106 e *Teoría nacionalista*, 33-36, 37-38.
4. Alfonso D. R. Castelao (1919): *Arte e galeguismo. Conferencia dada por Alfonso R. Castelao*. A Coruña: Irmandade da Fala, 1919. En *De viva voz*, 19-38 e *Obras 4*, 133-157.
5. Vicente Risco (1920): *Teoría do nacionalismo galego*. Ourense: 1920. En *Prosa política*, 111-121, 121-124, e *Teoría nacionalista*, 56-66, 67-69, 70-74.
6. Vicente Risco (1920): “Arte nova”, *A Nosa Terra* nº 114, 20-marzo-1920, 1-6. En *Grial* nº 1 (1963), 44-58.
7. Johán Vicente Viqueira (1920): “Divagacións engebristas”, *A Nosa Terra* nº 117, 10-abril-1920. En *Ensaíos e Poesías*, 112-127.
8. Antón Vilar Ponte (1920): “Dos nosos valores”, *A Nosa Terra* nº 120, 25-maio-1920. En *Pensamento e sementeira*, 227-239 (pp. 227-229, 231-239).
9. Vicente Risco (1920): “O sentimento da terra na raza galega”, *Nós* nº 1, 4-9. En *Obras completas V*, 19-33, e *Leria*, 10-26.

10. Florentino López Cuevillas (1920): “Dos nosos tempos”, *Nós* nº 1, 30-outubro-1920, 12-13. En *Prosa didáctica*, 19-23, e *Prosas galegas*, 53-59.
11. Ramón Otero Pedrayo (1922): “Encol da aldeia”, *Nós* nº 14, 1-décembro-1922, 1-7. En *Ensaíos*, 135-151 e *Sereno e grave gozo*, 35-57.
12. Manuel Antonio / Álvaro Cebreiro (1922): *Máis alá!*. [Hai edición facsímile da Casa Museo Manuel Antonio e o Concello de Rianxo, 2011].
13. Antón Losada Diéguez [1924]: “Encol da prosa galega”, *Nós* nº 73, 15-xaneiro-1930, 2-5. En *Prosa didáctica*, 133-140.
14. Vicente Risco (1926): “Da renacemento galego. A evolución do galego e os seus críticos”, *Céltiga* nº 47, 10-décembro-1926, *A Nosa Terra* nº 233, 1-febreiro-1927, 9-10, e *Prosa didáctica*, 98-101.
15. Ramón Otero Pedrayo (1928): “Un ensaio encol do tempo de hoxe”, *Nós*, nº 57, 15-setembro-1928, 164-167, e *Ensaíos*, 19-26.
16. Vicente Risco (1928): “O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura”, *El Pueblo Gallego*, 25-xullo-1928. En *Grial* nº 1 (1963), 59-66 e nº 53 (1976), 349-355.
17. Ramón Otero Pedrayo (1929): “Romantismo”, *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Nicomedes Pastor Díaz, Rosalía e Pondal*. Santiago: *Nós*, 1931, 11-43. En *Ensaíos*, 181-190.
18. Ramón Otero Pedrayo (1930): “As Aguias do Imperio i-a Barca Apostólica”, *Nós*, nº 79, 25-xullo-1930, 131-134.
19. Ramón Otero Pedrayo (1930): “A sinificación espiritoal do Día da Galiza”, *Nós*, nº 80, 15-agosto-1930, 152-154. En *Discursos pronunciados do Día de Galiza no Mitin celebrado no Teatro García Barbón de Vigo*. Vigo: Grupo Autonomista Galego.
20. Alfonso D. R. Castelao (1930): “O galeguismo no arte”, *Nós*, nº 80, 15-agosto-1930, 155-158. En *Obras* 4, 189-195.
21. Valentín Paz Andrade (1930): “A nosa definición autonomista”, *Nós*, nº 80, 15-agosto-1930, 159-164.
22. Vicente Risco (1933): “Nós os inadapados”, *Nós* nº 115, 25-xullo-1933, 115-123. En *Obras Completas* 5, 39-57. En *Leria*, 35-68.
23. Alfonso D. R. Castelao (1935): “Verbas de chumbo”, *A Nosa Terra* nº 362, 20-abril-1935, a nº 375, 25-xullo-1935. En *Sempre en Galiza*, 9-31.
24. Antón Vilar Ponte (1935): “O que vai de 1916 a 1936”, *A Nosa Terra* nº 396, 27-décembro-1935. En *Prosa Didáctica*, 39-41.



Bibliografía ampliada

- De viva voz* =: Castelao, Alfonso D. R.: *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*. (ed. Henrique Monteagudo). Santiago: Fundación Castelao, 1996.
- Ensaíos* = Otero Pedrayo, Ramón: *Obras selectas. Volume II. Ensaíos*. Vigo: Galaxia, 1983.
- Ensaíos e Poesías* = Vicente Viqueira, Xohán: *Ensaíos e poesías*. Vigo: Galaxia, 1974.
- Leria* = Risco, Vicente: *Leria*. Vigo: Galaxia, 1990 (3ª ed.) [1961].
- Obras* = Castelao, Alfonso D. R.: *Obras, vol. 4*. Vigo: Galaxia, 2000.
- Pensamento e sementeira* = Antón Vilar Ponte: *Pensamento e sementeira*. Buenos Aires: Ediciones Galicia (Centro Gallego) / Instituto Argentino de Cultura Gallega, 1971.
- Prosa didáctica* = Sanmartín Rei, Goretti (ed.): *Prosa didáctica (1916-1936)*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / Promocións Culturais Galegas, 1997.
- Prosa política* = Fernández Prieto, Lourenzo / Barreiro, Manuel (eds.): *Prosa política no tempo das Irmandades da Fala*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / Promocións Culturais Galegas, 1996.
- Prosas galegas* = López Cuevillas, Florentino: *Prosas Galegas*. Vigo: Galaxia, 1971 (2ª ed.) [1962].
- Sempre en Galiza* = Castelao, A. D. R.: *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: As Burgas (Centro Orensano), 1944.
- Sereno e grave gozo* = Otero Pedrayo, Ramón: *Sereno e grave gozo. Ensaíos sobre a paisaxe*. Vigo: Galaxia, 1999.
- Teoría nacionalista* = Risco, Vicente: *Obra Completa. 1. Teoría nacionalista*. (ed. de Francisco J. Bobillo). Madrid: Akal, 1981.

Este libro saíu do prelo
o 19 de agosto de 2016,
cando se cumpría o oitenta cabodano
do eximio editor Ánxel Casal,
gloria da cultura galega,
víctima da barbarie falanxista.



